



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 64

Sesión plenaria
20 de marzo de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (10/PL-000009, doc. núm. 21473)

Publicación do Informe de Ponencia, BOPG nº 270, do 05.03.2018

Publicación do Ditame da Comisión, BOPG nº 275, do 13.03.2018

Punto 2. Comparecencias

26035 (10/CPP-000046)

Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta da evolución da comercialización de produtos do mar en Galicia e das propostas cara ao futuro para a súa mellora

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

Punto 3. Mocións

3.1 27642 (10/MOC-000076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para o cumprimento dos acordos parlamentarios referidos á AP-9. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 22216, publicada no BOPG 236, do 10.01.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.03.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

3.2 27649 (10/MOC-000077)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero e igualdade. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 20572, publicada no BOPG 219, do 29.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.03.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

3.3 27650 (10/MOC-000078)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a igualdade entre homes e mulleres nos ámbitos da ciencia, a tecnoloxía, a investigación e a innovación. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 26272, publicada no BOPG 264, do 21.02.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.03.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 18700 (10/PNP-001381)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e cinco deputados/as máis

Sobre a realización de xestións pola Xunta de Galicia diante dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados co fin de que contribúan a facilitar a tramitación, o debate e a aprobación dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 dentro do prazo establecido

Publicación da iniciativa, BOPG nº 194, do 17.10.2017

4.2 24165 (10/PNP-001746)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación vixente en materia laboral e a protección do sistema público de pensións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 31.01.2018

4.3 25993 (10/PNP-001832)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para evitar os desafiuzamentos e garantir o dereito a unha vivenda digna

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

4.4 26295 (10/PNP-001867)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a necesaria transparencia na contratación pública autonómica, nomeadamente no referido aos contratos menores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

4.5 26821 (10/PNP-001896)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central, así como aos concellos galegos a través da Fegamp, en relación coa devolución do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana indebidamente cobrado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

4.6 27000 (10/PNP-001911)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución dos tramos pendentes da vía de alta capacidade Costa Norte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

4.7 27014 (10/PNP-001915)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego das accións legais oportunas para a devolución ao patrimonio público do pazo de Meirás e doutros bens pola actual familia propietaria, así como a actuación que debe levar a cabo en relación co anuncio de venda do pazo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

4.8 27161 (10/PNP-001929)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o deseño e traslado ao Parlamento de Galicia dun novo plan forestal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

Punto 5. Interpelacións**5.1 26404 (10/INT-000852)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a política do Goberno galego en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

5.2 27038 (10/INT-000870)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e catro deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

5.3 27145 (10/INT-000878)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel e trece deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co impacto do actual modelo de revalorización das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 27786 (10/POPX-000079)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia diante das reclamacións sociais contra a discriminación das mulleres, as baixas pensións ou os recortes na xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

6.2 27787 (10/POPX-000080)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego de políticas públicas á altura do que merecen as persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

6.3 27789 (10/POPX-000081)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para atender as reclamacións da cidadanía galega, expresadas nas rúas durante as últimas semanas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 24210 (10/POP-002925)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre a posición que vai adoptar a Xunta de Galicia en relación coas reivindicacións laborais do persoal da Administración de xustiza, despois da ruptura das negociacións co comité de folga e tendo en conta o acordo parlamentario ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

7.2 27753 (10/PUP-000153)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da implantación de medidas eficaces para contrarrestar todas as desigualdades denunciadas polas mulleres galegas nas manifestacións do 8 de marzo de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

7.3 26127 (10/POP-003105)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a licitación do proxecto de dragaxe e rexeneración do fondo da ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

7.4 26804 (10/POP-003185)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental en relación coas verteduras producidas nunha das balsas da mina existente nos concellos de Touro e do Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

7.5 24021 (10/POP-002909)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das conclusións e resultados do encontro levado a cabo en León, o día 18 de xaneiro de 2018, polas comunidades autónomas de Galicia, Asturias e Castela León en materia educativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

7.6 26967 (10/PUP-000151)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre as razóns da contratación, a través dun procedemento negociado sen publicidade, dun programa de actividades para a promoción do evento Xacobeo 2021 por importe de case tres millóns de euros (IVE incluído)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

7.7 23557 (10/POP-002874)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para mellorar o servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

7.8 27774 (10/PUP-000155)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a dotación dos medios humanos e materiais suficientes ao Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

7.9 27095 (10/POP-003221)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa implantación e o funcionamento das casas niño como recurso de conciliación nos núcleos rurais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

7.10 27773 (10/PUP-000154)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da aprobación, antes da Semana Santa, do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018 Ábrese a sesión ás dez da mañá.

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor presidente comunica a ausencia xustificada do señor López Crespo (Páx. 11.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 11.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego (Rodríguez-Vispo Rodríguez). (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 12.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx.17.), Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 27.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 27.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 32.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 33.), Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 35.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 37.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia: rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 39.)

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia: rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 40.)

Votación das emendas do G. P. de En Marea ao Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia: rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 40.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia: aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención. (Páx. 40.)

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta da evolución da comercialización de produtos do mar en Galicia e das propostas cara ao futuro para a súa mellora. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 41.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 47.), *Sr. Toja Suárez (S)* (Páx. 50.), *Sra. Santos Queiruga (EM)* (Páx. 54.) e *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 58.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 61.)

O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 66.) Nesta rolda interveñen a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 66.), a señora Toja Suárez (S) (Páx. 68.), a señora Santos Queiruga (EM) (Páx. 70.), a señora Egerique Mosquera (P) (Páx. 72.) e a señora conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 75.)

Suspéndese a sesión á unha e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que deber realizar ao Goberno central para o cumprimento dos acordos parlamentarios referidos á AP-9. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 78.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 83.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 85.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 87.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero e igualdade. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 89.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 90.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 93.), *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 95.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 96.)

A señora Chao Pérez (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 99.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a igualdade entre homes e mulleres nos ámbitos da ciencia, a tecnoloxía, a investigación e a innovación. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 100.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Burgo López (S). (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. García Míguez (P). (Páx. 104.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 106.) e Sra. Chao Pérez (EM). (Páx. 108.)

A señora Burgo López (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 110.)

Votación das mocións

Votación do punto 10 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para o cumprimento dos acordos parlamentarios referidos á AP-9: rexeitado por 17 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións. (Páx. 111.)

Votación dos puntos non votados do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para o cumprimento dos acordos parlamentarios referidos á AP-9: rexeitados por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 111.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero e igualdade: rexeitado por 30 votos a favor 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 112.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a igualdade entre homes e mulleres nos ámbitos da ciencia, a tecnoloxía, a investigación e a innovación: rexeitada por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 112.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e cinco deputados/as máis, sobre a realización de xestións pola Xunta de Galicia diante dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados co fin de que contribúan a facilitar a tramitación, o debate e a aprobación dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 dentro do prazo establecido. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 113..)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 116.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 119.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 121.) e Sr. Lago Peñas (EM). (Páx. 123.)

O señor Puy Fraga (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 125.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación vixente en materia laboral e a protección do sistema público de pensións. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 127.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 129.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 132.) e *Sra. Vázquez Verao (EM).* (Páx. 134.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 136.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 139.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para evitar os desafiuzamentos e garantir o dereito a unha vivenda digna. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 140.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 141.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 144.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 145.) e *Sr. Castiñeira Broz (P).* (Páx. 147.)

O señor Sánchez García (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 150.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a necesaria transparencia na contratación pública autonómica, nomeadamente no referido aos contratos menores. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 154.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 158.), *Sra. Santos Queiruga (EM)* (Páx. 159.) e *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 161.)

Nova intervención do señor Díaz Villoslada (S). (Páx. 165.)

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e cinco minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

Xustifica a inasistencia a este pleno o deputado señor López Crespo.

E entramos na orde do día: punto primeiro, texto lexislativo.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Para a presentación do ditame da comisión ten a palabra a presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO (Rodríguez-Vispo Rodríguez): Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

O Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 14 de setembro de 2017. O prazo de presentación de emendas rematou o 19 de xaneiro e o 7 de febreiro de 2018 para as emendas á totalidade e ao articulado, respectivamente.

A Mesa do Parlamento, na sesión do 16 de xaneiro, oída a Xunta de Portavoces, logo da solicitude do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, acordou solicitar ao Consello de Contas de Galicia a súa opinión respecto deste proxecto de lei, conforme o disposto no artigo 4.f) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, opinión que tivo entrada no Rexistro da Cámara o 2 de febreiro.

As tres emendas á totalidade de devolución presentadas polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e de En Marea rexeitáronse na sesión plenaria do 6 de febreiro.

Pola súa parte, as emendas ao articulado presentadas e admitidas a trámite foron un total de 106: 33 do Bloque Nacionalista Galego, 46 dos Socialistas de Galicia, 23 de En Marea e 4 do Grupo Popular de Galicia.

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do 14 de febreiro, designou a ponencia encargada de elaborar o informe, que se constituíu nesta mesma data, coa asistencia desta presidencia que lles fala e das ponentes e dos ponentes titulares seguintes: don Aurelio Núñez Centeno, do Grupo Popular de Galicia; dona Eva Solla Fernández, do Grupo

de En Marea; don Julio Torrado Quintela, do Grupo dos Socialistas de Galicia; e dona María Monserrat Prado Cores, do Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Nas tres reunións seguintes elaboraron o informe coas recomendacións definitivas, que emitiron con data 28 de febreiro.

Asemade, a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do 9 de marzo, aprobou o ditame que estou a presentar por 7 votos a favor e 4 en contra, conforme as recomendacións do informe da ponencia.

Este proxecto de lei consta, ademais da exposición de motivos, dun artigo único, dividido en 22 apartados, e a súa parte final está integrada por 1 disposición adicional, 2 transitorias, 1 derogatoria e 2 derradeiras.

Cómpre, pois, rematar a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, do Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Comezamos polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten para iso a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas.

Eu, en primeiro lugar, quero saudar as persoas que nos acompañan na tribuna de convidados e convidadas —representantes de SOS Sanidade Pública e das plataformas comarcais en defensa da sanidade pública, alcaldes, tenentes de alcalde, concelleiras—, as persoas que están concentradas diante deste Parlamento, as que están pechadas no Concello de Vilagarcía, as que onte estiveron pechadas no Concello de Cambados, (*Aplausos.*) as que ao longo destas semanas pasadas estiveron no resto dos concellos do Salnés, as que o día 1 volveron saír ás rúas da Mariña, as que este vindeiro sábado van saír ás rúas de Verín, os centos de persoas que nos están a seguir polas redes. É unha mostra clara da preocupación pola situación da sanidade pública galega, preocupación que non deixa de aumentar, e mostra de que o debate e votación de hoxe, desta modificación da Lei de saúde do ano 2008, non vai ser nin moito un punto e final, senón que vai ser un punto e seguido na loita da defensa da sanidade pública galega. Que lles quede moi claro, señores e señoras deputadas do Partido Popular, señor conselleiro, que a votación de hoxe non vai ser nin moito menos un punto e final, (*Aplausos.*) e que aí fóra está o pobo galego disposto a defender a sanidade pública de Galiza a pesar de vostedes; van seguir defendendo a sanidade pública de Galiza a pesar de vostedes.

E cando vostedes o 2 de agosto do ano pasado, do ano 2017, presentaron, con nocturnidade e aleivosía, a proposta de modificación da Lei de saúde do ano 2008 e presentaron esa mo-

dificación como se fora unha sinxela tramitación administrativa para actualizar algúns aspectos do articulado dunha lei que, segundo vostedes, como ten dez anos, pois é como se fora unha cuestión de peso, ¿non?, aos dez anos hai que facer modificacións, aos tres, entón vostedes pretenderon presentar esa modificación como se fora unha cuestión sen relevancia e, polo tanto, que pasara o máis desapercibida posible. Iniciaron, polo tanto, o discurso de minimizar a modificación que estaban a presentar.

E, dentro dese relato que pretenderon impoñer, empezaron coa desacreditación de todos os que demos a voz de alarma do que supón esta modificación, foran profesionais, entidades, colectivos, sindicatos, colexios profesionais, plataformas en defensa da sanidade pública, organizacións políticas. Calquera que se atreveu a levantar a voz para dicir, para advertir dos riscos que suporía esta modificación da Lei de saúde foi descualificado por parte do Partido Popular, fóra deste Parlamento, fora directamente polo Partido Popular, polo Goberno, por calquera.

E desde que fixeron público o anteproxecto de modificación da Lei de saúde non deixaron de producirse rexeitamentos, centos de alegacións no Portal de Transparencia, que non obtiveron a resposta por parte do Goberno galego. Si obtiveron incluso descualificacións por escrito esas alegacións e pronunciamentos en contra de profesionais e organización sindicais, mocións aprobadas en concellos e deputacións, mobilizacións masivas nas catro áreas sanitarias que pretenden suprimir (no Salnés, Valdeorras, A Mariña e Monforte). Miles de persoas en todas elas, miles de persoas nas rúas, persoas que non queren que lles supriman as súas áreas, porque xa saben cales foron as consecuencias da creación das EOXI, non queren porque detrás desas supresións xa saben que non hai ningunha mellora, nin moitísimo menos.

O 4 de febreiro as rúas de Compostela foron un clamor en defensa da sanidade pública de Galiza, un clamor contra o desmantelamento progresivo, continuo, sen pausa, da sanidade pública que está realizando o Partido Popular desde a Xunta, un clamor contra a privatización da sanidade pública, un clamor contra os recortes de orzamento, de medios e de persoal. E diante desa mobilización histórica como a que protagonizou o pobo galego, un goberno que tivera como prioridade o interese da cidadanía, un goberno que tivera como obxectivo gobernar para a maioría tomaría nota e escoitaría; iso sería pois o normal. E SOS Sanidade Pública, que foi quen convocou esa mobilización, ese mesmo día 4, desde a praza da Quintana, solicitoulle ao Goberno galego, ao presidente Feixóo, unha reunión para dialogar, para falar, que rectificara, que retirara esa Lei de saúde e sentarse a falar. Non obtivo resposta.

Uns días despois solicitou por correo electrónico ao presidente da Xunta de novo diálogo e sentarse a falar. Non obtivo resposta.

O pasado 6 de marzo rexistramos no Rexistro da Xunta de novo petición de reunión de diálogo para sentarse a falar. Non se obtivo resposta.

O Bloque Nacionalista Galego rexistramos neste Parlamento e trouxemos a debate a creación dunha mesa de diálogo para abordar a situación da sanidade pública, a retirada desta modificación da lei e sentarse a falar. ¿Que obtivemos? Pois obtivemos o valado, o muro do Par-

tido Popular, a prepotencia, a chulería, o desprezo do presidente da Xunta, que ten tempo para reunirse coa patronal da sanidade privada, mais non para reunirse coa plataforma que convoca miles de galegos e galegas en defensa da sanidade pública do noso país, nin sequera uns minutos para contestar a esa petición de reunión; lamentable e indecente, lamentable e indecente. (*Aplausos.*) Nunha democracia merecente de tal nome un presidente que nin contestara a unha petición de reunión de quen representa miles de galegos e galegas sería inconcibible. Mais esta é a ditadura disfrazada de democracia na que estamos instalados.

O PP —o Partido Popular—, o Goberno galego do Partido Popular, non tivo diálogo previo á presentación da modificación da lei; non tivo diálogo despois da presentación; non tivo diálogo no trámite parlamentario máis alá do que obriga a lei e o Regulamento. Só usou a api-soadora e o rodillo, porque o Partido Popular non dialoga, non escoita, só practica a política de feitos consumados e o seu relato mentireiro.

O Bloque Nacionalista Galego presentou 33 emendas a esta modificación da Lei de saúde, e o Partido Popular tivo a ben aceptarnos unha palabra; presentamos 33 emendas e o Partido Popular aceptounos unha palabra. Todo un exercicio de diálogo, consenso, digno da mellor das ditaduras, ¡si, señor!, digno da mellor das ditaduras; 33 emendas e aceptóusenos unha palabra. Diálogo, consenso... Díxonos que primeiro se presentaba fóra, que logo xa chegaría a este Parlamento e aquí era o momento do diálogo. Xa se viu: estamos agora no trámite final e xa se viu que é o que entende por diálogo o Partido Popular.

O BNG presentou 33 emendas. Presentamos emendas, algunha delas para que se tivera en conta a cuestión da paridade de xénero. E logo crémonos que cuestións como igualdade, como avance na igualdade, non poden ser cuestións vacuas, hai que avanzar. Entón, presentamos emendas para que a paridade de xénero se contemplara nesta modificación da lei, para que os órganos de participación cidadá foran paritarios e para que na comisión interdepartamental que se crea nesta modificación, en vez de que «se procurara» a igualdade de xénero, o BNG propuñamos que «ten que ter» igualdade de xénero. Pois o Partido Popular non aceptou nin unha cousa nin a outra, coa escusa de que é difícil, é complexo, pode haber dificultades.

Quedou en evidencia, máis unha vez, que o 8 de Marzo está moi ben para poñerse laciños na solapa, para declaracións institucionais, mais non para avanzar en ningunha medida real de igualdade. Cando hai que poñer no papel medidas reais, concretas, que avancen en igualdade, aí o Partido Popular non está nin se lle espera. Porque non é o mesmo «procurar» que «ter que», non é o mesmo «intenta darse» que que sexa unha obriga; hai moita diferenza entre unha cousa e outra. E nesta lei o Partido Popular non aceptou cuestións concretas, e en vez de «procurar ter» nin que os órganos de participación cidadá «teñan» unha composición paritaria.

Presentamos emendas para a participación cidadá, que nesta modificación queda amordazada. Supón un recorte alarmante dos mecanismos de participación social, que quedan totalmente amordazados. A composición tanto dos consellos galegos de saúde como dos de distrito deixa de estar recollida na lei, queda á decisión de decretos da Xunta a súa composición. Pois o BNG presentamos emendas para que, tal como están na Lei de saúde do ano 2008, se manteñan tal

e como están e que se convoquen —como xa pedimos en varias ocasións neste Parlamento—, que se constitúan e que se convoquen, porque xa está contemplada na lei do ano 2008 a existencia deses consellos de saúde, como teñen que estar compostos, e o Partido Popular negouse a convocalos. E agora, con esta Lei de saúde, o que fai é amordazalos e reducilos. O que pide o BNG é que se deixen tal e como están, que se constitúan e que se convoquen.

O Partido Popular, evidentemente, segue coa súa folla de ruta e non aceptou as emendas do BNG, igual que o que pediamos é que as decisións destes organismos se tomen por maioría dos dous centros, porque unha das cousas que fixo tamén o Partido Popular foi inflalos de representantes de organismos da Xunta para que logo nas decisións, á parte de amordazalos, non haxa maiorías para poder tomalas. Non son tidas en conta estas emendas do Bloque Nacionalista Galego.

Fixemos, dende logo, unha das cuestións fundamentais desta modificación do Partido Popular, que é o tema da estrutura territorial. Esta lei supón unha consolidación da subordinación da atención primaria e dos hospitais comarcais das áreas comarcais aos grandes hospitais. Pasan a ser meros apéndice dos grandes hospitais, van absorber a maior parte dos recursos sanitarios cunha máis que evidente perda de autonomía, de servizos, de capacidade de decisión, de dirección; significa un afastamento dos servizos sanitarios e de resolución dos problemas da poboación, dos traballadores, da primacía dos criterios económicos e de negocio, fronte a unha atención de calidade e próxima.

Presentamos emendas para que Galiza conte cunha estrutura territorial que favoreza unha sanidade pública, próxima, de calidade, con equidade, e por iso defendemos unha división territorial onde non só se manteñan as áreas sanitarias existentes, que non se perda ningunha das existentes, que non se elimine a área sanitaria do Salnés, nin a da Mariña, nin a de Monforte, nin a de Valdeorras, que non se elimine ningunha delas, senón que, a maiores, que se creen a área sanitaria de Cee, de Verín e da Barbanza, porque necesitamos unha sanidade que teña proximidade.

O Partido Popular dixo que iso nin se tocaba, é dicir, mente sistematicamente cando di que esta modificación é para acercar a sanidade á poboación. E presentamos estas emendas para que non se elimine nin unha soa área sanitaria máis, senón que ademais se creen estas tres, porque a poboación xa sabe o que significou a creación das EOXI. E sabe, perfectamente, que non é acercar a sanidade á poboación, senón que significa perder servizos. Sábeno perfectamente na Mariña, que, por exemplo, se antes se colocaban marcapasos na Mariña, agora se colocan en Lugo, a 100 quilómetros. E non é soamente colocar os marcapasos, senón facer as revisións, cambiar as pilas.

Saben que agora as intervencións cirúrxicas se derivan sistematicamente a Lugo, a 100 quilómetros, á privada; entidades privadas que, por exemplo, están facendo obras de mellora e ampliación. ¿Por que será, señor conselleiro? Porque partos, por exemplo, se antes había..., se caes en quenda de tarde e de noite, agora non hai. ¿Cal vai ser o seguinte paso? Pois que é un servizo que vai ir minorando.

¿Saben que desapareceu o servizo de arquivos, que se unha persoa vai a urxencias a súa historia non está no Hospital da Costa, señor conselleiro? ¿Saben que hai só un médico reha-

bilitador para 80.000 habitantes? ¿Saben que esta é a situación desde que se crearon as EOXI, que todo vai ir a peor? ¿Saben que no Salnés se eliminou a Unidade de Neuropediatría, de Androloxía, que Cardioloxía e Neuroloxía están reducidas á súa mínima expresión; que se antes había para toda a poboación agora soamente vai un día á semana e só atenden a poboación de Vilagarcía e de Vilanova? ¿Saben que se contrataron un anestesista e un neurólogo que, teoricamente, son para o Hospital do Salnés, pero que prestan servizos en Pontevedra? E poderíamos seguir.

Sabemos que no Barco un cardiólogo que tiña que estar no Barco pasou para Ourense, que non hai ningún rehabilitador, que soamente hai un pediatra. Podemos falar de que en Monforte estiveron case un ano agardando por un dixestivo. Podemos seguir falando, pero o que saben nestas áreas é que o único que fixeron foi perder servizos, e saben...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...que o que lles agarda é seguir con esta situación.

E unha das nosas preocupacións foi o tema do persoal, un dos aspectos no que nos centramos, porque en materia de persoal o Partido Popular cánsase de dicir que temos o mellor persoal, pero logo o que non fan é recoñecerlle dereitos, nin que a ese persoal se lle recoñeza ese magnífico labor con dereitos. O persoal sanitario desenvolve a súa actividade, presta os seus servizos dun xeito diferenciado, trescentos sesenta e cinco días ao ano e vinte e catro horas ao día de xeito ininterrompido. Esa actividade non se pode regular dun xeito xeneralista como se esa realidade non fora a que estou a describir.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señora Prado.

A señora PRADO CORES: —Remato, señor presidente—.

Na Lei de saúde do ano 2008 estaba recollida a Lei do estatuto xurídico dos empregados sanitarios, e o Partido Popular non quixo desenvolvela. Por iso nesta Lei de saúde, nesta modificación, o Bloque Nacionalista Galego presenta unha serie de emendas para que se desenvolva ese estatuto xurídico do persoal. É fundamental recoñecer a especificidade do persoal sanitario, é fundamental facelo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: E o Partido Popular tivo unha oportunidade de ouro de recoller as emendas do BNG...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Prado, terminou o seu tempo. Grazas.

A señora PRADO CORES: ... de cara ao persoal... —Remato, señor presidente—, e lonxe de facelo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas. Terminou o seu tempo, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...non o fixo.

Vou seguir logo na miña réplica... —remato, presidente—, na miña quenda de réplica...

O señor PRESIDENTE: Grazas, xa está. Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...porque o Partido Popular lonxe de aproveitar a Lei de saúde...

A señora PRADO CORES: Grazas. Señora Prado, terminou o seu tempo. Por favor, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...para mellorar a sanidade pública, o que fai é empeoralala. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día.

Bo día a todos, bo día a todos os invitados que temos na tribuna e á cantidade de xente que está seguindo este debate fóra, nos seus traballos, nos seus domicilios.

Cabe lembrar un pouco de historia.

A lei máis importante do Sistema sanitario de Galicia vaise reformar sen ser anunciada en ningún programa electoral do Partido Popular. Non foi anunciada aquí no discurso de investidura do señor presidente, non lle parecería importante. Nunca o Partido Popular plantexou este debate, nin evidenciou que aspectos da lei, en que sentido, quería modificar. Nunca o conselleiro de Sanidade mencionou neste Parlamento que tiña esa intención.

A pesar diso, o 26 de abril do ano pasado, segundo consta no Portal de transparencia, iniciouse o trámite para reformar esta lei, a lei máis importante do Sistema sanitario de Galicia. Non consta que se reuniran con ninguén, non consta que falaran con ninguén. Catro meses despois, como se estiveran esperando algunha data concreta, o 2 de agosto, publicárona sen avisar a ninguén no Portal de transparencia, para dar quince días para alegacións cidadás na primeira quincena de agosto. Ata a Consellería estaba de vacacións. A pesar diso, en quince días recibiron máis de 1.500 alegacións cidadás que vostedes aquí, aquí arriba, ningunearon e desprezaron. *(Aplausos.)* Foron 1.500 alegacións que, ademais, se sumaron a máis de 100 alegacións de colectivos profesionais: médicos, enfermeiras, fisioterapeutas, Cogami, a Fegamp, asociacións de pacientes... Segundo consta no seu informe, no que entregan ao Parlamento dende a Consellería, todas rexeitadas; vostedes non falaron con ninguén.

A pesar diso, na ponte de decembro, curiosamente en medio de festivos, como se quixeran buscar o día en que se puidera contestar menos, aprobárono no Consello da Xunta e converteron en proxecto aquilo que antes era un anteprojecto.

Pero como non era posible resistirse a demandar mellor calidade e mellor servizo público, atopáronse con mobilizacións históricas, primeiro nas áreas sanitarias, que vostedes aquí desprezaron dicindo que só ía a xente porque estaban enganadas e lles pagaban os bocadillos. A pesar diso, hai mes e medio tivemos unha das manifestacións máis importantes en defensa da sanidade pública, histórica en Compostela. Vostedes dixeron neste Parlamento que non se goberna a golpe de manifestación nin de protesta social. ¡Quen os escoitou e quen os escoita!

Vostedes chegaron aquí e falaron do parlamentarismo, do amplo parlamentarismo. Aquel parlamentarismo que supón que cando o Partido Socialista propuxo que o conselleiro comparecera aquí en setembro, vostedes usaron os seus votos para vetalo. Ese é o parlamentarismo do Partido Popular. (*Aplausos.*)

O Partido Socialista presentou emendas, os grupos presentaron emendas á esta lei, a esta reforma da lei, máis de 100 emendas: tres aceptadas, unha transaccionada.

Houbo un debate, o único que legalmente ten que haber, obrigatoriamente, e no que o conselleiro tivo que estar aquí defendendo a súa proposta de lei, catorce minutos de intervención hai mes e medio; renunciando, insolitamente, a un turno de dúplica ou a un turno de réplica. Nunha lei deste calado renunciaron, incluso, a explicar a súa propia proposta.

A vostedes gústalles esta lei, pero avergónhalles dicir por que. Vostedes fixeron esta reforma obcecadamente, agochados, como os nenos que saben que están facendo algo mal. Gústalles moito esta lei, pero non contan por que. Dálles vergoña. Porque vostedes nunca estiveron na defensa disto, e isto é a sanidade pública deste país.

No ano 1986 votaron en contra da *Ley general de sanidad*, que implantou un sistema que é unha envexa mundial. (*Aplausos.*) Un sistema que se hoxe sobrevive con calidade é grazas aos profesionais e a pesar dos seus dirixentes.

A transferencia dese sistema a Galicia e a creación do Sergas fíxose baixo un presidente socialista, o presidente González Laxe. Puxeron vostedes todos os atrancos dispoñibles, ¡todos!

Na Lei de saúde de Galicia 2008 vostedes votaron en contra. Non, mire, señor Aurelio Núñez, Lei 1/1989, creación do Sergas, presidente González Laxe. Hai que vir preparado aos debates. (*Aplausos.*) Vostedes votaron en contra da lei de 2008, votaron en contra de todas as leis que implantan o Sistema sanitario en Galicia e votaron en contra da lei que o implanta en España. Vostedes están en contra deste modelo porque iguala, porque dá igualdade de oportunidades. Vostedes non cren nun modelo de cohesión social a través do estado do benestar, e por iso cada vez que tiveron que manifestarse ao final falan moito pero votan en contra. Vostedes prometen moi ben, pero cumpren moi mal. Por iso non os esperamos neste debate e por iso sabemos que vostedes defenden esta lei por algo que non queren contar. Pero a vostedes

gústalles a redución de servizos, porque desigualan, porque alimentan un sistema onde é imposible, por tanto, ter o mesmo acceso aos mesmos servizos. Porque vostedes non dotan deses servizos. Levan buscando todos os recovecos legais, todos os subterfuxios legais posibles para modificar e trampear o sistema, para ir reducindo e reducindo servizos.

Xa non falamos, que sería moi relevante, da participación ninguneada a través desta reforma, xa non falamos da introdución de elementos desreguladores por completo, da entrada do investimento privado dentro do sistema público, que vostedes non queren controlar, porque pretenden que sexa ambiguo para que onde non se impide nada todo está permitido. Onde se fala de todo e non se fala de nada, e onde non se controla nada todo é válido, e esa é a lei da selva que a vostedes lles gusta.

Pero, sobre todo, vostedes diminúen os servizos sanitarios, vostedes lévano facendo durante moito tempo, e aquí nesta tribuna, na Comisión de Sanidade, nos concellos, nos plenos, en todos os lugares onde se fala de sanidade pública véñse alarmando dunha perda de servizos constante; que vostedes non son capaces de negar, porque poderían negalo.

Está na tribuna entre os invitados o alcalde de Monforte, díganlle se non é certo que no hospital hai unha enfermeira por cada 28 pacientes polas noites, o cal vai en contra de calquera ratio asistencial posible. Díganlle se non é certo que agora un alergólogo só vai un día á semana. Díganlle á alcaldesa de Viveiro ou ao alcalde de Burela que non son certas as citas de oito e nove meses para Dermatoloxía, de trece meses para Cardioloxía, porque os profesionais que tiñan que estar alí xa veñen dende Lugo. Díganlles ao alcalde do Barco de Valdeorras, ou ao de Petín, ou ao de Vilamartín, que están aquí, díganlles se non é certo que agora non hai traumatólogos, practicamente, no Hospital do Barco. (*Murmurios.*)

¿Que pasa entón? Que teñen que ir operarse a Ourense, moitas desas veces derivados a un hospital concertado, pagándolle á privada, obviamente.

Díganlle que xa non hai practicamente médicos rehabilitadores e, por tanto, que hai trece meses, catorce meses de espera. Esas esperas que nós ensinamos aquí e vostedes din que son anécdotas. Estáselles enchendo o sistema de anécdotas.

Díganlles, que están aí na tribuna, ao alcalde de Vilagarcía e á alcaldesa de Cambados por que teñen, sendo a mesma área sanitaria, distintos dereitos os seus veciños. Porque uns —os de Vilagarcía— poden ir ao cardiólogo ou ao neurólogo ao Hospital do Salnés e os outros —os de Cambados— teñen que ir directamente a Pontevedra.

Explíquenlle por que sen ningún criterio clínico os usuarios de Saúde Mental desa área teñen que irse a Pontevedra se teñen máis de sesenta anos por unha decisión de xestión, habendo profesionais e Unidade de Saúde Mental. ¿Por que? Explíqueno ou digan que é mentira, pero non poden, porque é verdade. Expliquen esta perda de servizos e logo defendan, entón, que están defendendo a sanidade pública, porque non é posible.

Nós propuxemos varias emendas, hai máis de 100 emendas nesta Cámara a esta reforma; case a metade delas do Partido Socialista. Propuxemos varias moi interesantes, pero nós

centrámonos agora na defensa dos servizos. Nós estamos obsesionados con garantir os servizos e vostedes están obsesionados con condicionalos. ¿Que propuxemos? Que todos os cidadáns e as cidadás de Galicia teñen dereito a unha igualdade no acceso ao seu sistema sanitario. É tan revolucionario como iso, porque iso supón crer no sistema. ¿Que propuxemos, por tanto?

Propuxemos un catálogo de servizos, instauremos catorce áreas sanitarias, cada unha cun hospital de referencia, e garantamos que en cada un deses hospitais teñamos os servizos necesarios. Claro que non é posible ter unha unidade de transplantes punteira en todos os hospitais, nin en Neurocirurxía Pediátrica, ¡claro que non! Pero é necesario, necesario, non só bo, senón necesario ter cardiólogo, ter neurólogo, ter o propio pneumólogo, ter o traumatólogo, o médico rehabilitador. E iso, que é o sistema sanitario que nós necesitamos, nós propoñemos garantilo nos hospitais, porque temos unha poboación envellecida, con dificultades de comunicación pola nosa situación e pola nosa configuración do país, temos problemas de acceso aos sistemas e vostedes van mandar aos servizos aos habitantes de Petín a unha hora e tres cuarto, a Ourense, ou aos do Vicedo a outro tanto, a Lugo.

Díganlle ao presidente da Deputación de Lugo que vostedes defenden un sistema onde os seus cidadáns teñen distinto acceso ao sistema sanitario.

Ese é o sistema que están defendendo e nós propoñemos un catálogo de servizos, que poida igualar a cidadanía. ¿Vostedes que dixeron no primeiro minuto? Disto no se fala. Ese é o seu parlamentarismo.

Polo tanto, nós estamos convencidos de defender un sistema que iguale, que ofrezca unha igualdade de oportunidades; no fundamental, a cidadanía non se manifesta porque lle paguen bocadillos, a cidadanía maniféstase porque percibe o sistema como propio, porque entende que se hai unha ferramenta de cohesión social, como ningunha outra, é o sistema sanitario, porque se sente orgullosa del, e sabe que defender o seu sistema sanitario é defender a igualdade de oportunidades e defende unha sanidade pública, gratuíta, (*Aplausos.*) universal e de calidade. E cando hai que comprometerse é cando hai que garantir os dereitos, porque vostedes fan esta reforma por outra cousa, pero dálles vergoña contar por que e así se someten a incoherencias. Incoherencias absurdas, non é día de facer moito detalle, pero voules recomendar tres.

Collan a exposición de motivos, collan o punto sete e collan a última liña —pódeo facer calquera que teña a lei diante—, e verán que nese momento defenden que a sanidade pode ser un motor económico de Galicia. A Consellería promove unha reforma que di que a sanidade pode ser o motor económico de Galicia. Podería ser unha afirmación a discutir, pero unicamente imos a que a mesma Consellería xustifica por que non se entrega un informe da reforma ao Consello Económico e Social. ¿Sabem cal é a argumentación? Que non existe ningunha vinculación co desenvolvemento económico de Galicia, e escribendo as mesmas persoas.

¿Como é posible que vostedes defendan isto e pretendan que lles votemos a algo no que din unha cousa e a contraria? É moi difícil sostener un discurso coherente cando non se cre nel, e

iso é o que lles pasa, por iso cando falamos disto no Salnés sae o seu voceiro alí, que é o alcalde de Vilanova, e di: «Non queremos, os cidadáns non queremos» —di el— «ir ao hospital do Salnés porque os médicos son moi malos, e hai listas de espera porque os médicos son moi vagos.» Iso é o que din vostedes.

Por iso agora din que blindan hospitais, e que blindan infraestruturas sanitarias con esta lei, pero cando veu aquí a ILP de Montecelo, aquel que vostedes non querían facer, e agora están obrigados a facer como se lles pedía, vostedes dixeron aquí, a través da persoa que falou aquí, que a lei non é o lugar para garantir ou para blindar infraestruturas, e especialmente para facelo cos servizos sanitarios, e agora veñen dicir que teñen unha lei que blindar os servizos sanitarios.

É moi difícil para vostedes soste esa incoherencia, pero fano porque vostedes son capaces de facer iso, camuflarse, confundirse entre os discursos dos demais. Esta é unha reforma que reduce servizos, esta é unha reforma que prexudica a igualdade de oportunidades, e por iso nós non imos estar, porque vostedes fan esta reforma para resolver problemas da súa capacidade de xestión e nós defendemos políticas transformadoras. Cando hai problemas de xestión as políticas teñen que ser dirixidas a transformar o sistema, a garantir dereitos e non a reducilos para ter máis vantaxe á hora de xestionar.

Non se pode facer política pensando en que lle cadren a un os papeliños e as contas, as súas e as doutros. (*Aplausos.*) Hai que facer leis pensando en garantir dereitos, diso se trata, de garantir dereitos. Estamos falando do sistema do benestar, dun dos piares fundamentais, do máis importante que temos xunto coa educación, seguramente, e nós estamos falando de garantir dereitos e vostedes de reducilos. Porque se non é certo, suban aquí e digan que todo o que lles dicimos é mentira, que non existen esas listas de espera, que eses servizos non están aí, que están perfectamente cubertos onde din vostedes e non onde dicimos nós.

Suban aquí e díganme se é certo que todo o persoal que vostedes teñen orzado está ocupando o seu posto de traballo, que é mentira, non está. Díganos vostedes se non é certo que vostedes teñen maquilladas as listas de espera, ¿por que? Porque a vostedes non lles gusta este sistema, este sistema iguala, e para vostedes a igualdade é algo perigoso, daríanos a todos os mesmos dereitos, e iso é un problema.

Porque vostedes consideran que isto da sanidade está ben para garantir algún servizo, pero logo que inxusta é a vida, que algúns teñen e outros non, e o que non ten, ¡pois pobriño el! E ese non é un sistema que poidamos defender. Non nos poden pedir que defendamos unha lei que vostedes mesmos non argumentan de por que a queren, porque lles digo que vostedes a queren pero por outra cousa, porque a súa realidade é a que é, a súa realidade é que se perden servizos e que nos hospitais hai persoas que teñen máis de setenta anos con citas de once meses para un cardiólogo. ¿Que fai un home de setenta e dous anos —que hai un en Burela que mo comentou o outro día— cun problema de insuficiencia? Fatígase moito, ten un problema co seu médico de cabeceira, que di que ten un problema no corazón e lle di de pedir unha cita ao cardiólogo: once meses, — xa llo conto despois, señor conselleiro, non se preocupe— once meses, ¿que fai unha persoa de setenta e dous anos cando ten un problema

e se sente inseguro e ten unha cita para once meses para o seu cardiólogo?, ¿que fai? Pode esperar. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Son todos expertos, déanlle a solución. Se teñen a solución, déanlla. *(Aplausos.)* ¿Que pode facer? Esperar. ¿Cal é a outra solución que ten? Pagar un privado. Esas son as dúas opcións que ten e nós defendemos un sistema onde teña unha terceira, que o seu sistema lle dea un servizo rápido, eficiente, de calidade e gratuíto. Ese é o noso sistema.

Nós non facemos un sistema para resolver os problemas de xestión nos despachos. Nós non queremos un sistema onde se reforme para garantir que os papeliños cadren, queremos un sistema onde se defenda que os dereitos se garantan.

Por iso a nosa emenda é fundamental, por iso esa emenda que vostedes se sentaron e dixeron disto non se fala, porque vostedes non cren neste sistema e, polo tanto, non nos poden pedir que o apoiemos. Porque vostedes falaron de parlamentarismo cando na rúa lles foi mal e no Parlamento negaron o debate. Porque vostedes non cren nisto, así que vostedes poderán aprobar esta lei coa súa maioría, pero non contén nunca con desmantelar este sistema e que os demais nos quedemos calados.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Hoxe quero saudar, como fixeron os outros voceiros, as persoas que se atopan no público, as nosas convidadas, as convidadas do resto dos grupos que viñeron escoitar este debate tras meses de loita tenaz e as que fican fóra, ás portas do Parlamento, neste día de inverno, berrando ao goberno, agardando, como todos estes meses, dende agosto, a seren escoitadas, lembrando que a tiranía non debe ser lei.

Foron moitos meses de loita, de pronunciamentos, de protestas, de alegacións, de propostas, a pesar dos ouvidos xordos da Consellería de Sanidade. ¡Todas desprezadas polo Goberno!

Pedimos por activa e por pasiva que se retirase primeiro o anteproxecto e segundo o proxecto da lei, que se retirase para dialogar, pero é difícil dialogar con quen non quere nin escoitar.

Onte estaba lendo, pola tarde, algúns textos pensando no debate que iamos dar hoxe nesta Cámara e decidín trasladar a través das miñas redes sociais a reflexión do que supuña o debate de hoxe, a aprobación desta norma hoxe, o recorte de participación, a supresión das áreas sanitarias, a tesoiria, a penetración da industria dentro da nosa investigación pública. A tesoiria, si. O anaco menos de democracia e de participación. E o PP de Galicia, ávido dun mísero retwitter, contestaba en redes sociais aludindo á miña militancia comunista —da que por certo me sinto moi orgullosa—, pero trasladando tamén que non había menos de—

mocracia porque o asunto desta contrarreforma o aprobaban eles, o partido que gañou por maioría.

Unha reflexión extremadamente inquietante que define o que é para vostedes a democracia: votar cada catro anos e submisión absoluta ás súas imposicións. Non se pode protestar. (*Aplausos.*) Non se poden defender os dereitos. ¿Acaso a maioría ofrece lexitimidade para impoñer a todo o resto os seus postulados políticos? Porque esta lei vai de postulados políticos, evidentemente. ¿Dá a maioría a potestade de non escoitar e gobernar de costas á cidadanía, de arrollar, de pisotear, de detraer, de vilipendiar? ¿É a súa maioría unha maioría plenipotenciaria?

Unha maioría democrática non goberna como os sátrapas. Gobernar sen escoitar non é maioría, é ser unha satrapía. A soberanía do pobo exerceuse non só na votación cada catro anos, pero a súa soberbia impídelles escoitar aos que advirten do grao das súas medidas, impídelles atender outras razóns. A soberbia é a virtude do sátrapa e impide atender a voz dos máis vulnerables, incluso dos que saben máis, porque traballan todos os días e manexan o sufrimento. Dos que teñen que saír á rúa — nun día coma hoxe — nos días de chuvia, de inverno, de frío, de todas esas mobilizacións que se deron nas comarcas e tamén da gran mobilización que vivimos en Santiago de Compostela para denunciar que todo o que están a facer é un atropelo non contra os dereitos dos traballadores sanitarios e das traballadoras, senón un atropelo contra os dereitos de toda a cidadanía, incluso daquela que vota o Partido Popular.

A pesar de que os amparase a razón, vostedes non quixeron escoitar unha razón que os amparou e que nos amparou nas anteriores denuncias, cando dixemos, cando denunciámos que as áreas de xerencia integradas supuñan recortes, pero vostedes non escoitaron e seguen porfiando a pesar da obviedade de como están as áreas sanitarias e como están os hospitais comarcais. As probas son evidentes, déronse aquí datos sobre como están os servizos, pero tamén burocracia, pero tamén reclamacións que non chegan a ningures do mal funcionamento, das cousas que se avarían, da ausencia de profesionais. Os medios materiais peor ca nunca, e dos humanos xa nin falamos. Xa se deron aquí datos, tamén, dabondo.

E por certo, e reitéroo, e repetino en todos os debates, suprimiron vostedes as xerencias para que, segundo denuncia o Consello de Contas, incrementasen os gastos en altos cargos. Están as contas aí. (*Aplausos.*) E xa non nos poden enganar.

E non, non hai máis servizos nos hospitais das comarcas. A mobilidade forzosa dos profesionais sanitarios non é dar máis servizos. Que un médico ou unha médica teñan obrigatoriedade de desprazarse un día á semana a un hospital comarcal non é dar máis servizos. ¿Onde está a continuidade asistencial?, ¿onde está a relación médica, médico-doente? ¿A vostedes interésalles algo disto? Se cada vez que un acode a unha consulta o atende un profesional diferente, se non pode haber unha continuidade, iso non é dotar de servizos.

Os servizos novos que din que puxeron son, en moitos casos, totalmente insuficientes. Os profesionais traballan coa lingua fóra, só hai que ver os profesionais que traballan en hospitalización a domicilio. ¿Hai suficiencia de persoal?, anunciaron en moitos hospitais comarcais que creaban este servizo, ¡claro!, sen profesionais suficientes, así calquera crea un

servizo sanitario, e outros —como se indicou hoxe aquí e como levamos debatido todos estes meses— desapareceron dos hospitais comarcais.

E por iso o noso grupo entende que esta norma é lesiva e mantemos as nosas emendas, que cren que non só hai que non recentralizar o sistema, senón descentralizar o sistema, que non se recorten as áreas sanitarias, senón que se amplíen as áreas sanitarias. Porque hai unha cousa que se chama equidade, que vostedes desprezan, e é que todas as galegas e galegos, independentemente que vivan no rural ou na cidade, deberan ter o mesmo acceso aos servizos sanitarios, algo que non acontece.

Vostedes están centrados na recentralización, aquí e no Estado, e a realidade é que os servizos cada vez son peores e que a inequidade campa ás súas anchas. Pero, claro, o obxecto da súa reforma nunca vai ser a equidade. Razóns tiñan tamén os profesionais cando indicaban e advertían do risco de perder as herdanzas da atención primaria, da dependencia dos hospitais. O exceso de carga de traballo tamén é unha humillación para os profesionais sanitarios. Temos enormísimos profesionais de atención primaria —algúns están aí arriba—, tamén nos puntos de atención continuada, pero non se poden atender 50 doentes, urxencias, domicilios..., e atender todos os seus recortes e atender e traballar nas condicións que se traballan.

E vostedes pídenlles que non protesten, e dinlles, ademais, que están manipuladas e manipulados. Esta contrarreforma, coa eliminación das áreas, tamén consolida o modelo hospitalocentrista, recentralizador, e alonxa a posibilidade de recuperar a atención primaria como elemento equitativo, igualador do sistema, como elemento que fai da atención á comunidade a base do sistema; un sistema que cre na socialización dos dereitos, no acceso para todas e todos, independentemente do lugar e da condición económica que teñan.

Por iso o noso grupo mantén tamén as emendas que piden, na disposición derogatoria única, derrogar o Decreto 168/2010, do 7 de outubro, que supuxo unha lousa enorme enriba da atención primaria do noso país; algo absolutamente imprescindible para recuperar o noso sistema sanitario.

Esta contrarreforma camiña tamén contra a participación no deseño e no control das políticas de saúde. Non lles gustan a vostedes a participación e a democracia no control do que están a facer. Dende logo, queda bastante evidente cando non contestan ás peticións de información dos deputados da Cámara. Queda patente cando non publican as listas de espera non estruturais. Queda bastante evidente, como xa se dixo aquí, cando nin sequera teñen a ben responder ás peticións e ás solicitudes de reunión que lles fan aqueles que defenden a sanidade pública. Vostedes gobernan non en maioría, gobernan en satrapía.

Polo tanto, contra a súa proposta están esas persoas e as que están na rúa, e van seguir estando. Esta contrarreforma vai en contra desa participación e elimina un elemento fundamental: as asociacións de veciños, a súa presenza dentro do Consello Galego de Saúde e dos consellos de saúde de área.

Está ben a participación das administracións, está ben a participación das asociacións de doentes, pero aqueles elementos que representan a totalidade da cidadanía, que foron ade-

mais hai trinta anos, hai décadas, elementos esenciais na aplicación dos dereitos democráticos en todo o país, que son as asociacións de veciños, desaparecen da participación, e elas e eles representan —en menor ou maior medida— aqueles e aquelas que son usuarias —toda a cidadanía— do sistema público, independentemente do seu estado de saúde, independentemente da súa situación social e económica. E vostedes elimínanos porque non queren escoitar esa voz.

E tamén recortan a capacidade de fiscalizar porque, evidentemente, non queren ningún tipo de control, non queren focos, non queren luz nin taquígrafos sobre todos os recortes que están a practicar na sanidade pública. Nós queremos non só que non se recorte, senón que se amplíe. E mantemos tamén as emendas relativas á composición e ás funcións dese Consello Galego de Saúde e deses consellos de área, non só para que se manteña a representación veciñal, evidentemente, senón para que se amplíe o control á execución orzamentaria.

Porque non é suficiente só revisar os orzamentos. Hai un elemento clave da súa política: as contas non cadran; advírteo todos os anos o Consello de Contas. Hai escuridade na contabilidade das contas da sanidade pública e un incremento orzamentario cada vez máis adicado á empresa privada. E iso ten que ser fiscalizado e informado pola cidadanía, porque o resto non é maioría, é satrapía.

Ademais, señoras e señores do Partido Popular, hai un elemento relevante: os consellos de saúde e de área teñen que estar intimamente relacionados coas políticas sanitarias públicas na comunidade, porque, se non, ¿para que serviría a participación dos colectivos, das asociacións de veciños, se non poden dar o seu coñecemento, a información, o día a día que viven nos seus barrios, os problemas de saúde? A saúde tamén son eses elementos e eses condicionantes sociais dos que temos falado aquí —pero a vostedes a prevención e a promoción non lles interesan—, e están intimamente relacionados cos seus recortes, coa pobreza enerxética, e con como se vive nas distintas vilas, nos distintos barrios. Eses elementos son fundamentais nos deseños da política sanitaria pública e teñen que ser elementos nos consellos de saúde e de área.

Pero vostedes non queren escoitar nada diso, e dicindo que non funcionaban, suprímenos da lei, non asumindo que a responsabilidade do funcionamento e da aplicación da lei, é responsabilidade de quen goberna. É o Executivo quen ten que poñer a funcionar as normas. Non pode, ante a súa inoperatividade e incapacidade de poñelas a funcionar, eliminar os artigos dun plumazo. Cargalos, suprimilos, mutilalos, quitar a participación. Iso non o fai ningún Goberno responsable.

A investigación pública, a penetración da industria no beneficio privado. ¿Eses tamén son os obxectivos da norma? ¿Os beneficios das investigadores e dos investigadores? Non. Non se confundan, non intenten confundirnos, porque a norma non obriga a asegurar por lei a estabilidade dos proxectos, o investimento público en I+D+i; iso vén contido na nosa emenda que vostedes rexeitaron.

A norma abre aínda máis o sistema á privada. ¿Cren que poden vendernos que esta norma, que esta modificación, é unha marabilla porque vai permitir que os investigadores e inves-

tigadoras poidan participar a beneficios económicos dos resultados? Imos ver como se defenden fronte á industria.

Pero aínda que fora así, ¿de verdade vostedes cren que ese ten que ser o obxectivo da nosa investigación e da nosa innovación pública? ¿De verdade ese é o obxectivo? ¿Non debería ser a continuidade dos proxectos o obxectivo? ¿Non debería ser os salarios dignos para os investigadores e investigadoras públicas? ¿Non debería ser que non houbo discriminación de xénero nos nosos hospitais?

A súa estabilidade, o beneficio da comunidade, o beneficio da sanidade pública, ¿cal é o obxectivo da investigación? ¿O beneficio de empresa privada, ou o beneficio da saúde pública? ¿Que acontece —e o dixemos como exemplo— naquilo que non é rendible? ¿Que acontece coa investigación en enfermidades raras, naquilo que non produce beneficio para farmaindustria, para a grande industria, para as innovacións das grandes multinacionais? Se non hai beneficio, non hai investigación, e vostedes favorecen isto con esta contrarforma.

Iso é o que hai, e iso é pobreza, iso é, dende logo, empeoramento da saúde e iso é condicionar a saúde ao beneficio económico das grandes empresas.

Teñen as emendas tamén na carpeta, e nós consideramos —defendémolo e mantémolo nas emendas— que a valorización e a protección da transferencia ten que facerse ao sistema público, non ao público en xeral. Porque vostedes consideran que o beneficio privado é tamén parte do sistema público, e non, a realidade non é esa. Por suposto que estamos de acordo en que exista un desenrolo industrial vinculado á industria da saúde. ¡Claro que si! Porque ademais o Goberno galego foi o primeiro en cargarse gran parte da nosa industria en Galicia. Pero esa ten que estar vinculada á industria pública, á produción con finalidade de mellorar a saúde de galegos e galegas, non de mellorar os petos da industria farmacéutica, da industria química ou da industria das innovacións tecnolóxicas, ás que vostedes lles regalan continuamente os fondos europeos.

E, por suposto, a emenda tamén abarca a necesidade da suficiencia financeira na investigación pública. ¿Que hai dos fondos públicos? Só dependemos da magnanimidade das grandes empresas.

Non teño máis tempo, debo rematar. Seguirei na segunda quenda. Pero queremos lembrar-lles, dende o noso grupo, que estes aspectos son centrais e relevantes no deseño das políticas públicas sanitarias que definen o sistema sanitario. E a xente que está fóra, que se mobilizou todos estes meses, non está manipulada, non é tonta, é a xente que todos os días está en contacto, porque son persoas usuarias ou porque son profesionais, coa sanidade pública. Saben máis que nós, saben máis que vostedes, e a realidade é que vostedes decidiron non gobernar coa maioría, senón gobernar coa satrapía. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías. Bo día, señor conselleiro.

Quería comezar saudando a todas as persoas que nos acompañan no hemiciclo. Quería saudar dun modo especial os alcaldes presentes. Vostedes saben por experiencia que calquera medida que toman as persoas que exercen o Goberno, intenta sempre mellorar a calidade de vida das persoas, aínda que non sempre sexan entendidas pola cidadanía.

Eu pídolles dúas cousas: pídolles tranquilidade, e pídolles tempo para o desenvolvemento da lei e a valoración dos resultados da mesma.

Eu son médico de profesión e levo 35 anos comprobando as melloras constantes da sanidade galega, con distintos e con cada un dos gobernos consecutivos que tivemos. E escoitar nesta tribuna falar de ditadura, tiranía, satrapía ou falla de democracia a persoas que publicamente, incluso neste hemiciclo, apoiaron determinados gobernos que todos coñecemos, ja verdade é que hai que ter moito valor! (*Aplausos.*) Vivimos en Galicia, non vivimos noutros países.

Eu vou ir directamente ao tema, señorías, porque eu veño aquí a explicar a lei e a non a falar doutras cousas, e creo que me vai facer falta o tempo.

Hoxe remata, efectivamente, o trámite lexislativo desta modificación da Lei de saúde, e o obxectivo fundamental desta lei foi claro e evidente, e totalmente explícito dende un primeiro momento: adaptar unha lei do ano 2008 a unha estrutura organizativa que se implantou no ano 2010, e ás modificacións legais xurdidas con posterioridade á aprobación desa lei no ano 2008.

Polo tanto, o debate fundamental —porque parece ser esa a preocupación dunha gran parte da cidadanía galega— sería se esa estrutura implantada no ano 2010 funcionou ben ou mal, e só nese sentido podería explicarse o apoio ou o rexeitamento a esta lei.

O Grupo Popular é o único que leva meses preguntando neste hemiciclo polos resultados desas novas estruturas de xestión integrada. A información facilitada en Pleno polo conselleiro de Sanidade é a seguinte.

Entre o ano 2009 e 2016, nos hospitais comarcais de Galicia incrementouse o número total de consultas nun 15 %; de 555.000 a 639.000. En intervencións pasouse de 24.200 a 27.400. No ano 2009 non había hospitais de día, e hoxe hai 21.700 tratamentos en hospitais de día. Evitáronse 263.000 desprazamentos de cidadáns que viven nos ámbitos das comarcas, e chegouse aos 20 millóns de euros de investimento tanto en infraestruturas como en dotación tecnolóxica.

Outros exemplos relatados nesta Cámara, por exemplo no Hospital da Mariña. Novo servizo de hospitalización a domicilio, hospital de día oncohematolóxico, segunda sala de endoscopias, segunda consulta de rehabilitación, posta en marcha dunha obra de 12 millóns de euros para ampliálo en 4.500 metros cadrados.

Hospital do Salnés. Ampliación do Hospital do Salnés, que aumentou un 27 % os espazos; dotacións cun investimento de 9.400.000 euros; incorporación da asistencia oncolóxica; incremento de 3 a 5 dos quirófanos, de 6 a 10 postos nas unidades de recuperación e espertar, e inauguración dun novo bloque obstétrico con área de urxencias pediátricas.

Outra evidencia manifestada nesta Cámara é que os orzamentos do ano 2018 inclúen 7.600.000 euros para seguir investindo nestes hospitais que a oposición di que se van pechar.

En consecuencia, o sistema das Eoxi, en contra de todo o que se escoita aquí e do que se escoita por parte da oposición, mellorou a prestación dos hospitais comarcais, e, polo tanto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular imos apoiar por coherencia unha lei que consolida este sistema, que foi claramente beneficioso para a cidadanía galega. Entendo que, pola mesma coherencia, vostedes se opoñen a este cambio mantendo a postura do ano 2010, pero permítanme advertilos de que os galegos tamén son coherentes e, se non lles creron daquela, tampouco é fácil que lles crean agora. *(Aplausos.)*

A verdade, señoría, é que vostedes conseguiron preocupar a moita xente con este tema. Vostedes encabezaron unha protesta na que se leu un manifesto que dicía —e quero citar textualmente— que a Xunta tiña a estratexia de privatizar a atención sanitaria, trasladando a milleiros de pacientes da sanidade pública á privada. Levaron a moitas persoas a esta protesta. Pero permítanme explicar como o fixeron, para que conste en acta, cun exemplo moi recente.

O pasado 22 de febreiro, o Bloque Nacionalista Galego formulou na Comisión de Sanidade unha pregunta sobre a derivación de pacientes á sanidade privada-concertada. O Goberno acudiu a esta comisión e deu de xeito pormenorizado todos os datos, tanto que a propia señoría que formulou a pregunta agradeceu e deu os parabéns ao alto cargo que estivo contestando a mesma.

A conclusión destes datos non refutados por ninguén era a seguinte: nos últimos cinco anos a porcentaxe de consultas e intervencións derivadas á sanidade privada foi do 2,2 %. É dicir, que o 97,8 % das consultas e intervencións foron realizadas na sanidade pública. E diante deses datos, ¿que fai o BNG? Publica unha nota de prensa co seguinte titular: «Montse Prado advirte que os 348.415 doentes derivados confirman a privatización da sanidade pública.» *(Protestas.)* É dicir, cando vostedes preguntan ao Goberno e estes lles contesta que a porcentaxe de derivación é do 2 %, vostedes o que lle trasladan á sociedade é que os datos que lles facilitaron confirman a privatización.

Segundo afirmacións esta pasada semana da propia consejera de Sanidad de Andalucía: «La externalización —privatización, por suposto, se goberna o Partido Popular— no llega en esa comunidad autónoma al 5 %». É dicir, máis do dobre da privatización teórica da Comunidade Autónoma de Galicia. ¡Sen comentarios!

A cidadanía ten dereito a manifestarse, e nós respectámolo. Pero sobre todo ten dereito a saber a verdade sobre os temas polos que se manifesta. Esta modificación traerá —segundo

a súa versión— recortes, privatizacións e deterioración; pero nunca aportan vostedes unha soa cifra real que xustifique as súas afirmacións.

A pesar das súas acusacións de escurantismo durante o proceso, a este anteproxecto de lei presentáronse máis de 1.500 alegacións, se ben é certo que soamente 30 delas propoñían modificacións ao articulado, sendo aceptadas e incorporadas ao proxecto varias delas —a pesar do que dixo aquí o señor Torrado— aportadas por colexios, sindicatos e asociacións.

Na lei contemplábase a posibilidade de establecer por decreto outras divisións territoriais, atendendo aos recursos dispoñibles e ás «directrices de política sanitaria» —recordarán a bandeira que se fixo nos primeiros tempos, despois da modificación—, e que foi substituído, mediante unha alegación, polas «necesidades sanitarias», que era o que reclamaba a oposición.

Foron incorporados os consellos de saúde de distrito —alegación da Fegamp—; modificáronse funcións dos consellos de saúde e de área; foi incluída a composición mínima deses consellos e a consideración como infracción moi grave de calquera ameaza, coacción ou agresión a profesionais, que figura na lei por suxestión dos sindicatos; e tamén a participación da atención primaria na docencia, formación continuada e investigación; que tamén se incluíu por proposta dos sindicatos. Estas foron alegacións engadidas ao anteproxecto de lei.

En resumo, señorías, trátase dunha modificación lexislativa que é perfectamente legal e lexitima, e feita de acordo coa normativa vixente. Do mesmo xeito que o Goberno bipartito derrogou no ano 2008 a Losga e aprobaron esta lei que agora pensamos que se pode mellorar, apoiamos que se proceda á súa modificación.

Fala a oposición de diálogo. Evidentemente, non puido haber diálogo no núcleo da lei, que é a estrutura sanitaria, porque é imposible dialogar contra slogans e contra falacias como as que acabamos de relatar. A súa postura, señorías da oposición, sobre a estrutura de áreas e distrito que propón esta lei choca coas evidencias das súas mentiras de 2010, cando tamén dixeron que esta organización territorial ía pechar os comarcais e non aconteceu. Choca contra os plans que vostedes mesmos tiñan cando gobernaban. Xa ensinamos aquí a súa proposta de organización territorial, que levaba sete áreas, igual que a actual, pero levaba a comarca da Mariña incluída na área sanitaria de Ferrol. Choca tamén contra os plans que vostedes deseñaron noutras comunidades autónomas.

Falamos aquí, no Pleno pasado, dunha modificación que se está a facer da Lei de saúde valenciana, que pasaba de 24 a 6 os departamentos por áreas. Quero dicir que pasaba porque agora mesmo parece ser que hai unha emenda de Podemos, que ten 11 deputados, e o Partido Socialista e Compromís, que defendían a bondade desa modificación, parece que xa non a defenden. Iso é coherencia.

Esta lei blinda a existencia dos hospitais comarcais coa creación dos distritos sanitarios, 14, citados un por un no texto, que toman como referencia a institución hospitalaria existente no seu ámbito territorial. ¿Como é posible, señorías, que se pechen hospitais que se están a

ampliar? Agora, diante deses investimentos, xa non falan de peches, agora fálase de desmantelamento. Esta lei consolida os hospitais comarcais como servizo sanitario de futuro en cada unha das súas zonas xeográficas, seguindo a ser hospitais de referencia como ata o de agora.

Esta organización territorial non provocará ningún cambio de médico nin de hospital para ningunha persoa. E, pola contra, achegará o servizo sanitario á cidadanía, que recibirá unha asistencia máis próxima ao seu domicilio, garantindo a potenciación dos servizos e especialidades a nivel comarcal. Mellorará a coordinación entre primaria e hospitalaria, cunha cobertura realizada cos mesmos criterios asistenciais e de derivacións entre centros; con protocolos únicos para toda a área, sen diferenzas, e con maior interacción de profesionais entrambos os dous niveis asistenciais.

Pensamos, señorías da oposición, que son vostedes os que están a poñer en risco a supervivencia destes hospitais comarcais, diante da dificultade coñecida que existe para cubrir as prazas dos mesmos e a continua rotación e vacantes de profesionais que se producen. E esta organización por área sanitaria, respectando sempre a voluntariedade dos profesionais —e aquí quero facer unha alusión aos profesionais do Sergas—. Eu entendo que non vai haber un só profesional do Sergas que, sabendo que hai necesidades nun hospital comarcal, porque nese momento non se pode cubrir a praza ou porque se necesita, non vaia acudir en defensa do enfermo. Eu sempre vou defender a profesionalidade dos nosos traballadores da sanidade pública. *(Aplausos.)*

Esta organización —dicía— axudará a acadar a cobertura de prazas de especialista nos hospitais comarcais diante da posibilidade que permite de traballo en equipo cos hospitais de referencia. Regularizará o desprazamento de profesionais entre os distintos hospitais e facilitará a cobertura das posibles ausencias por permisos ou por baixas laborais. Potenciará o rural, todo o contrario do que vostedes están a difundir nas distintas comarcas. Non estamos de acordo coa súa afirmación da perda de calidade e de proximidade, senón todo o contrario. Insistimos en que mellorará a calidade da nosa sanidade pública, acercándoa ao paciente.

No eido da participación social, desenvólvese o Consello Galego de Saúde e os consellos de saúde de área e de distrito. Esta modificación simplifica a regulación dos órganos de participación para facelos máis próximos á representación cidadá e máis áxiles e operativos. Regúlase na lei a existencia do Consello Asesor de Pacientes, no que participan as asociacións nas que se agrupan os doentes, e que a algunhas forzas políticas parecen amolarlles e estorbarlles tanto.

Considérase autoridade sanitaria o persoal de inspección de servizos sanitarios e de saúde pública. E inclúese como infracción moi grave —que falamos antes— calquera actuación, ameaza ou agresión a persoas profesionais da sanidade pública galega. Introduce na lei o concurso de traslados aberto e permanente e os itinerarios profesionais solicitados por distintos colectivos. Curiosamente, os grupos de En Marea e Bloque Nacionalista Galego rexeitan estas medidas solicitadas polos profesionais. A min gustaría saber como llelo van explicar.

Regúlase a docencia, a formación continuada e a investigación no sistema sanitario público, coa inclusión na lei da Axencia Pública do Coñecemento en Saúde. A condición pública da ACIS —desa axencia— recoñécese na lei, cousa que non ocorría na Lei do ano 2008. É unha axencia pública —como xa se dixo aquí— similar á Axencia Tributaria.

Regúlase a colaboración público-privada na investigación, o rexistro de patentes por parte dos profesionais investigadores, a posibilidade de *spin off* pública e contratos de colaboración coa empresa privada para o desenvolvemento de tecnoloxías, medicamentos ou calquera outro avance que se poida trasladar á cidadanía para a mellora da súa saúde, que posibiliten a xeración de emprego de alta calidade e, ademais, ingresos para o Sistema público de saúde. Cremos que os investigadores do Servizo Galego de Saúde están máis de acordo coa proposta do Partido Popular que coas propostas da oposición.

Parécenos importante a creación dunha comisión interdepartamental —que vén na lei— entre Sanidade e Educación. Queremos que se mellore a asistencia a nenos e nenas con enfermidades crónicas, que se formen os rapaces en saúde e prevención e que se insista na importancia de hábitos saudables en alimentación, exercicio físico, ocio, tabaco, alcohol e calquera outro costume prexudicial para a súa saúde.

Vou rematando, señor presidente.

Este grupo parlamentario presentou en comisión catro emendas ao Proxecto de lei de modificación da lei de saúde. As tres primeiras foron votadas en contra pola oposición, e a cuarta tivo o apoio dos grupos de En Marea e o Bloque e a abstención do Partido Socialista. Unha delas era en relación coa creación dos consellos asesores de pacientes de área, para incrementar a participación dos doentes, verdadeiros usuarios do sistema público de saúde. Outra, para clarificar as diferenzas en función do persoal directivo dos altos cargos en distintos postos da Consellería de Sanidade. Unha terceira, para permitir a incorporación de persoas profesionais non españolas ou da Unión Europea mediante a inclusión nesta lei da posibilidade de eximir do requisito de nacionalidade, por razóns de interese xeral e necesidades obxectivas, para o acceso á condición de persoal estatutario das categorías profesionais de licenciado sanitario. A día de hoxe, señorías, un profesional non pertencente á Unión Europea que faga a residencia MIR en Galicia non pode optar a unha praza de persoal estatutario en Galicia. O artigo 57.5 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, obriga as asembleas lexislativas das comunidades autónomas a aprobar unha lei para eximir de dito requisito. A estas tres emendas votou en contra toda a oposición.

Por último, a cuarta emenda substituía na lei o termo «especializada» por «hospitalaria», poñendo en valor o traballo e a formación dos profesionais de atención primaria que son tamén especialistas vía MIR, vía medicina de familia. Esta emenda foi apoiada polos grupos do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea, coa sorprendente abstención do Grupo Socialista. Creo que queda clara a vontade de diálogo dos grupos da oposición: ningunha.

Por agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Señor Núñez Centeno, eu non son médico, son galega, son cidadá galega e levo anos asistindo alarmada, igual que miles de galegos e galegas, á deterioración da sanidade pública. A última cita que solicitei —a pesar de que o médico prescribiu que debían darme cita para dentro de tres meses— danma para dentro dun ano, así como a miles de galegos e galegas. Eu lamento que ante a realidade que vivimos os galegos e galegas vostedes poñan os anteollos de cores para ver unha realidade que non é a que vemos e a que sufrimos a inmensa maioría dos galegos e galegas. Esa é a auténtica realidade.

Vostedes persisten en usar unha terminoloxía —falan de blindar, de mellorar servizos— pero a realidade é outra cousa. Unha persoa que hoxe está aí fóra, concentrándose, precisamente facía referencia a isto. O Partido Popular —dicía— fala de blindar o hospital comarcal —falaba do de Monforte—. Mira, por favor, se tes oportunidade, dille que o meu non o sigan blindando. Pídelle que, por favor, o meu non o sigan blindando. Porque, onde eles din blindar, o que están facendo co meu hospital comarcal é convertelo nun hospital de crónicos; estano despeizando pouquiño a pouco; lasca a lasca, estano convertendo en nada. ¡Por favor, deixen de blindar os hospitais comarcais! Foi a petición que me trasladaron.

Miren, o Bloque Nacionalista Galego non vai votar a favor das autoemendas compracentes do Partido Popular, que, evidentemente, ten un nivel de efectividade do cen por cento. As súas 4 vótaas a favor, e das 33 do Bloque Nacionalista Galego acéptannos unha palabra. Imos votar a favor desa emenda técnica, efectivamente, e non imos votar a favor das outras.

Imos votar a favor das emendas do Partido Socialista e de En Marea. E mantemos as emendas que presentou o BNG porque nos parecen máis que xustificadas e máis que necesarias. Emendas do BNG —como dixen antes— nas que defendemos a paridade de xénero; cremos que ten que ser unha realidade e non palabras vacuas.

Emendas para recuperar as xerencias de atención primaria e a xerencia dos hospitais comarcais. Sen dirección propia, sen capacidade de decidir, sen orzamentos propios, non é posible unha atención primaria resolutiva, de calidade, próxima; nin uns hospitais comarcais merecentes de tal nome e que teñan unha sanidade realmente próxima. Por iso presentamos emendas para que os hospitais comarcais e a atención primaria teñan xerencias propias e teñan capacidade resolutiva —e o Partido Popular vai votar non—.

Emendas para manter as áreas sanitarias existentes, para que non perdan as áreas sanitarias A Mariña, O Barco, Monforte, Valdeorras e O Salnés. E para que —insistimos— se creen as áreas da Barbanza, Cee e Verín. Ademais de que non se perdan esas áreas, estamos en contra de que se derroque a lei pola que se creou a área sanitaria do Salnés, que foi a única que se creou por unha lei propia, froito da presión cidadá. Dende logo, estamos en contra de que pola porta de atrás, con nocturnidade e aleivosía, hoxe aquí o Partido Popular derroque esa lei que foi froito dunha mobilización cidadá sen precedentes. Hoxe o Partido Popular vai votar a favor de que se derroque esa lei, e o BNG presentou unha emenda para que non se derroque.

Emendas para facilitar a participación cidadá, que con esta lei o Partido Popular deixa amorozada. Emendas para blindar que o coñecemento e a investigación queden blindados para o interese público e que non estea ao servizo dos intereses privados; e para a creación da figura do persoal investigador dentro do Sergas. É necesario crear a figura do persoal investigador dentro do Sergas, como o Partido Popular lle tiña prometido ao persoal investigador, ao que logo deixaron tirado, señor conselleiro. Deixaron tirado o persoal investigador.

Presentamos emendas e mantémolas para que isto sexa así. E emendas para defender os intereses do persoal —como estaba dicindo antes—. O persoal non necesita exclusivamente palmadiñas nas costas, necesita desenvolver a Lei do estatuto xurídico. Presentamos unha emenda para saber cal é a situación real dos cadros de persoal; que nos centros sanitarios se aprobe anualmente un censo coa enumeración dos postos de traballo existentes, por servizos e categorías. Unha emenda para garantir a igualdade de trato entre o persoal fixo e o contratado; cuestións básicas e fundamentais. E unha emenda para que se desenvolva, consensuado, o Mapa sanitario de Galiza; cuestións fundamentais a estas alturas, e por iso as mantemos.

E, como dixeran ao principio, hoxe o Partido Popular ten os votos suficientes para gañar aquí a votación e aprobar esta infame modificación da Lei de saúde, pero, aínda que gañen hoxe esta votación, saben que perderon a batalla...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...sábeno perfectamente; saben que o rexeitamento á súa política sanitaria, de deterioración da sanidade pública, non vai facer máis que medrar. A súa folla de ruta está xa ao descuberto, xa é coñecida, e as consecuencias dos recortes en persoal, en recursos, a deterioración da sanidade pública para xustificar a derivación á privada dos doentes e de recursos cada día van ter en fronte a máis persoas defendendo a sanidade pública galega, universal, gratuíta e de calidade; que non lles quede a máis mínima dúbida, que non lles quede a máis mínima dúbida.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Van gañar hoxe aquí a votación, pero teñen perdida a batalla.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

(Aplausos.)

Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

É certo que ás veces algúns pecamos de inxenuos, xa que esperabamos algo máis de debate sobre algunhas das propostas, pero a posición é absolutamente monolítica. Sen embargo, o nivel de incoherencia mantén e reforza practicamente toda a posición que nós defendemos.

A verdade é que hai algunhas cousas que é necesario apuntar, e unha feita cunha reflexión, que pode non ser acertada, pero, xa que moitas veces se traslada algunha parecida, eu tráíoa a esta Cámara. Vostedes defenden sempre que as súas reformas sanitarias son moi aplaudidas e que por iso ganan as eleccións, sabendo que o voto é único, e non por sectores. Pero, deixando á parte esa argumentación, plantéxese vostede se o dano que están facendo ás comarcas, especificamente a algunhas, ás catro afectadas, non terá que ver cos seus resultados municipais alí. (*Aplausos.*) E se vostedes teñen esa argumentación consolidada sobre o respecto á vontade cidadá, fáganse esta pregunta: ¿por que en todas as áreas onde queren reducir eses servizos, alí onde están os hospitais, non teñen gobernos? E na periferia practicamente tampouco. Porque lle pasan cousas, por exemplo, como que o seu grupo municipal en Monforte, cando se convoca un pleno para debater sobre esta lei e sobre os servizos que vai ter o Hospital de Monforte, non é capaz de defendela e non vai. Esa é a súa defensa da sanidade naqueles lugares. A vostedes gústalles esta lei, pero non contan por que, e os seus grupos municipais, cando lles pasa isto, non saben que dicir e, por tanto, non van. Non van aos plenos a falar de sanidade porque non teñen nada que poder dicir.

Se algunha relación ten iso que vostedes din dos votos, pensen que lles pasa naqueles lugares. Pensen tamén que lles pasa cando ofrecen información. De tanto ofrecer pouca, pásalles que no informe traen que todas as alegacións estiveron rexeitadas. Agora din que aceptaron algunhas, pero o informe que traen a este Parlamento di que todas están rexeitadas, todas.

Por certo, que é moi importante argumentar ben sobre as leis que se modifican. ¿Como que se insta a participación dos pacientes? Lei 2008, artigo 24, punto i: «Catro vogais en representación das asociacións de pacientes e familiares...» ¿Cal é o problema? Que vostedes non cren niso e non convocan o Consello Galego de Saúde, pero está aí, na lei; ten dez anos a participación dos pacientes. Por certo, vostedes votaron en contra diso. Eu alégrome moito de que agora aceptaran que os pacientes participen e agora fagan un consello de saúde de pacientes, que está ben, pero estaba na lei.

É moi importante ter coherencia co que se fai; xa non digo..., non me explicaron nada, sobre se, ao final, a sanidade vai ser un motor económico ou non, porque... Ben, agora incluso terán unha terceira posición: será un motor económico ou non. Poden incluílo así na lei, será máis coherente. Xa saben que todo é certo menos algunha cousa.

Defendamos servizos, esa é a nosa proposta. Propoñamos ese catálogo, ese catálogo do que nos argumentaron que non se falaba del. E, ademais, ¿como vai ser posible instaurar nos comarcas algúns dos servizos que propoñamos no catálogo? Ese foi un argumento que vostedes plantexaron. ¡Se soamente hai que ir aos servizos que a Xunta di ofrecer nos comarcas! —que di ofrecer—. Todos os que nós propoñemos no catálogo están, polo menos, nalgún comarcal; todos. ¿Ou é que non están? Vostedes aclárense se están, pero vostedes din que si. Polo tanto, se están nalgún comarcal, é que é posible e, se é posible, nós o que defendemos é a igualdade de acceso para todos os cidadáns. Eses servizos que vostedes din ofrecer, nós o que dicimos é: garantamos que se ofrezan. Non é tan complicado, hai que ter vontade transformadora de igualar servizos e de ofrecer un nivel de accesibilidade idéntico para todos os cidadáns. Iso é o que nós propoñemos. Vostedes, que non argumentan especialmente moito en contra diso, debe ser que teñen a vontade de votar en contra. Eu estou case con-

vencido. Xa saben a inxenuidade, vou crer que aínda ata o último momento poden votar a favor, pero trátase de garantir servizos.

Porque non é posible dicir que temos problemas para que os profesionais vaian aos hospitais comarcais e logo dicir: claro que van querer ir con esta nova lei, porque os profesionais non van deixar a ninguén tirado. Claro que non o deixan, e diso se aproveitan vostedes, cando reducen persoal; aprovéitanse de que os profesionais deste sistema —que son os que están sostendo o sistema— non van para casa ás oito horas; quedan alí, traballan máis, chaman dende casa, preguntan, fan extras do seu traballo e esfórzanse suficiente. Se vostedes argumentan que nunca vai haber un profesional que deixe a ninguén fóra e que vai atender onde lle piden, non me argumenten despois que non hai profesionais para o sistema. ¿Como se fai co sistema dos policía, dos mestres? ¿Como se fai? Temos millóns de maneiras. Discriminemos positivamente, demos mellores condicións laborais, promocionemos máis, demos máis puntos nas promocións internas. Hai moitos sistemas, o que pasa é que vostedes non queren transformar este sistema. Ao final, gústalles esta reforma, pero non contan para que, e así non se pode traballar. Claro que fan máis infraestruturas sen máis persoal. Construír máis espazos nun hospital para o mesmo persoal, ¿a que leva? A unha perda de calidade.

Defendamos esa proposta de servizos, garantamos os servizos, e iso é o que vai decidir se queremos defender servizos ou queremos outra cousa. Nós estamos pola igualdade de acceso ao sistema sanitario, pola igualdade dos servizos, por unha sanidade pública gratuíta, de calidade, universal. Iso é o que defendemos nós. E vostedes, se teñen que votar sobre isto... Teño a sensación de que, ao final, falan moito e prometen moito, pero á hora de votar sobre servizos, como sempre, como en toda a súa historia sobre a sanidade pública, van estar en contra. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

É imposible debater cos slogans. Non escoitei nunca ningunha escusa máis mala para non debater as emendas da oposición. Por favor, non intenten demonizar, non desprezen o traballo dos grupos da oposición, señor Centeno. Pode non gustarlles, poden non estar de acordo, pero son emendas á mesma altura da proposta que vostedes presentan, incluso a máis, porque veñen dun debate público, dun debate da cidadanía; téñenas nos cadernillos, tivéronas durante todos estes meses. E non enganen, porque é certo que vostedes chegaron á ponencia informando de que sobre a estrutura sanitaria non había nada que dialogar, porque a Consellería de Sanidade non lles deixaba a vostedes debater nin unha soa emenda. Así que non enganen, non intenten demonizar, porque, evidentemente, non houbo nin sequera debate. Non houbo lugar a debater por que 7 áreas sanitarias e non 14. ¿Cal é o documento científico, político, administrativo no que vostedes se amparan para recortar as áreas sanitarias? Non son as EOXI as que teñen que condicionar a planificación da saúde, é ao revés. E se houbera vontade, non só retrocederían nunhas xerencias, que xa se mostraron incapaces

de servir para mellorar os servizos sanitarios públicos, senón que ampliarían as áreas e des-centralizarían. Pero iso non está na súa axenda, e esa é a realidade.

Din que os investigadores están máis de acordo coas emendas do Partido Popular ou coas propostas do Partido Popular —xa se afirmou na comisión—. A min paréceme dunha soberbia absoluta. ¿Saben vostedes se os Parga Pondal, os Miguel Servet, se eses homes e mulleres que quedaron sen poder continuar cos seus proxectos están de acordo? ¿Saben vostedes, ademais, se esas persoas, como esa compañeira que denunciou a discriminación de xénero no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, está de acordo? ¿Falaron vostedes realmente con aqueles que defenden a sanidade pública? ¿Ou falaron con algúns e falaron coa industria? Porque non enganan a ninguén, só hai que ler o texto que propoñen, e di: «A Administración sanitaria tamén impulsará medidas para o desenvolvemento da transferencia inversa do coñecemento que incluírán a posta de manifesto polo sector produtivo das súas necesidades» —das necesidades do sector produtivo—, «co fin de contribuír a orientar as liñas e obxectivos de investigación dos centros públicos de investigación sanitaria». É dicir, son as empresas as que condicionan cal é a investigación sanitaria que se vai facer neste país, e non ao revés. E non é o mantemento da calidade no emprego dos investigadores e as investigadoras o que motiva esta modificación legal; é a usura do beneficio; non é, dende logo, a mellora da saúde das galegas e dos galegos.

É ridículo dicir nesta tribuna que é a oposición a que non ten vontade, que só vostedes escoitan, que son vostedes os demócratas. ¡Todos os demais estamos equivocados! Debe ser que o rei vai nu, e non quere recoñecelo.

E xa lles lin aquí nalgunha ocasión como contestaba a propia Xunta de Galicia, a propia Concellería, a parte das alegacións, dicindo que non aportaban nada, que non se aproveitaba nada delas. Está por escrito. Non teñen vostedes vergoña ningunha en desprezar mesmo por escrito as alegacións acertadas ou desacertadas, segundo o seu criterio, que formularon algúns alcaldes, alcaldesas, sindicatos, colectivos sociais ou colectivos de pacientes. Pero dá igual, porque vostedes nunca recoñecen ningún tipo de erro, os errados somos todos os demais. Vostedes sempre teñen a razón, debe ser por iso que se mobilizan milleiros de persoas nas rúas dende que vostedes puxeron a andar en agosto —precisamente cando pensaban que ninguén se ía enterar— o anteprojecto desta contrarreforma. Porque é a reforma sobre a reforma dunha lei que vostedes levan mutilado durante todos estes anos, e ás veces as leis hai que modificalas co paso do tempo, certo é, pero nunca para empeoralas, sempre para dar máis dereitos e máis servizos, ou iso é o que pensamos algunhas das persoas que estamos aquí, porque consideramos que a política é un elemento central para defender o dereito á saúde e o resto de dereitos á cidadanía. Para min o sistema de protección social e o sistema sanitario público co elemento universal e equitativo é o máis grande que pode ter un pobo, un goberno, unha cidadanía, pero está mutilado, e xa non é universal, e agora non é equitativo e non en todo o territorio existe a mesma asistencia sanitaria, e con esta lei moito peor.

E, claro, nós estamos de acordo en considerar que a atención primaria sexa unha especialidade, pero para darlle carácter de especialista tamén se fai polo recoñecemento do seu traballo. Cando non teñen elementos para traballar, cando se coartan as derivacións a outros

especialistas, cando se cuestiona a súa capacidade de decidir sobre o seu propio traballo, non se lles está dando a condición de especialistas. Non se fai sobre o papel, faise na práctica.

E, evidentemente, hai elementos de igualdade. Nós alegrámonos de que se acepte que a Secretaría de Igualdade vaia formar parte do deseño das políticas públicas, pero tamén consideramos que en todos os organismos debe haber paridade obrigatoria e que non debe deixarse ao arbitrio de a ver se chega un día a igualdade por obra e graza da norma.

A realidade é esa, e como non me queda tempo, vou rematar xa. Vostedes van hoxe aprobar esta lei sen ter escoitado o que lles dicían dende a rúa, aínda que vostedes aquí digan outra cousa, pero saben no seu interior que non é así, non só polas propostas que trouxemos nós, senón por toda esa xente que está hoxe fóra e que estivo durante todos estes meses.

Vostedes estanme oíndo, pero xa non me están escoitando, así que vou dirixirme aos que si escoitan, e pedireilles, como Benedetti, que non se rendan. Vostedes saben que de aquí en diante a conflitividade social vai incrementarse, e nós non temos vergoña ningunha en ir ás mobilizacións sociais, porque, como Marcos Ana, o que non imos facer é pedir clemencia, nunca a pedimos, e portamos bandeiras, cada un a súa, e todos a da sanidade pública. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, señor Torrado, referiuse vostede ao resultado das eleccións municipais nos concellos onde había hospital comarcal. ¿E que quixo dicir con iso?, ¿que temos que quitar a lei para gañar as municipais ou que vostedes lexislan única e exclusivamente para gañar as municipais? (*Aplausos.*) Mire, eu son militante e representante público do Partido Popular, e milito no Partido Popular porque creo que as leis hai que facelas para o benestar dos cidadáns e das cidadás galegas e non para gañar as eleccións municipais.

Durante a reunión de ponencia este grupo ofreceu ata sete propostas de transacción, das que soamente unha foi aceptada despois dunha achega a maiores de En Marea doutra emenda. Aceptamos tamén tres emendas do Grupo Socialista, unha delas sobre o dereito dos distintos colectivos a escoller os seus representantes. E aquí eu creo que a aprobación disto choca directamente coa paridade absoluta, porque forzaríamos a asociacións, a sindicatos, a escoller —de número impar— determinado sexo. Quitaríamos a liberdade de elección dos grupos.

Na organización territorial foi imposible chegar a acordo, xa o explicamos. O Grupo Socialista presentou unha emenda para incluír un catálogo de servizos mínimos dun hospital. A min gustárame que o señor Torrado nos explicara aquí cantos hospitais comarcais das comunidades autónomas teñen un catálogo de servizos coma ese, que, por certo, é tremendamente variopinto —se o analiza algún profesional, verá que é un catálogo tremendamente vario-

pinto—. E tamén me gustaría saber que lei autonómica contempla a existencia dun catálogo de prestación de servizos.

Tamén o señor Torrado —que todos estamos acostumados a escoitalo, coa súa fina ironía— se meteu reiteradamente cunha proposta deste grupo para modificar o nome do Hospital da Mariña, e presenta unha proposta de áreas sanitarias con dúas modificacións das súa denominación. Fala de Terra de Lemos e Valdeorras. (*O señor Torrado Quintela nega coa man.*) A nós parécenos correcta esa denominación e queríamos incorporala aos distritos, pero o señor Torrado non aceptou a transacción. ¿A que lle sorprende, señor Vega, que o señor Torrado presente unha iniciativa nese sentido?

Queren mostrar aquí unha situación catastrófica da sanidade galega e tamén os problemas dos investigadores. Eu quero recordarlles a vostedes que se están a producir coa súa lei, non coa modificación. ¿Nunca se lles ocorreu que, ao mellor, a modificación que fai é mellorar o que está pasando agora?

Si houbo diálogo noutros temas, noutros dous temas, en participación e investigación. Chegamos a acordo sobre a composición mínima dos consellos de saúde. Curiosamente, a oposición votou, como xa dixemos, en contra da emenda do Grupo Popular para os consellos asesores de pacientes de área. Claro, esa é a realidade. Tamén o propio Grupo do BNG presentou unha emenda para retirar o Consello Asesor do Paciente. Esa é a realidade, o que lles importa a algúns a participación.

No tema da investigación, acordamos co Partido Socialista mellorar a transparencia dos proxectos de investigación do Sergas. En Marea non estivo de acordo con outra proposta de transacción que lle ofrecemos para deixar garantida a transparencia, para dicir textualmente que o sistema de investigación terá como obxectivo único o beneficio comunitario, social e público.

Polo tanto, as falacias da oposición quedan claras: o PP quere privatizar a investigación, pero cando lles oferta a emenda, non a aceptan. O PP quere cargarse os hospitais comarcais, igual que no ano 2010, que xa foi prognosticado e non se cumpriu, pero non pasa nada. A fusión de áreas é mala cando a propón o PP, pero é boa cando se propón por parte do Goberno bipartito nun documento. O PP quere favorecer as derivacións á privada, e cando os datos nos din que esa derivación é do 2 % non se citan. Ou, por suposto, o PP destina 205 millóns á sanidade privada concertada, pero, claro, noutros anos que non gobernaba o PP destinábanse 216, entón, iso non xeraba ningún tipo de problema, iso non era privatización, era externalización, como lles dixen antes.

Temos que rexeitar moitas das súas emendas, señorías, porque remiten ao texto orixinal da lei. Se o Goberno propón facer unha modificación e o Partido Popular, o grupo parlamentario, apoia esa modificación, non podemos retomar a lei anterior.

Defendemos os concursos de traslados abertos e permanentes, defendemos o capítulo III, da investigación, pensamos que a redacción, como xa dixemos, é máis beneficiosa, e apoiamos esta lei porque temos un criterio claro. Vostedes parece que non o teñen.

Estivemos de acordo coa implantación das EOXI, avaliamos os datos que confirman que esa implantación favorece os comarcais e agora apoiamos a lei que consolida a estrutura.

Señorías, o Partido Popular recibiu dos galegos un mandato, un apoio maioritario, para que nos atrevamos a tomar medidas que melloren os nosos servizos públicos, non para gañar as eleccións municipais.

Como sempre, o tempo poñerá a cada cal no seu lugar. Non lle vou recordar, señorías, o que temos escoitado neste Parlamento en relación coa situación da sanidade galega, da telemedicina, da consulta telefónica ou con outras moitas cousas. Aquí dá a sensación de que estamos no centro de África, en Cuba ou en Venezuela. Non, non, estamos en Galicia.

Nós non imos votar favorablemente as emendas dos grupos.

E permítame rematar, señor presidente, coas conclusións dun encontro entre os conselleiros de Sanidade de Andalucía, Madrid e Canarias celebrado estes días pasados. Temos que facer que a sanidade deixe de ser unha arma arroxadiza. A sanidade debe ser un eido de consenso en política. Unhas formacións e outras usan a sanidade contra o partido que está no poder; mais, aínda que isto entre dentro do xogo político, debe rematar, porque todos queremos o mesmo, unha correcta atención ao paciente.

Eu pídolle que paren un minuto, señorías, a pensar nestas conclusións, que as valoren e que actúen en consecuencia.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Finalizado o debate, procedemos á votación.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Pechen as portas, por favor.

Votamos o Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Escomenzamos votando as emendas. En primeiro lugar, votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.*

Votación das emendas do G. P. de En Marea ao Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos, por último, o ditame da comisión coas emendas incorporadas, se é o caso.*

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o Ditame sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Abran as portas. Terminou a votación.

O señor PRESIDENTE: *Pasamos ao punto segundo da orde do día, que se corresponde co de comparencias.*

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta da evolución da comercialización de produtos do mar en Galicia e das propostas cara ao futuro para a súa mellora

O señor PRESIDENTE: Para formular a comparecencia ten a palabra a conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, quero comezar a miña intervención dirixíndome a todas as mulleres e aos homes do mar, xa que son estas persoas as que, co seu traballo diario, fan que Galicia teña neste eido un dos seus piares fundamentais.

Quero engadir tamén unhas palabras especiais a todas as persoas que dan soporte técnico ou administrativo a estes profesionais. O seu labor de apoio ao sector para manter a súa viabilidade é tamén absolutamente fundamental.

O mar é un desafío continuo pola súa idiosincrasia. A súa variabilidade e as condicións cambiantes obríganos a estar sempre alerta; obríganos a ter unha planificación forte que nos permita marcar o mellor rumbo.

O sector marítimo-pesqueiro pasa hoxe por un momento de puxanza. A nosa cadea mar-industria avanza con rumbo firme nas augas da competitividade e da sostibilidade. Manter ese avance, adaptarnos e xerar oportunidades e fortaleza onde pode haber ameazas ou debilidades é o cometido da consellería que dirixo. Manter ese avance exige unha planificación; boa parte dela susténtase nunha estratexia firme na que toma lugar de preferencia o aumento da competitividade do sector e a mellora da comercialización.

Pero fagamos un exercicio inicial. Botemos a vista atrás e analicemos xuntos cal era o estado do noso sector. Entendendo de onde vimos e coñecendo os erros pasados é o xeito de coñecer o camiño polo que debemos camiñar.

No 2009 o primeiro que fixemos foi poñernos á disposición do sector e da súa cadea mar-industria para dotalo de ferramentas adecuadas que lle permitisen frear a caída en picado no que estaba instalado. No 2018 o noso cometido ten que ver xa con manter o rumbo que revirou as cifras daquel tempo e que acadou as que agora presentamos nesta sesión.

Hoxe temos cifras positivas en todos os ámbitos, aos que alcanza a actividade marítimo-pesqueira. Non o digo eu, dino os datos.

Comparezo hoxe aquí para revelar unha fotografía, unha fotografía que recolle fragmentos do pasado, fragmentos do presente e que nos amosa os resultados que nos poñen sobre a pista do camiño a seguir para acadar un bo futuro. Esta fotografía céntrase en catro eidos. O primeiro eido son as cotas. A situación de partida no ano 2009 era mala. No período 2005-2009 as cotas globais para España nas augas do Cantábrico Noroeste, do Gran Sol e Francia reducíanse nun 55 %. Daquela, perdemos a posibilidade de pescar máis de 125.000 toneladas de peixe e marisco e un potencial de facturación de preto de 330 millóns de euros. No 2009,

coa chegada dunha nova política de pesca para Galicia e retomando unha forma de xestionar en cogobernanza co sector, logramos ir revertendo a situación ata incrementar nun 80 % as nosas cotas. Fálolles dunha ganancia de máis de 80.000 toneladas e dun incremento de potencial de facturación de máis de 220 millóns de euros.

Estes datos exemplifican o que sempre defendín: un bo traballo conxunto entre o sector, Administración e científicos que demostre o bo estado dos recursos sempre dará o mellor dos froitos.

Pasamos ao segundo eido, o da composición da frota pesqueira. Tamén aquí a situación de partida no 2009 era mala. Dende o 2005 ata o 2009 sufrimos anos de continuo descenso no número de unidades pesqueiras da nosa frota. A nosa frota perdía capacidade, perdía máis de medio milleiro de embarcacións. No 2009 conseguimos frear esa caída e contribuímos a unha recuperación moderada: reducir á metade o número de buques que causaron baixa. E xa no 2016 tivemos un aumento de capacidade da nosa frota, tanto en termos de arqueo como de potencia, cun lixeiro axuste no 2017.

A día de hoxe, a frota con porto base en Galicia está composta por máis de 4.400 embarcacións, das que o 96 % faenan no caladoiro nacional; unha frota que é responsable do 84 % das descargas e do 64 % da facturación en primeira venda nas nosas lonxas.

Se baixamos ao detalle de cada segmento da frota, podemos atopar algúns exemplos. No caso do cerco de caladoiro nacional Cantábrico Noroeste, medra tanto en número de buques como en arqueo e potencia. Ou o palangre de superficie de caladoiro nacional e da frota do Gran Sol, que manteñen a súa composición en número.

O terceiro eido, o referente ao compoñente humano, as mulleres e homes que traballan no mar entre xullo de 2005 e abril de 2009. Galicia perdera máis de 3.700 empregos, unha media anual de 1.000 postos de traballo; unha caída severa que conseguimos ir freando progresivamente e de xeito considerable, pero que está lonxe aínda do que desexamos. De todos os xeitos, comezamos a medrar paseniño, pero en positivo, porque os datos das afiliacións son alentadores, e mantéñense estables dende 2015, crecendo un 1 % dende o 2016, e porque os datos de desemprego tamén o son, representan só o 1 % do total da poboación activa no sector.

Similar era a situación de partida na concesión de permisos de marisqueo. No período 2005 a 2009 perdíanse ao ano máis de douscentos permisos, ao tempo que se perdían progresivamente as zonas de produción. En menos de catro anos, máis de oitocentas mariscadoras deixaron de baixar ás praias. Dende o 2009 ata a actualidade, procuramos revertir esa liña descendente. Logramos que as concesións de permisos de explotación se manteñan nunha situación de equilibrio entre o número de baixas e o número de altas. Traballamos na recuperación de zonas de produción, e en adecuar a súa explotación dunha forma sostible. Dende o 2009 outorgamos 2.000 permisos de explotación. O 2015 foi o ano no que se concederon máis permisos novos. Foi o dato máis alto da década e o punto de inflexión evolutivo dos últimos quince anos, xa que por primeira vez medraba o número de mariscadoras dende a súa profesionalización.

Digo con isto que, aínda habendo lixeiras variacións á alza ou á baixa, agora mesmo estamos nun período estable. Incluso debemos ser optimistas, xa que, no relativo ao marisqueo a pé, a evolución das descargas e vendas en lonxa en 2017 foi sumamente positiva. Medraron nun 25 % as descargas e medrou nun 15 % a súa facturación.

O cuarto e último eido é o que reflicten as descargas realizadas e o seu valor económico. Neste aspecto a situación de partida tamén era moi dura. Como dicía ao comezo, partiamos dunha baixa nas cotas do 55 %, en toneladas e en valor, respecto do 2005. Isto significa que o labor produtivo era escaso e que as vendas nas lonxas deixaban parte da facturación polo camiño na lexislatura 2005-2009. Era unha situación moi complicada pero que conseguimos tamén virar en positivo, para acadar unha suba xeral das descargas e tamén da facturación.

Neste último ano, 2017, comercializamos máis de 212.000 toneladas de peixe fresco e marisco en primeira venda, que supuxeron máis de 500 millóns de euros. Marcamos un fito histórico dende que existen rexistros. Nunca se descargara e facturara tanto nas nosas lonxas.

Avaliemos o que representan estes datos para o sector e para toda Galicia.

No que ten que ver cos datos de primeira venda, en termos de descargas o 2017 foi o mellor exercicio da serie histórica, con máis do 25 % por riba da media anual. En termos de volume de facturación, o 2017 é récord da serie histórica, con preto do 20 % por riba da media anual. Superamos por primeira vez —como lles dicía— a barreira dos 500 millóns de euros de facturación en primeira venda.

Se poñemos eses datos en perspectiva territorial, as tres provincias mariñeiras galegas incrementan a súa facturación e baten o récord por primeira vez neste ano que vimos de rematar. As zonas de Vigo, Arousa, A Coruña, Ferrol e A Mariña lucense sobresaen impulsadas polas súas grandes lonxas, e o resto mantéñense nunha situación estable.

Con isto digo que debemos seguir así, sumando cifras e traballando en todos os eidos, porque esta mellora é un feito compartido por toda a frota de todas as zonas e de todos os segmentos; segmentos nos que cabe destacar a facturación das artes menores, con 18.500 toneladas descargadas e máis de 100 millóns de euros facturados. Rexistra, polo tanto, unha evolución positiva de máis dun 5 %, tanto nas descargas como nas vendas, respecto do ano 2016. Tamén é destacable a melloría das cifras achegadas pola frota de cerco. O 45 % das descargas totais de Galicia foron feitas por este sector, incrementaron as súas descargas un 40 %, e a súa facturación —que foi de 40 millóns de euros— incrementouse un 10 % respecto do ano 2016.

Hai quen pode atribuír estas cifras á casualidade. E eu pódolles garantir que non é así. Mencionaba ao principio da miña intervención a necesidade de dispoñer dunha planificación que marque o rumbo do noso sector, así como as súas posibles derivas, unha estratexia que está baseada na escoita activa ao sector e na que a competitividade e a comercialización xoguen un papel fundamental. Se o ronsel desta planificación é a que nos levará ata o 2020, vinculalo a retos senlleiros para a pesca galega é o noso futuro.

Señorías, temos o único aval posible: o dos feitos. Sen a confianza que emana da rendición de contas que nestes momentos estou a facer, non podería achegar unhas novas propostas de futuro. Unhas propostas de futuro que hoxe se centran na industria de comercialización dos produtos do mar, unha industria na que Galicia ten unha predominancia total no conxunto do Estado, xa que posuímos o 45 % do tecido empresarial, máis de duascientas empresas están ubicadas na nosa comunidade, xeramos máis do 60 % do valor económico global —máis de 6.100 millóns de euros facturados— e dispoñemos do 60 % do emprego —máis de 13.200 postos de traballo—. Unha industria na que Galicia fai non unha senón varias apostas moi fortes para mellorar a comercialización e seguir reeditando boas cifras. En concreto, facemos catro apostas, catro liñas de traballo ou apostas que nos deben levar a afianzar a materia prima, a mellorar a calidade dos produtos e a súa colocación nos novos puntos de venda, a internacionalizar o noso mercado e a identificar e diferenciar os nosos produtos como base deste proceso. Todo cunha aposta por enriquecer o que mellor sabemos facer: pescar, mariscar e transformar os nosos produtos. Esa é a clave do éxito do mar galego e o que nos dá vantaxe sobre outras rexións e países que non conseguiron pechar o ciclo e posuír todos os elos da cadea mar-industria.

Pero a base desta aposta pola transformación non ten máis que un punto de apoio e unha soa razón de ser —sólida, iso si—: o valor engadido que se obtén. Valla de mostra un botón: un quilo de produto do mar transformado alcanza case os 5 euros no mercado, namentres que o quilo de produto fresco alcanza a metade do valor en lonxa. A nosa primeira aposta é, por tanto, dispoñer de máis e mellor materia prima, baixo a premisa da sustentabilidade e co fundamento de manter a calidade de forma preeminente sobre a cantidade. Porque descoidar a calidade namentres sumamos cantidade pode levarnos a matar a galiña dos ovos de ouro. Por iso propoñemos ir sobre a base de dúas actuacións. Por un lado, mellorar o abastecemento interior mediante a consecución do aumento das cotas, como vimos facendo tanto no marco europeo como no internacional, con base en acordos e relacións con terceiros países, e tamén ampliando as zonas de marisqueo. Neste senso, para o período 2016-2020 investiremos 37 millóns de euros para protexer e recuperar a biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, o que leva a seguir mellorando e rexenerando as zonas de marisqueo. Por outro lado, seguir adecuando a disposición da oferta á situación da demanda. De nada vale traer peixe se saturamos os mercados e tiramos os prezos. Recortar a brecha entre a suba de descargas e a de facturación ten que ser unha teima nestes anos. Para tal fin temos unha ferramenta clave: as organizacións de produtores pesqueiros, das que Galicia posúe o 80 % das existentes en España, e ás que a Unión Europea reconece capacidades e posibilidades que sobordan as doutras entidades e normas. Aos plans de produción e comercialización das organizacións de produtores galegas levamos destinados máis dun millón de euros dende a entrada en vigor e a posta en marcha do novo Fondo Europeo Marítimo da Pesca, o que serve xa de guía para o traballo dos vindeiros anos. Buscamos con estes conseguir datos como o do aumento das descargas nas lonxas, que no último lustro medraron nun 30 %.

A nosa segunda aposta é manter e aumentar, se é que iso é posible, a calidade dos nosos produtos, e gañar presenza e cota de mercado con eles. Por iso estamos a traballar nunha tripla vía: competencia e competitividade, acceso e adecuación aos mercados. Na competitividade, apostando por ela cunha aportación de 96 millóns de euros para o período 2017-2020 en axu-

das ás pequenas e medianas empresas para a transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura, dos que puxemos 12 millóns de euros á disposición neste ano. Na competencia, dando forma a un cambio das formas de venda, de aí que apostemos por introducir maior número de poxadores nas subastas, cunha aposta pola dixitalización das lonxas e polo acceso *on line* ás poxas, o que aumentará a participación, presencial ou non, dos posibles compradores. No acceso aos mercados, atendendo ás novas canles de comercialización, cambiando as fórmulas de loxística e diversificando a atención de compra *on line*. A ambas materias contribúen tamén os GAL, e para iso aumentaremos nun 50 % os seus orzamentos para este período.

Esta vía debe ser complementada cunha mellora dos produtos, traballando por continuar adecuando o seu formato para ver o que demanda un consumidor cada vez máis cambiante. Unha das demandas que necesita é un estudo continuo e un investimento constante, de aí que no orzamento para 2018 medrase a partida destinada a mellorar a comercialización case nun 40 %, aproximándose aos 9 millóns de euros.

Ademais, debemos dar corpo normativo aos avances e cambios en materia de comercialización, para o que propomos articular un novo decreto que actualice o marco legal nesta materia. Feito o traballo da man do sector e adecuándoo ao emanado do eido estatal, estamos listos para que tome forma definitiva e sirva de ferramenta e base dos avances propostos. Buscamos con isto reeditar cifras positivas como a que nos sinala que as comercializadoras galegas de produtos do mar avanza actualmente catro veces máis do que o fai o sector alimentario español. Mentres a media de toda a industria nacional non chegou ao 2 %, os ingresos de Galicia neste ámbito eleváronse nun 7 %. Esta aposta trata de reeditar tamén a que nos permitiu que avanzase o valor dos produtos transformados nos mercados, para o que temos que contrastar os 3,5 euros por quilo que se rexistraban hai unha década aos case 5 euros por quilo da actualidade.

A terceira das nosas apostas é a internacionalización, cun obxectivo claro: ampliar mercados baixo a premisa de axudar á industria a ampliar os seus contactos comerciais e a expandir a súa actividade alén das nosas fronteiras. Para iso, debemos de seguir participando de forma activa nas feiras e nos eventos internacionais, mesmo ampliando, de ser posible, a presenza na ducia de feiras nacionais e internacionais de pesca e alimentación ás que acudimos. Estamos en Boston, estamos en París ou en Hong Kong, e deberemos seguir analizando aquelas que se sumen para engadirnos a elas.

Para iso, tamén deberemos seguir desenvolvendo estratexias e ferramentas, estratexias e ferramentas que permitan crear sinerxías e afrontar os mercados internacionais en condicións de solvencia, xa que estes son sumamente rigorosos en termos de volume e calidade, o que obriga a xuntar potenciais e a velar pola mantenza do emprego e da subministración. Pero isto ten que ter un aliado básico: o sector. Desta liña de alianzas saíu o ano pasado o Plan da conserva, e desta liña ha de saír, se así o demanda o sector, un plan do conxelado que nos marque o rumbo correcto para chegar con éxito ao 2025.

Perseguiamos mellorar as cifras. As exportacións neste último ano superaron a barreira dos 2.000 millóns de euros. Nunca antes venderamos tanto fóra. E antes de rematar o ano o valor das exportacións xa superaba nun 5 % o valor do ano anterior.

A cuarta e última aposta pasa por sermos capaces de seguir conseguindo non só capturar o mellor peixe e collendo o mellor marisco senón logrando que os consumidores se acheguen a el, o diferencien e o elixan por riba doutros produtos do mar. Para iso temos que fomentar o consumo, etiquetar e trazar ben a súa orixe e identificalo cunha imaxe clara e sinxela. Este aspecto é fundamental. Para fomentar o consumo temos que seguir promovendo a súa inclusión nos menús e nos gustos culinarios dos consumidores, especialmente nos dos nenos e nenas, de cara a evitar perder unha xeración de consumidores de peixe. De aí a importancia de programas e eventos como os postos en marcha nos colexios, que nos permitiron achegarnos a máis de cen mil nenos dende o ano 2010.

Tamén cobran importancia todas as festas e os eventos de exaltación de produtos do mar. Dende unha perspectiva festiva ou dende a aposta privada de restaurantes e hostaleiros, pódense apoiar nas liñas da aposta económica que os GAL manteñen —que dispoñen dun 50 % máis de orzamento, como lles dicía antes—.

Na liña da etiquetaxe e da trazabilidade, debemos seguir fomentando a sinxeleza para facilitar o entendemento, ademais de continuar afondando no correcto seguimento dos pasos dos produtos, indo máis alá das normativas. Neste senso, a próxima iniciación da dixitalización das lonxas e o aumento da rede de caixeiros *ticpesc* contribuirá a mellorar esta fronte aberta.

Por último, no eido da identificación clara con Galicia, debemos valernos de ferramentas como as etiquetas de base europea, así como as denominacións de orixe protexida ou a de produción ecolóxica. Isto sen deixar de apostar por multiplicar as identificadas por outras propias de calidade diferenciada, como «pescadeRías», tal e como se veu facendo. Incluso indo a máis, debemos facer valer a diferenciación e identificación dos nosos produtos mesmo nos padais. Valéndonos da experiencia e dos avances no eido universitario nas análises sensoriais dos produtos de alimentación, propomos desenvolver xornadas formativas para que profesionais e expertos poidan contribuír a identificar e valorar as diferentes e superiores condicións organolépticas dos nosos produtos do mar. Pretendemos, así, seguir na liña positiva que confirma o Consello Superior de Investigacións Científicas cando sinala que a tendencia global nos mercados nacionais é cara a unha diminución do etiquetado erróneo, que pasou dun 12 % a un 5 % entre o 2015 e o 2016.

E remato, señorías, estamos afondando no traballo para saldar a conta pendente da pesca e do marisqueo en Galicia: a comercialización. Estamos, para iso, apostando por valorizar un produto único e senlleiro: o noso. Estamos por avanzar na única materia na que nós somos os primeiros: saber vender mellor. Temos unhas boas cifras de facturación, exportación, captura e un longo etcétera, pero debemos ir a máis e centrar ese esforzo na valorización. Póñolles un par de exemplos: o ourizo valía no ano 2001 a 1,5 euros o quilo, hoxe vale 6 euros; a boga ou a xarda duplicaron o seu prezo nese mesmo período. Por aí é o camiño polo que debemos de ir. Pescamos e mariscamos nun lugar privilexiado, e ese privilexio debe ser identificado nos mercados para facer del un valor inmaterial que sexa recoñecido e respondido polos consumidores. ¿Como? Repito o que sempre digo, baixo unha aposta que nos dea o resultado que nos ten que seguir dando: a calidade. Calidade é a palabra, pero, ¿que é a calidade? A calidade é satisfacer as expectativas do cliente, calidade é facer que no cliente se

xere confianza, debemos seguir cumprindo con eles para que nos devolvan o traballo que desenvolvemos en forma de confianza.

Os datos dinnos que estamos no rumbo correcto para colocar Galicia na parte alta da táboa da comercialización, pero o traballo da Galicia mariñeira é un traballo que depende de moitos factores, alleos e propios, externos e intrínsecos do sector. Mais cando ese traballo ten unha boa guía, cando ese traballo vai acompañado de esforzo e de coñecemento do sector e da Administración e dos científicos, nese momento, só así, é cando se acadan os resultados que hoxe presentamos.

Novo marco xurídico; avances en mercados vencellados ao acceso dixital, á compra e á venda; aposta orzamentaria ampliada; expansión da promoción das nosas empresas e dos seus produtos no exterior; afianzamento da trazabilidade; identificación nos mercados e nos padais; planificación estratéxica; adecuación da oferta e da demanda. Todo iso son as apostas novas ou redobradas para gañar o futuro da comercialización.

Sempre o digo, señorías, debemos ter, e temos, un conxunto de medidas, porque non hai fórmulas máxicas, só o traballo, o esforzo e o coñecemento, só así é como conseguiremos os mellores datos históricos para o noso sector. Só así poderemos conseguir que estes datos de hoxe se queden curtos, de nós depende, e niso poremos todo o noso traballo.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Ten a palabra en nome do Grupo Parlamentario do BNG a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día, señora Quintana.

Eu non sei se vostede cre que os problemas do sector do mar e vostede nas axendas non se cruzan, que cre que vir aquí ao Parlamento comparecer é un trámite que hai que facer para cumprir un cupo e que os problemas que ten a xente —e o que vostede veña aquí contar— poden esperar, pois vostede ten unha folla onde apunta temas, e poden estar esperando a que vostede teña un oco para vir falar dos problemas que están aí fóra.

A min paréceme que non, que vostede debería ter a obriga de cando hai problemas importantes aí fóra vir comparecer e falar deles. Non dun tema así deses preparados, enlatados, que vale para falar hoxe, 20 de marzo, como podería valer para falar no Pleno do 6 de abril ou en calquera outro pleno. Un goberno que queira exercer de goberno de Galiza e unha conselleira que queira exercer de conselleira do Mar, do mar de Galiza, non de calquera outro sitio.

Entón dígolle isto porque vostede sabe perfectamente que ten de novo a frota da xarda en vilo. Fixo aquí unha relación —autocompracente non é a palabra— da evolución do sector

do mar desde o ano 2009 dunha Galicia en el país de las maravillas en cotas, en tal e en non sei que, que, a verdade, eu non sei a xestoría ou a consultoría que lle fixo ese informe, pero eu creo que, dende logo, non se paseou por aí, polos muelles, nin falou co sector.

Pero, ben, en todo caso vostede ten a frota da xarda en vilo e esas cotas que vostede cada ano... Vostede dixo que a situación das cotas desde o ano 2009 en Galiza era fantástica e espectacular. Bueno, claro, a realidade é que cada ano as cotas para este ano 2018, por exemplo, para o cerco en canto á xarda e demais, baixaron un 20 %, ao que hai que sumarlle ese pago da multa de 5.000 quilos, que é un 5 % máis, o que significa que practicamente se queda en nada.

Pois a campaña da pesca dirixida no Cantábrico está un ano máis en vilo: a redución das cotas e o sistema de reparto pois ten en serio risco a viabilidade desta temporada un ano máis. O ano pasado, por exemplo, na provincia de Pontevedra durou sete días, e este ano as perspectivas son que poida durar dous días. E vostede diante desa situación que está aí fóra nin unha liña, claro, porque iso poderá esperar para a campaña do ano que vén. Porque o ano pasado sete días, este ano a posibilidade é que dure dous, igual para o ano dura un día ou non dura nada; pero vostede non ten que vir aquí falar destas cousas porque molestan, esas cousas son molestas.

E vostede sabe que se non fora pola política clientelar que vostede practica a xente estaría na rúa, estaría ardendo a rúa. Diante desa situación vostede non ten que vir aquí falar destas cuestións, ten que vir traernos un informe de xestoría. E entón a frota da xarda está na tesitura de se ir á campaña do Cantábrico —que teñen unha cota que pode durar dous días— ou non ir; os custos non llelos cobren, van gastar máis. O que pasa é que están na tesitura de que co modelo de reparto que vostedes lle aceptan ao Estado español se non van igual seguen perdendo eses dereitos históricos polos que vostedes fan o sistema de reparto.

Resulta que a Galiza lle corresponden 1,6 millóns de toneladas, o 16,47 % do total. E ata o ano 2016 resulta que había un reparto conxunto, vostedes cederon ás presións e accederon a que houbera un reparto por provincias. Bueno, un reparto onde a provincia de Pontevedra pois queda nunha situación tremenda, 438 toneladas, das cales hai que repartir entre a accidental e a dirixida; é dicir, de 438 quedalle a metade, é dicir, dá para dous días. Vostede sabe perfectamente cal é a situación.

¿Sabe que me dixo un patrón diante de que hoxe viñera aquí comparecer? Dixo: bueno, pois se coma sempre vai ir botarse flores, que colla as flores e que as poña nun xarrón. Díxome textualmente: «que colla as flores a conselleira e que as poña nun xarrón, e que veña reunirse con nós e que nos diga se vai facer algo para cambiar o sistema de reparto, que estamos morrendo de fame». (Aplausos.) Iso foi o que el me dixo: ¡que veña reunirse con nós!, (Aplausos.) e que as flores que se vai botar ao Parlamento que as poña nun xarrón, pero que veña reunirse con nós, que veña falar dos problemas reais, os problemas que temos, señora Quintana.

E os problemas que teñen é co sistema de reparto que vostede acepta submisamente, e que hoxe vén aquí falar de millóns. Que é o que sabe facer, unha política clientelar, de reparto

de millóns, porque vostede é para o único que ten a súa Consellería, para repartir millóns. Ningunha política estratéxica, non ten resolto ningún problema estrutural dos que ten este país. E diante dese problema que teñen aí fóra, vostede hoxe vén aquí falar destas cuestións. Bueno, pois moi ben.

Mire, ¿vostede cre que hoxe pode vir aquí falarnos de que as cotas desde o ano 2009 están nunha situación fantástica, de que a composición da frota pesqueira non fixo máis que aumentar? Cando vostede sabe perfectamente cantos barcos se desguazaron no arrastre, no Gran Sol, nas artes menores; bueno, jé tremendo! E no eido humano resulta que desde o ano 2016 aumentou o 1 %, non fala de todo o que se perdeu ata o ano 2016, e entón vén aquí quitar peito cun pequeno repunte cando todo o que se perdeu foi tremendo. E di que desde o ano 2015 os permex por primeira vez empezaron a aumentar. Cando vostede no ano 2009 chegou á Consellería, ¿cantos dixo que ía aumentar desde o ano 2009? Si, señora Quintana, a hemeroteca é o que ten, que está aí. Si, señora Quintana, prometeu no ano 2009 que ía aumentar os permex do marisqueo a pé, que ía dignificar a situación das mariscadoras e que ía aumentar os permex. E resulta que no 2015 foi a primeira vez que quedou a pre, e agora empeza a aumentar timidamente. E resulta que aumentaron o 25 % as descargas e un 5 % a facturación do marisqueo. ¿Que está pasando, señora Quintana? ¿Como poden aumentar o 25 % as descargas e só o 5 % a facturación? ¿Que está pasando? ¿Cal é o resultado do 25 % as descargas e dun 5 % a facturación?

E resulta que vostede vén hoxe falarnos aquí das propostas para afianzar a materia prima, a internacionalización, a identificación, a comercialización... ¿E non cre vostede que, co que está pasando, tería que vir falar desa invasión e inundación do mercado galego co marisco, xa non era de Italia e resulta que agora é de Portugal? Resulta que vostede vén hoxe aquí e non fala do problema da xarda e non vén falar de que con esas inspeccións que se están facendo nas depuradoras o que se está poñendo —que xa se sabía— é ao descuberto que o mercado galego está inundado de produtos de fóra; que o mercado galego está inundado de produtos de fóra mentres vostede e a súa Consellería non queren facer absolutamente nada.

E atopámonos cun absurdo, que é que tendo unhas condicións inmejorables —xa non digo a nivel do Estado español ou a nivel de Galiza, senón a nivel mundial— é inconcibible e inxustificable que non queira facer nada para que teñamos autosuficiencia na produción de semente de marisco; que a rexeneración de bancos marisqueiros volva dar os mesmos datos de metros recuperados, pero que eses metros non se dan aumentado; que resulta que o noso mercado está inundado de produtos de fóra e que o noso produto non está acadando cotas de mercado; que non se estea facendo nada por facer de zonas actualmente improdutivas que sigan aumentando; que Galiza, con toda esa potencialidade, teña que recorrer anualmente a empresas do Estado español, á semente de Portugal, á semente de Italia e a que estea inundada con produto de fóra. E que ese potencial tan enorme non estea servindo para que aumente a cantidade de xente que poida vivir dignamente, con rendas dignas, e que xere emprego de calidade.

Señora conselleira, ¿non lle parece que esa situación e esa alarma que se está xerando estes días debería de valer para que hoxe vostede viñera aquí falar desa situación? ¿Como pode falar vostede de comercialización e de mellora do produto cando se está dando esa situación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...que está aí fóra.

Entón fala vostede de fomento da comercialización nun mercado onde o noso sector está perdendo peso, onde hai un reparto inxusto de TAC en cotas, onde o noso sector está esmorecendo e onde estamos perdendo o fondo. Onde hai un mercado invadido por produto fóra no contexto onde a actuación da súa Consellería non fixo máis que pregarse ás decisións que toman no Estado español...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e na Unión Europea. Pregarse a decisións de desguaces, de TAC e de ninguneo continuamente. E onde vostede, señora conselleira, desde que leva de conselleira, non quere asumir competencias para defender o sector. E entón vén vostede facer...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...—remato, presidente— unha exposición floreiro, e repítolle o que me traslada un patrón: colla esas flores, póñaas nun xarrón...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...e despois enfoque os problemas reais e estruturais que ten o sector do mar en Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Bo día.

Bo día, señora conselleira.

Espero que para a comparecencia de hoxe veña e traia vostede datos máis actualizados que para a resposta que me deu o outro día no pleno, cando lle preguntaba pola situación das mulleres do mar e vostede, moitas grazas, regaloume este libro, que llo agradezo, un libro de 2004, de hai catorce anos. (*Aplausos.*) Espero que vostede para a comparecencia de hoxe manexe datos máis actualizados, porque aquí arriba pon *E colleron ese tren*, hai catorce anos. ¡Mi madriña, onde irá esa xente! Hai catorce anos, si, señora conselleira. Xa lle digo, igual se atopan por aí co AVE de Álvarez Cascos ou co seu Plan Galicia. Aí van nese tren, dende hai catorce anos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio.

A señora TOJA SUÁREZ: Entendo que lles moleste, pero, por favor, escoiten. Enténdoo, enténdoo, ¡enténdoo! (*Murmurios.*) Entendo que lles moleste, pero... Por certo, voulo dar ao presidente para que comprobe que, efectivamente, é de 2004.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora TOJA SUÁREZ: O libro, voulo dar para que comprobe —si, si— que é de 2004, e xa lle que digo que si. Teña coidado, señor presidente, ese libro engancha. Mire a conselleira, que leva catorce anos co mesmo. (*Aplausos.*)

Vostede hoxe comezou falando dos niveis de facturación do ano 2017 e comparounos co período 2005-2008. Eu temo que debeu de facer esa comparación en euros correntes, porque se fixera a comparación en euros constantes vería que no ano 2005 foron 502.000; no ano 2006, 509; no ano 2007, 527. Moi por riba dos 508 que vostede dixo aquí hoxe. Por iso lle recomendo que, por favor, compare os datos en constantes, non en correntes, e así verá como a situación é distinta. Como lle dicía, espero, de verdade, que manexe uns datos máis actualizados.

Vénnos falar hoxe das súas propostas de comercialización, eu vou intentar cinguirme, precisamente, a eses datos de comercialización, aínda que os ingresos, como vostede sabe, teñen dúas patas, prezo por cantidade. E o problema está, fundamentalmente, na cantidade: o que se vende e o que se captura, e as posibilidades de captura son baixas, e deste xeito mal comezamos.

O lema da súa Consellería de pescar menos e que renda máis está afogando o sector. Estano afogando, levándoo a unha situación de que cada vez son menos persoas as que poden vivir do mar.

¿Sabe de onde saco estes datos? Saco os datos do Instituto Galego de Estatística, en canto aos números de persoas afiliadas ao Réxime do Mar. Nos últimos anos perdemos máis de 4.000 persoas afiliadas ao Réxime Especial do Mar. É verdade que no ano 2017 aumentaron un pouco, 136; de seguir co ritmo de crecemento do ano 2017 tardaríamos máis de trinta anos en recuperar os niveis do ano 2008, porque se perderon, como lle digo, máis de 4.000 persoas.

Respecto aos permisos a pé de marisqueo, estamos moi lonxe daqueles niveis que vostede dixo. Actualmente hai 3.797 permisos de marisqueo, moi por debaixo dos niveis de 2009. Polo tanto, entenderá cando lle dicimos que hoxe son menos persoas as que poden vivir do mar.

Estamos quedando, tamén, sen relevo xeracional, vostede sábeo, ademais di que lle preocupa. Home, pois entendo que non é para menos cando hai, como vostede dixo, 4.400 embarcacións das que non temos garantido o seu relevo xeracional. Incluso hai xente que se forma e, finalmente, acaba traballando en terra, nin sequera acaba traballando no mar. Polo tanto, ás veces, incluso, algún caso como algún xoven do cerco que se lanza a comprar un barco e logo se atopa que non pode pescar porque ten cota cero, precisamente porque non

tiña histórico. Entón, ten que entender que temos menos persoas afiliadas, temos un problema enorme de relevo xeracional con máis de 4.000 barcos que non teñen garantida a súa continuidade, polo tanto, si que é un tema de preocupación.

Sen embargo, notei hoxe unha actitude moi distinta á que lle vin o outro día, o 19 de febreiro, cando vostede saíu nun medio dicindo que tiña unha débeda pendente coa comercialización. A nós parécenos que si que ten unha débeda pendente coa comercialización. (*Aplausos.*) Noteina hoxe, como se houbera un cambio terrible dende aquel 19 de febreiro ata hoxe, cando nun arrebatado de sinceridade confesaba que tiña esa débeda pendente. Nós entendemos que si, pero tamén lle dicimos que se tranquilice, porque, mire, nos indicadores clave de produtividade para o Plan estratéxico galego 2015-2020 resulta que neses indicadores non hai nada de comercialización. Non ten que estudalo, non lle vai entrar no exame. Estea tranquila, vai aprobar igual. Así que tranquiliña, iso non vai entrar.

O que si que igual lle entra un pouco é a execución do Programa 723A, que, como vostede sabe e coñece, ten unha partida para transformación e comercialización, e resulta que na execución dese programa en amarelo está o crédito vixente e en verde o crédito executado. E pode ver que varía bastante. Entre o ano 2010 e 2014 non se chegou a executar nin sequera o 30 %, o ano que máis se executou foi o ano 2016, pero xa pode ver aquí o orzamento do ano 2016 comparado cos outros anos. Polo tanto, ¿ten unha débeda pendente? Tena, señora conselleira, ¡claro que a ten!

Respecto aos plans de produción e comercialización, que si que lle oín aquí falar deles, son uns instrumentos potentes para as organizacións produtoras para financiar estudos, para un deseño dun proxecto, gastos de estudo de mercado. Efectivamente, pero resulta que hai algunhas organizacións de produtores que nos din que non piden esas axudas porque lles parecen farragosas, complicadas, que teñen dificultades. Home, si, algún traballo, ao mellor, de asesoría e axuda igual se podía facer. Igual que pedir na Unión Europea que en lugar dunha execución nula que teña unha execución máis elevada.

E fágolle unha pregunta, porque vostede tamén saía noutro medio o 26 de setembro dicindo que pagaría os plans de produción antes de finais do ano 2017, e que eu saiba non os pagou. O outro día preguntamos nunha Comisión de Pesca e dixeron que non os tiña pagados, pero que tampouco había para tanto, ¡temas menores! Polo tanto, si, está moi ben, plans de produción, páguenos, executémos, pidan na Unión Europea que faciliten tamén as formas de..., eliminen un pouco de burocracia.

Respecto aos selos de calidade. Tamén a escoitei aquí falar da importancia da calidade. Vostede preguntaba que é a calidade. Voulle dar a miña versión da calidade. A calidade é que un cliente estea disposto a pagar igual un euro máis por un produto porque ten garantida esa calidade. Co selo «pescadeRías» iso non pasa. Pregúntelles ás lonxas e pregunte por aí. Ese selo, que comezou no ano 2008, que lle quedou feito, resulta que se deixou morrer. Ese selo deixouse morrer e agora as lonxas non acceden ao selo, ¿por que, para que? Porque se o cliente no está disposto a pagar un euro máis, ¿por que van? E xa sabe, coñece a trazabilidade, que simplemente con que un dos operadores dese selo non estea certificado xa se perde a certificación.

E, en calquera caso, como lle dicía, porque me parece importante —aínda que quixen dedicarlle unhas palabras á comercialización, porque así era o título da comparecencia—, os ingresos teñen dúas patas: prezo por cantidade. E temos un problema moi gordo na cantidade. O criterio medioambientalista da Unión Europea, en canto ao artigo 17, de política pesqueira común, di que ten que visar o criterio medioambiental e socioeconómico, pero o criterio social non ten peso suficiente. E aí temos un problema, porque o criterio social implica que a pesca ten que ser un factor para a fixación de poboación, e Galicia perdeu 85.000 persoas nos últimos anos. E de acordo cos estudos e coa proxección que hai para o futuro, Galicia perderá 230.000 persoas ata o ano 2030. Polo tanto, ten un factor fundamental a pesca en canto ao criterio social.

En canto ao criterio económico, está claro que a pesca ten que ser unha actividade que sexa rendible economicamente, e falando con armadores atopámonos ás veces que cando teñen unha avaría igual moitas veces teñen dificultades para pagar a avaría. Ou cando queren facer un investimento teñen dificultades porque a actividade non xera ingresos suficientes para simplemente conseguir cumprir cos gastos diarios.

Respecto de informes científicos. Non a oín falar de informes científicos, e nesa entrevista, na que foi vostede tremendamente sincera, tamén dixo que: «*Poco importa tener los caladeros en el rendimiento máximo sostenible en 2020 si por el camino se pierde el sector pesquero.*» Nós estamos de acordo, e unha forma son os informes científicos. É importante anticiparse á Unión Europea, facer informes científicos e, desta forma, poder demostrar que os caladoiros están nunha situación de rendemento máximo sostible.

E, por certo, aproveito para pedir o seu apoio ao manifesto que fixo público o Instituto Español de Oceanografía, no que denuncian a precariedade e o mal que o están pasando. Entendemos que é unha ferramenta fundamental para o sector pesqueiro.

Fágolle outra pregunta, a ver se lle dá tempo a contestarnos a todas. ¿Por que en España, en función de onde vivas, tes uns dereitos ou outros nas pesqueiras? E dígolle, por exemplo, que sei que a vostede non lle parece importante, pero a nós si, porque así nolo di o cerco, as 68 toneladas que ten de bocarte o cerco, fronte a 6.000 para Andalucía. Pregúntolle, porque lle contestaron que cando houbera bocarte se revisaría ese criterio e que entón se podería pescar. Houbo bocarte, veu en boas condicións, pero resulta que non o puido pescar. Estamos falando de 6.000 toneladas, 68 para Galicia. ¿Por que? ¿Por que é iso?

E tamén se comparamos respecto a Portugal, especialmente o que acaba de pasar coa sardiña. A solución esta de tres meses poder pescar, pero resulta que das toneladas dispoñibles 2/3 son para Portugal e 1/3 para España. Resulta que dese terzo ao final son 2.000 quilos por barco, 2.000 quilos para tres meses saen a 33 quilos ao día.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora TOJA SUÁREZ: —Un segundiño, por favor—.

Saen 33 quilos ao día a 50 céntimos, iso son 16 euros/día. Xa me dirá vostede se con 16 euros/día un barco pode sobrevivir, se lle dá, polo menos, para combustible. E aínda que

fose posible a través da comercialización que en lugar de 50 céntimos/día fose 1 euro/día, en lugar de 16 euros estaríamos falando de 32 euros. Ou sexa, dígame vostede se temos ou non temos realmente un problema nas cantidades. Vostede me dirá.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora TOJA SUÁREZ: Ben, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Ah!, si, si, por suposto.

Moitas grazas.

Dicirilles a todos os portavoces que hai un segundo turno onde van ter a posibilidade de volver expoñer os seus argumentos. Dígoo para que non vaian tan apurados todos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Sempre se pasan, pero bueno.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Bo día, señor presidente.

Señores deputados e deputadas, señora Quintana.

A ver se non me dá a tose durante a miña exposición.

Como ben sabe, vimos de celebrar hai nada, hai escasos días, o día da muller traballadora, e é este o sector do mar, de xeito directo e indirecto, onde cada vez existen máis mulleres, onde hai moitísimas mulleres que traballan nel e tradicionalmente xa existían as redeiras, peixeiras, mariscadoras; mulleres, ademais, de xeito máis ou menos recente, aínda que non tanto, pero cada vez máis mulleres no eido científico, na administración, e se falamos das fábricas xa son milleiros de mulleres.

A estas fóronse incorporando as percebeiras, mariscadoras a flote e outras moito menos numerosas, como a miña amiga e compañeira Mar, que vai ir proximamente traballar cos miños, entón vemos que hai unha incorporación masiva das mulleres a este sector, das cales non falou, aínda que o louvou, e falou tamén das mulleres do mar. E súpome á petición que lle fixo a señora Toja de que se preocupen de conseguir a igualdade de dereitos á hora de xubilarse das mulleres e das mariscadoras ao igual que os homes. Non soamente diga que están coa igualdade, que queren moito as mulleres, que ten vostede moitas amigas e compañeiras e que louva as mariscadoras. Estou segura que esperarán de vostede que traballe para que teñan os mesmos dereitos de xubilación que os seus compañeiros que traballan no mar.

Despois tamén hai outras mulleres que van un paso máis aló e se asocian ou crean para si empresas de todo tipo: conservas artesanais, turismo mariñeiro; chegan a ter certa media de poder, nos cabidos das confrarías houbo patroas maiores, e iso é o que eu quero e espero que sexa o que vostede quere. Porque cremos que despois do que pasou hai escasos días, e vendo o peso absoluto que teñen as mulleres en todos os sectores, e neste cada vez máis, nos gustaría que tamén as mulleres poidan chegar a estes postos directivos, a estes postos de representación formando parte da cultura mariñeira, e cremos que é unha reclama que quedou suficientemente clara e que están absolutamente infrarrepresentadas.

É vostede unha muller, ademais, que sempre presume de estar do lado do sector e de escoitar o sector. Fixo vostede unha exposición de datos, datos, máis datos e das súas liñas, de todos estes bos propósitos e destas melloras dos datos do método Feijóo, que sempre nos acostuman a facer, entón, gustaríame tamén que escoitase unha conversa que eu lle traslado dun grupo de mariñeiros que conversan nunha das rías galegas, e a ver se me pode interpretar o sentido das súas palabras.

É unha conversa real, e ademais que a mantiveron despois de coñecerse, de estrearse a serie *Fariña*, e despois de ver o señor presidente Feijóo en *Salvados* falando de Marcial Dorado e desta casuística que temos en Galicia con respecto a esas lanchas que fan outras actividades no mar.

Dígolle textualmente: «Nada...» —xa sabe que os mariñeiros son moi irónicos, entón imos ter un pouco de ironía neste Parlamento— «penso que un destes días vou buscar uns fardiños, así non teño que preocuparme de se hai peixe ou non, e poderei ter dabondo para pagar as facturas.» O outro contéstalle: «Tes razón, ademais, así, podes meter o motor que queiras, coa potencia que che faga falta e a lancha do grande que queiras». Respóstalle: «Pois si.» Contesta outro máis: «Nin taxa de faros, nin botiquín, nin aparellos, nin facer o IVE, nin o IRPF, nin por capitanía marítima tes que pasar.» E outro: «Pois si, joístes! Pero se vas, faime sitio tamén a min.» E rinse.

¿Por que cre vostede que din estas cousas os mariñeiros, señora conselleira? Ao mellor ten que ver con que, ademais destes feitos máis televisivos, a escoitamos a vostede, e ao señor Feijóo hai tamén menos dun mes —e volve repetir hoxe nesta comparecencia o mesmo—, falar do máximo histórico que fixo en Galicia de descargas de facturación de peixe. Referíase aos 0,36 céntimos por quilo da metade das ditas descargas, mentres Galicia importa pan a 2 euros o quilo para vendelo a 6 ou 7, mesmo para servir en colexios ou hospitais, ¿refírese a eses datos? Se en Galicia se descarga tanto peixe, pois non temos que traer peixe de fóra, se estamos batendo récords...

Tamén outra cousa que nos choca, e que a min me choca en concreto, é que resulta que temos un goberno que fala dun fito en descargas e en facturación, pero o dito fito non serve para recuperar os postos de traballo nin os máis de mil barcos perdidos dende o 2009. Vostede citou estes datos utilizando o método Feijóo. Entón utiliza que, claro, son vostedes tan cracs que fixeron que a metade da caída desde o 2009 se reducira á metade, pero non fala de que en 2016 só recuperaran 5 barcos na Coruña e 2 en Lugo. Co método Feijóo hai que utilizar os datos para todo, non soamente os que lles interesan para construír premisas falsas con eses datos verdadeiros.

E tampouco nos serve ese método seu para que á xente do mar lle quede no bolsillo nin un euro máis que nos anos anteriores, máis ben menos. ¿Sabe cal é o salario dun mariñeiro no 2009?, ¿e dunha mariscadora?, ¿e dun mariñeiro do Gran Sol?, ¿sábeo? Pois un mariñeiro do Gran Sol, nun barco que pesque ben, pode chegar aos 1.800 euros, coa dureza que ten a pesca do Gran Sol, medias. ¡eh!, en medias. Un de baixura pode estar sobre 1.000 euros e unha mariscadora na ría de Galicia sobre 600 euros, aínda que vostede diga despois que gañan máis que vostede. Pero estas son medias; efectivamente non son exactas, pero é o que traslada xente do sector.

Un home dun barco de arrastre que leva dende os catorce anos no mar, e que sufriu perdas de seres queridos no mar e naufraxios durísimos, gaña 24 euros ao día. E, ¿sabe cal é o peor? Que ese home, hai nin menos dun mes, viu como a súa sogra despois de traballar e traballar, tamén entre latas de conserva, bacallau salgado, pasou os últimos días da súa vida nun pasillo dun hospital, pero segundo vostedes, claro, temos que darlles as grazas porque non estamos como en Venezuela ou en África, ou nunha miseria tras unha guerra, e eses son os datos de pesca que vostedes queren, que pararon a hecatombe, e temos uns datos marabillosos.

E é por iso —por eses fantásticos datos económicos— que o señor Feijóo lles subiu o soldo e se subiu o soldo; igual lles pasa como cos pensionistas, como di Rajoy, entón pois teñen despois lapsus deses que lles dan tan a miúdo, e todo está tan mal, tan mal, que non hai cartos para nada, que somos uns irresponsables, pero para rescatar autopistas e bancos e metelos nos petos das empresas, para iso si que hai cartos e hai de todo, hai orzamento para todo.

Espero que non lles pase como ao rei, que mentres andan de congreso en congreso, e de feira en feira culinaria, e de comercialización, ou se vaian esquiar, que polo camiño non vexan como vive o sector do mar, dos traballadores e dos que están en activo ou dos que están xubilados, como lle pasa ao noso monarca e como lles pasa a moitos dirixentes do seu partido.

A ver cando vemos que á parte de perseguir os que traen de xeito ilegal o marisco de Portugal, que por riba foi un gran fito, pero da Policía portuguesa, fan normativas verdadeiramente efectivas para que non se venda marisco ou peixe de fóra facéndoo pasar como de aquí de xeito legal, pero de xeito pouco ético.

Os consumidores, efectivamente, señora Quintana, teñen dereito a saber o que comen, e os mariñeiros e os produtores a que sexan eles os que obteñan o máximo rendemento pola marca que lles pertence por xustiza. Vemos como no ano 2016 unha sentenza xudicial condenaba unha empresa por utilizar referencias á orixe galega do mexillón cando este non estaba certificado pola denominación de orixe de «Mexillón de Galicia». Pese a isto, a Consellería continúa sen facer nada para evitar a competencia desleal e a utilización irregular e fraudulenta das referencias á orixe no punto de venda do mexillón enlatado en Galicia. E tanto é así que hoxe continúan ofrecéndose mexillóns producidos en Chile como galegos sen que a Consellería faga nada.

Esta situación supón un problema para a comercialización do noso produto, desa comercialización da que vostede fala, pero tamén para os dereitos dos consumidores, que deberían

ter dereito a coñecer e saber se o produto que están a consumir cando mercan unha lata de mexillóns se se enlata en Galicia ou é fabricado en Galicia, pero que non é produto de Galicia, e son enganados sobre a súa orixe.

Soamente con información correcta unha consumidora poderá dicir libremente se consome produto galego ou foráneo. Pero mire, é que isto, ademais, non llo dicimos nós, non llo digo eu. Mire, voulle ensinar un artigo agora de marzo de 2018 de *El País*. Fíxese, di: «*Como saber si el marisco es gallego de verdad.*» E mire, léollo, sobre todo a parte que fala de como o sector está tan boiante, dío o xornalista Rodrigo Casteleiro García: «*Hasta los años 80 buena parte del marisco que se cogía en Galicia se usaba luego como abono en las huertas, la gente echaba mejillones, almejas, centollas y hasta percebes para compensar el déficit de calcio de los terrenos.*»

Custa crelo, pero Martín Piñeiro, o xornalista de *El Progreso* que me conta esta anécdota, zanxa: «*Entonces no había casi pesca industrial, los caladeros estaban llenos y los vecinos no le daban salida a tanto género. Para que se haga una idea, en 2016 las importaciones de pulpo superaron las 24.000 toneladas —importaciones, producto de fuera—. Este mismo año también compramos otras 376.926 toneladas de moluscos y 191.404 toneladas de crustáceos. La pregunta, a tenor del informe de pesca español, que es de donde salen estos datos, es, ¿como puede el consumidor identificar el marisco gallego? ¿Por su etiqueta, tal vez?*»

¿E sabe que explica este xornalista? Que a etiqueta é un xeroglífico; pois fala de zonas de pesca, de IX A, de subzona VIII C, e que só é posible coñecer a orixe aproximada do marisco que se compra se din de onde é a embarcación que a pesca, e di que nin sequera aínda que exista o selo de «*pescadasRías*» —que, efectivamente, ¿de onde vai ser o selo de «*pescadasRías*» que identifica a diferenza de produtos de mar procedentes da pesca artesanal?—, que hai empresas como *Fresco* e *del Mar* que ofrecen máis información.

Pero Emilio Louro, un dos socios, amósase crítico: «*Nosotros si ponemos la procedencia concreta del marisco y luego el puerto, y a veces hasta la embarcación, pero el resto no.*» Pero entón, ¿como, cando chegamos a un restaurante ou demais, sabemos que consumimos produto galego? Gustaríame que vostede nos conteste.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: E xa, aínda que tiña máis información para dar, con respecto á etiquetaxe, que é fundamental para a comercialización, como din este xornalista e un técnico da Confraría das Rías Baixas e unha compañeira bióloga da Confraría de Noia —a máxima produtora de berberecho— para distinguir o berberecho galego do portugués —e non digamos a ameixa— case hai que ser como Gil Grissom, Jacques Cousteau e ter o padal de Álvaro Cunqueiro. Entón, dígame vostede, igual o que hai que facer co berberecho galego é irse da ría de Noia e intentar investigar cal é o berberecho, porque os que consumimos o berberecho e a ameixa de Noia sabémolos distinguir...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ... pero o resto non.

¿Que fai vostede á parte de márketing —e moitas outras cousas que despois lle direi na réplica— para que o consumidor teña constancia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...de que está, realmente, recibindo un produto e non unha fraude, e para que axude o sector que está sendo defraudado, e que, ademais...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...eses datos económicos non se corresponden, en absoluto, coa súa realidade.

É que pasa como cos pensionistas e con tantos sectores, que o método Feijóo choca coa realidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

Despois terán un novo turno onde poderán seguir cos seus argumentos.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Bos días, señoría.

Bos días, conselleira.

A verdade é que quero comezar a miña intervención dándolle a noraboa á señora conselleira. Quero darlle a noraboa ao seu equipo, á Xunta de Galicia, e quero darlle a noraboa —como ela dixo, tamén, ao comezo do seu discurso— ás xentes do mar, porque realmente se hoxe trae eses datos tan positivos aquí é polo esforzo que tamén fixeron todas as persoas que participan directa e indirectamente vencelladas ao sector do mar.

Polo tanto, afortunadamente, cada vez son máis, e despois —ademais dos datos que hoxe presentou aquí—, a verdade, é que imos polo bo camiño e que se lle deu a volta á tendencia. Como dixo a conselleira, déuselle a volta á tendencia.

Está claro, como escoitamos na comparecencia da conselleira, que cando a administración o sector é, os científicos traballan da man, as cousas funcionan e as cousas saen ben.

Esta conselleira púxose no ano 2009 unha serie de retos —estaba nunha situación ben distinta, como ben dixo tamén na súa intervención—, uns retos non sinxelos cunhas expectativas modestas, pero daquela moi difíciles de imaxinar. Hoxe, no ano 2018, os datos falan por si sós. Falamos de datos obxectivos, de datos positivos, que como escoitamos nas diferentes intervencións confunden totalmente a oposición, porque saen vostedes

aquí e non saben que dicir, non saben falar destes datos e non saben refutar estes argumentos.

Os datos positivos descolocan a oposición, pero son a realidade, e son datos de Galicia porque comparan aquí con outras comunidades autónomas, e comparan con outros países, pero é que son datos de Galicia, temos que estar orgullosos destes datos do sector do mar en Galicia.

Vostedes exixen e piden datos, piden informes. En canto veñen os responsables da Xunta ás comisións ou mesmo a propia conselleira ao pleno parlamentario dar datos e dar informes non lles serven tampouco, só lles serven de pretexto para criticar e sacar outros temas vencellados, que incluso ás veces non teñen que ver nada co mar.

Se son datos malos, todo é culpa da Xunta, xa están rapidamente interpelando e facendo preguntas. Se son datos bos, vostedes buscan centos de variables sempre para intentar xustificar que un bo dato non ten nada que ver coa Administración galega. Entón, nós aquí —como xa coñecemos como vai o ritmo da oposición e como non son capaces de valorar e de, ademais, xustificar un bo dato por un bo traballo— xa estamos acostumados a que vostedes estean sempre dicindo e utilizando o mesmo argumento.

Sentimos dicirlles que todos os galegos saben xa que cando hai esforzo, cando hai traballo, cando hai un proxecto —porque a propia conselleira relatou os obxectivos no 2009 e os resultados hoxe, ademais tivemos a sorte de que esta conselleira foi a que estivo á fronte da Consellería do Mar— acaba habendo froitos en momentos difíciles e en momentos de moito esforzo, e acaba habendo froitos, e con condicionantes externos, como pode ser unha lexislación europea ou como pode ser o cambio propiamente social con tecnoloxía e con novas formas de consumo, novas exixencias nos consumidores.

Eu quero lembrar aquí que o pasado venres na Comisión 8ª o voceiro do Partido Socialista falou de que tiña moitas teimas, de que o Partido Socialista estaba sempre coas súas teimas; evidentemente, nós non temos máis que dicir que que é verdade. Resulta clarísimo que vostedes están con teimas e con ocorrencias propiamente ditas e nunca con compromiso real, nunca con compromiso real, só comprometidos consigo mesmos.

Hoxe a señora Toja viu aquí facer un teatro, non sei, ¿leu o libro?, ¿non leu o libro? Desprezouno porque se escribiu no 2004. Agora os libros teñen modas, non teñen modas. Pareceume, a verdade, bastante lamentable, e despois pediullo ao presidente para levalo, pero non llo deixou. Non entendín nada. Despois, se pode, aclareme que quixo dicir con iso, pois tamén me gustaría sabelo. (*Aplausos.*)

Nós sabemos perfectamente que vostedes, os socialistas, falaron tamén de modas, e de libros, que están sempre á moda, e que son moi do seu, son moi do seu, e que falan da dificultade que hai de acceder ás axudas, de pedir as axudas. Bueno, sabemos que si, claro, que vostedes teñen a súa forma de traballar para vostedes, só para vostedes, que iso é o mais sinxelo para os propios socialistas; polo tanto, señora Toja, non sei se vén aquí presumir de Portugal ou de Andalucía, pero estes datos positivos son de Galicia.

En canto ao Bloque Nacionalista Galego, eu creo que deberían ollar de cara ao futuro, darse conta —como dixen e como dixo a conselleira— que Galicia é un referente, é unha comunidade autónoma referente en España, referente na Unión Europea, e, polo tanto, deberían sentirse orgullosos diso, do propio sector, non orgullosos do Goberno, pero orgullosos diso, de que teñamos datos positivos, de que poidamos e souberamos adaptarnos á realidade social actual e de que poidamos tirar para adiante.

Polo tanto, eu creo que hai que recoñecer que vostedes teñen que facer ese esforzo, porque non o farán aquí nunca, ademais vén vostede aquí acusar, nin tan sequera criticar. Eu notei, señora Prado, hoxe na súa intervención acusacións moi directas, auténticas falacias contra a señora Quintana, e eu creo que iso se saíu de todo o ton.

Recoñezan que lles molestan os datos positivos. Como dixen eu, está descolada, saíu aquí con datos positivos, dicindo, pois, bueno, non sei que vou dicir, entón acuso directamente e xa opto polo camiño máis sinxelo. Eu creo que vostede ten moitos amigos, señora Prado, que lle dan consellos, díxoo tamén na intervención de sanidade e na intervención de pesca, pero creo que tamén ha de recoñecer que o traballo dende a Administración en colaboración co sector tamén é importante, e por iso temos hoxe estes datos positivos.

En canto á intervención da señora Santos, agardo que cando arranxen a súa marexada interna pois poida aquí, tamén, ter discursos construtivos. E é verdade, porque teñen un nome moi acaído para este sector, o nome «Marea», que non sei se a vostede lle vén ben ou non, pero nós cremos que a crítica se lles dá moi ben dentro e se lles dá moi ben fóra; a crítica dáselles ben dentro e fóra porque, ademais, poñen o ventilador a funcionar tanto dentro como fóra.

Porque aquí falou vostede e empezou a ler extractos e relatos doutras cousas. Moi ben, pero a nós gústanos máis, e cremos que Galicia merece discursos construtivos, que é o que queremos facer aquí. Eu creo que, ademais, se a conselleira está comparecendo aquí por petición propia é porque ten algo que explicar. E fixo, ademais, un relatorio moi claro dende o ano 2009 sobre o que fixo, o que pasou, cales son os resultados e cales son as liñas de futuro. Eu creo que ao Goberno non lle podemos pedir máis que ese compromiso. E creo que, ademais, por parte da Consellería do Mar está perfectamente conseguido.

Volvendo á análise da comparecencia da señora Quintana e a todo o que nós, o propio Grupo Parlamentario Popular, podemos aportar dende este Parlamento, ao que podemos ofrecer, hai que dicir que, como mínimo, estar á altura, facer propostas e intentar poder seguir por este camiño. Teremos que continuar traballando nesta liña, os datos aválana. E nós ademais presentámonos ás últimas eleccións cun programa moi traballado, cun programa moi realista. O proio equipo de Alberto Núñez Feijóo, no que a conselleira Rosa Quintana tamén estaba incluída, aportou unha serie de propostas para encarar esta nova lexislatura. Con ese programa co que nos presentamos ás eleccións obtivemos nas urnas o respaldo maioritario dos galegos e das galegas. Polo tanto, nós temos ese compromiso e imos seguir traballando nesa liña, porque esa é a nosa garantía e ese é o noso compromiso. O Partido Popular é bastante máis construtivo —como xa lle dixen á señora Santos— que outros partidos. E iso os galegos e as galegas sábano, que son os que despois deciden.

Deixen de acusarnos de falta de diálogo e de filibusteirismo político, deixen xa de acusarnos diso. Porque, ademais, teño que poñer aquí o exemplo de que, proximamente —e dígollo ao resto das señorías—, imos traer unha proposta, por petición dunha federación —a Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social— pero apoiada por todos os grupos, para ir xuntos e unidos da man á Europa polo tema dos descartes, que é un tema moi importante. Aí temos que estar xuntos. Porque moitas veces vostedes dinnos se estamos aquí porque pensamos en nós... Non, non, é que é así porque nós vimos aquí a facer política pero hai moitas cousas nas que temos que estar unidos. E este é un exemplo, este é un exemplo no que non hai que politizar, igual que co tema da igualdade. Temos que ir unidos e temos que facer as cousas xuntos cando estamos pensando sempre nos intereses xerais. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Eu digo unha cousa... *(Murmurios.)* Si, dígoo así, dígoo así para que o entendan perfectamente, porque logo chegan aquí, poñen o ventilador e póñense a falar de temas que non teñen que ver co conto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, eu digo unha cousa. Miren, cando se trata de garantir a actividade do mar, o emprego, cando se trata de mellorar os datos da comercialización, esta conselleira, que é do Partido Popular, está co sector do mar e pensa nun único interese, que é Galicia, que son os intereses dos galegos e das galegas. E non se vai beneficiar o BNG, En Marea, o Partido Socialista ou o Partido Popular. Galicia e os galegos e as galegas que viven do mar, os que queiran vivir do mar, son os intereses da señora Rosa Quintana.

Eu digo das intervencións das voceiras da oposición que, como agora ten unha quenda a señora Quintana, esta ten datos sobre as perfectamente rebatibles e refutables barbaridades que puidemos escoitar aquí. Ela tamén terá o seu turno de réplica.

E digo —xa para rematar— que o empeño e o esforzo dan resultados, que aumenta o emprego e que iso poderá, ademais, dar pé a que haxa un relevo xeracional. Cando o sector do mar é atractivo, cando o sector do mar ten futuro, cando o sector do mar pode ser unha liña de traballo para o futuro, é cando se garante o relevo xeracional.

Polo tanto, pola miña banda, nesta quenda máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Ten o turno de réplica a señora conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Egerique, moitas grazas polas súas palabras. Pero eu lamentablemente dubido moito do que vostede dicía e pedía, sobre o de ir xuntos co sector a defender os intereses do sector a Bruxelas. E voulle dicir o porqué.

No ano 2009, cando chegamos ao Goberno, tiñamos un cometido importantísimo, que era facer chegar a Bruxelas a proposta de Galicia, do que quería e do que se desexaba que fora a nova política pesqueira común. Naquel momento atopámonos no despacho, cando chega-

mos, cun documento que tiña tres folios. Nós traballamos, fixemos unha proposta e levámola ao Consello Galego de Pesca. E eu síntome moi orgullosa do traballo que fixo o Consello Galego de Pesca, porque, nun consello onde están representados absolutamente todos os eslabóns da cadea mar-industria, todos entenderon que era positivo levar unha postura unánime a Bruxelas. E todos renunciaron a un pouco das súas expectativas para conseguir o mellor para todos.

Ese documento despois xa se trasladou ao Parlamento, e intentamos pactar con todos os grupos unha postura única de Galicia. Ao Partido Socialista admitíronselle absolutamente todas as observacións que fixo, e ao Bloque Nacionalista Galego aceptáronselle todas excepto unha, que tiña que ver coa acuicultura. Pois ben, o resultado da votación, cando se someteu ese ditame á aprobación no Parlamento, téñolles que dicir que foi a abstención do PSOE, o voto en contra do Bloque e o único apoio do Partido Popular. Esa é a forma que teñen algúns partidos de entender o que é a defensa dos intereses do noso sector marítimo-pesqueiro en Bruxelas. *(Aplausos.)*

Señora Prado, vostede acúsame de que hoxe veño aquí a falar de algo que non lle interesa ao sector. E eu, lamentablemente, teño que discrepar con vostede. Eu veño aquí a falar dun tema que é de extrema importancia e necesidade para o sector, que ten que ver coa mellora na comercialización dos nosos produtos. Vostede di que é unha comparecencia extemporánea, que pode vir aquí en calquera momento. E eu dígolle que outra cousa non, pero honradez teño bastante. E criterio e responsabilidade, tamén. As mentiras non me gustan. E, como dicía a señora Egerique, o meu foi defender sempre o sector do mar, e por iso levo trinta anos traballando en diferentes postos para el.

Pode buscar vostede nas hemerotecas. A señora Toja dicía que, nun alarde de sinceridade, dixen o outro día que aínda tiñamos un labor pendente, que era a mellora na comercialización. Se van a calquera declaración que fixera eu en público dende o ano 2009, ou incluso antes, paréceme que non me aparto nin un ápice diso que dixen. Agora ben, o importante para defender o sector pesqueiro é planificarnos, e hai que ir empezando a facer os traballos por onde os hai que ir empezando a facer. Cando cheguei no 2009, é evidente que tiña outra cousa máis importante que facer, que era conseguir posibilidades de pesca para o meu sector. Pouco podía facer mellorando a comercialización se non tiñamos posibilidades de pesca. E a min faime moita graza cando aquí se fala agora de que na nova política pesqueira común hai que poñer no mesmo nivel os tres aspectos: o social, o medioambiental e o económico. ¿E saben por que se recolle iso na política pesqueira común? Porque o defendeu Galicia, defendemos a necesidade de que os tres aspectos foran en igualdade de condicións *(Aplausos.)* ¡Galicia, señora Prado!

Si, e a min, cando me falan dos científicos, é que é evidente..., porque eu non sei traballar doutra maneira. Xa o teño exposto aquí un milleiro de veces. Nós cando imos a Bruxelas para acreditar a situación dos nosos caladoiros, imos co aval dos estudos científicos, e iso vímolos facendo dende sempre. Por iso non acabo de entender os datos que vostedes me dan. Pero é que ¿vostedes non recordan...? Díxenlles hoxe na miña intervención que, para saber a onde queremos ir no futuro, é bo mirar de onde partiamos, onde estamos e cara a onde queremos ir. E no período 2005 a 2009 perdíanse o 55 % das posibilidades de pesca. ¿O sector estaba

afogado? Si, naquel momento. ¿Hoxe pode estar mellor? Por suposto, e nesa liña estamos traballando. Pero hoxe estamos, como mínimo, un 80 % mellor, porque hoxe recuperamos un 80 % de posibilidades de pesca respecto de 2009.

¡Si, señora Prado! Mire, eu os datos non os invento. Os datos aparecen publicados no *Diario das Comunidades Europeas* cando nos dan o reparto de TAC e cotas no mes de decembro. Os datos que eu traio aquí son os datos que aporta o propio sector cando se introduce nas subastas diarias que fai nas diferentes lonxas. Os datos que eu traio aquí non son ningún método aleatorio que a vostede lle poida parecer, son os datos que nos aporta o propio sector.

Pero eu xa estou acostumada —como dicía a señora Egerique— a que vostedes traían aquí calquera cousa. Válelles todo. No do cerco seguen dicindo que eu me vendín á presión de non sei quen e que hoxe o noso sector ten menos posibilidades de pesca. ¡Un 40 % máis! Un 40 % subiron as descargas do cerco en Galicia, ¡en Galicia! Hoxe os recursos que antes ía buscar fóra pódeos pescar a nosa frota cando chegan a Galicia, co cal conseguimos dúas cousas: unha, evitarlle gastos ao sector nos desprazamentos que ten que facer fóra da súa casa; e, dúas, que ese valor engadido que se xera na primeira venda nas lonxas quede en Galicia e non no País Vasco ou en Cantabria, como sucedía ata o de agora. (*Aplausos.*)

Pero a vostedes, como lles dá o mesmo dicir unha cousa que a contraria... Eu recordo, cando vin defender os presupostos, na comparecencia que se fixo no mes de outubro, que a min se me chegou a dicir nesa defensa da comparecencia que agora xa ao sector pesqueiro galego non lle compensaba marchar a pescar fóra. Pero ¿que queremos? ¿Que traballen aquí, que traballen fóra...? Vendinme aos vascos, pero resulta que agora temos máis posibilidades de pesca nós. De verdade, señorías, eu, por moito que queira, non son capaz de entendela. Eu soamente veño aquí e dígolles que hoxe o sector pesqueiro galego está mellor do que estaba no 2009 e que hoxe temos uns retos de futuro distintos aos que tiñamos no ano 2009.

Claro, a min acúsaseme, e creo que se montou un revuelo o outro día, porque lle regalei un libro á señora Toja que di que é do 2004. ¡Fíxate tu! ¡Que cousa! Eu teño estudado por libros bastantes máis vellos, pero, bueno, non pasa nada. Eu deillo soamente cun obxectivo, señora Toja. Ese libro está feito por unha socióloga que recolleu en entrevistas persoais o que as propias mariscadoras entenderon que supuxo o seu proceso de cambio. Para entender a historia do marisqueo a día de hoxe é necesario saber de onde partiamos. E ese libro fíxose no ano 2004, ¡claro que si!, pero arranca do proceso de profesionalización que empezamos no 1991.

E, claro, aquí díseme a min que defenda o papel da muller na pesca. Pois benvidas ao club. É que o levo facendo dende que cheguei á Consellería. É que a min custou moitos desgustos defender o papel das mulleres no mundo do mar, ¡claro que me custou moitos desgustos! E axuda dos grupos da oposición tiven ben pouquiña, porque a min sacáronme a todas as mariscadoras á calle no ano 2000 para evitar que as señoras cotizaran á Seguridade Social. (*Aplausos.*) E cando conseguín que cotizaran á Seguridade Social, ¿saben o que se pedía? Que cotizaran por horas; é dicir, que tiveran un gasto engadido ao seu rendemento económico e que, aínda así, cando se xubilaran, non chegaran a ter un rendemento mínimo para obter unha pensión. Porque imaxinen vostedes o que podía supoñer cotizar por horas.

Pero, bueno, xa estou acostumada a que digan cifras e cifras..., *¡que es que nadie entiende!* Din que non aposto eu e que o sector non aposta pola marca de calidade diferenciada «Pesca-deRías». Señora Toja, dende o ano 2009 os produtos certificados con esta marca subiron un 2.400 %. ¿É pouco? Pois ao mellor si, pero é que nós queremos que sigan subindo. Claro que, co seu concepto de calidade, a verdade é que eu, que fixen tecnoloxía de produtos pesqueiros, é a primeira vez que oio unha definición de calidade que se refira ao prezo. Vostede di que calidade é aquilo que fai que o consumidor pague un euro máis por un produto. É a primeira vez que oio esta definición de calidade, pero, bueno, a min váleme.

Eu tamén oín aquí moitas cousas, como que só temos 64 toneladas de bocarte. Si, pero ¿por que non din que temos o 97 % de posibilidades do xurelo na zona 9? ¿Por que non din que temos o 85 % de posibilidades de pesca no Gran Sol? É que todos eses datos positivos quérenos ocultar, e queren trasladarlle ao sector unha imaxe dunha Galicia morrendo, dunha Galicia esmorecendo. Pois non, o sector sabe que non é así, e o sector está apostando por facer novos barcos, o sector está apostando por mellorar a calidade de vida neses barcos. E nese camiño nós ímolos acompañar.

Hoxe estamos aquí a falar de mellora na comercialización, e aquí acúsaseme de que vén produto de fóra. Pois ¡claro que si! É que temos o 45 % das empresas de transformación de toda España, e é que temos que traer o peixe de calquera lugar do mundo. E temos que saberlle dar ese valor engadido aquí en Galicia e sentirnos orgullosos diso. Nós defendemos en Bruxelas que somos quen os galegos de ir pescar a calquera parte do mundo, traer o peixe para Galicia, transformalo en Galicia e conseguir que o valor engadido bruto dos nosos produtos sexa vinte e cinco veces superior á media dos produtos de pesca da Unión Europea. *(Aplausos.)* E diso síntome orgullosa, ¡claro que si! ¿E paréceme suficiente? Non, e por iso quero seguir traballando e quero seguir mellorando nas apostas pola comercialización.

Dísenos que é un fito histórico que a policía portuguesa viñera actuar aquí a semana pasada. Pois, mire, non, nos últimos catro anos, o Servizo de Gardacostas de Galicia, axudado coa unidade de apoio da Policía Autonómica, xa comisou preto de 18 toneladas de molusco que viña procedente de Portugal. Nós estamos traballando contra o furtivismo, sexa o furtivismo que se practica directamente nas praias extraendo un produto dunha maneira irregular ou sexa o furtivismo que se practica comercializando produtos de maneira inadecuada en Galicia.

Pero, se viu esa noticia nos medios de comunicación, foi por unha actuación conxunta entre a policía de Portugal, a policía galega e tamén a doutras comunidades autónomas, como a do País Vasco e a de Cantabria. E quérolle recordar que me sentín orgullosa cando o noso propio sector dicía aquí que quizais a fraude se debe a que Portugal aínda non ten habilitado un sistema telemático de trazabilidade dos produtos como temos en Galicia, onde grazas á trazabilidade que temos, de maneira telemática, é bastante máis difícil contribuír ás fraudes.

E eu, por suposto, dixen sempre —díxeno no 2009, dígoo a día de hoxe e seguireino dicindo— que claro que entendo que ten que vir a Galicia peixe de fóra. Non somos capaces de producir todo o peixe que se consome en Galicia nin en España nin en toda a Unión Europea. O que necesitamos é que o consumidor sexa quen de diferenciar o produto coa súa orixe. E

aquilo que é galego se venda como galego e o que non é galego se venda como non galego, e na loita contra esta fraude estamos. Vostede facía referencia a un expediente sancionador dunha fábrica de conservas que comercializaba mexillón de forma fraudulenta. Hai moitos expedientes abertos a todas aquelas empresas que traballan de maneira irregular. Non vou entrar noutras consideracións, pero si lle digo que en materia de fraudes todo aquilo que se venda como galego sen ser galego terá en nós un inimigo.

E dixeron moitas máis cousas, incluso oín dicir que había algunha organización de produtores que non pedía as axudas porque era engorrosa a tramitación administrativa. Si, mire, eu non sei a que organización de produtores se refire, porque todas as que existen solicitaron axudas, e foi a comunidade galega a primeira en tramitar esas axudas e a primeira en pagar estas axudas. E xa llo dixen: máis dun millón de euros para axudas e melloras na comercialización das organizacións de produtores. Sorpréndeme esta noticia que vostede me dá de que non piden as axudas porque lles resulta engorroso cubrir os expedientes. Porque incluso hai organizacións de produtores que se crearon novas, aínda que xa tiñan outra fórmula asociativa, para poder acceder a estas axudas que veñen no novo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. É ben certo que a tramitación administrativa é engorrosa, pero non é menos certo que veñen emanadas dende o propio regulamento comunitario e que tamén as normas do Estado e da Comunidade Autónoma fan que cada vez sexa máis complicado tramitar os expedientes, porque temos que poñer barreiras para evitar a fraude. E iso é única e exclusivamente o que se está a facer. Pero o sector sabe perfectamente que dentro da Consellería están os técnicos que axudan perfectamente a clarificar todas as dúbidas que teñen e a cubrir os expedientes da forma máis correcta posible para que non nos veñan descertificacións como as que nos viñeron no período 2005-2009. Por desgraza, no 2009 eu tiven que pedirles a moitas persoas, ás que se lles concederan axudas, que devolverse os cartos porque foran axudas mal concedidas. E a verdade é que eu prefiro dicir «non» antes de arrancar que dicirlles despois que nos teñen que devolver os cartos.

A señora Santos, coma sempre, refírese a Noia. E eu estou encantada de que se refira a Noia. E preguntame que estamos facendo polo berberecho de Noia. Pois, mire, eu síntome moi orgullosa do que estamos facendo en colaboración co sector e cos científicos no caso do berberecho de Noia. O propio sector, en colaboración con xenetistas da Universidade de Santiago de Compostela están facendo un estudo financiado pola Xunta de Galicia e polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca para facer a cualificación xenética do noso berberecho, aquilo que permita de verdade, a partir do estudo molecular da estrutura xenética do berberecho, diferenciar ese produto de calquera outro que veña de calquera parte. E, por outra parte, estamos traballando tamén co sector da Confraría de Noia en facer a marca de calidade «berberecho de Noia». Creo que son dous elementos para poñer en valor, creo que son dous elementos importantes. E, sobre todo, creo que son dous elementos que exemplifican perfectamente o traballo en conxunto entre o sector, a Administración e os científicos, que é como debemos traballar.

E respecto da xubilación das mariscadoras e da posibilidade de ir incrementando o número de mulleres que traballen no sector do mar, pois aí encontrarán sempre a miña man tendida. Foi a miña liña de traballo dende que cheguei á Consellería. Síntome orgullosa de todas aquelas mulleres que foron capaces, nun momento complicado, de dar un paso a adiante e pre-

sentarse ás eleccións de confrarías. Hoxe temos 14 patroas maiores, temos o 20 % de mulleres entre os que representan a Xunta Xeral da Federación Galega de Confrarías, e temos máis de 28 vicepatroas. Eu creo que é un camiño andado e que debe seguir marcando pasos de futuro para as novas xeracións que se incorporen.

Respecto de que é necesario que os mozos tamén sigan apostando pola actividade pesqueira, dende logo esa é a nosa liña de traballo. Eu só lles podo pedir unha axuda neste caso: se quereamos realmente que a xuventude aposte por defender esta actividade económica, non trasladen unha imaxe tan negativa do noso sector, porque non é verdade. A imaxe do sector hoxe é moito mellor do que vostedes lles están contando. E os que traballan realmente no sector sábeno. E sobre a falta de ilusión coa que nos encontramos ao chegar ao Goberno no ano 2009 hoxe teño que dicir que ilusión non nos falta, nin ao sector nin a min.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Abrimos unha rolda de aclaracións con dúplica do Goberno.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Sería bo que non confundira, señora deputada, señora conselleira, datos positivos con demagogia e incluso con mentira. Dende logo, o BNG non queremos aquí ser os campións de ninguén, pero, na medida das nosas posibilidades, defendemos tanto ou máis que calquera o sector do mar, porque consideramos que é estratéxico para o noso país. E temos posto medidas encima da mesa, temos traído medidas a este Parlamento, en defensa do sector do mar e, sobre todo, para ter instrumentos para defendelo. Cousa na que atopamos sempre o muro do Partido Popular, do Goberno galego e da Consellería de Pesca con vostede á fronte, señora Quintana. Porque vostede non quere ter instrumentos para defender o mar, vostede o que quere é vir aquí facer de botafumeiro e a parecer que fai. Non quere ter instrumentos para que pareza que de vostede non depende, e entón agóchase detrás do Ministerio, detrás do Goberno de Madrid ou detrás de Europa, porque así parece que vostede non ten responsabilidade. Vén aquí cun orzamento e reparte axudas, e non quere atallar ningún dos problemas estruturais que ten o sector porque así vostede está cómoda. E tamén é unha gran experta en presentarse aquí como se acabara de chegar. E vostede leva nove anos como responsable da consellería, ¡nove anos! Non pode vir aquí como se fora unha novidade. E acaba de dicir aquí cousas como que hai que ir empezando polas cousas que se poden ir empezando, nove anos despois. *¡Hace falta valor, señora Quintana!* Nove anos despois non pode dicir que hai que ir empezando polas cousas e que o principal era conseguir posibilidades de pesca. ¡Pois fracasou vostede estrepitosamente, porque non conseguiu posibilidades de pesca para este país, non as conseguiu! E por moito que vostede se vista de lagarterana non pode vir aquí dicir que conseguiu mellores posibilidades de pesca, porque é mentira, ¡é mentira! Ningún sector está mellor que hai... *(Murmurios.)* ¿Tamén lles fastidia vestirse de lagarterana? ¿Tamén é pecado? ¡Por Dios, irei confesar! *(Murmurios.)* ¡Quieto! ¡Manos arriba! *(Murmurios.)* ¡Quieto! *(Murmurios.)* ¡Por Dios! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Continúe, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Perdoe, era unha forma coloquial, non pretendía ofendela, era un xeito coloquial de falar. (*Murmurios.*) Por moito que o pretenda, desde o ano 2009 non é certo que estea nada mellor, señora Quintana. Eu pídolle que quen lle faga os informes que mire a cuestión.

Empezando pola cuestión do bocarte, vostede sabe que lle entregou a Andalucía a capacidade de pesca do bocarte. Para Galiza quedou aínda non o 2 %, senón o 1,14 %. Vostede sabe que a pesca artesanal pasou a estar sometida a cotas, cando é unha barbaridade. E vostede aceptou esa cuestión. Vostede sabe que, no arrastre de litoral, desde que vostede é conselleira, pasou de 98 a 43 barcos, que do Gran Sol se despezaron 30 barcos. ¡Como pode vostede dicir aquí que se mellorou a capacidade da frota! ¡Pero, por Dios, señora Quintana, estas cousas non pode dicilas aquí no Parlamento! ¡Non pode vir aquí dicir estas cousas! ¡Non pode! Debería ser pecado, iso si que debería ser pecado e non poder dicirse aquí no Parlamento.

Igual que unha cousa é a demagogia e outra cousa é a realidade. Eu sei que nos datos, así a secas, pode vir vostede e dicir que melloramos en descargas e en facturación. ¡Vale!, efectivamente, do ano 2016 ao 2017 aumentaron as descargas o 12 %; e, en facturación, soamente o 1,36 %. Co cal vostede debería vir facer aquí unha reflexión: ¿como poden aumentar as descargas o 12 % e a facturación soamente o 1,36 %? ¿Por que, señora Quintana? Porque o ano pasado houbo cabalón que ata afundía os barcos. ¿E canto vale o cabalón, señora Quintana? ¿Canto vale o cabalón?! E porque o ano pasado, o ano 2017, foi un ano meteoroloxicamente bo. Iso significa que se pode saír máis ao mar. E se, en vez de ser bo —por exemplo, no mes de decembro, que é cando máis facturación se fai—, fora malo, pois resulta que iso xa lle afundía as estatísticas. E iso non é para que vostede veña aquí unha vez e outra, ou o señor Núñez Feixóo, e anden por aí dicindo que *es un año fantástico*. É para ter un pouco máis de prudencia.

E tamén debería vostede explicar como é posible que a frota da sardiña estea amarrada cinco meses e que en Portugal lles paguen 960 euros a cada mariñeiro ou 15.000 euros ao mes a cada barco; e que resulte que os mariñeiros galegos non cobren nin un can, non cobren nada, e a vostede non lle preocupe, e que os barcos galegos soamente estean exentos da cota da Seguridade Social e non cobren por barco. ¿Parécelle a vostede que iso non é un agravio e que están en igualdade de condicións? Esas son as cousas que vostede debería vir aquí explicar.

E xa vexo que non quere meterse no tema da xarda, que non lle preocupa que a frota da xarda da provincia de Pontevedra só teña capacidade para ir ao Cantábrico para dous días. Vexo que non quere dedicarlle nin media liña. Supoño que agora, cando eu non teña turno de réplica, dirá algo para que eu non poida contestarlle. Pero a min non me conteste, contéstelle á xente que está aí debaténdose entre se vai gastar os cartos ao Cantábrico para non seguir perdendo dereitos históricos ou o que vai facer. Pero dígalles algo, señora conselleira.

E eu non dixen que o problema das inspeccións do marisco sexa un problema de ilegalidades e demais. Díxenlle que pon en evidencia —se xa non estaba— que o mercado está invadido

por produto foráneo. E, diante diso, vostede debería aceptar algunha das propostas e de actuar para que o produto galego non siga desaparecendo dos mercados e quede reducido á mínima expresión. Díxenlle iso, señora conselleira, non lle falei de problemas da ilegalidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Díxenlle que pon en evidencia que o mercado galego estaba inundado. E o BNG trouxo aquí propostas máis que de sobra para isto, e, sobre todo, a preocupación máxima: criterios de reparto, TAC e un modelo diferente que beneficie o sector galego, un modelo de reparto totalmente diferente. Vostede non pode vir hoxe aquí a dicir que hai que ir a unha comercialización diferente cando estamos quedando sen recursos.

Se tivera tempo, falaríamos do plan de explotación do polbo —este ano practicamente non hai polbo—, falaríamos de cal é realmente a situación do sector...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...que non ve melloradas nin as súas rendas nin as súas capacidades de vida. E diante diso, señora conselleira, veña aquí a falar da situación real do sector, non de florituras.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

A vostedes acaban de ofendelos tremendamente as palabras que dixo a señora Prado en canto a vestirse de lagarterana, e, en cambio, non os ofendeu para nada, non lles oín nin sequera molestarse, que a señora conselleira dixera que lle sacaran as mariscadoras. Eu creo que as mariscadoras poden saír soas, *(Aplausos.)* que non fai falta que ninguén as saque. *(Aplausos.)* ¡Non fai falla que ninguén as saque! *(Aplausos.)* Se defenden o papel da muller, deberían entender que as mariscadoras, as mulleres, teñen capacidade para saír soas. Non necesitan que ninguén as saque. Señora conselleira, vostede debería rectificar iso. Debería rectificalo, porque é feo. E moito máis vindo dunha muller. ¡É moi feo! *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Moi ben, iso é postureo co da igualdade. Ao igual que cando a señora Egerique sae aquí dicindo «non sabemos», «non entendemos», «non somos capaces». ¡Home, señora Egerique, un pouquiño de respecto cando sae aquí! Porque do que si entendemos é de prezos constantes e de prezos correntes. Se aquí se fixeran as contas como se teñen que facer, utilizando os prezos constantes, as contas non lles cadrarían, nin virían aquí falando deses resultados maravillosos cando estamos nos mesmos niveis que no 2007 en canto a facturación.

Pero vostedes, de verdade, señora conselleira, ¿están tan satisfeitos? ¿De verdade vai todo tan ben? Porque, daquela, cónteme que pasou nesta entrevista. A min recórdame un pouco a este personaxe daquela película que dixo: «*Lo mismo le digo “a” que le digo “b”*». Unha cousa así dicía: «*Lo mismo le digo una cosa que le digo la otra*». Recórdame un pouco a iso. (*Murmurios.*) ¡Si, si, si!, dependendo do momento, vostede di unha cousa ou di outra. Acaba de dicirnos aquí que está moi satisfeita e... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire, acaba de dicir aquí que está moi satisfeita cos resultados (*A señora Quintana Carballo pronuncia palabras que non se perciben.*) —si, si, señora conselleira— e, en cambio, aquí dinos que ten unha débeda pendente. A ver se nos aclaramos e mantemos unha mesma liña, sempre a mesma.

Respecto de incrementar as descargas e non incrementar os ingresos, ao final o que ocorre é que incrementamos os custos pero non se incrementan os ingresos. E, polo tanto, dámoslles unha maior carga de traballo ás persoas do mar pero non somos capaces de axudalos a xerar os ingresos suficientes para cubrir os custos que lles supón ese incremento da carga de traballo. A ver se nos aclaramos, que non é o mesmo.

E tamén lle pregunto a vostede, que falou aquí das organizacións de produtores, se pagou esa cantidade. Esas cantidades ¿están pagadas? ¿Seguro? Están pagadas. Moi ben, hai menos dun mes, ou menos dunhas semanas, non estaban pagadas.

E vólvolle dicir o mesmo respecto das execucións do programa 723A. Igual iso ten bastante que ver tamén coa súa débeda pendente. (*A señora Toja Suárez, desde a tribuna de oradores, amosa un gráfico.*) En amarelo, o que se pode facer; e, en verde, o que se fixo. Fíxese, hai unha grande diferenza entre as dúas cousas.

E a ver se me pode explicar o da sardiña. Vólvollo dicir: 33 quilos ao día por 50 céntimos, 16 euros/día. Dígame vostede se con 16 euros/día unha embarcación pode xerar ingresos suficientes simplemente para o combustible. E dígame, se vostede hoxe —falándonos da comercialización— consegue subir de 50 céntimos a 1 euro —que pasaríamos de 16 euros a 33 euros—, se sería suficiente para xerar ingresos simplemente, vólvollo dicir, para o combustible.

Respecto da calidade, do que vostede dixo respecto do selo das rías, eu creo que a calidade, nun sistema capitalista, se define polo prezo; se non, explíqueme que pasa, por exemplo, cos BMW. Eu creo que se define polo prezo. Si, si, eu entendo que é así.

Mire, xa para rematar, xa me queda... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora TOJA SUÁREZ: Xa para rematar quixera volver falar outra vez da importancia que ten o factor social e o factor económico respecto da pesca en canto á fixación de poboación.

Perdéronse en Galicia 85.000 persoas nos últimos anos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, dende 2008, 85.000 persoas. A pesca ten un papel fundamental, que é a fixación

de poboación, a fixación de poboación no rural. Estamos na legislatura do rural. Bueno, están vostedes, porque eu non notei moitos cambios —que vivo no rural— na legislatura do rural. Si que vexo que veñen por alí a pasear, pero a vivir non quedan. Entón, se estamos na legislatura do rural e se perdemos tanta xente, pois creo que a pesca debería contribuír a ese factor, como factor de estabilización da poboación.

Por último, vou dicir unhas palabras que dixo un deputado seu. Concordo ao cen por cento con el. O seu deputado dicía o seguinte: «Hai que deixarse de lerias e poñerse a traballar». E eu creo que é o que teñen que facer, deixarse de lerias e poñerse a traballar, poñerse a executar orzamentos, poñerse a intentar conseguir maiores cantidades en canto á pesca. Porque os ingresos teñen dúas patas: prezo e cantidade. Fallan moito as cantidades, e, por moito que consigan subir o prezo, se non soben suficientemente as cantidades, non se vai conseguir sacar o sector desta situación, que está afogado.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señora Quintana, ¡como non imos estar, ou non vou estar eu, orgullosa do sector do mar se a miña familia viviu toda a vida do sector do mar e vive maioritariamente do sector do mar! É que é unha obviedade. É unha obviedade e un orgullo inmenso. Por iso esta deputada está moi preocupada co que pasa co sector e coñece de primeira man o sector. Ademais, teño a sorte de vir dun dos institutos de investigación máis punteiros do Estado, de Europa e o máis punteiro da franxa atlántica —datos de revistas internacionais, ou sexa, non me pode nin o sentimento nin o corporativismo—.

O propio sector, de feito, non está descontento consigo mesmo, o que está é descontento con vostede, diga o que diga a TVG. Se non, ¿como pode explicar que a confraría de Noia denunciase a Consellería para indemnizar aquela mala xestión do Intecmar? Vostedes recorreron ao TSX, o TSX deulle a razón ao sector, volveron recorrer ao Supremo e agora resulta que ao final teñen que indemnizar, ¡teñen que indemnizar! E as escusas non valen cando despois esa é a realidade.

Os galegos —quero dicirlle— non pescan panga, nin parte dos moluscos e crustáceos que veñen de fóra. E a min persoalmente si que me preocupa iso, porque a min o que me preocupa é o que pescan os mariñeiros e as mariscadoras galegos e galegas. Ou sexa, efectivamente, a min non me gusta que veña produto de fóra cando baixa o prezo do produto que temos aquí, cando o produto de aquí vai a prezos irrisorios. ¡Claro que me preocupa que veñan toneladas e toneladas de fóra! E a vostede debería preocuparlle tamén.

Está moi ben que conseguira que as mariscadoras coticen. Pero ben, a xente sabe cando ten que saír e non saír. Pero iso, evidentemente, non vai ser unha crítica. E que gañen tamén o

que teñen que gañar. Non é soamente que coticen, senón que gañen dignamente e que teñan pensións dignas. Porque vostedes teñen máis xente que satisfacer coas súas medidas que os mariñeiros e mariscadoras, ese é o gran problema. E é o que nos diferenza ao mellor a certos grupos respecto da xestión do Partido Popular, que pensa máis nas multinacionais. Porque despois nós non temos a vocación de ir aos consellos de administración nin queremos sobres nin estas cousas que lle pasan ao Partido Popular.

A recuperación será real cando se vexa nos petos da xente, é aí cando se vai ver a recuperación. Porque, igual que os pensionistas, os mariñeiros e as mariscadoras saben contar. É o problema que teñen como goberno, que saben contar. E se todo vai tan ben, ¿por que hai confrarías con problemas económicos e que non teñen superávit? E, de feito, por iso nós... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Claro que somos construtivos, señora Egerique! Vostede ¿en que comisión está cando apostamos pola investigación, pola recuperación das rías, polo saneamento das rías, sempre en positivo? De feito, ata apoiamos o Grupo Popular para perseguir o furtivismo con drones. Tamén lles lembramos que era unha mellor idea que puxeran drones en Génova. Porque cando falan dos nosos líos... Líos téñenos vostedes. Teñen un lío, un lío ben serio, cos seus ex-secretarios de organización, co señor Crespo, co seu ex-xerente, o señor Piñeiro, cos seus tesoureiros. Teñen un lío de carai. Estaría ben que se devolverse todo o que se roubou —sobre todo a xente xa imputada, ou tristemente famosa, das súas filas— para que tiveramos cartos para os sectores produtivos e para os servizos sociais. Esa é a realidade. Por iso a nós nos preocupa e vén absolutamente a conto.

E por iso nós falamos que de que vostedes, en vez de poñer solucións ás causas e aos problemas que ten o sector, o que fan é afogar máis os mariñeiros e as mariscadoras. Non fan máis que presumir de que rexeneraron miles de metros cadrados de areais para o marisqueo. ¡Non engane a ninguén, non engane a ninguén! Realizáronse tarefas de rexeneración. Poderá dicir que as rexenerou cando deixen de verter lixo nelas. Así rexenéranse e recupéranse as rías. ¿Que sentido ten engadir area ou labrar os bancos marisqueiros por si sos se non deixas de botar augas sen depurar sobre eles —como vimos hai uns días en Boiro, que ten marisco boísimo e moitas veces as confrarías non teñen nin sequera para rexenerar porque non teñen semente despois para poder ter marisco que recoller—? Para isto é para o que necesita fondos o sector. Espero por iso, e esperamos dende o noso grupo —que por iso nos importan tanto os líos do Partido Popular imputado—, que teñamos fondos e que teña o sector fondos e a axuda necesaria non soamente para os que viven actualmente do sector, senón para o futuro, para a xente moza que queira vivir do sector e teña esa ilusión e esa seguridade de que vai poder sobrevivir e ter dignidade traballando no sector.

En Muros collíase ameixa na zona onde hoxe hai un parque de xaulas de salmón, xaulas que ocupan un espazo físico non só do marisqueo, senón tamén das artes menores. Curioso é que o que non queren en certos países de Europa o traían para aquí. Tamén todas esas melloras de comercialización, de procesado de alimentos, de subasta electrónica, investimentos nas fábricas, co que nós estamos totalmente de acordo, ¿para que van valer? ¿Van valer realmente para o que ten que ser ou será como as axudas ao alquiler que servían para especular e para axudar os grandes *holdings* que agrupan un montón de pisos, os bancos, etc., ou para subirse vostedes o soldo?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Porque despois pasa como cos pensionistas, como cos pensionistas: que sabemos contar.

E, para finalizar, dígolle que non se pode tapar a recuperación da produción das rías con paseos marítimos e flores, coa ausencia dunha depuración das augas fecais que sexa efectiva. E, despois, tamén nos gustaría preguntarlle o que opina sobre os perigos como o da mina de Touro, o que ten que dicir ao respecto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, porque lle afecta a vostede directamente. Despois, que non lle pase como co *Prestige* e os «*hillos de plastilina*».

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Igual que non era un perigo Corcoesto, a mina de Touro non é un perigo, o proxecto Castor non era un perigo etc. E despois nestas cousas, que non teñen nada que ver co sector, segundo Egerique, e que ademais repercute directamente nos postos de traballo, atopámonos que tras a minaría...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...están os problemas do PP *(A señora Santos Queiruga, desde a tribuna de oradores, amosa un papel):* «*Una empresa canadiense denuncia que un intermediario le pidió una mordida de 1,5 millones para Feijóo y altos cargos de la Xunta. La compañía minera canadiense Edgewater realizó esta acusación a una demanda...*»

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos, xa leva vostede un minuto e pico.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Isto é o que ten que ver co sector do mar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas pola súa intervención.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...e coa súa xestión e co seu partido.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Esta é a realidade e o que temos que facer como oposición aquí. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Ben, grazas presidente.

Subín optimista facendo un discurso e intentando ser un pouco máis construtiva, pero vexo que, como di a señora Quintana, a verdade é que iso non vai ser posible. Ela ten bastante

máis experiencia ca min e, polo que vexo hoxe e polas intervencións que vin das miñas compañeiras do hemiciclo, a verdade é que isto é bastante triste.

Señora Prado, insisto en que hoxe a noto bastante vehemente a vostede. Creo que é porque os datos e as cousas van ben. A verdade é que creo sinceramente que neste ámbito, neste campo, no informe e nos datos que presentou hoxe a señora Quintana, teríamos que estar todos satisfeitos e, polo menos, ter algún dato e algún xesto positivo en agradecemento tamén ao propio sector e a todos os esforzos que fixo para que estes datos de hoxe sexan así. Hai compromiso da Xunta e, polo tanto, hai axudas. Se hai axudas, pois é bo, porque dende a Administración se está apoiando o sector.

En canto á señora Toja, eu tamén creo, señora Toja, que vostede ten a capacidade suficiente para facer a súa intervención por si mesma. Pero ben, se hai frases de compañeiras que lle levantan un aplauso, benvidas sexan. Pero creo que vostede ten a capacidade e, ademais, coñecementos suficientes para falar do sector do mar, que é o importante neste momento e nesta comparecencia.

Xa que restou importancia vostede tamén aos euros constantes, pois direille que, aínda con prezos do 2009, a nosa facturación sería superior á do 2005 agora. Polo tanto, vostede pasou o dato así, como por riba, pero é que os datos son os que son, e a realidade é a que é. Polo tanto, vou dicirlle tamén que, se vostede di que temos que ser coherentes co argumento, creo que os socialistas non son os máis indicados para falar disto, porque son capaces de dicir e incluso votar unha cousa e a contraria o mesmo día e na mesma comunidade autónoma. Polo tanto, eu creo que a coherencia ten que *hacérsela ver* máis ben o Partido Socialista e non darnos leccións a nós. Porque si temos un discurso coherente, temos un traballo conxunto e imos, ademais, na mesma liña aportando dende o Grupo Parlamentario Popular, cando cremos que temos que aportalas, as iniciativas á Xunta de Galicia, e tamén, polo lado contrario, a Xunta de Galicia orientando o traballo coa experiencia que teñen —sobre todo, neste campo—.

Señora Santos, nós non dubidamos da súa traxectoria profesional. Pero, claro, cando entra neste hemiciclo parece que perde un pouco vostede eses coñecementos e eses papeis. Aquí ponse a falar da marexada política, que é o que a vostede lle vai, e, non sei, parece que dá unha rolda de prensa aquí porque non pode dala noutras salas de prensa deste Parlamento. Polo tanto, ponse a falar aquí de todo o que lle vén en gana, sen facer fincapé realmente no que ten que ser, que eu digo que son os discursos construtivos. É mellor estar na realidade e non nos seus mundos, moitas veces de cómic, porque tamén se pon aquí a botar calumnias sempre enriba do Partido Popular para expresar calquera tema que poidamos debater neste Parlamento.

O que fixo esta consellería foi adaptarse aos tempos, o que fixo esta consellería —hoxe a señora Quintana díxoo claramente na súa comparecencia— foi adaptarse aos tempos dende o punto de vista tecnolóxico, industrial e comercial. Porque a imaxe que proxecta Galicia fóra é moi importante tamén para o futuro. E a imaxe de Galicia hoxe é, ademais, moi diferente á de hai oito anos. Está vencellada ao rigor, está vencellada ao progreso, está vencellada á sustentabilidade. E iso vai garantir maior respecto e maior demanda dos nosos produtos, e,

polo tanto, garantizará tamén a posibilidade e o atractivo para as novas xeracións e garantizará o relevo xeracional.

A transformación das empresas, da cadea de comercialización, todo precisou dunha certa modernización. E, polo tanto, sempre foron da man da Administración, mellorando así a competitividade e mellorando hoxe todos estes datos. Todo iso, ademais, sendo fieis a un modelo que garante un futuro. A propia conselleira expuxo cal era o modelo, cal foi o obxectivo, e que se está logrando e que temos que seguir traballando nesa liña.

Xa dixo a señora Quintana que temos o 45 % do tecido empresarial respecto do resto de España —é que isto é para sacar peito e para presumir de Galicia—, que xeramos o 60 % do valor económico global e que dispoñemos do 60 % do emprego. E houbo tempos moi malos, houbo tempos moi malos, nese famoso Bipartito, moi malos para o sector. Houbo tempos moi malos e que non vían futuro. E agora ven futuro. E o relevo xeracional é moito máis fácil aplícalo hoxe en día, e darlle a oferta a unha persoa nova para que se dedique ao sector do mar, do que era no ano 2006.

Estes datos, sumados aos resultados na comercialización, poderán garantir, como digo, o relevo xeracional. Porque o sector está comezando a ser cada vez máis atractivo, e por iso Galicia é unha referencia no resto de España e no resto de Europa. Novas construcións, unha frota que se moderniza —xa o dixo, nun pequeno resumo do que dixo a propia conselleira—, un aumento na rendibilidade da pesca e, tamén, e elección —tamén isto é un punto importante e que dá a imaxe que proxecta Galicia— do presidente da Xunta como relator do ditame do Comité de Rexións sobre o Fondo Europeo Marítimo de Pesca. Iso tamén é un xesto e é un dato importante para que teñan a Galicia como referente e como conselleira en moitos dos puntos que se levaron adiante no sector da pesca.

A presenza e acompañamento ás feiras, as liñas de traballo cara á internacionalización, as formas de venda modernas, a dixitalización das lonxas, as garantías na trazabilidade e as frotas máis competitivas e dinámicas son froito dun traballo conxunto entre sector e Administración galega, e repetirémolo aquí todas as veces que sexa necesario, porque a Administración galega, con respecto ao mar, vai sempre da man do sector.

Polo tanto...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...datos que animan, datos que lle serviron e lle serven de acicate a este goberno e a esta conselleira para sacarlles o máximo rendimento. E niso están, e á propia comparecencia da conselleira me remito, lamentando profundamente que vostedes, na oposición, sigan cun pano nos ollos e non queiran ver a realidade tan positiva e tan comprometida co sector do mar por parte da Xunta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Ten a dúplica, por parte do Goberno, a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Toja, realmente, se se malinterpretou o que dixen de que vostedes sacaban as mariscadoras á calle e iso é unha ofensa para as mariscadoras, retíroo. Non pretendía que ese fora o sentido da miña expresión, senón máis ben o que pretendía dicir é como se puido enganar e manipular as mariscadoras para que saíran á calle a defender algo que que era prexudicial para elas mesmas. (*Aplausos.*) Iso é o único que quería dicir: como se pode manipular o sector.

Señora Prado, a min non me molesta que diga que veño aquí e que me visto de lagarterana; podería dicir que me visto de galega ou incluso de llanera venezolana, porque calquera delas son as miñas orixes, e iso non me molesta. Moléstanme outras cousas que di, porque di que *hace falta valor venir aquí y decir que consiguió mejores posibilidades de pesca*. Non, o que fai falta valor é para que veña vostede aquí dicir que non se conseguiron, (*Aplausos.*) o que fai falta valor é para non recoñecer que estamos no mes de marzo do ano 2018 e o que fai falta valor é vir aquí dicir e defender que nós non estamos a traballar polo sector e que vostedes facían moito polo sector.

Claro, cando un ve euros constantes, pois ben, é que, en euros constantes, de 2005 a 2009 se perderon 27 millóns de euros —agora subíronse— e que dende o ano 2009 as mariscadoras incrementaron as súas rendas un 22 %. ¿É moito? Non, eu nunca me sentirei satisfeita coas cousas que imos conseguindo, non, claro que non, porque eu creo no futuro e creo que temos aínda moito que traballar e moito que mellorar. Pero fai falta ter valor, ¡eh!, fai falta ter valor para vir aquí dicir que nós non apostamos polo sector, dicir que non rexeneramos as rías.

Pois mire, 44 zonas de produción melloraron a súa clasificación microbiolóxica. ¿Que facían outros no ano 2005-2009, cando empeoraron as zonas de clasificación microbiolóxica, cando de repente no ano 2007 se encontraron con que, ¡ai!, non fixen nada, teño que clasificar as zonas como zona C e agora resulta que ese produto non pode ir para venda en fresco? ¿Que fixeron? Pagar, pagar, pagarlles a aquelas confrarías que tiñan un certo número de mariscadores e que podían saír á calle; entón, pago para que estean calados, pero arreglar non arreglo nada. (*Murmurios.*) Só 40 millóns de euros ou máis na ría de Ferrol. ¿Conseguíuse mellorar a clasificación microbiolóxica? Non. Menos mal que veu un goberno do Partido Popular e conseguiu mellorar a clasificación microbiolóxica de 44 zonas de produción marisqueira, e hoxe as mariscadoras poden vivir do seu traballo, (*Aplausos.*) e todas en igualdade de condicións. (*Murmurios.*) Non, unhas si, porque pertencían a unha confraría e outras non.

Dinme aquí que as confrarías están con problemas económicos e que non teñen superávit. Mire, as confrarías non poden ter superávit, porque son corporacións de dereito público sen ánimo de lucro. Pero a situación económica na que están hoxe as confrarías non ten nada que ver coa que nos atopamos no ano 2009. Eu non lle vou dicir aquí a ristreira de confrarías

que cando cheguei no ano 2009 se atopaban ao borde de cerrar, porque estaban en quebra técnica, e nós traballamos con todas elas, fixemos xunto con elas un plan de viabilidade económica para todas aquelas que estaban en posición de cerre e hoxe están as 62 confrarías funcionando perfectamente. ¿Con dificultades? Pois pode ser que si, pero dende logo con moitas menos dificultades coas que nos atopamos no ano 2009.

Produción de semente. Pois si, temos un problema en Galicia, non somos capaces de producir toda a semente da ameixa fina que nos gustaría para que as mariscadoras e os mariscadores puideran recuperar os seus bancos marisqueiros, pero non é por falta nin de cartos nin de apoio, é por dificultades técnicas á hora de conseguir alevíns de ameixa fina. Hai uns anos que se obteñen boas posibilidades de posta e hai outros anos que non. É un tema que seguen estudando os científicos e no que nós seguimos colaborando con eles, como é a nosa forma de traballar.

A min moléstame profundamente que, cada vez que veño aquí, me digan desa consultora que me fai os discursos que traio aquí. Non, mire, eu non sei como traballaba vostede, señora Prado, cando era delegada. Eu dígolle que ningún dos meus discursos llos encargo a ningunha consultora, os meus discursos trabálloos eu co meu equipo, e o único que encargo fóra da miña consellería son eses convenios de colaboración que manteño coas tres universidades de Galicia para que axuden o sector a ir mellorando en todos os aspectos técnicos e científicos que temos que mellorar. *(Aplausos.)* É o único, cos convenios que fago fóra de aquí, non para que me preparen os meus discursos.

Porque eu teño un defecto: no meu ordenador, onde me pon «favoritos», xa me sae pescadegalia.com, porque o primeiro que fago todos os días é ir mirar como van os datos en todas as lonxas de Galicia e a miña satisfacción é cando vexo que eses datos van a mellor. E son datos que —xa lle digo— non os invento eu nin o señor Feijóo nin ningún deputado do Partido Popular, nin ningún alcalde do Partido Popular. Son datos que introduce directamente o sector nas vendas que fai nas súas lonxas, e por iso non son manipulables. *(Aplausos.)*

Volveu saír aquí o tema das multinacionais e o tema das xaulas de salmón, e eu non sei con quen pensan que teño un complot. Mire, xa lle digo: non teño complot con ningunha multinacional, non teño accións en ningunha multinacional. Os meus únicos aliados son o sector pesqueiro. Iso si, toda a cadea do sector pesqueiro, toda: os que pescan, os que marisquean e os que tamén fan acuicultura, como son todos os bateiros e todas as fábricas que temos de produción de orella, de produción de rodaballo, de produción de linguado. Son os meus aliados, claro que si. Eu represéntoos a todos.

E as xaulas de salmón, como xa é unha historia da que se contaron tantas películas, logo din que ao mellor me trabuco cando digo que sacaron a xente á calle; non, non; manipularon a xente para que saíra con mentiras. Chegáronlles a dicir aos mariscadores de Noia que por poñer as xaulas de cultivo de salmón na ría de Muros, alí, por unha circunstancia estraña, a terra circulaba en sentido contrario e ía facer que as feces do salmón volveran para atrás, cara á ría de Noia, e se ía cambiar a clasificación microbiolóxica da ría de Noia e se ía acabar a produción de marisqueo na ría de Noia. Eu non sei se é grazas ao salmón que circula alí en sentido contrario ou ao que é, pero a ría de Noia non parou de medrar na súa produción nos

últimos anos. (*Aplausos.*) E claro, cando me di que onde colocamos as xaulas de salmón lles quitamos zonas de traballo ás mariscadoras, é que xa non sei que pensar, porque mire, as xaulas de salmón está nunha zona onde a profundidade é de 20 metros, as mariscadoras a pé non traballan nesas profundidades, pero é que, a maiores, onde se colocaron as xaulas de salmón é en zonas onde están declaradas para acuicultura dende o ano 1970, publicado nun *Boletín Oficial do Estado*, non eran zonas onde se puidera nin mariscar nin pescar nin nada, son zonas reservadas para acuicultura, como son todos os polígonos de bateas.

Pero, en fin, como xa estou cansada, de verdade, paréceme que estamos vivindo na era da marmota, e que os datos que se veñen traer aquí de que non hai posibilidades de pesca, non hai posibilidades de incorporar a xuventude á nosa actividade económica, pois xa non sei que máis lles podo dicir.

Simplemente, pois que temos o cen por cento de posibilidades de incremento de pesca de merluza no Gran Sol, que eu estiven a semana pasada acompañando unha visita dunha directora de área da Comisión Europea pola zona de Burela, pola zona de Vigo, e que alí os propios mariñeiros do barco este que traballa no Gran Sol nos dicían que de soldo en tres meses tiñan 17.000 euros; eu non sei se é moito ou se é pouco —non miro as nóminas dos traballadores, e oxalá puideran ganar aínda moito máis—, pero iso é o que eles me trasladaron alí.

Eu ao único ao que aspiro é a que sigamos nesta liña, dende logo, non hai ningún sector de actividade, e non rechazo falar nin da xarda nin do bocarte, nin da sardiña nin de ningunha especie, porque os datos me avalan e os datos me acompañan. É certo que na xarda non temos as posibilidades de pesca que temos no xurelo, pero iso tamén é a nosa tendencia histórica.

Aquí chegouse a dicir unha cousa moi simpática. Eu non sei se o resto dos deputados dixeron que o ano pasado, claro, subiu tanto tanto as descargas porque houbo moito cabalón e que é unha especie que non ten valor. Antigamente a xarda non tiña valor, a xarda era unha especie que se pescaba unicamente para utilizala de engado, hoxe ten un valor comercial. E o que temos que buscar é que esas especies que cada día está traendo a nosa frota non as desfagamos, non digamos que non teñen valor, porque teñen un alto contido proteínico, porque teñen un alto contido en sales minerais, porque teñen un alto contido en oligoelementos. E por todo iso o que temos que ser capaces é de buscarlle o valor que hoxe en día ten a xarda, e se podemos ir a máis, mellor.

E esas son as únicas condicións nas que temos que traballar, en conseguir que a nosa frota cada día teña máis posibilidades de pesca. É o que vimos acreditando dende o ano 2009. E reitero: cando de 2005 a 2009 se perdían o 55 % de posibilidades de pesca por parte deses grupos políticos que hoxe me din que eu non fago nada, dende 2009 ata o ano 2018 incrementamos un 80 % as posibilidades de pesca; logo, algo fixemos. Cando se me di que perdemos postos de traballo no mar, eu o que digo é que se están equivocados ao mirar as estatísticas, porque cando se perderon 3.700 empregos foi no período 2005-2009, 3.700 empregos, é dicir, case 1.000 ao ano. Menos mal que só estiveron catro anos escasos, que se chegan a estar moitos máis, seguro que Galicia deixaba de ser unha comunidade netamente pesqueira.

Pero dende o ano 2009 Galicia volveu recuperar o rumbo. Con orgullo digo que nos veñen visitar da Comisión Europea e que nos poñen de exemplo en todas as conferencias internacionais e que veñen aquí aprender de nós, e para min iso é unha satisfacción, e nesa liña vou seguir traballando. Non lles caiba a menor dúbida, aínda que me vista de lagarterana. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Suspendemos a sesión ata a tarde, ata as dezaseis horas.

Suspéndese a sesión á unha e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto terceiro da orde do día, que se corresponde co de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que deber realizar ao Goberno central para o cumprimento dos acordos parlamentarios referidos á AP-9

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista. Para formular a moción ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde.

Esta é unha proposta que se pode sintetizar en tres aspectos. O primeiro ten que ver co cumprimento dos acordos parlamentarios, especialmente o acordo principal, que é o que ten que ver coa transferencia da AP-9. E isto non debería ser necesario, vir aquí a esta tribuna unha e outra vez dicirlles aos señores e señoras do Partido Popular que cumpran os acordos parlamentarios, pero, por desgraza, temos que facelo. Porque, ademais, xa nos quedou claro en todo este tempo que o Partido Popular adoptou esta táctica do consenso, do acordo, para adormecer os conflitos, para enfrialos, para desactivalos ou para intentar desactivalos. Ese clamor social contra Fomento, contra a Xunta e contra Audasa pois resolvémolo cun acordo parlamentario. O problema é que, despois, eses acordos non se cumpren e pasa o que pasa en Madrid —e despois falaremos disto—.

O segundo dos obxectivos desta iniciativa ten que ver coa mellora —tan necesaria— da xestión da AP-9, poñerlles freo aos abusos, a todas esas prebendas e privilexios que foi adquirindo a concesionaria ao longo dos tempos, pararlle en definitiva os pés a Audasa, a Itinere e tamén ao capital corsario.

E a terceira cuestión desta moción ten que ver con esa grande burla, con ese grande escándalo das obras de Rande, das obras interminables da ponte de Rande, que está sufrindo —e ben que está sufrindo— a veciñanza sobre todo do Morrazo. E deberían ser sensibles tamén a esta cuestión.

Primeiro apartado, polo tanto: cumprimento ou incumprimento dos acordos parlamentarios relacionados coa AP-9, fundamentalmente o acordo de transferencia. Levamos aprobados ata nove acordos, tanto en pleno como en comisión, sobre a AP-9. Ten o récord, xunto co ferrocarril, que tamén deu lugar aquí a numerosos consensos, que de momento está quedando no papel, en papel mollado, porque non se están cumprindo ningún deles.

O obxectivo: primeiro, a xestión galega da AP-9, que segue sendo un obxectivo irrenunciable. É unha cuestión pola que seguiremos dando a batalla, pelexando pleno tras pleno se fai falta, ata conseguilo. Non imos, desde logo, renunciar a esta reivindicación.

E non abonda con isto, porque, ademais, queremos unha AP-9 sen peaxes, e pensamos que isto é factible. O que pasa é que hai que poñer empeño e sobre todo estudar os custos que ten, cando o Estado é un grande beneficiario da xestión e da explotación da AP-9, con ata 2.000 millóns de euros de beneficios desde o ano 2003 e cando xa non lles conto a cifra de beneficios millonarios da concesionaria, e os que vai ter de aquí a 2048 se non lle poñemos remedio.

E claro, a estas alturas temos unha dúbida no BNG, e supoño que en máis grupos: ¿vostedes seguen pertencendo ao Partido Popular de Mariano Rajoy, señores do Partido Popular? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si. Pois... (*Aplausos.*) Si, e a moita honra teñen que dicir. Pois a verdade é que non sei se nos perdemos algún capítulo, pero claro, como vostedes votan unha cousa aquí e a contraria en Madrid, pois xa temos dúbida de se seguen sendo do Partido Popular ou se están pasando a Ciudadanos, porque parece que hai aí unha campaña de captación de talento no Partido Popular por parte de Ciudadanos, (*Murmurios.*) e vostedes... (*Risos.*) Tranquilos, non se alteren, que son as catro e cinco ou e dez da tarde e non é momento de alterarse, tranquilos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero claro, a vostedes dálles igual, teñen tal —ía dicir— cara dura —digo cara dura—, cara dura política, que lles dá igual o mesmo día... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O señor Tellado está nervioso, non sei se comeu guindilla agora na comida e botáronlle aí un chute...

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Vamos allá!, ¡veña!

O señor BARÁ TORRES: Iso.

Absolutamente vergoñento que a estas alturas estean, sigan xustificando ese auténtico atraco, esa auténtica infamia e os argumentos —andan todo o día de ganchete do señor ministro de Fomento— que deu o ministro de Fomento para xustificar a non transferencia da AP-9. Pero a vostedes dálles igual, dálles igual. Vostedes están aquí para xustificar, para darlle a razón ao Estado, para darlle a razón ao Ministerio de Fomento, para darlle a razón ao PP madrileño. Aceptan este ninguneo por parte do PP madrileño, porque vostedes non queren molestar. Adoptaron esta actitude de submisión, de servilismo, de complicidade con respecto a esta estafa das peaxes e da xestión da AP-9. Son vostedes os tontos útiles do PP madrileño, e hai que dicilo así: son vostedes os tontos útiles do PP madrileño, son un cero á esquerda na política do Estado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Que? Eu nada, comín menú saudable.

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

Non entren no que comeu cada un, porque... *(Risos.)* ¡Por favor! Non entren. Se entran... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, o de saudable tería que velo eu, pero ese é outro tema. *(Risos.)* Agora non imos meternos niso. Xa está. ¡Veña, vamos alá!

O señor BARÁ TORRES: Diso falamos outro día entón.

Entón, con esta iniciativa, señoras e señores do Partido Popular, o que pretendemos é darlles outra oportunidade, que se rediman dos seus erros, que defendan os intereses do país, que defendan a Galiza, que defendan sobre todo tamén a lexitimidade e a dignidade deste Parlamento —que están pisoteando cando desprezan os acordos que se toman aquí—, que lle planten cara dunha vez ao señor Rajoy e ao señor ministro de Fomento, que non lle poñan a alfombra, que non lle collan o maletín cando vén de visita a Galiza, porque isto é unha actitude colonial —non se lle pode chamar doutra maneira—, que, polo tanto, antepoñan os intereses de Galicia aos intereses do Partido Popular e aos intereses de Audasa.

A segunda cuestión ten que ver coa mellora da xestión da AP-9, e non nos vale esa comisión fantasma de seguimento, que se reuniu tres veces, que non ten axenda, que non ten resultados.

E o que queremos con esta moción, polo tanto, é que se cumpran os acordos e que se efectiven os acordos. Estamos falando de eliminar esa bonificación franquista que se aprobou, queremos que nos digan que fixeron para eliminar esta bonificación; os descontos, un protocolo de actuación en caso de atascos, unha auditoría sobre o servizo, a realización das obras comprometidas que se aprobaron aquí —e que ningunha delas comezou—.

Estoume referindo a Chapela, estoume referindo ás pantallas antirruído, estoume referindo á transformación en vía urbana do acceso a Vigo pola AP-9. E non lles pedimos que fagan a obra xa, pedímoslles que fagan un estudo de mobilidade para analizar as distintas alternativas e se é realmente factible facer a transformación urbana desde o límite con Redondela, desde as torres de Padín, ou non.

Pedimos simplemente iso, pero, sobre todo, pedimos prazos, que neste 2018 poñan as pilas, poñan orzamentos e fagan as obras que están comprometidas, empezando polo colexio da Igrexa, de Chapela, que está nunha situación realmente límite, co tráfico pasando, dunha maneira absolutamente ilegal, a 2 metros ou menos das instalacións do colexio.

E claro, por se isto fose pouco, faltaba a traca final, faltaba a traca final de Rande, desa vergoña, desa burla, desa tomadura de pelo, dese insulto e desa provocación que foi o que tivo lugar o 30 de decembro do ano 2017, esa inauguración a bombo e platillo da suba das peaxes, porque non podemos dicir que inaugurasen as obras, porque as obras —como sabemos— non están rematadas, non estaban remadas daquela, faltaban obras —xa o dixemos— e hoxe en día seguen as obras na ponte de Rande. Vostedes puxeron en servizo os novos carrís cun único obxectivo —e por iso o fixeron o último día hábil do ano—, de favorecer de novo os intereses da concesionaria e de que a concesionaria faga caixa, porque fixérono exclusiva-

mente para iso, porque as obras non están rematadas —e ben o saben— e o está padecendo a veciñanza do Morrazo, que está absolutamente illada neste momento; levan dous meses padecendo as consecuencias das obras, con atrasos para chegar a Vigo en horas punta de ata 50 minutos e 1 hora, sen que se lles desen explicacións nin información aos gobernos municipais, e a día de hoxe seguen sen saber cal é o plan das obras.

Non se tomou ningunha medida para minimizar os efectos destas obras, e, polo tanto, é unha situación absolutamente insostible, indefendible e impresentable a que vostedes están xustificando e consentindo e permitindo. E se houbo unha comisión de seguimento que servise para algo non pasaba isto, porque vostedes agora convertéronse en corresponsables de todas estas decisións que está tomando a concesionaria e o Ministerio de Fomento.

Polo tanto, o que lles queremos dicir é que non lles imos consentir estes abusos, que non lles imos consentir esta aldraxe, que non lles imos consentir este maltrato a Galiza, a este Parlamento, e desde logo non lles imos deixar que mexen por nós e menos imos dicir que chove. Iso acabou xa, por sorte para este país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputadas, señor Bará.

Eu non vou falar de Ciudadanos —polo de agora—, de Ciudadanos, o partido político este novo. Si que quero falar, efectivamente, destas obras, da autopista AP-9; eu utilízoo ademais todos os días que veño a este Parlamento e, polo tanto, según en primeira liña e en directo o desenvolvemento das mesmas.

E, efectivamente, houbo un auténtico impulso en infraestruturas para duplicar a ponte; en realidade, os últimos seis meses do ano 2017 foron a un ritmo frenético, día e noite, luces de alto voltaxe iluminando —a verdade é que cando chegabas daba a sensación de que aquilo era Galáctica—, e, efectivamente, inauguráronse o 30 de decembro; e, efectivamente, cortáronse dous carrís e, polo tanto, quedou un carril en cada sentido o día 10 de xaneiro; é dicir, que en realidade tivemos tres carrís na ponte de Rande durante dez días —¡non está mal!—, pero —insisto— foron dez días exactamente.

A verdade é que escoitei o Partido Popular dicir que, en realidade, non pasaba nada, que quedaban da mesma maneira dous carrís en cada sentido. Claro, eu creo que convén sinalar algo que parece obvio —a min parecíamo polo menos—: que non é o mesmo catro carrís con dous en cada sentido que catro carrís con un en cada sentido, separados por un pivote da ponte, que, por suposto, impide o cambio de carril, e que, polo tanto, leva a que haxa eses atascos dos que falaba o señor Bará. É que me deu a sensación de que algún deputado (*Mur-*

murios.)... Si, é moi fácil, é moi fácil, é unha cuestión aritmética. Trátase de poder cambiar de carril, unha cousa que se chama liña discontinua, que dende logo polo menos no manual do carné de conducir que eu estudei aparecía. (*Aplausos.*)

Entón, como intentan convencernos de que somos imbéciles, porque intentan convencernos de que somos imbéciles —afortunadamente, con pouco éxito—, pois neste momento a comunicación do Morrazo con Vigo e de Pontevedra con Vigo en Rande é dun carril en cada sentido, salvo cuarta dimensión, que de novo este deputado descoñece, pero seguro que o Partido Popular coñece ben. Digo o da cuarta dimensión que coñece ben porque mesmo acabamos de ver como parece que o coñecía tamén en Corcoesto; falaba unha deputada hai algún tempo, esta mañá, da cuestión.

Esa inauguración, que, efectivamente, respondía aos intereses económicos e financeiros da empresa, engádesse a unha xestión do que é o incremento ou a duplicación da ponte de Rande absolutamente nefasta en relación coas obras de carácter complementario.

E quero poñer algún exemplo. O exemplo do colexio é absolutamente espectacular en termos de incapacidade. Lévese falando dese desdoblamento da ponte de Rande dende o ano 2008, hai un proxecto dende o ano 2010, íase empezar a construír no ano 2011 e ía estar rematado no ano 2014. Todo o mundo sabía que, se á AP-9 se lle engadíán dous carrís por cada sentido, o colexio Igrexa, de Chapela, ía quedar literalmente enriba da autoestrada. Non facía falta nin cuarta dimensión nin quinta. Estaba xa moi cerca, e se engadíamos un carril, ía estar literalmente como efectivamente está: non hai nin 2 metros entre o muro, a placa contra o son e o que é a parede da esquina do colexio; unha esquina na que, por certo, hai aulas, é dicir, hai nenos e profesores, que intentarán, como poidan, dar clase ao lado dunha autoestrada que ten 60.000 vehículos diarios de intensidade media de tráfico, 60.000 vehículos diarios, dos cales un 15 % é tráfico pesado. Eu creo que convén dicilo, porque, sobre todo á xente que non é de alí, pois, en fin, pódelle parecer que estamos focalizando demasiado nestas cuestións.

Pois o Ministerio de Fomento, despois de todos eses anos de proxecto do desdoblamento de Rande, despois de que o desdoblamento estea feito e inaugurado, anuncia para a primavera do ano 2018 o inicio da construción do novo colexio. Insisto: oito anos despois, a ponte desdoblada, a autoestrada pegada ao colexio, anuncia o inicio das obras para a primavera —que creo que comeza mañá—. Lamentablemente, a Xunta de Galicia ata o de agora non dixo nada. A conselleira, cada vez que vén falar disto, do único que nos fala é do incremento das peaxes vinculado ao convenio do ministro Blanco.

E tamén quero dicilo aquí, o máis claro que poida: dese incremento que se produciu nas peaxes da AP-9 o 1 de xaneiro do 2018 o 25 % está directamente relacionado co convenio asinado por José Blanco, si; o 75 %, non (*O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Trenor, eu sei que vostede é un experto en infraestruturas, pero non, non. O 75 % non. (*Murmurios.*) Non, non. É unha cousa que se chama IPC e que se chama actualización que firmou a ministra Ana Pastor, 25 %-75 %, (*Aplausos.*) A señora Ethel Vázquez pode repetilo aquí as veces que queira, pero é falso. O IPC máis o incremento que asinou a señora Ana Pastor. (*Murmurios.*) Pois moi ben, 25 %-75 %.

Nós presentamos unha emenda na que nun dos puntos o que fai é aproveitar unha saída non utilizada nas torres de Padín, que, efectivamente, se fixo... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...en caso de que houbera peaxe no tramo entre Rande e Puxeiros... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Escóitase moito aquí.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E aquí tamén. (*Risos.*)

O señor PRESIDENTE: Por iso. Moléstalle, claro, molesta.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: É o que ten a xente que está acostumada a tomar o té ás cinco.

O señor PRESIDENTE: Molesta.

Vaia agora ao tema.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, esa emenda o que significa é aproveitar as infraestruturas que existen e o resto complementa a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Nós, independentemente de que se acepten as nosas emendas, imos pedir a votación por puntos, separando o punto 10, e o resto, dende logo, votarémolo a favor.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Nós imos apoiar esta moción que trae hoxe o BNG ao Parlamento e todas aquelas que veñan para defender os intereses de Galiza. Pero sobre todo o que imos facer, que é o importante nesta cuestión, é que o vimos defender aquí pero tamén o imos defender no Estado, porque de nada vale que o defendamos aquí se despois no Estado se veta. Porque nós non vimos aquí para enganar a cidadanía, como o está facendo o Partido Popular con este xogo de trileros coa cuestión da transferencia e o rescate da AP-9. Supoño que a diferenza será cales son os motivos que nos motivan a cadaquén para vir a esta institución. Nós viñemos para rescatalas para a cidadanía e vostedes parece que pretenden seguir ténndoas secuestradas.

Miren, os argumentos que está utilizando o Partido Popular para, nun primeiro lugar, non permitir a transferencia e reversión ao público da AP-9 e, nun segundo lugar, a transferen-

cia, deberíanlles facer sentir moitísima moitísima vergoña, se é que aínda lles queda algo diso despois de todo o que xa levan feito. Están amosando un desprezo absoluto pola democracia cando non permiten que se debata no Congreso unha proposición de lei acordada por unanimidade neste Parlamento e amosan hipocrísia con este xogo de trileros co que pretenden enganar a cidadanía. Porque é o mesmo Partido Popular o que aquí está dicindo unha cousa pero despois en Madrid está facendo outra; son vostedes, os do Partido Popular. E, ademais, tanto o Grupo Popular como o Goberno do Partido Popular veñen respaldando en todo momento todos estes argumentos da vergoña.

O argumento da insuficiencia orzamentaria para facer fronte ao rescate utilizando o método de multiplicar por todos os anos que quedan de concesión o de que se está cobrando nas peaxes, sen ter en conta o que se gasta en mantemento, sen ter en conta o que se gasta en persoal, os altos xuros, o prezo de mercado, os altísimos beneficios que se están tendo, ben, todas aquelas cuestións que se teñen que facer para facer este cálculo, que se estea facendo desta maneira, é unha auténtica vergoña e un auténtico insulto á intelixencia.

Pero temos algunha novidade a este respecto. Nós fixemos unha pregunta a Fomento no Congreso, que tivemos unha resposta hai nada máis que once días. É que non lles parece suficiente con facer a burla e falar dos 4.300 millóns, senón que van vostedes moito máis alá. Léolles simplemente dous parágrafos. No primeiro dinnos o que viñan dicindo durante todos estes meses —e tradúzoo—: «Por último, indícase que, de acordo cos últimos datos pechados e dispoñibles do 2006, a concesión da AP-9 tivo uns ingresos derivados da peaxe de 300 e de 138,6 millóns. Dado que a fin da concesión está fixada para 2048, o custo estimado do rescate de toda a concesión é 4.300 millóns de euros». É vergoñento que vostedes poidan dar unha resposta así nun documento oficial de Fomento.

Pero é que non quedan só aquí, é que aínda o despropósito hai once días medra, vai moito máis alá. E temos o último parágrafo desta parte, que pon: «Non existen consignacións nos créditos presupostarios do Ministerio de Fomento que permitan afrontar os ditos pagos, cifrados nun mínimo, a día de hoxe, de 554 millóns de euros». Din que a transferencia sen o rescate custa 554 millóns de euros —e agora cando veñan aquí ao estrado podían referendalo ou se non dicir o contrario, pero dean a cara sobre todos estes datos aquí neste Parlamento— pero que podería ascender a un total de 8.870 millóns de euros. ¡Vostedes están cifrando o rescate en que podería chegar a 8.870 millóns de euros! Posiblemente estamos falando de dez veces máis do que seguramente cobre, e hai datos no mercado agora mesmo. Hai unha oferta sobre Itinere que nos pode dar unha idea aproximada do que pode custar; están indo dez veces por riba: 8.870 millóns de euros di Fomento que pode custar o rescate da AP-9. Saian agora vostedes aquí e referéndeno ou posiciónense en contra, pero dean, por favor, a cara e deixen de agocharse e seguir vetando en Madrid.

Pero temos máis tamén. Temos un real decreto do 28 de xullo que di o seguinte con respecto ao real decreto de 2016 da peaxe da Barcala e de Rande, deses 400 millóns que di o Partido Popular que se vai aforrar Galicia —que non é tal—. Di o Ministerio de Fomento sobre o método polo que se estaba facendo a compensación, que estaban pagando a metade a Xunta e a outra metade o Estado, hai uns meses: «Esta situación considérase prexudicial para as administracións implicadas e vén supoñendo un certo enriquecemento inxusto». Saíu estes

días na prensa: «O Ministerio non aboará o monto que aportaba a Xunta pola gratuidade destes dous tramos». É dicir, que a Xunta de Galicia estivo co Goberno do Partido Popular, leva nove anos pagándolle 7 millóns de euros a Audasa que non lle tiña que pagar. ¡Esta é unha auténtica estafa, 7 millóns de euros ao ano! E vostede que sinala para alí.

No 2007 pagábanse 2.350.000 euros polos vehículos que circulaban por alí. Ben, pois no 2010 pasamos do 2009 ao 2010 de 3.593.000 a 7 millóns —duplicouse do ano 2009 ao 2010—, e a vostedes pareceulles fantástico. Levan nove anos pagando a tocateja sen ningún tipo de problema. ¡Esta é unha auténtica estafa! E déronse conta agora, agora rectifica Fomento, agora que está o debate da AP-9 enriba da mesa e que están os números saíndo. E agora Fomento di: ¡ai, non!, que estamos pagando o dobre.

Polo tanto, vostede non lle aforraron 400 millóns de euros a Galicia —que, ademais, non dan os números: son 210—. Vostedes non aforraron 400 millóns de euros a Galicia, vostedes estiveron regalando máis de 50 millóns a Audasa durante estes oito anos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, señor presidente.

Primeiro, alégrame que polo menos hoxe xa chegara a este debate o señor Bará. A última vez que presentaron unha iniciativa sobre a AP-9 no Congreso dos Deputados tivo que defendela Bildu. Supoño que a vostede non lle gusta que vaiamos do ganchete do ministro, cada un escolle do ganchete de quen vai. Nós estamos bastante satisfeitos de ir co ministro e non coas compañías que vostede frecuenta, señor Bará.

Dicía vostede ao principio da súa intervención que este era un acordo innecesario, por reiterado, e ten razón. A pregunta é, se é innecesario —eu estiven pensando—: ¿cales poden ser os motivos para que vostede o presente? A min só se me ocorren tres: ou a ignorancia ou o olvido ou a mala conciencia. Mire, ou ignora vostede cal é o estado actual da situación ao redor da AP-9 ou non se entende isto. Eu explícollo.

Mire, a realidade é que a Xunta xa apoiou e apoia a reclamación da transferencia da AP-9; e o certo é que, como consecuencia desa reclamación, que non foi atendida —tamén é certo—, se creou unha comisión mixta Fomento e Xunta que xa deu algúns froitos, por certo: o acordo da eliminación da peaxe de Rande —ese que tanto parece molesto—, o acordo de non repercusión de novas obras en peaxe. E tamén é certo que se produciron avances significativos en relación con esas obras que tanto o preocupan. Porque, como vostede sabe, teñen un trámite administrativo, está avanzándose no informe do Consello de Estado. E hoxe mesmo o ministro anunciou, en visita aquí a Galicia, que a peaxe de Rande se eliminará definitivamente no mes de xuño; unha gran noticia para Chapela que non lles temos que agradecer a vostedes. (*Aplausos.*)

Sobre a licitación dese colexio que tanto o preocupa xa lle digo que está en licitación; a urbanización dos terreos xa está licitada, adxudicada e a piques de comezar a súa execución.

Parece que descubriu agora que o colexio estaba en situación límite; recórdolle que vostedes gobernaban cando se fixo ese acordo; entón non os preocupaba nada. Pero, claro, é posible que isto o coñeza; en realidade, o que pasa é que esqueceu o que pasaba co anterior goberno. Porque mire, o outro día escoiteille a vostede dicir que o PP era cómplice de Audasa. E eu creo que, se alguén cometeu desmáns, foi o Partido Socialista; pero, dende logo, se o Partido Popular é cómplice, vostedes serán cooperadores necesarios.

Miren, critican vostedes que recibamos a obras da AP-9, ¡as obras que se reciben conforme o convenio que asinou o señor José Blanco! E claro que hai que acelerar estas obras, complementarias e de mantemento. ¿Sabe por que non estaban incluídas nesa recepción as obras complementarias, como o colexio, como os viais, como as pantallas? ¡Porque non incluíron vostedes ningunha nese convenio, ningunha! É que deixaron vostedes tirados os veciños de Chapela, señoría. E, claro, agora veñen criticar. (*Murmurios.*)

E hai cousas, señor Losada, que a min me asombran. Critican obras a cambio da subida da peaxe, unha subida do 1 % acumulativo durante os próximos vinte anos. O señor Losada, nunha mostra de falta de pudor sen límite, na súa emenda cualifica o aumento da compensación polas inversións en Rande como un aumento extraordinario. ¡Pero se o aprobaron vostedes! Pero ¿pódese ter menos vergoña? Pero —dígoo de verdade— ¿pódese ter menos vergoña para cualificar de aumento extraordinario o clavazo que lles meteron vostedes a todos os galegos? (*Aplausos.*) (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Que vergonza! Cinismo, señor Losada, por pedir... (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) despois de non eliminar a peaxe de Redondela, que nunca nos explicaron por que non a eliminaron cando se cargaron o resto da peaxe, despois de non urbanizar as torres de Padín (Vigo), cando tiñan vostedes 21.000 millóns de orzamento de investimento, agora veñen exixirle ao Ministerio cando ten a terceira parte, 7.000 millóns.

Eu xa sei que este é o modo habitual dos socialistas. Por certo, teño que recordarlles a ambos, que se queixan tanto da recepción das obras, que o incremento da peaxe polas obras non se está aplicando, é que non está aplicado. Quero que o teñan claro. Entón, eu entendo que agora veñan con estas cousas, é o lóxico. Vostedes primeiro crean cinco millóns de parados e veñen dar leccións de emprego; primeiro conxelán as pensións e logo veñen explicar como subilas; primeiro rebáixanlles o salario aos traballadores públicos e agora veñen pedir aumentos. É o modo socialista, é lóxico, eu entendo que vostede faga isto. Pero, ¡home!, nós non imos comulgar con rodas de muíño.

E, por último, como creo que de verdade coñecen o que se fai e como creo que de verdade saben o que se fixo, eu creo que o BNG presenta isto por mala conciencia —dígollo de verdade—. Eu creo que vostedes pretenden limpar o historial do BNG en relación coa AP-9, un historial que certifica que vostedes sempre van á contra de Galicia.

Miren, insisten vostedes agora en que a AP-9 é a columna vertebral galega, para que esquezamos que a cualificaron como a «navallada» a Galicia. Exixen agora a transferencia despois de que cando gobernaban votaran en contra da transferencia. Exixen a eliminación da peaxe despois de que foran vostedes precisamente os que motivaran a peaxe de Redondela. Exixen que o Estado asuma un custo despois de que vostedes asumiran 7 millóns anuais de custo que tiña como obrigación de pago o Estado.

Veñen falar aquí de amiguismo con Audasa, os que lle garantiron un 8 % de beneficio financeiro e non estableceron tope de vehículos, (*Murmurios.*) que hoxe, hoxe por certo, si está recorrido, hoxe si, efectivamente, por un goberno do Partido Popular; o que firmaron vostedes, os señores socialistas, 8 % anual. (*Aplausos.*) Non teñen vergonza, de verdade.

Miren, a min vanme perdoar. Recordábanos o outro día o señor Bará que el o día da inauguración estaba manifestándose en Rande. ¡Que ben, señor Bará! A pregunta que se fan os redondeláns era: ¿onde estaban vostedes durante os cinco anos consecutivos que apoiaron os orzamentos do señor Zapatero? ¿Onde estaban?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Recórdollo eu: mire, estaban gobernando na Deputación de Coruña, estaban gobernando no Concello da Coruña, estaban gobernando no Concello de Santiago, estaban gobernando no Concello de Vilagarcía, estaban gobernando no Concello de Pontevedra, estaban gobernando no Concello de Cangas, estaban gobernando no Concello de Moaña, estaban gobernando no Concello de Vigo e estaban gobernando no Concello de Redondela; en todos eles, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) das mans dos socialistas. ¿Sabe o que saben agora todos os galegos, señor Bará? Que o acordo do Bloque...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...Nacionalista a cambio dunha silla se converte no cachorriño dos socialistas. Iso é o que sabemos xa todos os galegos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Grupo autor da moción, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Hoxe o señor Pazos estivo inusualmente moderado. (*Risos.*) Inusualmente, sen que sirva de precedente.

Mire, señor Pazos, nós imos de ganchete de forzas políticas democráticas. De quen non imos de ganchete... (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) De quen non imos de ganchete é de corruptos e de xente que rouba das arcas do Estado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Desde logo non imos de ganchete con iso, non imos de ganchete con iso. (*Murmurios.*) E xa lle...

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, silencio.

O señor BARÁ TORRES: ...aclarei moitas veces... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor BARÁ TORRES: E volvo repetilo: non imos de ganchete con corruptos, non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Un pouco de calma, jeh!

O señor BARÁ TORRES: Vostedes teñen moita experiencia, teñen moita experiencia niso, non llelo vou recordar aquí.

O señor PRESIDENTE: Un pouco de calma, silencio.

O señor BARÁ TORRES: Teñen moita experiencia niso, así que mellor estean calados, porque teñen moitas fotografías (*Murmurios.*), e xa non lles digo de ganchete de contrabandistas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Silencio, silencio.

O señor BARÁ TORRES: Por aí non vaian. E tampouco vaian polo da navallada, porque xa lles aclarei, xa lles repetín moitas veces que quedamos curtos co da navallada. Efectivamente, o trazado era brutal, (*Murmurios.*) era brutal, pero o peor problema non foi ese: o peor problema foi que foi un roubo e unha estafa a mancheas; ese é o principal problema da navallada. Era moito máis que unha navallada.

Mire, se vostedes din que lle queren tanto a Galiza, tanto a AP-9, que queren tanto a transferencia, téñeno fácil: díganlles aos seus deputados e deputadas do Partido Popular en Madrid que voten a favor da transferencia e está o asunto arranxado. É así de fácil o problema. Polo tanto, coherencia, nada máis que iso. Non valen florituras, non valen xogos florais, non valen acordos parlamentarios cando despois se vota o contrario en Madrid. Téñeno fácil: díganlles, se teñen algo que dicir e mandan algo, que voten a favor de Galiza e que cumpran cos compromisos deste Parlamento. (*Aplausos.*) Iso é así de fácil.

Miren, vostedes din que non van financiar novas obras con peaxes, pero acaban de aprobar a supresión —ben, xa veremos cando é— da peaxe de Redondela a Vigo —xullo ou xuño— cun novo incremento das peaxes. E nós dicímoslles que así non, que hai outras fórmulas. Igual que lles dicimos que para o colexio de Chapela se asinou un convenio no ano 2015 e están sen iniciar as obras e están padecendo as consecuencias da ampliación da AP-9, porque a vostedes o que lles interesaba era inaugurar a suba das peaxes de Rande. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. Silencio.

Está no uso da palabra. Silencio.

O señor BARÁ TORRES: O convenio... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. Xa está... Non, non, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa está, silencio.

O señor BARÁ TORRES: O convenio do 2011 do señor Blanco, ao que o BNG se opuxo —a esa obra e a ese convenio—, foi ratificado e ampliado no 2012 e no 2013 pola ministra Ana Pastor.

Polo tanto, vostedes son cómplices e colaboradores e partícipes de todas esas decisións, incluída a suba das peaxes, todas as subas das peaxes, do 3,81 %; son vostedes responsábeis de todo iso.

Polo tanto, señores do Partido Popular, está claro cal é o seu papel, que é defender todas as decisións que se toman en Madrid e ser servís a iso.

E con respecto ás emendas do Grupo Socialista, non lle podemos aceptar a número 10, (*Murmurios.*) a que fai referencia á conversión deste tramo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, quero enterarme eu.

O señor BARÁ TORRES:en vía urbana... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, xa está ben. Silencio, por favor.

(*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non, por favor, señor Pazos, se vostede xa estivo no debate; agora interésame a min saber como vai o das emendas, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Que tivo hoxe aquí unha actuación moderada.

O señor PRESIDENTE: Fáleme das emendas. Non acepta a número 10, que é a de modificación, ¿non?

O señor BARÁ TORRES: Si, a número 10 é de substitución.

O señor PRESIDENTE: Iso.

O señor BARÁ TORRES: Non a acepto. E aceptamos as seguintes, que serían emendas de engádegas, e aceptámoslle a votación separada dese punto 10, aínda que non entendemos que non queiran aceptar unha proposta que simplemente di: «un estudo da mobilidade e das consecuencias que tería esa obra».

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero e igualdade

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

Para formular a moción ten a palabra a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Malia o coñecido espellismo da igualdade do que temos falado moitas veces nesta Cámara, hoxe neste mesmo intre a metade da poboación continúa sendo obxecto de discriminación e violencia cotiá polo mero feito de ser muller.

Afortunadamente, o certo é que os últimos anos o feminismo avanzou cara a unha maior concienciación da sociedade e, de feito, vimos dun grande éxito acadado nas rúas deste país, de todo o Estado, de moitos Estados do mundo, o pasado 8 de marzo nas rúas. Pero tamén o é que as estruturas sociais e políticas que permitiron a continuidade das violencias patriarcais durante séculos seguen vixentes, aínda queda moito por mudar, tanto na nosa contorna persoal como tamén, por suposto, na institucional, para lograr a igualdade *de facto* e rematar dunha vez por todas coa inxusta subordinación das mulleres aos homes.

Algúns dos cambios máis importantes que temos que levar a cabo teñen precisamente que ver co noso imaxinario. Nos casos de violencia sexual, as mulleres seguimos a ser explotadas pola sociedade, así como tamén por certos profesionais que se ven involucrados na asistencia, que as miran con certa suspicacia. Deste xeito, ás vítimas da violencia sexual exíxeselles o que sería impensable se foran vítimas de calquera outro tipo de delito. Ninguén ousaría preguntarlle a unha persoa vítima dun roubo, por exemplo, canto e como se resistiu ao crime ou se normalmente ten unha conduta que poida inducir a pensar que lle gusta regalar os cartos. Un roubo é un roubo, e punto, pero a violencia sexual é sempre —e ante todo— un motivo de sospeita. Se isto sucede, é porque continuamos pensando que en moitas ocasións as mulleres provocan a violencia dos homes, somos nós —segundo parece— as responsables das agresións que padecemos. Basta botar unha ollada á prensa, basta acender a televisión. Semellante hipótese é a culpable de que as vítimas de violencia sexual sintan vergoña de si mesmas e cheguen a cuestionar máis o seu propio comportamento que o dos atacantes.

As institucións tampouco son inocentes ante isto. Xa o dereito romano solicitaba tumulto e berros de loita para provocar que se actuara en contra da vontade da vítima, porque, por suposto, a súa palabra non era suficiente. É que a palabra dunha muller parece nunca ser suficiente, sempre é sospeitosa, incluso agora. Non temos máis que recordar o caso aínda recente e lacerante da «Manada»; cinco homes forzaron unha moza a manter relacións sexuais con eles, a continuación abandonárona nun portal e roubáronlle o teléfono, e, non obstante, foi o comportamento dela o que estaba sendo xulgado a todas horas en todas as cadeas de televisión, en todos os medios de comunicación, preguntándose cousas tales como se se insinuara a aqueles homes, por que os acompañara, onde fora con eles e un longo etcétera de despropósitos dirixidos a cuestionar a versión da vítima.

Este tipo de actitudes que culpabilizan as vítimas e desculpan os agresores constitúe o que chamamos a cultura da violación. No marco desta cultura, unha agresión sexual non é nunca un feito illado que atinxe a unha única muller, senón que é tamén unha advertencia para o

resto de nós. Iso é o que nos pode suceder se non atendemos os requirimentos do patriarado. Por esa razón é importante que asumamos que a loita feminista é sempre unha batalla colectiva: cando tocan a unha, tócanos a todas. Unha batalla inxente que tamén debemos dar dende as institucións, que durante demasiado tempo funcionaron ao servizo do inimigo.

O primeiro que podemos e debemos facer, dende o espazo institucional, é favorecer a visibilización das violencias sexuais, que pola súa propia natureza tenden a permanecer na esfera privada. Para iso é preciso recoller datos que subliñen a gravidade do que acontece e nos permitan adoptar as medidas necesarias para solucionalo.

Como demostraron as sucesivas macroenquisas encargadas polo Goberno do Estado, os cuestionarios son o mellor método para traballar con gran cantidade de cifras. Grazas a elas, sabemos que no ano 2015, por exemplo, o 24,2 % das mulleres residentes en España de máis de 16 anos sufriron violencia física ou sexual no transcurso das súas vidas; isto é, case a cuarta parte da poboación de mulleres adultas do Estado español foron vítimas da violencia machista. Esa é a magnitude do problema ao que nos enfrontamos, unha de cada catro. Outro dato. Cada oito horas prodúcese unha violación; fíxense: soamente no tempo que dura un pleno, unha violación.

Son datos, como dicía, do conxunto do Estado, e dende En Marea pensamos que é preciso que teñamos unha perspectiva análoga do que sucede en Galicia. Por iso, na moción que defendemos hoxe solicitamos a elaboración dunha macroenquisa galega sobre a incidencia da violencia ao longo do ciclo de vida das mulleres, onde se inclúan apartados específicos sobre as violencias sexuais, de tipo cuantitativo e cualitativo. Trátase de que teñamos todos os datos dispoñibles. Deste xeito, cos datos na man, será máis sinxelo loitar contra o machismo en todos os eidos.

Por iso, tamén defendemos a pertinencia de elaborar anualmente un informe autonómico que identifique cales son os perfís, a evolución e as tendencias en materia de agresión e os abusos sexuais, así como a resposta da Administración ante este tipo de delitos.

Na mesma liña propoñemos a creación dunha mesa de coordinación e análise autonómica sobre violencias sexuais antes de que remate o 2018, onde, primeiro, estean presentes todos os axentes implicados: administracións, colectivos e asociacións especializadas. En segundo lugar, se poña en marcha un plan de traballo para coordinarse coas administracións locais, así como coas empresas privadas e co conxunto das institucións públicas, para elaborar protocolos contra o acoso laboral e por razón de xénero. En terceiro lugar, se elabore e se poña á disposición pública un mapa de recursos de atención ás mulleres vítimas de violencia sexual. En cuarto lugar, se avalíe nese debate sobre as campañas de prevención e de pautas de acción ante agresións sexuais. E, por último, se elabore un mapa de puntos negros de violencia machista, onde as mulleres perciben máis inseguridade ou onde se sufriron agresións.

Doutra banda, na nosa moción incluimos a necesidade de desenvolver un programa específico de atención para as vítimas de violencias sexuais onde se inclúa a atención psicolóxica —cuestión fundamental na atención ás vítimas deste tipo de delitos— e todos os medios necesarios para todas as persoas que os precisen.

Falamos dun programa específico, porque, malia que existe un programa de atención a vítimas de violencia machista, non existe para a violencia específica, a violencia sexual. E nós pensamos que é preciso un programa específico para precisamente evitar a vitimización secundaria, un problema de primeira magnitude cando falamos de violencia sexual, xa que — polo que dicía anteriormente— moitas das vítimas que denuncian aseguran sentirse traumatizadas polos controis médicos e os interrogatorios que se suceden durante o proceso penal. Séntense escritadas e xulgadas e, polo tanto, cuestionadas. Isto é algo que desde as administracións públicas non se debería de permitir.

Pensamos que é necesario, tamén, avaliar os incumprimentos relativos á utilización da linguaxe inclusiva por parte das administracións e facer que todas as publicacións e comunicacións promovidas e/ou contratadas pola Administración empreguen esta linguaxe non sexista, xa o vimos no pasado pleno, hai moito que facer, moita concienciación que facer no que atinxe á linguaxe non sexista.

Obriga que non cimentamos nós, senón que está derivada da normativa vixente en materia de igualdade e que non sempre se cumpre como debería.

E debemos falar tamén de formación. Formación necesaria en todos os eidos, imprescindible para ofrecer a mellor atención posible. Por iso, o noso grupo propón a atención dun programa específico para o persoal de recursos humanos das empresas públicas e privadas e da Administración pública en materia de xénero e prevención de acoso. E formación tamén, por suposto, nas escolas, unha cuestión moitas veces repetida nesta Cámara que nos parece de particular relevancia e urxencia: a formación en igualdade para a xente moza, o papel da escola como axente de cambio.

Neste senso, propoñemos unha vez máis a creación de prazas de axentes de igualdade nos centros educativos, a elaboración dun plan de formación en igualdade para o corpo docente, dirixido á prevención e á detección das violencias machistas. Estender a materia de igualdade de xénero a todos os cursos educativos, así como o desenvolvemento dun plan de patios coeducativos. Por suposto, para que todo isto poida concretarse, precísanse orzamentos á altura.

Por iso, solicitamos que no vindeiro exercicio orzamentario o orzamento asignado á igualdade de xénero constitúa, cando menos, o 1 % do conxunto orzamentario, cifras concretas, compromisos concretos, porque sen orzamentos non hai políticas, sen recursos non hai políticas, sen diñeiro sobre a mesa o único que hai é propaganda, como eses pactos de Estado que lles gusta tanto asinar ao Partido Popular.

Nós estamos cansas de propaganda, queremos compromisos concretos, por iso pensamos que é un punto totalmente irrenunciabile da nosa moción.

Despois do pasado 8 de marzo asistimos a un repentino cambio —sorprendente cambio— no discurso da Xunta. Despois de escoitar cousas tales como que a manifestación feminista do 8 de marzo era o máis machista que se podería facer, de pronto o presidente da Xunta, así como case todos os seus conselleiros, saíron apoiando as demandas cidadás dos milleiros

de mulleres que saímos á rúa para exixir igualdade e dignidade. Gustaríanos crer que as súas palabras serán honestas, pero para iso terían que apoialas con feitos consumados a favor do movemento feminista. Non máis palabrería, máis compromisos. Agora teñen a ocasión de comprometerse.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Se me permiten unha paréntese, porque se fala sempre do da navallada. Eu quería facerlles unha suxestión, hai un documental que está pendurado na rede do ano 1977, titúlase: «Autopista, unha navallada á nosa terra». E a orixe, precisamente, dese símil é da autoría de Llorenç Soler e da fotoxornalista Anna Turbau; de 1977 era ese símil da navallada e a AP-9. Pecho paréntese, xa, a este respecto.

E indo xa á cuestión e sen querer quitarlle nin restarlle importancia, en absoluto, á cuestión que se aborda na moción que presenta hoxe En Marea, nós, desde o BNG, incluímos unha emenda de engádega a esa moción que está enfocada, que está centrada nunha cuestión que para nós é absolutamente fundamental. Xa o avanzamos, xa o falamos noutras ocasións nesta Cámara, tamén no pleno pasado, e para nós é absolutamente central cando falamos de igualdade, de medidas reais e efectivas para promovelas, sobre todo cando falamos dos centros de ensino, como dicía a señora Chao, como un elemento de transformación social. Para nós é absolutamente fundamental a cuestión que nós presentamos hoxe na nosa emenda de engádega, e que liga, ademais, precisamente, con esas demandas das masivas manifestacións vividas tanto o día 4 como o 8 de marzo no noso país.

Unhas manifestacións nas que se escoitou unha mensaxe moi clara, unha mensaxe moi directa e, ademais, unha mensaxe moi contundente, e é que xa non valen declaracións de intencións, nin discursos baleiros, nin fume, nin propaganda, senón que o que se urxe son accións concretas e, sobre todo, medidas reais e efectivas que vaian na liña de desterrar o machismo e de sachar —se me permiten tamén ese símil, xa falando de símiles— para arrincar de raíz unha cultura patriarcal que se segue reproducindo e retransmitindo, tamén, a xeracións máis novas.

E neste sentido —como xa temos defendido noutras ocasións nesta Cámara—, nós o que propoñemos na nosa emenda é a supresión dos concertos e de todos os fondos públicos que sosteñen a discriminación por razón de sexo nas aulas do noso país, que seguen sostendo 58 unidades, 58 unidades en 5 centros concertados nos que se separan mulleres e homes nas aulas; 58 unidades de ensino en 5 centros ligados ao *Opus Dei*.

Porque, miren, esta fin de semana —eu supoño que igual ca nós máis persoas dentro desta Cámara— tivemos a gustosa oportunidade de escoitar unha entrevista da secretaria xeral de Igualdade, na que dicía que a coeducación é a chave, é un dos alicerces fundamentais na loita contra a reprodución de roles e estereotipos machistas. Dicía a señora López Avella, tamén, que se non se traballa a coeducación seguirá habendo violencia de xénero.

E dicía unha señora, que fai parte dun goberno que vostedes sosteñen coa maioría nesta Cámara, que blindou os fondos públicos o ensino segregacionista até 2023, e suprimiu, ademais, a coeducación como criterio de preferencia no reparto dos concertos, sen que esa Secretaría Xeral de Igualdade dixese absolutamente nada.

E, como saben vostedes, a coeducación baséase na convivencia, ese é o elemento central para poder desenvolver un ensino baseado na coeducación: non separar as mulleres dos homes, porque —como vostedes saben mellor que ninguén— vivimos e compartimos a mesma sociedade.

Eses fondos dirixidos ao ensino privado, ao ensino discriminador do alumnado por razón de sexo, sae, ademais, dos petos das traballadoras e dos traballadores deste país, de maneira que se está a usar o diñeiro de todos, o diñeiro público, para financiar a segregación, a separación e a discriminación. Non cabería en pleno século XXI na cabeza de ninguén que se financiasen con cartos públicos centros dirixidos a persoas negras. ¿Por que aceptamos que se financien con cartos de todos, con cartos públicos, centros que separan as mulleres dos homes nas aulas?

Nós tamén compartimos —como se propón na propia parte resolutiva da moción e como se acaba de defender aquí agora por parte de En Marea— que o que urxen son compromisos reais, non declaracións ocas e que, polo tanto, fagamos política. Esta mañá volviamos escoitar esa idea, un tanto paradoxal dentro dun parlamento, de que non se pode politizar, si. Política é unha decisión política, é deixar de financiar a separación de mulleres dos homes nas aulas, da mesma maneira que é unha decisión ideolóxica manter o financiamento destes centros.

Non me queda máis tempo. Remato, que nos aledamos, sobre todo, de ver ese último punto, que ademais acaban de poñer agora como unha condición indispensable; alédanos moito ver esa proposta do 1 % do orzamento dirixido ao combate da violencia machista e á promoción da igualdade real e efectiva. É unha cantidade, ademais, que levamos anos a defender desde o BNG que é urxente e indispensable que sexa destinada a combater todas as formas de violencia machista, entre elas, tamén, como centrou tamén a portavoz de En Marea, a violencia sexual. Unha violación con penetración denunciada á semana no noso país. Unha violación sexual á semana, e eses son os datos sobre os que se ten rexistro e documentación oficial. Estamos diante dunha realidade á que non podemos poñernos de perfil, nin moito menos darlle as costas.

Pola nosa banda, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Falar de violencia sexual é falar dunha das violencias de xénero talvez máis invisibilizadas e esquecidas, por iso nos parece hoxe acaído que se trouxera aquí este debate á Cámara. E é especialmente porque dende o 8 de marzo temos que convivir cunha situación difícil de dixerir, e non só para o Partido Socialista, senón para todas as mulleres de Galicia que ven como a política de igualdade está en mans de quen non creu nas súas demandas, dubidou da súa libre decisión e do lícito e do importante das reclamacións.

Como a señora concelleira de Igualdade en Ourense, a señora Godoy, acusando as mulleres que pretendían manifestarse de fomentar o enfrontamento, o odio entre homes e mulleres, a androfobia, e incluso de pretender romper a estrutura da sociedade actual. *(Aplausos.)*

Debe ser que o ruído das clases de zumba que promociona dentro da súa concellería non lle permitiu prestar atención ás verdadeiras demandas das ourensás. Agardamos que se plante a súa dimisión por respecto coas mulleres ourensás, e digo ourensás, non digo nin socialistas, nin mulleres de En Marea, nin mulleres nacionalistas, senón todas as ourensás que saíron á rúa e que non aproban a súa xestión nin as súas actitudes. Porque iso *(Aplausos.)* sería tanto como dar o visto bo a que nun prado sexa o lobo o que coida das ovelas.

Para todos e todas as que como a señora Godoy non teñen claros certos conceptos de igualdade, aclaremos primeiro a que nos referimos cando falamos de violencia sexual. Segundo relata a Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, no seu artigo 3, as violencias sexuais e os abusos sexuais defínense como aqueles que inclúen calquera acto de natureza sexual, forzado por un agresor ou non consentido por unha muller, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal de parella afectiva ou de parentesco coa vítima.

E, por outro lado, acoso sexual inclúe aquelas condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual para si ou para unha terceira persoa nas que o suxeito activo se prevale dunha situación de superioridade laboral docente ou análoga. Disto último tamén por Ourense saben bastante.

Ambas as dúas manifestacións son violencias de xénero, como tamén o son as físicas, as psicolóxicas, as económicas ou a trata de mulleres e nenas con fins de explotación. E é certo que así como outras violencias gañaron en visibilidade e, polo tanto, tamén en detección, as violencias sexuais seguen a pertencer a un ámbito un pouco máis íntimo e máis privado. Os datos da última macroenquisa sobre violencia do ano 2015, editada polo Ministerio de Sanidade, revelaban como un 7,2 % das mulleres españolas teñen sufrido violencia sexual fóra do ámbito da parella ou da ex-parella nalgún momento da súa vida. E destas unha de cada cen foi violada nalgún momento, de feito hai unha violación cada oito horas en España, a cifra é francamente terrible.

E conclúense tamén outro tipo de datos, como que a medida que aumenta o nivel de estudos aumenta a porcentaxe de mulleres que teñen sufrido violencia sexual ao longo da súa vida.

Este último dato fala dunha cuestión que para nós é moi importante. En violencia de xénero incídese moito, tamén nas propias campañas de prevención, nun prototipo de muller economicamente dependente e con pouca formación. E as estatísticas amósannos que as violencias contra as mulleres non saben de perfís. Son precisamente as máis formadas, neste caso, as quen máis sofren as violencias sexuais.

Polo tanto, sexamos conscientes de que a violencia de xénero afecta todas as mulleres, un problema de xénero, da metade da poboación, e deixemos de crer que a solución pasa por empoderar as mulleres. Abandonemos o discurso de que teñen que ser as mulleres as que se protexan dos homes, as que saiban dicir non, as que non saian soas polas noites, as que non beban se non queren estar expostas a unha violación. As mulleres queremos ser libres, sen ter que ser cautas para selo, igual que os homes. Deixemos de poñer, polo tanto, o foco da solución nas mulleres, o 98,1 % dos agresores son homes, por iso parece mentira que sexan eles os excluídos e apartados das campañas, das medidas e das solucións.

O Partido Socialista cre firmemente que na educación en igualdade dos nenos e nenas un dos puntos nos que hai que incidir e depositar todos os esforzos é en apostar por políticas preventivas, que na balanza da igualdade consigan por si mesmas reducir a necesidade das políticas paliativas. Fomentar a educación afectivo-sexual non con relacións de dependencia ou de submisión, senón de relacións saudables e sas, respectándonos como iguais.

Apoiamos, polo tanto, esta moción cunha emenda ao punto 7.a) en liña co texto xa transaccionado no pleno de hai dúas semanas e que modificaría o texto, pasando a dicir que se creará a figura de coordinador de igualdade en todos os centros educativos da comunidade autónoma, que será un docente con experiencia acreditada e que recibirá a formación e apoio necesario para o eficaz desenvolvemento da súa tarefa.

Agardamos sexa atendida esta transacción, e polo demais apoiaremos esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Consenso, consenso, consenso, unha vez máis, unha iniciativa máis, unha intervención máis en prol da igualdade, en prol de acabar coa violencia machista, e unha vez máis eu insisto en que temos que chegar a acordos, en que temos que ter consenso.

Só acabaremos coas actitudes violentas cando os agresores perciban que non teñen espazo nin cabida na sociedade, que existe unidade entre todos e todas para acabar coa desigualdade, coas violencias machistas, sexa violencia verbal, física, psicolóxica, económica ou sexual.

Traen hoxe a debate o grupo das mareas oito puntos, e referireime a eles brevemente.

Piden, en primeiro lugar, unha mesa de coordinación cunha serie de funcións, que poderían atoparse dentro das que actualmente leva a cabo o Observatorio Galego da Violencia de Xénero, en aras dunha mellor coordinación, e non empezar a dispersar o traballo en diferentes mesas ou grupos de traballo. Dende o Grupo Parlamentario Popular propoñemos na nosa emenda que se cree un subgrupo técnico de traballo dentro do observatorio, do que formarían parte todas esas administracións, colectivos e asociacións especializadas que propoñen vostedes na súa iniciativa.

Tamén propoñemos que se elabore un protocolo de acoso sexual para difundir e pór en marcha nas empresas galegas, e igualmente propoñemos que se difunda o Mapa de recursos de atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, que xa está dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia.

Porque vostedes, señorías, na súa iniciativa falan de violencia sexual como se non fose violencia de xénero, como se non estivese incluída dentro da Lei de violencia de xénero. E a verdade resulta un pouco sorprendente, porque calquera vítima de violencia sexual ten acceso a todos os recursos que se dan dende a Xunta de Galicia, dende todas as administracións, e que promoven a Lei de igualdade e a Lei de prevención e tratamento de violencia de xénero.

Non entendo moi ben cando vostedes piden, pois, dotar as vítimas de violencia de xénero, de violencia sexual, de atención psicolóxica. Como ben saben, xa ese recurso existe para as vítimas de violencia de xénero, entón non entendo moi ben cal é o seu plantexamento, porque non sei se é poñer á marxe, se é unha cousa distinta cando están accedendo ao recurso de atención psicolóxica.

A verdade é que non o entendo, igual me poden explicar se é unha cuestión diferente ao recurso que se está dando agora ás vítimas de violencia de xénero. Tendo en conta, tamén, que a nosa Lei galega de violencia de xénero é máis avanzada que a lei estatal, porque inclúe as agresións sexuais que non inclúe a lei estatal. Entón, parece que presentando esta iniciativa vostedes están recoñecendo *de facto* que a violencia sexual non entra dentro da violencia de xénero.

A verdade é que non o entendo moi ben, pero en calquera caso nós queremos chegar a acordos nesta materia, e por iso propoñemos unha emenda para mellorar se, efectivamente, hai algunhas cuestións nas que sempre se pode avanzar.

Falan vostedes de elaborar unha macroenquisa en Galicia sobre a incidencia de violencia de xénero ao longo do ciclo de vida das persoas. Ben, estamos de acordo, xa houbo unha no ano 2011 cuxos resultados se fixeron públicos no 2012, e non nos parece mal que se faga outra.

Tamén propoñemos levar a adiante un programa específico para o persoal da Administración pública en materia de prevención do acoso sexual, e tamén estamos de acordo con que dentro do informe anual do seguimento da Lei de tratamento integral da violencia de xénero se inclúa tamén a información sobre as violencias sexuais. Unha vez máis, se a violencia sexual entra dentro da violencia de xénero, non entendemos por que hai que sacar a violencia sexual fóra do informe xeral de violencia de xénero.

Porque, señorías, as violencias machistas teñen a mesma orixe de desigualdade e a mesma distorsión de posesión ou primacía do home sobre a muller; por tanto, non entendemos por que queren sacar as violencias sexuais do informe xeral de violencia de xénero.

Por tanto, eu creo que debe de estar incluído aí, debe ter un mesmo tratamento, coas especificidades de cada tipo de violencia: da psicolóxica, da económica, da verbal e da física, lóxicamente.

Tamén estamos de acordo con que se incrementen os orzamentos tanto en prevención como en intervención en materia de violencia de xénero. Vostedes falan dun 1 %. Ben, a suma das partidas destinadas tanto a intervención como a prevención xa están por riba do 1 %. Nós consideramos que se debe de incrementar o orzamento, si, non se sorprendan, agora non lles podo facer as contas porque non teño tempo, pero si que se está.

Despois, nas outras cuestións das que non falamos na emenda é porque xa se están facendo. Por exemplo, no punto 1, como lle dicía, a violencia sexual forma parte da violencia xénero, e por tanto xa hai programas e a atención psicolóxica xa se dá. O programa Liana, de finais do 2017, é un programa específico de intervención con mulleres vítimas de abuso e de violencia sexual.

En canto á utilización da linguaxe non sexista, señorías, xa existe na páxina web da Xunta de Galicia un apartado específico sobre iso. O que non imos entrar é en enredarnos en vocábulos imposibles, como *miembra*, ou *portavoza*, porque iso nada favorece para que nos tomen en serio neste tema.

E no ámbito educativo, pois mire, vostede fai referencia ás prazas de axentes de igualdade. Sobre iso teríamos moito que debater, porque, mire, eu formo parte da primeira promoción de axentes de igualdade de Galicia, e a verdade é que hai asociacións que están loitando para que se considere esta figura profesional, e claro que hai persoas que fixeron cursos de 250 horas, e que consideran que son axentes de igualdade. Vostedes, na súa iniciativa, poñen un mínimo de 300 horas. A verdade é que eu creo que nós non deberíamos de tomar ningún acordo sobre o número de horas que se consideran como formación para considerar se unha persoa é axente de igualdade ou non. Sobre iso sabía moito a deputada socialista Carmen Cajide, que era presidenta dunha asociación de axentes de igualdade, e creo, señorías, que nese debate non debemos de entrar —insisto— sen contar co consenso dos profesionais afectados.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Ben, creo, señorías, que as nosas propostas son realistas e útiles, camiñan no mesmo sendeiro que a súa proposta, e creo que podemos chegar a acordos naquilo no que estamos de acordo e deixar á marxe aquilo no que non estamos de acordo.

Se hoxe queremos saír de aquí cun acordo e con consenso en materia de violencia de xénero, está na súa man. Se non, pois nada, seguiremos politizando, facendo da igualdade e da violencia de xénero unha arma arroxadiza política, pero para iso non conten co Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da moción, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Ben, en primeiro lugar queremos agradecer o interese dos grupos da oposición na moción que hoxe presentamos. Respecto ás emendas, dicir, en primeiro lugar, que imos aceptar a emenda do Bloque Nacionalista Galego. Por suposto, dende En Marea, como xa temos defendido en múltiples ocasións nesta Cámara, consideramos urxente rematar cos concertos naqueles centros que segregan o alumnado. É imprescindible rematar con esta práctica machista, e dende logo defender a igualdade é incompatible con financiar a quen practica a discriminación e a diferenza.

No que atinxe á emenda do Grupo Socialista, propoñemos unha transacción equivalente á que xa acordamos no pasado pleno, cando falamos dos axentes de igualdade e cando consensuamos a necesidade de creación de axentes de igualdade que contaran, como mínimo, coa titulación de formación profesional superior específica nesta materia.

E respecto ás emendas do Grupo Popular, temos que dicir que nos parecen claramente insuficientes. Señora Prado, consenso, consenso, consenso, por suposto, só faltan vostedes, así é que os animamos a que se unan. *(Aplausos.)* Agardamos que si, consenso, consenso, consenso, por suposto. Consenso, pero non o de sempre, que traian emendas encamiñadas unicamente a desvirtuar as nosas propostas e deixalas no de sempre: palabras, palabras, palabras. Nós preferimos o consenso.

¿E por que lle digo isto? Mire, porque podíamos chegar a transaccións en varios dos puntos que propoñen. No primeiro, por exemplo, nós estamos defendendo unha mesa e vostedes un subgrupo. Ben, iso é negociable. A cuestión é que nós queremos que sexa un espazo efectivo, realmente. Moitas veces coñecemos grupos de traballo que só se reuniron unha vez, na súa propia constitución. Podería preguntarlle, por exemplo, cantas veces se xuntou o Observatorio Galego.

Por iso non queremos abstraccións, nin declaracións de boas intencións, senón unha data concreta para a creación, que vostedes anulan na súa proposta.

Pero, como digo, sobre isto poderíamos chegar a un acordo. O problema é todo o que eliminan, eliminan as nosas propostas en materia de ensino, ou a nosa proposta sobre a elaboración dun mapa de puntos negros da violencia machista, onde as mulleres perciben máis inseguridade, ou onde se sufriron agresións.

Nós entendemos que este punto é moi importante para as mulleres, porque precisamos coñecer, tamén, como son as agresións de maneira cualitativa, onde ocorren e onde podemos incidir para evitar que máis mulleres teñan medo.

Non só o dicimos nós, a propia sociedade organizada, as propias mulleres están asumindo esta tarefa como propia, elaborando cousas tales como mapas do medo. Fíxese, mapas do medo, como se non tiveramos moito que facer.

Ou na cuestión do programa de atención específica. Vostedes falan dun programa de atención ás vítimas de xénero, pero a cuestión é que nós entendemos que a violencia sexual precisa unha atención especializada. Por iso propoñemos un programa específico, que pode estar dentro dun programa máis xeral, pero na práctica non funciona nese sentido. Na práctica, e seguro que o sabe, hai moitas mulleres vítimas deste tipo de agresións que quedan sen atención especializada.

Pero sobre o que non podemos negociar é sobre o último punto, a cuestión orzamentaria. Señora Prado, esta é a chave. Nós propoñemos no vindeiro exercicio orzamentario aumentar o presuposto asinado á igualdade de xénero ata un 1 % do conxunto dos orzamentos, e vostedes propoñen aumentar, pero non canto, nin como, nin nada. E acaba de dicir que xa están gastando máis. En fin, de ser así non terían ningún problema en aceptar a nosa proposta. ¡Que pouco rigor, señora Prado! ¡Que pouco rigor! Agardamos os seus números, xa que agora non os ten a man nin na cabeza, só sobe aquí e di o que lle dá a gana, agardamos a cifra concreta.

Mentres tanto insistimos, nós desconfiamos, porque xa sabemos bastante dos números do Partido Popular, xa sabemos dos números de incremento do Partido Popular, como ese 0,25 % de miseria que lles queren subir aos pensionistas.

Por iso desconfiamos, sabemos das súas subas de miseria, das subas que son baixadas, en realidade. Por iso non nos fiamos, así que a nosa proposta é clara, se aceptan este punto comprométanse cunha cifra orzamentaria concreta e o consenso será posible. De non ser así, En Marea non vai aceptar emendas encamiñadas unicamente a un titular na prensa, a finxir que fan. Co noso beneplácito, dende logo que non. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a igualdade entre homes e mulleres nos ámbitos da ciencia, a tecnoloxía, a investigación e a innovación

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Marián García Míguez e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda de substitución a esta moción.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Que, no marco do Pleno da Unidade de Muller e Ciencia da Xunta de Galicia propoña:

a) A actualización e modernización da páxina web de Unidade de Muller e Ciencia como mecanismo necesario de difusión e de visibilización das mulleres científicas e tecnólogas galegas e que sirva ademais como canle de promoción da súa imaxe e do seu traballo na sociedade.

b) Desenvolver novas accións de recoñecemento das mulleres do ámbito científico-tecnolóxico e da innovación a través da:

- Colaboración coas universidades galegas, en particular coas Oficinas de igualdade, para promover accións de impulso da transversalidade de xénero no ámbito universitario.

- Ampliar a realización de accións de información e de sensibilización, principalmente no ámbito educativo, concretamente, ampliando e impulsando novas actuacións dentro do Programa Donas de Sí, incluído no Plan Proxecta, tales como: a elaboración de Unidade Didáctica Premios Maria Josefa Wonenburger; rotación da exposición Premios Maria Josefa Wonenburger, acompañada dun folleto informativo e, charlas sobre as mulleres científicas nos centros educativos de Galicia, co fin de que o alumnado coñeza referentes femininos nas profesións STEM e así contribuír á necesaria redución da brecha existente no campo das ciencias e da tecnoloxía, cun efecto de retroalimentación nas vocacións das rapazas e mozas.

c) Continuar coa realización de estudos en torno á incorporación das mulleres ás profesións STEM.

d) Avaliación do cumprimento do II Programa Galego de Muller e Ciencia, que se presentará no Parlamento de Galicia durante o ano 2018.

2. Que a Axencia Galega de Innovación, GAIN, realice unha análise pormenorizada dos métodos de avaliación das axudas públicas á innovación para detectar que se pode mellorar para impulsar máis intensamente a presenza das mulleres nas actividades de innovación que se realizan en Galicia por parte das empresas.

3. Dar visibilidade á perspectiva de xénero nas actuacións da Axencia Galega de Innovación, GAIN, así como no Plan Galicia Innova 2020.

4. Instar e colaborar na elaboración de planes de igualdade polos centros tecnolóxicos existentes en Galicia e cos que GAIN colabora, prestando asesoramento a aqueles que o necesiten.

5. Desenvolver desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria medidas que promovan a participación das mulleres na transformación dixital da industria cara unha Industria 4.0.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Como vostedes saben, esta moción preséntase a consecuencia da interpelación desenvolvida no pleno anterior sobre o papel da muller na ciencia e os problemas das desigualdades, que aínda están presentes neste ámbito, como en moitos outros. Pero este ámbito debe de ser un aspecto individualizado dentro dos programas de igualdade, tal como defende a Unesco e tal como defende a Unión Europea, que leva xa vinte anos insistindo nas necesidades de que todos os países membros poñan en marcha políticas transversais ao respecto e que rematen coa invisibilidade e a segregación das mulleres no ámbito científico, investigador e tecnolóxico.

Nesa interpelación creo que ofrecín datos, que penso significativos, sobre a situación da muller na ciencia, tanto en España como en Galicia. As estatísticas son moi teimudas e indican que en España a participación da muller non mellorou, está estancada dende hai dez anos, e que en Galicia descendeu o número de investigadoras das universidades un 16 % nos últimos nove anos. Por certo, moito máis que en España, que aínda segue existindo un teito de cristal moi importante, e que a pesar de que a igualdade entre homes e mulleres está recoñecida dende o punto de vista normativo, non está implantada na realidade social, como estamos a ver de forma cotiá, e tampouco no mundo da ciencia.

É necesario incidir nel, porque este, como saben vostedes, é un mundo onde a avaliación dos méritos é continua e onde funciona, fundamentalmente, o mérito, o mérito individual e dos grupos onde un está inscrito.

Por iso é un mundo moi refractario, incluso a pesar de que pode haber elementos e variables socioculturais que poidan influenciar o seu desenvolvemento, pero si existen. Existen discriminacións, moitas delas incluso inconscientes, e seguen funcionando estereotipos de xénero.

Dino os datos ofertados polo Ministerio de Economía a través das análises de científicas en cifras, que demostran que a porcentaxe de mulleres que reciben axudas de I+D+i sobre o total de solicitantes é sistematicamente inferior á dos homes. Da mesma maneira, demostrase, e tense medido, que as revistas científicas aceptan un 10 % menos de artigos firmados por mulleres que por homes.

E vostedes seguramente recordan os estudos, que tiveron moita repercusión ultimamente, sobre a selección de persoal, que demostran que a igualdade de currículos, e confirmados co nome e apelidos, os comités de selección de persoal elixen, sistematicamente, os homes, situación que cambia radicalmente cando os currículos son anónimos, que entón aí si que hai unha elección moito maior das mulleres.

Ben, a Unión Europea mantén, con moita lóxica, que esta situación de infrarrepresentación da muller na ciencia e na investigación ameaza a excelencia da investigación e da ciencia, ademais de representar un mal gasto de recursos públicos. Dende logo, tamén unha clara inxustiza.

Pero, desgraciadamente, na interpelación do pleno pasado creo que quedou claro que a Xunta de Galicia abandonou dende o ano 2009 toda política de impulso de igualdade de xénero

neste ámbito. O señor conselleiro foi incapaz de contarnos ou describirnos algunha acción ou programa concreto que se estivera poñendo en marcha tanto polo Departamento de Igualdade, como tamén de Educación ou de Innovación. E é necesario que a Xunta volva liderar a iniciativa política neste eido, e por iso presentamos unha moción na que hai un resumo das que consideramos as medidas máis importantes; non son todas, loxicamente, porque sería absolutamente imposible, pero si as que deberían de poñerse en marcha de forma máis inmediata. E seguimos para iso as directrices reflectidas na resolución que o Parlamento Europeo adoptou en 2015, unha resolución sobre as carreiras profesionais das mulleres nos ámbitos científicos, académicos e tecnolóxicos, e para romper o teito de cristal existente que mira, fundamentalmente, estas liñas forza ou estes eidos: a incorporación da dimensión de xénero nos programas de investigación; a eliminación das barreiras legais ou de calquera outra índole para a contratación; a retención do persoal e o avance na carreira profesional das investigadoras; e a adopción de estratexias globais de cambio estrutural co fin de corrixir as desigualdades.

Isto para nós pode traducirse no ámbito da Xunta de Galicia, en primeiro lugar, en poñer en marcha a Unidade de muller e ciencia. Unha unidade creada no goberno presidido polo señor Pérez Touriño, que foi absolutamente abandonada no ano 2009 e que tiña que ser —e así foi nos anos en que puido funcionar— o motor e o timón de todas as medidas e as políticas que teñen relación coa muller e coa ciencia. Pero dende o ano 2009 —insisto— non se fixo absolutamente nada, e non é que o diga eu, é que calquera pode ir á Internet e ir á páxina web da Unidade de muller e ciencia. E está conxelada no ano 2009, as últimas noticias son do ano 2009; é certo, é que poden entrar vostedes e miralo. É máis, é tal a desidia que eu denunciei isto hai dúas semanas, pensei que algo, pois, chegados a este pleno, polo menos para dicir: ben, pois, bueno, corriximos, non é tanto... ¡Non corrixiron nada! Estamos en 2009.

Insisto, esta unidade —que tamén existe no ámbito estatal— tiña que ser o motor e o timón de todas as políticas arredor da muller e da ciencia. E insisto de novo, políticas que non é que as inventemos nós, é que as pide a Unión Europea e son fundamentais para o crecemento da investigación nunha economía baseada no coñecemento.

Ben, temos, polo tanto, unha unidade morta no 2009, por non ter non teñen nin o Programa de muller e ciencia colgado. É unha cousa..., a verdade é que é unha desidia absoluta. Desapareceu a partida orzamentaria para a unidade, pero non creo que sexa isto, porque, en fin, tampouco é tanto. O que desapareceron foron todas as políticas levadas a cabo, nin hai estudos, nin análises, nin medidas, non hai absolutamente nada. Pois, polo tanto, o primeiro é poñer en marcha esta unidade.

En segundo lugar, é necesario detectar os problemas que se lles presentan ás mulleres neste mundo, e para iso nós queremos que haxa entre os departamentos de Economía, de Educación e de Igualdade unha análise que detecte en todos os procesos e avaliacións os baremos utilizados para a concesión de todas as axudas e contratos públicos á investigación e á innovación; que se detecten os problemas que poden prexudicar as mulleres, porque pode habelos e hainos en xeral, por exemplo, co feito da maternidade. Seguramente todos vostedes lembran o caso dunha investigadora galega que non conseguiu un contrato Miguel Servet

porque foron penalizados os seus anos dedicados a ter dous fillos. Isto é unha exigencia da Unión Europea, avaliar estas políticas, non é unha invención nosa.

Por outra parte, hai que tamén ter medidas activas concretas, non simplemente que se diga que se vai facer. Non, un plan con medidas concretas para impulsar a participación da muller no ámbito da industria, que é —seino— o máis difícil, pero que ten que desenvolverse a través dunha aplicación estrita da igualdade de oportunidades. E para isto creo que ten que terse en conta a opinión de todas as mulleres asociadas, que forman parte de asociacións de investigadoras, de tecnólogas, de executivas. Porque elas si saben no día a día cales son os problemas que se presentan e por onde poden ser solucionados.

E, dende logo, ten que introducirse a perspectiva de xénero en todas as políticas de I+D da Xunta de Galicia, que non están, señorías, non están en ningún sitio. Nin na RIS3, nin no Plan Galicia Innova, nin na Axencia de Innovación, nin na Axencia de Modernización de Galicia, nin nos centros públicos; non están. E —insisto— isto tamén é un elemento non soamente fundamental, senón unha exigencia da Unión Europea que estea presente esta perspectiva de xénero en todas as políticas de I+D.

E ademais de todo isto unha serie de medidas do moito que se podería facer sobre a educación. Porque hai que rematar tamén coa segregación horizontal que está cercenando o futuro das nenas e mozas do noso país. Ben, eu creo que son todas elas moi razoables. Insisto, está nos mandatos da Unión Europea e, como tal, espero que todas as súas señorías aproben esta moción.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Popular, señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Boas tardes.

Señores e señoras do Partido Socialista, como dicía na súa intervención hai escasos meses neste parlamento o primeiro presidente da Xunta de Galicia, pídolles sentidiño, que teñan un pouco de sentidiño.

Hai uns días Comisións Obreiras presentou un decálogo da escola feminista. Nestes dez puntos, que son a liña a seguir nas aulas, invítannos a prohibir o fútbol nos patios de recreo, xa que a xestión do patio non deixa de ser un reflexo do sistema capitalista, consumista e capacitista. Tamén plantexan non separar os baños de homes e mulleres, hai que desheterosexualizar a escola. E nas aulas debemos falar empregando o feminino e o xénero neutro coa letra -e, para dicir, por exemplo, en vez de «todos» falar de «todes». Co cal, miren, deixando de lado estes pedagóxicos decálogos, quero agradecerlles a súa moción que nos permite, unha vez máis, amosar o rigoroso traballo que está facendo a Xunta de Galicia neste eido.

E presentamos unha emenda de substitución que vai moito máis alá do que vostedes solicitan. Con base no Programa da unidade de muller e ciencia da Xunta de Galicia propoñemos, dende logo, actualizar e modernizar a súa páxina web e darlle visibilidade ao papel da muller na ciencia e na tecnoloxía. Dende logo, colaborando coas unidades de igualdade das universidades galegas, dos tres campus da nosa comunidade autónoma.

Tamén lles propoñemos ampliar a realización das accións de información e formación no ámbito educativo, e continuar a elaboración de estudos sobre a incorporación das mulleres na profesión STEM, en matemáticas, tecnoloxías, ciencias e enxeñería. Avaliar, por suposto, o cumprimento do II Programa educativo de muller e ciencia, que haberá unha comparecencia neste parlamento nos próximos meses para facer esta avaliación.

En xullo do ano 2014 presentouse o estudo *Factores influíntes na elección dos estudos científicos, tecnolóxicos, matemáticos e enxeñerías en Galicia*, que elaborou a Xunta de Galicia, a Amtega e Everis a un total de 5.000 alumnos de terceiro e cuarto da ESO e de bacharelato. Con estes alumnos, de 40 centros galegos, preténdese coñecer cal é a causa de que non haxa elección nestas materias, determinar o proceso de elección do itinerario formativo e, tamén, poñer os recursos necesarios e atallar este problema.

Os expertos son os que avaliaron esta enquisa, son persoal do clúster TIC e persoal das diferentes entidades educativas, das organizacións empresariais e dos diferentes colexios profesionais. E o traballo estase a facer co alumnado, coa contorna familiar, no ámbito educativo e no eido social. O presidente da Xunta avanzou no mes de setembro deste ano a Estratexia galega para a educación dixital cara ao ano 2020. Dóbranse os centros con libro dixital, teremos un bacharelato de excelencia en ciencias, haberá espazos *maker* para o alumnado, as familias e, por suposto, o profesorado, onde se desenvolverán proxectos mediante a experimentación. Tamén haberá unha rede de centros STEM e 200 clubs de ciencias nas aulas coa metodoloxía da indagación. Promoverase a semana do STEM para máis de 2.000 estudantes galegos con investimento en robótica, programación 3D e pensamento computacional.

Con respecto aos plans de accións concretas para a muller e no eido da universidade, e para a avaliación dos contratos e das axudas públicas, a pesar de que a universidade ten autonomía propia, soamente remítilos a dúas leis: á Lei do ano 2015, pola que se recollen as condicións de emprego en igualdade na nosa comunidade autónoma, e tamén á nova Lei da contratación pública 9/2017, do 8 de novembro, onde, dende logo, se recolle a eficiencia no gasto, o respecto aos principios de igualdade no trato, non discriminación, transparencia, proporcionalidade e integridade.

E, xa para rematar, que a Axencia Galega de Innovación GAIN realice unha análise pormenorizada dos estudos de avaliación das axudas públicas, dar visibilidade á perspectiva de xénero e desenvolver dende a Consellería de Economía, Emprego e Industria medidas que promovan a participación das mulleres na transformación dixital na industria cara a unha Industria 4.0 en igualdade.

Eu, máis nada. Moitas grazas.

E soamente pedirilles sentidiño en materia de igualdade a toda a bancada da esquerda deste Parlamento.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Míguez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señora Burgo, polo que acabamos de escoitar, vese que a voceira do Partido Popular tampouco debeu atopar o Programa galego muller e ciencia, porque se nota que non o leu. (*Aplausos.*) Porque de patios, de propostas de comer nenos e nenas en patios escolares di máis ben pouco, por non dicir nada.

Ben, a historia do Programa galego muller e ciencia, na que me vou deter, é a proba do sectarismo absoluto en materia de igualdade do Partido Popular. Carecen vostedes dunha axenda propia e prefiren cargarse un programa pioneiro porque foi impulsado por un goberno nacionalista e socialista. Esa é a explicación de que durante nove anos de goberno deixaran inmovilizado este programa, única e exclusivamente.

E, ben, a voceira do Partido Socialista fixo unha análise exhaustiva da situación da diagnose da situación da muller neste ámbito. E eu vou facer memoria un pouco do que supuxo este programa e do que supuxo a conxelación do Partido Popular.

O I Programa galego de muller e ciencia 2008-2012 sen dúbida, cos seus erros e acertos, foi un paso importante e novidoso no momento, que tiña varios obxectivos. O primeiro deles, e máis importante, é dar a coñecer na súa xusta dimensión a situación ao respecto da desigualdade de acceso, trato e recoñecemento das mulleres na ciencia e na tecnoloxía, porque aquilo que non se visibiliza, daquilo que non se fala, non existe. E, en segundo lugar, poñer en marcha unha batería de iniciativas e accións encamiñadas a conseguir esa maior presenza das mulleres en condicións de igualdade neste ámbito científico e tecnolóxico. Foi deseñado ao abeiro da estratexia recomendada pola Comisión Europea en Materia de Igualdade, do *Gender Mainstreaming*, é dicir, a transversalidade de xénero; non en balde foi impulsado por Vicepresidencia e por Industria para superar ese hermetismo e ese encorsetamento das políticas de igualdade unicamente nas áreas de igualdade e apostar pola transversalidade, é dicir, o que non fai o Goberno galego.

O programa pretendía, mediante o apoio específico, revertir esa situación de desvantaxe e contribuír a mudar determinadas cuestións instaladas neste ámbito, un programa que, como dicía, comezou no ano 2008 despois dun importante traballo de análise co sector, ademais, e que ía inicialmente ata o 2012. ¿Que aconteceu? Pois que en 2009 entrou a gobernar o Partido Popular disposto a arramplar con todo, unicamente por sectarismo político. Entón, primeiro, non o desenvolveron, non desenvolveron todas as cuestións previstas ata o 2012, nin sequera as mudaron por outras para adaptalas ao seu ideario. Segundo, non o avaliaron, a día de hoxe non hai unha avaliación do I Programa galego muller e ciencia. E terceiro, pretenderon non continualo, porque eu estou convencida de que esa era a súa intención, pero

que afortunadamente, grazas ao traballo da oposición, se viron forzados a ceder, igual que grazas aos resultados do 8 de marzo pasado se ven obrigados agora a intentar chegar a algún achegamento, aínda que a súa emenda é absolutamente parcial.

E miren, hai quince días nun deses exercicios de hipocrisía do Partido Popular, cando fala de igualdade, vostedes falaron aquí da miña admirada e querida compañeira Carme Adán. E a verdade é que eu con este asunto non podo deixar de facelo tamén, porque se hai dúas cuestións nas que traballou longo e tendido Carme Adán, unha delas foi todo o referido á violencia machista e a ese salario da liberdade do que falabamos hai quince días, pero a outra foi este programa. Teimudamente, unha e outra vez, Carme Adán insistiu nesta Cámara en que vostedes revitalizasen este programa e non o condenasen ao ostracismo. Ata tal punto que —supoño que un pouco aburridos de escoitala— vostedes aprobaron unha iniciativa para redactar a segunda edición deste programa en novembro de 2014, novembro de 2014. Xa con dous anos de atraso do que o deberían ter feito. Pero, non contentos, fixeron iso que fai o Partido Popular coas iniciativas, intentar a ver se as demoran no tempo, se non teñen que levalas a cabo, e demais. Ata que, non sabemos moi ben que soplo venturoso venteou por este lado da bancada e a dous días de rematar 2016 o señor Feijóo, ese señor do sentidiño, pois presentou un Plan 2016-2020. Xa podía esmerarse un pouco e facer xa 2017-2021, como fai cos concertos aos centros segregacionistas, pero vese que non estaba xeneroso.

Entón, se recompilamos, primeiro vostedes incumpriron o plan, despois tiveron este país catro anos sen ningún plan específico para este ámbito e agora teñen un programa, tamén, con moitas carencias. Non fixeron esa avaliación dos resultados anteriores, non fixeron avaliación tampouco *ex ante*, que é o que se fai cando hai sentidiño, precisamente, en materia de innovación, que é avaliar o contexto no que se quere intervenir. Descoñecemos os orzamentos, desde este grupo preguntamos reiteradamente nas comparecencias tanto da Gain deste ano como dos dous últimos anos do conselleiro de Industria, e non tiña nada que dicir, e ten uns obxectivos claramente timoratos. Por exemplo, márcase un obxectivo de fenda salarial para 2020 do 20,5 %, só dous puntos inferior ao nivel de referencia de 2014. É dicir, para vostedes é suficiente con que en seis anos se reduza a fenda salarial no ámbito tecnolóxico en dous puntos.

Miren, remato cunha afirmación...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Dúas liñas literais do I Plan galego muller e ciencia, que é o único que vostedes gardan no II plan.

«Só proclamar legalmente a igualdade entre mulleres e homes é insuficiente para permitir que as mulleres ocupen as posicións que por mérito e calidade científica lles corresponden». Isto é o único que aproveitaron dun plan que foi referencial e que vostedes se negaron a desenvolver e a avaliar. Polo tanto, aplíquense vostedes non só o sentidiño, senón a rectificación, porque é necesario un compromiso do Goberno galego que durante estes nove anos, que deba darlles vergonza, nove anos, non tiveron.

Polo tanto, votaremos a favor da iniciativa do Partido Socialista, que é moi completa e que queremos recoñecer como positiva, pero, desde logo, agardamos que non acepten a súa emenda...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que non ten nin un só compromiso en firme.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Vai por diante que o Grupo Parlamentario de En Marea vai apoiar esta proposición non de lei que consideramos, dende logo, moi interesante, completa e necesaria, toda vez que apunta a unha das múltiples facianas da desigualdade, como é a da fenda de xénero na ciencia, que lonxe de diminuír, como recollen noticias ben recentes, nos anos de crise tristemente aumentou; cada vez menos mulleres na ciencia, cada vez menos mulleres en carreiras científicas, cada vez, polo tanto, menos mulleres en postos de traballo vencellados coa ciencia.

Non podería ser máis pertinente e necesaria, toda vez que aínda resoan, polo menos para nós, nesta Cámara, as palabras do presidente da Xunta no pleno anterior dicindo que xa tiñamos máis mulleres na universidade que na formación profesional. Isto era un motivo así..., era un motivo de alegría, así, sen matices, e díxoo sen dubidar, pretendidamente cargado de razóns, sen cuestionar o fondo do problema, o que translucían o fondo das súas palabras, que a técnica aínda é cousa deles e a teoría para elas, para nós. Estamos na universidade, polo tanto non hai motivos de queixa, parecía dicir.

Pois si, oxalá lle pasen o recado ao presidente, hai moitísimos motivos de queixa, as súas palabras o primeiro. Porque non queremos ciencia para eles e letras para nós, non queremos técnica para eles e teoría para nós, querémolo todo para todas as persoas. E para iso fan falla medios, recursos e compromisos, e menos palabras baleiras. Fan falla exemplos, nomes, referentes plausibles para todas as nenas e nenos deste país, para que as mulleres de mañá saiban que poden ser o queiran ser, de matemáticas a astrónomas, de cociñeiras a científicas, de mestras a avogadas. Sobre todo, mulleres libres, todo para todas.

Teñen que saber que non é verdade que as cousas complicadas non son para os seus compañeiros, son para todas. Como xa teño comentado nesta Cámara, un estudo publicado o ano pasado na revista *Science* demostra que as nenas aprenden estas supostas diferenzas xa con seis anos, con seis anos, unha auténtica barbaridade que deberíamos atallar. Con seis anos as nenas nas escolas xa aprenderon a gran mentira, que son menos competentes, que son

menos listas, que a súa menor capacidade intelectual pode suplirse con máis traballo e dedicación. E sendo así con seis anos, ¿como non imos ter despois esa fenda terrible nos estudos científicos? Sería imposible que non acontecera se xa é o que se espera delas.

O informe *Descifrar as claves e a educación das ciencias e mulleres en ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas*, elaborado pola Unesco, comeza cunhas palabras que hoxe desexamos facer nosas. Só 17 mulleres gañaron o premio Nobel da física, química ou medicina dende que o fixera Marie Curie no ano 1903, o que contrasta con 572 homes, 17 *versus* 572 homes, ¡non está mal!

Hoxe só o 28 % dos investigadores mundiais son mulleres. Semellante disparidade, semellante desigualdade profunda non sucede por casualidade. Demasiadas rapazas son reprimidas pola discriminación, os prexuízos, as normas sociais e as expectativas acerca delas que inflúen na calidade da educación que reciben e das materias que estudan. É dicir, precisamos unha escola activa contra a desigualdade, sempre a escola.

Pero hai máis, porque falar de muller e ciencia obríganos, por suposto, a falar da carreira científica, da discriminación ás mulleres, dos atrancos constantes nas carreiras das mulleres. O feito é que estes atrancos comezan no momento cero da solicitude, nese intre no que un potencial solicitante decide optar a calquera contrato de investigación e ten que cubrir o nome e o sexo, aí comeza todo, tal e como demostran numerosos informes, e un ben coñecido, o chamado o suposto de Jennifer e John; un estudo realizado en 2012 sobre o sesgo antifeminino na ciencia. Vou explicar brevemente en que consistiu. Nese estudo presentáronse dous currículos idénticos a 167 avaliacións independentes. Idénticos, porque a única diferenza entre eles era a nome e o sexo, un deles era de Jennifer e o outro era de John.

As conclusións foron demoledoras. John foi mellor valorado en todos os ítems, mellor valorado e potencialmente mellor pagado, xa que unha das cuestións que se estudaba era canto estarían dispostos a pagar os diferentes equipos de investigación a estes aspirantes. En todos os casos analizados John conseguiría, potencialmente, un 20 % de salario máis, cando, como dicía, eran currículos exactamente idénticos.

Lamentablemente, Jennifer e John non quedaron nese estudo, as diferenzas están aquí en todos os centros científicos deste país e son demoledoras para as mulleres. Como para María de la Fuente, investigadora no CHUS, que onte nos acompañou no Parlamento, que se viu discriminada ao ser avaliada para poder subir de categoría. Nesta avaliación non se tivo en conta porque non se ten en conta estar de baixa por maternidade; polo tanto, a súa produción científica e académica baixara. Por suposto, nada novo. Constantemente as mulleres vemos limitadas as nosas aspiracións profesionais por tentar conciliar a nosa vida persoal e laboral. Non deixa de ser un paradoxo que isto aconteza nun sitio como Galicia. Por unha banda, o Goberno da Xunta afirma que pensa actuar para poñerlle freo á nosa minguante demografía, pero, por outra banda, no que pode facer, en traballos directamente vinculados coa Administración, castiga as mulleres que deciden formar unha familia.

Por todo isto, como dicía, apoiaremos a proposición non de lei do Partido Socialista, toda vez que a consideramos un primeiro paso necesario para mellorar o papel das mulleres na

ciencia, un primeiro paso xusto e necesario porque a desigualdade que persiste no acceso ás carreiras técnicas e científicas non só é unha cuestión laboral, é tamén, por suposto, algo que atinxe os propios dereitos humanos das mulleres. A igualdade de todas as persoas exige igualdade de oportunidades, incluíndo, claro está, a igualdade de acceso ao estudo e ao traballo en todos os campos do coñecemento.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo autor da moción, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio da señora Presas e da señora Chao. E quero dicirlle, señora Presas, que me alegro moito que nomeara a señora Carme Adán, porque si que a señora Carme Adán sabía do que falaba. A señora Carme Adán, que foi unha magnífica secretaria de Igualdade, fixo un magnífico —axudada por outros— plan da muller 2008-2012. Eu deime conta do magnífico que era cando o comparei co feito polo Partido Popular. Que non hai..., son a noite e o día, e vou dicir por que. Porque un ten medidas absolutamente concretas, cousas con cronograma incluído, con orzamentos, hai que facer isto, isto, e isto para conseguir este obxectivo, e o outro ten ideas xerais: a ver se facemos un plan piloto, haberá que aumentar o número. ¿E como? ¡Ai!, iso xa non sabemos. Claro, está claro que non sabemos sobre iso.

Señora García Míguez, eu creo que non me escoitou, porque é que eu non falei do que vostede falou. Nada, nada do que dixó vostede ten relación co que eu estaba propoñendo. É dicir, eu non sei, eu intento ter todo o sentidiño do mundo, fíxese. Bueno, todo o sentidiño que me pide vostede, pero non sei se o seu concepto e noción de sentidiño é, por exemplo, que un presidente dun goberno, presidente do seu partido, diga ante a brecha salarial que non nos metamos niso. (*Aplausos.*) Iso é, seguramente, o sentidiño que hai que ter. Claro, exacto, este é o sentidiño. Pois mire, este sentidiño non quero telo, prefiro o meu sentidiño, que é intentar arranxar os problemas, entre eles os das mulleres, e tamén neste ámbito da ciencia, onde vostedes non fixeron nada dende o ano 2009.

Síntoo moito, sabe vostede que eu falei con vostede intentando chegar a unha certa transacción, e todo isto non vai ser posible. A mesma emenda que vostedes fan con todos estes puntos indica que teñen moi mala conciencia, indican que vostedes son absolutamente conscientes de que non fixeron nada, pero absolutamente nada, dende o ano 2009 neste ámbito. Pero o que non pode ser, señora García, é que vostedes diminúan todas as nosas peticións.

Sabe que eu lle ofrecín aprazar os prazos, incluso o orzamento, pero, claro, o que non pode ser é que vostedes diminúan significativamente todo o que nós pedimos, porque o que vostedes presentan aquí, señora García, non serve para nada, para nada, porque non hai... (*Aplausos.*) É que eu, de verdade, ¡nin coa mellor intención! Nin coa mellor intención, con todos estes puntos, conseguimos chegar a algún sitio, ¿a onde? A ningún lado.

Polo tanto, mire, señora García Míguez, eu síntoo moito, e con moito sentidiño dígolle que non podemos aceptar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Procedemos ás votacións. Pechen as portas, por favor.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Antes de comezar a votar, saudamos os nosos invitados, que son os alumnos de 5º e 6º do Colexio de Educación Primaria de Quintela, en Moaña. Benvidos ao Parlamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Benvidos e benvidas, por suposto. *(Murmurios.)* É o compromiso que eu adquirín na primeira visita que se fixo, que a partir de agora daríamos o nome dos colexios que nos visitan. É o mínimo, que se saiba quen son. Entón, benvidos e benvidas. *(Aplausos.)*

Votamos. Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Non acepta a emenda de modificación, pero si acepta a emenda de engádega e acepta tamén que se vote por separado o punto número 10.

Entón, comezamos votando o punto número 10.

Votamos.

Votación do punto 10 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para o cumprimento dos acordos parlamentarios referidos á AP-9

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 38; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 10 desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto de puntos coa emenda de engádega incorporada.

Votación dos puntos non votados do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para o cumprimento dos acordos parlamentarios referidos á AP-9

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da señora Chao.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Hai unha proposta de transacción, que é repetida da que se fixo co Grupo Parlamentario Socialista, e non se acepta —ou entendín eu que non aceptaba— a do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero e igualdade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Concepción Burgo.

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a igualdade entre homes e mulleres nos ámbitos da ciencia, a tecnoloxía, a investigación e a innovación

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e cinco deputados/as máis, sobre a realización de xestións pola Xunta de Galicia diante dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados co fin de que contribúan a facilitar a tramitación, o debate e a aprobación dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 dentro do prazo establecido

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario de En Marea, Bloque Nacionalista Galego e Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Manuel Lago Peñas e a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, número 18700 (10/PNP 001381).

Emenda de substitución:

Débase substituír a parte resolutiva pola seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a que se dirixa ao Goberno do Estado para demandar a presentación dun proxecto de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, que inclúa as medidas que permitan acadar un acordo de consenso que facilite a súa aprobación, e que a xuízo do Parlamento Galego debe conter como mínimo as seguintes medidas: O incremento das pensións contributivas do 2,1%, un incremento sensible dos fondos destinados ao financiamento autonómico como anticipo do que se derivará da reforma do modelo, un incremento significativo das cifras de investimento destinadas a Galicia que recupere en valores absolutos as contías anteriores a recesión e os investimentos non executados nos exercicios anteriores, ademais dun incremento salarial para os empregados públicos que lles permita recuperar o poder adquisitivo perdido durante os anos de austericidio compulsivo.”)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 18700 [10/PNP-001381].

Emenda de substitución:

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“1. O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a dirixirse aos grupos parlamentarios nas Cortes Xerais para solicitarlles que contribúan a facilitar a tramitación, debate e aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado para 2018 baixo o obxectivo mínimo de demandar do goberno central a inclusión da seguinte proposta de compromisos pendentes en materia social así como os seguintes investimentos básicos en infraestruturas que compense a falta de investimento dos últimos anos:

1.1 Cumprimento das cuestións pendentes con Galiza en materia social, a comezar pola devolución dos máis de 150 millóns de euros adebedados en materia de dependencia

1.2 Consignación e execución dun orzamento detallado para o Pacto de Violencia Machista.

1.3. *Inclusión das seguintes cuestións en materia de infraestruturas para o período 2018-2020 cunha dotación mínima de 4.000 millóns de euros:*

1.3.1 *Modernización e desenvolvemento do ferrocarril*

- *Creación do GALTRÉN, ferrocarril galego de proximidade para a conexión e vertebración das vilas e cidades do país.*
- *Modernización do antigo FEVE, mellora da infraestrutura, incremento de horarios e frecuencias, potenciación do transporte de mercadorías.*
- *Saída sur de Vigo e conexión con Portugal.*
- *Prolongación do eixo atlántico até Ferrol.*
- *Conexión Lugo-Santiago*
- *Modernización da liña Coruña-Lugo e Lugo-Ourense.*
- *Conexión ferroviaria cos portos exteriores de Coruña e Ferrol.*
- *Axilización dos compromisos existentes a respecto do AVE.*
- *Auditoría do estado de seguridade das liñas de ferrocarril galegas á vista das últimas incidencias.*
- *Garantir que as vías e os trens de alta velocidade contén coas condicións de seguranza e seguridade acaídas: sistema ERTMS, sinalización correcta, etc.*
- *Impulsar unha mellora das frecuencias e a planificación integral dos distintos medios de transporte por estrada.*

1.3.2 *Plan de mellora da seguranza viaria na rede de estradas do Estado que contemple:*

- *a execución en menos de seis meses das obras de mellora pendentes das estradas galegas de titularidade estatal*
- *plan de supresión de puntos negros, mellora da mobilidade peonil e ciclista, urbanización de travesías urbanas.*

1.3.3 *Plan de mellora dos portos*

1.3.4 *Plan de mellora dos aeroportos*

2. *Instar á Xunta de Galiza a elaborar e remitir á Cámara Galega, no prazo dun mes, un informe detallado da información recabada e conclusións da Comisión de Seguimento dos Orzamentos do Estado.”)*

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-001381, documento número 18700).

Emenda de modificación:

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que demande ao Congreso dos Deputados que utilice tódolos mecanismos que lle permite o seu regulamento para tramitar, debater, e aprobar no seu caso, o proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España que no proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, se recollan as seguintes cuestións:

2.1. Acadar uns ingresos fiscais en relación ao PIB que se sitúen na media da UE-28 ao longo dos próximos tres exercicios orzamentarios (2018-2020).

2.1.1. Fixar un mínimo efectivo no imposto de Sociedades para grandes grupos do 15 %.

2.1.2. Incrementar a imposición ás rendas de capital para aquelas persoas cunha base imponible superior aos 150.000 €.

2.1.3. Establecer un Imposto ás Transaccións Financeiras.

2.1.4. Establecer un Imposto Extraordinario sobre a banca.

2.2. Incremento no gasto público en relación ao PIB que se sitúa na media da UE-28 ao longo dos próximos tres exercicios orzamentarios (2018-2020).

2.2.1. Unha revalorización das pensións para 2018 en igual contía ao IPC previsto para este ano.

2.2.2. Un aumento dos fondos destinados a mellora do financiamento autonómico non inferior aos 16.000 millóns de euros.

2.2.3. Un aumento das políticas sociais que compense os recortes realizados en anos anteriores, tal que alcance como mínimo unha porcentaxe do PIB equivalente á media de gasto social da UE=28 en tres exercicios.

2.2.4. Dedicar un importe equivalente ao 5% do PIB ás políticas educativas.

2.2.5. Un aumento das partidas para infraestruturas de Galicia, tal que alcance, como mínimo os 1.300 millóns de euros.

2.2.6. A transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia.

2.2.7. *A conexión de Galicia co Corredor Atlántico na rede transeuropea de transporte ferroviario.*

2.2.8. *A construción das autovías reclamadas polo Parlamento de Galicia segundo o acordo da sesión plenaria celebrada o pasado 7 de marzo de 2018.”)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Boas tardes, señorías.

Traemos desde o Grupo Popular unha proposición non de lei de enunciado moi simple pero fondamente político. O que queremos... *(Murmurios.)* Non se escoita.

O señor PRESIDENTE: Debe ser un problema do micrófono. Arrímese...

O señor PUY FRAGA: Evidentemente, hai un problema.

O señor PRESIDENTE: Non, non, suba o micrófono, a ver se é posible. *(Murmurios.)*

O señor PUY FRAGA: A ver, ¿agora escóitase? Non. *(Murmurios.)* Eu creo que se debe axustar o volume ao que fala e non o que fala ao volume —digo eu—. *(Murmurios.) (Risos.)*

Dicía que desde o Grupo Parlamentario Popular traemos ao Pleno unha proposición non de lei de enunciado simple, contido fácil, pero de fondo calado político. O que queremos é que o Parlamento de Galicia se pronuncie a favor da aprobación dos orzamentos do Estado para o ano 2018. É certo que se acaba de anunciar a súa presentación no Congreso dos Deputados. É certo que o que se marca nas normas, empezando pola Constitución, é que os orzamentos teñen que ser presentados no Parlamento antes do día 1 de outubro. Todos sabemos que houbo un atraso fundamentalmente debido á difícil situación que se produciu na Comunidade Autónoma catalá e sabemos que, de momento, non se ten notado o problema que xera a falta de orzamentos, entre outras cousas porque os do ano pasado xa se aprobaron a finais de xuño, co cal apenas teñen un ano de vixencia aínda e, polo tanto, a prórroga non lastra tanto os investimentos do Estado.

O que si sabemos é que non ter orzamentos é contraproducente e que, polo tanto, sería positivo que o Congreso aprobase as contas para o ano 2018. E crémolo por moitas razóns, pero, por facer un resumo, diremos que hai tres razóns fundamentais, e que son as que fundamentan a petición.

En primeiro lugar, unha razón de estabilidade política. Se hai algo que impregna todo o que é o proceso orzamentario e, polo tanto, todos os efectos económicos e políticos que xera o orzamento, é precisamente a idea da regularidade. O ciclo orzamentario todos sabemos que é un ciclo regular: elaboración, aprobación, execución e despois peche e control, que, ademais, se axusta ao longo do tempo, normalmente un ano, aínda que non en todos os países é o ano natural.

É certo que pode darse —e, de feito, dáse— no Congreso unha situación diabólica, onde pode existir unha maioría contra a aprobación duns orzamentos pero ao mesmo tempo non hai ningunha maioría a favor duns orzamentos alternativos, co cal o resultado pode ser a parálise, coas consecuencias nefastas que iso pode ter para o conxunto da economía e para a cidadanía en xeral.

Evidentemente, aprobar os orzamentos dá un sinal aos investidores, tanto os nacionais como os estranxeiros, de estabilidade, de seguridade. Dá unha imaxe que favorece a reputación de España, tanto no contorno da Unión Europea como no contorno internacional. E, polo tanto, é un instrumento de confianza que reforza o crecemento do PIB, un crecemento do PIB sólido, consistente, o maior das economías grandes de Europea, e, polo tanto, tamén reforza o proceso de creación de emprego e de mellora dos servizos públicos.

E, ademais, nun momento no que todos coinciden. Todos os expertos coinciden en que unha das principais feblezas da economía española é a débeda e o déficit, o control do déficit e, polo tanto, a redución da débeda pública, no caso de que, como algúns agoiran, se produza unha suba dos prezos dos cartos, dos tipos de xuro.

En xeral, sería bo para dar confianza que se aprobasen uns orzamentos, entre os que se inclúen, entre outras cousas, unha suba do soldo dos funcionarios públicos, despois dun acordo cos sindicatos representativos da función pública; estamos a falar dunha suba en tres anos do contorno do 8 % se se cumpren as previsión económicas do Goberno. Estamos a falar duns orzamentos que rebaixan o IRPF a rendas máis menudas, que sobe para moitas persoas o mínimo que queda exento de 12.000 a 17.000 euros; que inclúen, entre outras cousas, políticas sociais como bonificacións ás escolas infantís; que inclúen unha semana máis no permiso de paternidade, co cal a suma dos dous proxenitores sería de 21 semanas en total. Está previsto que inclúa axudas ás mulleres autónomas que afrontan a maternidade, con tarifas que permiten unha reincorporación á actividade ou incluso unha exención do 100 % nas cotas das autónomas que se dedican ao coidado dos seus fillos. Sabemos que se prevé, entre outras cousas, a cobertura dos accidentes *in itinere* dos autónomos. Ou, por exemplo, tamén se anunciou en reiteradas ocasións a baixada do IVE cultural do 21 % ao 10 %, unha petición que, por certo, esta Cámara tamén respaldou.

O segundo motivo é porque cremos que é beneficioso para Galicia. É evidente que a economía galega está crecendo ben, está crecendo e creando emprego. A confianza dos consumidores en Galicia —acabamos de coñecer o dato— medrou significativamente no último ano e moitísimo desde o ano 2012. É certo que Galicia foi a segunda comunidade autónoma na que máis baixou o paro. É certo que temos 25.000 afiliados máis á Seguridade Social no último ano. É certo que, lentamente, máis lentamente do que nós quixeramos ou desexásemos, está crecendo o emprego e a súa calidade; nestes momentos, tres de cada catro persoas teñen un contrato indefinido e nove de cada dez a tempo completo.

E Galicia tamén se xoga moito na aprobación dos orzamentos. En primeiro lugar, polas entregas a conta. Están en suspenso, mentres non se aproben os orzamentos, as anunciadas e incorporadas aos orzamentos de Galicia, 321 millóns de euros.

En segundo lugar, porque Galicia sería particularmente beneficiada pola suba das pensións mínimas e de viuvez que se teñen anunciado. Estamos a falar de 236.993 pensións mínimas e 130.340 de viuvez, é dicir, a metade practicamente das pensións que se cobran en Galicia. Ademais, estas persoas, as que teñen as rendas máis baixas, onde se inclúen tamén os pensionistas que acabo de mencionar, terían acceso a unha dedución que estendería ata os 17.000 euros —estamos a falar de 204.000 pensionistas— a tributación cero no imposto da renda das persoas físicas, que, ademais, de acordo co que se ten anunciado, sería un imposto negativo; do mesmo xeito que ocorre coas axudas por maternidade no caso de non ter unha declaración da renda que permitise esa devolución, o que se faría sería un cheque, dar un cheque, unha aportación a estes pensionistas. E, finalmente, pois ao aumentarse o cálculo da proporción do soldo do falecido ás viúvas do 52 % ao 60 %, 155.000 viúvas verían subir a súa pensión.

Ocorrería algo semellante cos dependentes, unha vez que na comisión de análise do sistema de atención á dependencia se ten anunciado unha suba do financiamento do 5,34 % para Galicia para o ano que vén.

Evidentemente, están en risco os investimentos que nos afectan a curto prazo, desde o que é o reforzo dos firmes e os gastos de mantemento das estradas estatais á non licitación da variante norte Ourense na A-56, como outros a máis longo prazo, como pode o impulso dos novos eixos de comunicación, a A-76 (Ponferrada-Ourense), a A-74 (autovía da Mariña en San Cibrao-Cervo). E nos últimos anos temos obtido en Galicia unhas taxas de inversión sobre o total de Fomento superiores todos os anos da crise ao 10 %, e, polo tanto, sería romper unha tendencia que foi boa para Galicia.

Outras actuacións, como en medio ambiente, a dragaxe da ría do Burgo. En educación, a suba das bolsas de estudantes. Ou en emprego; por exemplo, as fragatas F-110 que se teñen anunciado para Navantia —estamos a falar de 7.000 postos de traballo, unha carga de traballo para dez anos— tamén se verían ralentizadas, cando non atrasadas significativamente.

E o terceiro motivo polo que cremos que hai que apoiar isto, que os orzamentos do Estado se aproben, é un principio político e democrático elemental: o principio de aprobación anual dos orzamentos, que está en todas as constitucións españolas, desde a de 1812 ata a última, de 1978, coa exclusión unicamente do Estatuto real —que, por certo, non é un bo antecedente—, está fundamentado en razóns democráticas moi sólidas. Trátase, fundamentalmente, de evitar desviacións polos límites temporais difusos na aplicación do gasto público, e, polo tanto, do que se trata é de reforzar os lexislativos fronte ao poder crecente dos executivos.

Estamos a falar de incrementar a transparencia e a capacidade de control, do mesmo xeito que familias e empresas axustan os seus orzamentos ao período anual, de que do mesmo xeito o fagan tamén as administracións públicas. E, por iso, do principio de anualidade deriva o principio contable, fundamental para o control, que é o de exercicio pechado, que é o que permite propiamente a rendición de contas perante a cidadanía e os seus representantes nas cámaras parlamentarias.

Por estes tres motivos: porque reforza a estabilidade, porque é bo para Galicia e para os cidadáns de Galicia e porque é fundamente democrático, pedimos un pouco de responsabilidade aos grupos do Congreso. Nunha democracia parlamentaria a oposición ten as súas responsabilidades. Se non é capaz de facer un goberno alternativo que presente uns orzamentos alternativos, ten a responsabilidade de non bloquear a acción do Goberno.

E para iso ten un instrumento moi forte, que é a capacidade de negociación política no ámbito orzamentario. Se os orzamentos son o documento económico contable no que se manifesta o plan de actuación política do grupo social, a oposición pode condicionalo, pode negocialo, pode pactalo e pode sacar adiante algunhas das políticas que propoñen, a cambio, loxicamente, do seu apoio nos orzamentos. Pero o que non poden facer é bloquealo, porque ao final quen paga as consecuencias é a cidadanía, que ten padecido moito tras a peor crise que padeceu a economía española nos últimos cen anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Señor Puy, a verdade é que vimos do debate anterior, dun debate sobre I+D+i, e a min o primeiro que se me ocorre é dicirlles a vostedes que realmente hai algo que recoñecerlles: vostedes si que innovan, innovan en cinismo político. Porque, de verdade, cando pensamos que xa o viramos todo, aparecen vostedes cunha ocorrencia coma esta. De repente, teñen un interese supino polos orzamentos do Estado (*Murmurios.*), cando hai menos dun ano aplaudiron coas orellas —si, vostedes— o maior recortazo que viviu na historia recente este país en canto a orzamentos. (*Aplausos.*) Menos de 1.000 millóns de euros en investimentos previstos, un recortazo do 33 %, máis de 400 millóns de euros menos en investimentos. Un novo episodio no que —¡oh, sorpresa!— ser a comunidade máis cumpridora en déficit e en débeda, como nos leva o señor Feijóo coas súas políticas, non trouxo nada bo para este país en materia orzamentaria, porque vivimos os recortes en Galiza e logo vivimos o grande recortazo nos orzamentos por parte do Estado.

¡Pois vaia negocio! A verdade é que ¡vaia negocio, vaia negocio!, máis aínda cando, efectivamente, estamos nun momento de non recesión do cadro macroeconómico e cando, efectivamente, estamos nun momento de aumento da capacidade de gasto, en boa parte porque aumentou a recadación, e a recadación tamén aumenta polo que pagamos os galegos e galegas nos nosos impostos, aínda que logo non veña para aquí.

Con tal panorama, para disimular a grande ocorrencia que tiveron o ano pasado, ou que tivo o señor Feijóo en solitario, foi esa gran comisión de seguimento dos orzamentos do Estado, que a día de hoxe non sabemos se existe, se non existe, nin que concluíu.

Vistas as cuestións, hai algo menos dun mes, este grupo parlamentario trouxo unha interpelación para facer seguimento do grao de cumprimento do Estado con Galiza, e vostedes

non só non deron nin un só dato, senón que aínda por riba fixeron mofa, fixeron mofa de que este grupo parlamentario trouxera unha proposta para que a Cámara galega fixera unha serie de peticións concretas ao Estado español das cuestións que debe cumprir connosco, cuestións concretas, non xeneralidades, de que aproben os orzamentos e o que toque toca.

E vostedes mofáronse, e agora veñen aquí con dúas liñas facerlle a ola a Rajoy, pedirilles aos demais que teñen que aprobar eses orzamentos, e supoño que vostedes agardan que digamos que están conformes, cando non hai ningunha concreción. No debate co que comezamos esta tarde, o señor Bará preguntáballes se realmente vostedes eran do mesmo grupo político que os seus representantes no Congreso, porque é que a verdade, escoitándoos aquí, dá a sensación de que os que non teñan representación en Madrid son vostedes, os señores do Partido Popular, por moito que despois fagan mofa dos demais (*Aplausos.*); é que ¡a verdade...! En fin, supoño que é que non lles fan caso, ou que pasa o mesmo que cando este Parlamento reclama algunha cuestión ao Goberno de Madrid, que é que vén sendo máis ben ningún caso, e que o peso pluma do señor Feijóo pois que o toman bastante a pitorreo.

Insisto: a nós sorpréndenos que veña aquí dicirnos as bondades que traerán eses novos orzamentos e que non se atrevan a poñer unha soa cuestión concreta no seu texto resolutivo que se demande para Galiza. Supoño que poñen a venda antes da ferida e, como xa imaxinan que non lles van facer caso, pois resolven así, porque é complicado que queden máis co cu ao aire que coa cuestión da AP-9, pero sempre poden sorprendernos.

Nós, na nosa emenda, dámoslles unhas cantas ideas, por se as queren coller, pero non quería deixar de facer mención a algunha cuestión.

Na súa iniciativa, vostede repetía, señor Puy, que estes orzamentos hai moitos colectivos que dependen deles. Efectivamente, é así. Pero é que ¿sabe como melloraría, por exemplo, a vida das persoas que neste país teñen persoas en situación de dependencia? Non con brindes ao sol de incrementos desa contía, xa só con que o Estado pague a Galiza eses máis de 150 millóns que debe en materia de dependencia, incumprindo unha vez máis a súa palabra con este país.

Falan tamén —non o fixo vostede pero aparece na súa iniciativa, e xa é o colmo do cinismo— de violencia machista. Claro, é que vostedes dedícanse a facer pactos que non teñen concrecións orzamentarias e que non desenvolven nin unha soa medida lexislativa para contentarnos hai uns meses e agora din que diso dependen os orzamentos do Estado. Non, o que depende é da vontade política, da que vostedes carecen.

Por exemplo, podían demandar cuestións concretas, como que se cubran, que se aumenten esas contías para cubrir as baixas nos xulgados de violencia machista. Pero non o fan porque os seus colegas en Madrid están máis ocupados de inflar o orzamento de Defensa que diso. Non é un problema de falta de recursos, senón de prioridades políticas.

Sorprende, ademais —e vou rematando xa—, un cambio de discurso interesante, ¿non?, porque aquí vimos como era a propia Adif hai uns meses que desmentía o Partido Popular de Galiza, dicindo que, independentemente de que houbera ou non orzamentos, non sería

motivo para o atraso do AVE, e vemos como novamente poñen a venda antes da ferida. Suñoño que teremos que esperar a que Adif volva desmentilos.

Ou, por exemplo, fai referencia vostede á dragaxe da ría do Burgo, unha dragaxe que tiña cero euros nos orzamentos deste ano pasado, e que desde logo dicía a señora conselleira de Medio Ambiente —se mal non lembro, era ela— que iso era independente dos orzamentos do Estado. A ver se se aclaran: ¿depende ou non depende a dragaxe da ría do Burgo dos orzamentos do Estado?, porque os vexo un pouco confusos.

Cando menos, vostede tivo algo de pudor, señor Puy —teño que recoñecerllo—: non fixo gala da «visita *tournée* reparte millóns» que tivemos do señor De la Serna hoxe...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...porque cada certo tempo é o que veñen facer, visitas *tournée*, prometendo cuestións eternamente reclamadas por esta Cámara, como o arranxo desa vía entre Lugo e Ourense, e que ata que vexamos aí as máquinas non a creremos.

Ou máis desiderátums como a propia valoración do señor Núñez Feijóo hoxe nos medios públicos deste país, que dicía que, claro, ata que o AVE chegara entre Lugo e Ourense non estarían conformes. ¡Carai!, hai nove anos diciannos que, se non o facía o Estado, que o facían vostedes e que lle reclamaban a factura ao Estado.

En definitivas contas —remato—, fala vostede de razóns democráticas. Tamén puido, xa que vostede leva tamén as cuestións referidas ao sistema de financiamento, pois dicir que por razóns democráticas lle vai exixir ao Partido Popular de Galiza, ao Partido Popular do Estado, que, por exemplo, non circunscribe...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas, rematou o seu tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...as entregas a conta coa débeda coa Comunidade co debate orzamentario, porque sabe que non ten nada que ver.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

A min non me custa traballo adecuar os micrófonos á miña estatura, é unha cuestión fácil (*Risos.*)

Nestes tempos de *fake news* e de posverdades, señor Puy, señores deputados e deputadas do Partido Popular, a verdade é que recuperamos a Baudrillard e a historia, a cuestión de branquear a historia. Porque, certamente, estamos ante a típica iniciativa simulacro. Simulacro, primeiro, pola rolda de prensa do señor Montoro, que imaxino que dará o día 27 do mes de marzo cando aprrobe os orzamentos o Consello de Ministros, e que vostede literalmente nos adiantou, o cal lle agradecemos; temos información privilexiada das decisións políticas que se van aprobar no Consello de Ministros do Goberno de España.

Señor Puy, vostede, que é moi rigoroso e académico, falounos de todas esas medidas, de carácter fundamentalmente sociosalarial, que se solucionarán coa aprobación dos orzamentos do ano 2018. Eu creo que vostede sabe perfectamente o acordo asinado o día 29 de decembro do 2017 polo propio ministro Montoro, no que se establecen os criterios de aplicación da prórroga para o 2018, e a orde publicada no BOE do 20 de xaneiro deste ano, que, en realidade, habilita o Goberno do Estado, o Goberno de España, para, a través de reais decretos, levar adiante todo aquilo que vostede plantexou aquí, todo aquilo que vostede plantexou aquí.

Polo tanto, ¡home!, está ben que se escuden nesta especie de posverdade de que necesitan o apoio de non sei que grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados para sacar adiante os orzamentos. Mire, o problema disto é que non son vostedes cribles, porque cando falaba vostede destas tres cuestións: a estabilidade política como un elemento central, o beneficio para Galicia e para os galegos e as galegas, eu vou volver a Montoro e vou volver a maio do ano 2010: «*que caiga España, que ya la levantaremos nosotros*». (Aplausos.) Entón, claro, se resulta que naquel momento estabamos dispostos a que fora a Troika quen definira e decidira os orzamentos do Goberno de España para chegar ao Goberno o Partido Popular, que agora nos veñan con esta especie de pureza orzamentaria, resúltame cando menos sorprendente, doloroso, e desde logo paréceme antipatriótico; pero debe de ser que eu teño un patriotismo acendrado.

Claro, vostedes teñen un problema, teñen un problema sobre todo porque Ciudadanos dixo que apoiaría os orzamentos de Rajoy se deixaba de apoiar os corruptos. *Y tenemos los «pagos en diferido»*, y *tenemos «Luis, sé fuerte»*, y *tenemos «M. Rajoy»*, e temos agora Granados e toda a absoluta basura que rodea o Partido Popular de Madrid e de Valencia. Temos o único partido —esta vez creo que si— que pode falar de corrupción vindo ao tema, porque insisto: a condición fundamental do Grupo de Ciudadanos para apoiar os orzamentos do ano 218 no Congreso dos Deputados foi a loita contra a corrupción. Polo tanto, para unha vez que parece que si que podó, vouno facer.

Entón, este concepto de economía circular —os discos duros dos ordenadores, en vez de re-setealos, rompelos a martelazos—, que sempre está ben que o aproveiten cando falan deste tema na estratexia para o cambio climático, pois é ao que leva. Esta situación é a que leva a que vostedes teñan verdadeiramente un problema, un problema de credibilidade no Congreso dos Deputados. Teñen ese problema, señor Puy, e teñen unha negociación absolutamente opaca co Goberno vasco, co PNV, en relación co cupo vasco, para que tamén apoiem eses orzamentos, e imaxino que algo moi similar no caso dos canarios.

Polo tanto, ao final, non deixa de ser aquel catalán na intimidade que falaba Aznar, tamén exactamente para o mesmo, para que lle aprobaran os orzamentos, neste caso Convergència i Unió, que eran pois *aquellos amiguitos del 3 %*, que todos sabemos tamén onde se situaban.

E, fronte a isto, señor Puy, temos un país que se está convertendo nun país *low cost*, nun país fragmentado, nun país no que, efectivamente, hai grupos sociais con rendas e con salarios altos, sectores tecnolóxicos avanzados, que compiten internacionalmente sen ningún problema, pero onde a maioría queda fóra desa competencia e fóra dese marco xeral.

E a emenda que presentamos os socialistas ten que ver fundamentalmente con algo que non deixa de ser case un slogan, pero que recolle eu creo que perfectamente o que queremos manifestar: non podemos ter servizos como Dinamarca e ter impostos como Letonia. E iso é o que plantexamos aquí: incrementar desde logo os ingresos fiscais e incrementar o gasto público. Cremos que é a única maneira de facer que este país poida, efectivamente, competir internacionalmente, poida mellorar os niveis salariais, poida mellorar a participación dos salarios no produto interior bruto e, desde logo, permita que os cidadáns deste país saian dunha situación de desigualdade absolutamente intolerable.

E só vou falar dun tema concreto —a emenda está aí—, do tema de educación. Os socialistas levantámonos dunha mesa de debate sobre un texto, un acordo sobre educación, porque nós dixemos que queriamos o 5 % do PIB dedicado a educación. Vostedes están no 4,1 %. Nos documentos que mandaron a Bruxelas falan dun 3,8 %, 3,7 % e 3,6 % nos próximos tres anos. E, lamentablemente, iso é perpetuar a desigualdade, señor Puy. E ¿sabe por que? Porque no abandono escolar temperán no 10 % de poboación máis pobre o 50 % dos nenos abandonan antes de rematar os seus estudos, mentres que no 10 % de renda máis alta só abandona o 10 %.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: O 50 % fronte ao 10 %, señor Puy.

Iso é o do que estamos a falar e iso é o que, desde logo, é a sociedade e a economía que está a construír a dereita española. E, desde logo, non van contar co Partido Socialista para lavar a súa cara. Aínda que tamén é verdade que están vostedes aí porque houbo outros que preferiron que gobernara o señor Rajoy que o señor Pedro Sánchez. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Boa tarde.

A iniciativa que debatemos hoxe podería parecer unha trivialidade insubstancial que podería ser tomada como unha ocorrencia sen maior percorrido. Pero non o é porque é tal o desvarío que, se finalmente se leva a adiante, suporá unha gravísima deterioración da respectabilidade do Goberno galego e deste Parlamento, Cámara na que reside a soberanía do noso pobo.

Xa estamos afeitos a que o Partido Popular deturpe o papel do Parlamento, en especial o que ten que ver coa súa función de control ao Goberno. En cada pleno asistimos a *presuntas* preguntas de deputadas e deputados do Grupo Popular que, obviamente, non teñen a finalidade

de controlar a acción da Xunta senón de gabar a súa actuación; preguntas que, a medida que se achegan as eleccións, son utilizadas cada vez con máis frecuencia para atacar institucións municipais, nun exercicio de falta de respecto institucional. O Grupo Popular e a Xunta deturpan o papel de control que o Parlamento ten —controlar o Executivo—, porque non contestan as preguntas que facemos os grupos da oposición de forma reiterada. Aínda máis, a súa estratexia parlamentaria é ser a oposición da oposición.

Pero esta iniciativa vai máis alá, avanzando nun camiño de desprestixio a esta Cámara que nós non podemos aceptar. Porque o que o Grupo Popular quere que votemos hoxe é que o Parlamento inste o Goberno galego para que se dirixa aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados para dicirlles como teñen que facer a súa oposición, nin máis nin menos. Para que se entenda ben, o que o Grupo Popular vai votar é que o Parlamento de Galicia se dirixa ao Grupo Confederado de En Marea-Unións-Podemos, ao Grupo Socialista, ao PDeCat e a Esquerra Republicana de Cataluña para dicirlles que é o que teñen que facer no Congreso dos Deputados diante do Goberno do PP. Un orzamento, señor Puy, que non existe, o cal aínda fai máis difícil esa tarefa que vostede nos plantexa, ese encargo que lle quere facer ao Goberno.

Señor Puy, voulle facerlle unha pregunta: ¿de verdade que vai falar con Albert Rivera, con ERC, con Bildu, con Compromís, con Yolanda Díaz, con Fernán Vello, para dicirlles como teñen que votar no Congreso dos Deputados? ¿De verdade que vai ser quen de materializar esta proposta e humillar esta Cámara? ¿De verdade que nos vai facer pasar o bochorno e o ridículo extremo de dirixirse formalmente aos grupos do Congreso para dicirlles o que teñen que facer? Non o faga. Dende logo, non o faga no noso nome. Señor Puy, non debería ser tan difícil entender que un chascarrillo que serve para un mitin non se pode transformar nunha proposición non de lei nun Parlamento digno deste nome. Non humillen a Cámara, non desprestixien esta institución, non devalúen o Parlamento de Galicia.

O Grupo Popular, con esta iniciativa, demostra que segue sen entender ben os mecanismos da democracia, as regras da democracia. Quen ten a responsabilidade de gobernar é o Goberno, quen se opón é a oposición. Acostumados ao rodillo parlamentario, non son quen de entender que nun sistema democrático avanzado hai división de poderes e que cada un ten as súas responsabilidades: o Executivo goberna e o Parlamento controla a acción do Goberno.

Non se perde todo nesta iniciativa, porque se de algo serve é para demostrar a desesperación do Partido Popular, que ten que pedirilles aos grupos da oposición no Congreso dos Deputados que aproben o presuposto. Se algo demostra é que temos un Goberno central en estado catatónico, desprestixiado, illado, incapaz de chegar a acordos, un Goberno inútil, paralizado,... *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.)*, que non quere oír as demandas da cidadanía aínda que as berremos, como foi a marea feminista o 8 de marzo e a marea pensionista do 17 de marzo. Unha parálise de Goberno que demostra a falacia do discurso de que governe a lista máis votada; que governe a lista máis votada iso non significa que exista maioría parlamentaria. E o que temos é un goberno en minoría que só é capaz de manterse grazas ao filibusterismo parlamentario de vetar as iniciativas da oposición, co apoio —iso si— da dereita moderna de Cidadáns.

Remato.

Non queremos que humillen o Parlamento galego, non queremos, respectamos o Parlamento galego. E nese sentido ofrecémoslles unha emenda de substitución: «O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno do Estado para demandar a presentación dun proxecto de orzamentos xerais do Estado que inclúa as medidas que permitan acadar un acordo de consenso que facilite a súa aprobación, que, a xuízo do Parlamento galego, debe conter como mínimo as seguintes medidas: o incremento das pensións contributivas do 2,1 %, o incremento sensible dos fondos destinados ao financiamento autonómico e un incremento significativo das cifras de investimento».

Señor Puy, por moita maioría que teñan, non humillen o Parlamento de Galicia, porque aquí reside a soberanía do noso pobo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Señor Lago, eu pediría se podemos retirar a expresión «autista».

O señor LAGO PEÑAS: Si.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Queda retirada esa expresión.

Señor Puy, grupo autor da proposición non de lei.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas.

Hai unha frase —é unha definición de Wagensberg, de democracia— que di que non se pode vivir nunha democracia sen contradicións pero pódese intentar vivir coas mínimas posibles. Señor Lago, vostede di que isto é unha cousa que está humillando o Parlamento e vén vostede e preséntame unha emenda na que o que me pide é que me dirixa ao Goberno para que lle faga os presupostos como vostede quere; é dicir, o mesmo, *(Aplausos.)* cun engadido: que ningún grupo da oposición —que todos emendan pedindo unhas longas cartas aos Reis Magos—, entre outras cousas, o señor Lago o que nos presenta é un novo acordo sindical despois de que o Goberno vai incorporar aos orzamentos o acordo ao que chegou con Comisións Obreiras, UXT e os sindicatos da función pública para a suba dos salarios dos funcionarios públicos. Eu, en fin, insisto: intente vivir con menos contradicións, porque a min paréceme bastante contradictorio. Eu non sei se sabe..., porque aquí, como se pode dicir o que se queira...

Ben, quería precisar unha cousa. Eu recoméndolle seriamente que lea o Informe da Comisión de Venecia sobre cal é o papel dunha oposición na democracia. A Comisión de Venecia —que vostedes citan cada vez que falamos de corrupción— expresamente di, entre outras cousas, que «a responsabilidade de todos os partidos representados é contribuír construtiva e lealmente ao proceso político e non» —cito literalmente— «percibir o seu papel como un mecanismo de mera obstrución, debendo contribuír á adopción de decisións públicas». Iso é o que está pasando no Congreso dos Deputados. Por tanto, leccións do que é a democracia,

poucas. Señor Lago, sinto dicirlllo así, pero poucas. E, desde logo, humillar a esta Cámara, ningunha. Eu non vou morder a mazá de entrar en ver quen humilla máis esta Cámara, desde logo. *(Aplausos.)*

Eu tampouco sei se a portavoz do Bloque sabe exactamente o que é o cinismo. O cinismo é mentir con descarar; eu, desde logo, aquí non mentín con descarar. E tamén podería ser na súa acepción filosófica o rexeitamento dos convencionalismos; eu creo que niso é vostede bastante máis cínica que nós, que somos un partido bastante convencional polo demais, ¿non? Pero, en todo caso, eu quero recordarlle que isto que dixo vostede ao ministro faime graza, porque son 19 millóns que saen no BOE de hoxe para a avenida Alfonso Molina, da Coruña. E, polo tanto, en fin, iso está no BOE, iso non é ningunha imaxinación.

Unha breve resposta. Señor Losada, vostede leva anos criticando o Goberno do Partido Popular porque legisla por real decreto lei, e agora o que nos di é que o Partido Popular o que ten que facer é sacar todas estas cousas por real decreto lei. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Vamos ver, eu insisto: pódese vivir con contradicións pero coas mínimas posibles. Simplemente quero dicir unha cousa, porque creo que é un comentario oportuno e acaído para a situación política actual.

A oposición —a pouco leal oposición, que bloquea a acción e non propón un goberno alternativo, que é o que tiña que facer— está dicindo constantemente que o Partido Popular non se interesa ou se despreocupa das familias, que non se preocupa das pensións, que non se preocupa dos maiores, que non se preocupa das mulleres, que non se preocupa das mulleres vítimas de violencia de xénero. E cando o Partido Popular trae un orzamento onde se soben as pensións —particularmente as máis baixas—, onde se soben as pensións das mulleres viúvas —que son as máis baixas—, onde se melloran os fondos para a loita contra a violencia de xénero, onde se melloran as bolsas de estudantes, etc., etc., entón nese momento vostedes bloquean os orzamentos. Co cal, como non hai orzamentos e non se pode facer o gasto que mellore as pensións, o problema é que o PP está en contra das pensións.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

As emendas.

O señor PUY FRAGA: Miren, eu creo que ese círculo vicioso vai quedar desenmascarado antes ou despois. Pero eu estaría disposto —e con isto conclúo, porque me teño que posicionar sobre as emendas— a aceptar calquera das emendas, e na súa literalidade completa, que me presentan os grupos da oposición. O PSOE ten 85 escanos, aprobamos esta emenda e incorporamos eses orzamentos; estou seguro de que Mariano Rajoy atendería os orzamentos se incluimos as cousas que propón o Partido Socialista. Ou podemos aceptar as da Marea; teñen 5 deputados —os mesmos que o PNV—; ¿estaría A Marea disposta a apoiar os orzamentos se aceptamos o que poñen as emendas? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ao mellor, sería interesante comprobalo, pero ninguén o ofreceu. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PUY FRAGA: O Bloque só me pode ofertar os dous escanos que ten EH Bildu. Eu creo que aí nin sequera podemos negociar que voten no Congreso os orzamentos do Estado.

En todo caso, confiemos en que continuemos coa estabilidade, co crecemento e co apoio a quen máis o necesita.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Despois, hai que insistir cos orzamentos do Partido Popular que van ser aprobados no Congreso dos Deputados.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación vixente en materia laboral e a protección do sistema público de pensións

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 24165 [10/PNP-001746].*)

Emenda de adición:

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a incrementar a contía do Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas, de xeito que cada persoa prestataria de pensión non contributiva perciba un incremento de 100 euros mensuais na mesma.”)

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 24165).*)

Emenda de modificación:

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse o Goberno español para esixirlle que promova o cambio normativo co fin de:

1º) Que, con efectos do 1 de xaneiro de 2018, a contía de todas as pensións públicas do Sistema da Seguridade Social, calquera que sexa a súa modalidade e calquera que sexa o seu réxime, incluído o de clases pasivas, causadas antes da dita data, incrementaranse nun 1,6 %.

2º) Que se garanta a efectividade do dereito ao mantemento do poder adquisitivo de todas as pensións públicas do Sistema durante o ano 2018. Para o cal, no caso de que o índice de prezos ao consumo acumulado correspondente ao período comprendido entre decembro de 2017 e decembro de 2018 fose superior ao 1,6 %, procederase á correspondente actualización, incrementándose as contías das pensións públicas e aboando nun só pagamento a diferenza non percibida durante 2018.

3º) Que o financiamento da garantía da suficiencia do poder adquisitivo das pensións públicas previstas nos puntos anteriores farase con cargo directo á imposición xeral. Para o cal, a Lei que fixe as transferencias do Estado á seguridade social coa dita finalidade de revalorización incluírá a correspondente previsión de gasto en todas as modalidades de pensións públicas e nos diversos réximes da Seguridade Social, incluído o de clases pasivas.

4º) Que se convoque a Mesa de Diálogo Social a fin de estudar e adoitar unha fórmula que permita, xa en 2018, introducir o principio de equilibrio orzamentario e garantir ese equilibrio entre ingresos e gastos do sistema da Seguridade Social, racionalizando gastos que non deben ser pagados polo sistema senón polos Orzamentos Xerais do Estado e mellorando os ingresos por cotizacións e incluíndo fontes de financiamento adicionais á cotización que proveñan de impostos. O acordo acadado remitirase á Comisión de seguimento e avaliación do Pacto de Toledo.

5º) Suspender o índice de revalorización previsto no artigo 58 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, así como o artigo 27 do Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril.)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei, doc. núm. 24165 (10/PNP 001746).

Emenda núm. 1, de adición:

Débase engadir no punto 2, primeiro apartado, despois de “65 anos.”, o seguinte texto:

“A pensión de xubilación poderá causarse a partir dos 61 anos de idade se se acadan os 35 anos cotizados.”

Emenda núm. 2, de adición:

Débase engadir ao remate da parte resolutiva un novo apartado co seguinte texto:

“- Eliminar o tope máximo de cotización á Seguridade Social.”

Emenda núm. 3, de adición:

Débase engadir ao remate da parte resolutiva un novo apartado co seguinte texto:

“- Ampliar a financiación do sistema público de pensións, vía impostos, ligando o financiamento do mesmo aos Orzamentos Xerais do Estado.”

Emenda núm. 4, de adición:

Débase engadir ao remate da parte resolutiva un novo apartado co seguinte texto:

“- Eliminar as desgravacións fiscais a plans de pensións privados.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

En primeiro lugar, quero saudar as persoas pensionistas do colectivo de pensionistas da CIG que nos acompañan na tribuna de persoas convidadas e quero recoñecer o inmenso labor que levan feito desde hai anos en defensa do sistema público de pensións; un labor de información, un labor de denuncia do roubo que supoñían para a clase traballadora as reformas laborais que se levan aprobado desde o ano 2010 e 2011, sen ir máis para atrás, non asinando acordos que supoñían unha traizón á clase traballadora, como se está demostrando. E nese obxectivo de defensa das pensións públicas dignas, hai case un ano, en xuño do ano 2017, coincidindo cunha proposición non de lei que o BNG defendía neste Parlamento, a CIG presentaba tamén aquí no Parlamento 14.000 sinaturas en defensa do sistema público de pensións. E tamén nese labor, xa desde o ano 2014, cando o Goberno do Partido Popular empezou a enviar cartas masivas aos pensionistas nas que se informaba da suba do 0,25 %, os pensionistas da CIG fixeron campañas de devolución desas cartas. Teño aquí unha, datada no 13 de marzo do ano 2014, na que xa a aquela altura lle contestaban ao ministro dicindo: «Como resposta á súa carta, na que me informa de que a miña pensión para o presente exercicio 2014 aumenta un 0,25 %, quero comunicarlle que con esta medida está vostede contribuíndo inxustamente ao meu empobrecemento, e ao dos demais pensionistas galegos, debido a que o exíguo incremento que me anuncia se afasta desproporcionadamente do IPC previsto polo seu propio goberno. Deste xeito, cando remate o presente ano serei, con esta súa revalorización, automaticamente, como mínimo, un 1,25 % máis pobre». Contéstalle o ministro dicindo que este acordo se incorpora mediante un informe de avaliación e reforma do Pacto de Toledo aprobado polo Pleno do Congreso dos Deputados en xaneiro do ano 2011.

Con isto quero dicir que a loita contra a deterioración do sistema público de pensións dende logo vén de lonxe, igual que vén de lonxe o ataque ao sistema público de pensións e igual que o ataque aos servizos públicos en xeral.

E con esta iniciativa, o BNG hoxe quere dar este debate sobre a situación das pensións, sobre o debate aberto arredor da viabilidade do sistema de pensións, as ameazas ás que se enfrenta e as mentiras oficiais, oficiosas, medias mentiras e medias verdades, que parece que algúns

acaban de descubrir e outros están incrementando nesa escalada perfectamente magnificada por algúns medios de comunicación.

O que é unha evidencia é que, desde hai anos, veñen prognosticando a creba do sistema de pensións, promovendo os sistemas privados xestionados polos bancos e polos fondos privados. Necesitan atemorizar a opinión pública presentando como inviable o sistema público de pensións. E a razón é moi sinxela: por un lado, o interese de recortar a Administración pública e, por outro, o de transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidable derivado dos fondos de pensións públicos.

As razóns que presentan son que a esperanza de vida aumenta progresivamente ao mesmo tempo que hai menos cotizantes por causa da caída da poboación activa. Ideas sinxelas, repetidas machaconamente para que entren a lume directamente na poboación e pareza como irremediable que a folla de ruta que nos presentan pareza inevitable e que así asumamos acriticamente esta situación. A partir desta idea estenden a alarma social pregoando que a longo prazo non vai haber cartos para pagar o sistema de pensións. E o obxectivo é ben evidente: favorecer a privatización das pensións, permitirlle ao capital financeiro xestionar os inxentes aforros a través dos fondos de pensións privados con destino aos mercados financeiros globais. Para isto necesitan deteriorar o sistema laboral e para iso foron aprobando as diferentes reformas laborais. Polo que respecta ao sistema público de pensións, atrasan a idade de xubilación aos 67 anos, amplían a 25 o número de anos para calcular a base reguladora, adiantan a aplicación do factor de sustentabilidade ao 1 de xaneiro do ano 2019, atrasan a idade de acceso á xubilación anticipada, saquean o fondo de reserva das pensións. E, mentres, acatan as ordes dos amos da Unión Europea, protexen a evasión de capitais, a corrupción, subvencionan a Igrexa, rescatan a banca, as autoestradas, aumentan os beneficios das empresas diminuindo ao mesmo tempo as súas obrigas e continúan o ataque feroz á clase traballadora.

E isto a nivel xeral, mais estas medidas en Galiza aínda son moito máis mesquiñas. ¿Por que? Porque temos as pensións máis baixas do Estado español, unha maior porcentaxe de pensionistas en relación coa nosa poboación e as pensións son o único ingreso que hai en moitos fogares. Temos un empobrecemento maior das pensións —case o 60 % das pensións galegas están por debaixo do salario mínimo—, a media está máis de 15 puntos por debaixo do Estado e é especialmente preocupante a situación das mulleres, 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por debaixo do umbral da pobreza. Os pensionistas galegos perden 2.145 euros ao ano, que é unha cantidade realmente astronómica.

Por iso o BNG presenta hoxe esta iniciativa, unha iniciativa que ten unha parte estrutural, porque consideramos que, dende logo, diante dun problema estrutural non valen parches, senón que hai que poñer en marcha medidas estruturais. E a primeira medida é proceder á derogación das reformas laborais, a primeira medida que propoñemos é derogar as reformas laborais —é imprescindible facelo— e a aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais, que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan a clase traballadora fronte aos intereses do capital, unha cuestión evidente, sinxela e clarísima. Ou imos a unha reforma estrutural ou o resto serán parches. Vímolos reclamando desde hai tempo, pero este é o único camiño.

¿Cal é a seguinte medida? O recoñecemento do dereito á xubilación ordinaria, como mínimo, aos 65 anos, non cremos que traballar durante máis anos sexa o camiño; establecer o cálculo na base reguladora polas bases de cotización dun período de quince anos da vida laboral, e que elixa o traballador ou traballadora os que máis lle conveñan, que o traballador ou traballadora poida elixir os anos de cotización que máis lle conveñan para poder acceder a unha pensión digna; establecer o importe da pensión mínima no equivalente ao 60 % do salario medio, polo que estaríamos nunha pensión, como mínimo, de 1.090 euros; establecer a actualización anual con base no IPC, non ir perdendo poder adquisitivo cada ano; eliminar as penalizacións e discriminación no acceso ás pensións das persoas empregadas a tempo parcial, que fundamentalmente son mulleres e non por vontade propia, non porque escollan as mulleres ter contratos a tempo parcial, senón porque son os únicos contratos que lles ofrecen e porque, ademais, como na maioría dos casos teñen sobre as súas costas, temos sobre as nosas costas, o coidado de nenos e de maiores, pois renunciámos á nosa vida laboral para facer de coidadoras.

E logo hai outra parte, porque fixemos unha autoemenda e temos iniciativas presentadas nesta dirección. Parécenos que, ademais de poñerlle deberes ao Goberno español, que é quen os ten que facer, hai unha parte que lle corresponde aquí ao Goberno galego. E é a parte das pensións non contributivas. Presentamos unha emenda para aumentar o fondo extraordinario de perceptores de subsidios e pensións non contributivas de xeito que a cada unha destas persoas perceptoras se lles aumenten en 100 euros ao mes. Non estamos falando de ningún luxo asiático, estamos falando de aumentar unhas pensións de 369,9 euros ao mes en 100 euros, para poder ter unha pensión que non chega nin sequera aos 500; é dicir, 369 máis 100 máis, catrocentos e pico euros parécenos que é o mínimo que se pode ter. Porque, ademais, volvemos ao mesmo, estamos falando fundamentalmente de que son mulleres as que teñen pensións non contributivas. ¿Por que? Porque se incorporaron tarde ao mercado laboral. ¿Por que? Porque nunha parte moi importante se encontraron —sobre todo na conserva e noutros tipos de traballo— con que despois de traballar toda unha vida, cando foron reclamar a súa pensión, non tiñan cotizado nin un só ano por elas, ou con que tiñan cotizado tan pouco que coas sucesivas reformas laborais non teñen dereito a unha pensión contributiva. É unha cuestión de xustiza social para con moitas persoas, pero fundamentalmente para coas mulleres. E non estamos falando dun luxo asiático. Neste caso pódese facer, xa o plantexamos no trámite dos orzamentos e volvemos traelo hoxe aquí, porque —insisto— é unha cuestión mínima fundamentalmente coas mulleres.

Hartazgo, situación límite e perspectivas de futuro negras están sacando ás rúas miles de pensionistas. Se alguén pensa que isto é simplemente unha cuestión dunha subida do 0,25 %, estarase equivocando e non estará entendendo nada. Usouse a crise como escusa para facer reformas que non só reducen as pensións presentes, senón que van reducir as pensións futuras, e están condenando a clase traballadora...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...non soamente a unhas condicións laborais presentes de miseria, senón que queren condenalas a ter unhas pensións futuras, desde logo, de máis miseria.

No que vai depender e no que dependa do BNG, faremos todo o posible e o imposible por que isto non suceda.

Espero o voto favorable dos grupos aquí presentes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

«Os poderes públicos garantirán, mediante pensións axeitadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica dos cidadáns durante a terceira idade. Así mesmo, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.» Como vostedes ben saben, é o artigo 50 da Constitución española. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Podo mirar a calquera lado, ¿non? ¿Ou está prohibido? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, perdón, pensei que era algo que non era correcto. Podo mirar aos nosos invitados. Benvidos e grazas por estar hoxe aquí.

O Pacto de Toledo, no ano 1995, estableceuse como un mecanismo de defensa do sistema da Seguridade Social, para analizar fundamentalmente os problemas estruturais do sistema da Seguridade Social, as principais reformas que deberían acometerse nos seguintes anos para garantir a viabilidade do sistema público de pensións e evitar maiores déficits no orzamento do Estado.

As propostas deste Pacto de Toledo foron a separación e clarificación das fontes de financiamento, a creación do fondo de reserva da Seguridade Social, o mantemento do poder adquisitivo das pensións e o reforzo do principio de contributividade como elemento básico para a preservación do equilibrio financeiro do sistema, entre outros. Este sistema permitiu que nunha década o fondo de reserva da Seguridade Social se incrementase en máis de 66.000 millóns de euros. É verdade que coa crise as previsións se viron alteradas pola caída do emprego e pola caída do número de cotizantes, que durante os anos 2011 a 2014 se reduciron en máis de 450.000 cotizantes para todo o Estado.

Quero recordar que na entrevista que deu o señor Mariano Rajoy na primeira entrevista da campaña electoral, o 5 de novembro de 2011, dixo textualmente: «*Meteré tijera a todo menos a educación, sanidad y pensiones*». Pero a realidade é que as políticas de emprego o que fixeron foi unha precarización do emprego, e foron levadas polo Partido Popular; por exemplo, a desvalorización salarial —unha aposta pola precariedade laboral—. Entre 2011 e 2016 incrementábase nun 1 % o número de cotizantes, pero diminúe nun 1,6 % o ingreso por cotizacións. Iso é nin máis nin menos que precarización laboral.

Hai unha redución da taxa de cobertura para o desemprego, un incumprimento das orientacións do Pacto de Toledo —que o PP votou favorablemente—, incrementando o número e a contía das reducións nas cotizacións, que son asumidas directamente polo orzamento da Seguridade Social e non polos presupostos do Estado. ¿Cal foi o resultado? Déficit estrutural das contas da Seguridade Social.

Miren, este é o cadro. *(A señora Rodríguez Rumbo amosa uns gráficos desde a tribuna de oradores.)* En 2012 máis de 10.000 millóns de euros; en 2017, 18.800 millóns de euros. É dicir, en cinco anos increméntase case 9.000 millóns de euros.

Este fondo foi compensado... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Está ben, non veñan aquí enredar para que nos pase o tempo. Imos dicir o que queremos dicir.

Isto foi compensado con retiradas masivas do fondo de reserva, o que lles comentaba antes. E aquí tamén está o cadro. É dicir, en seis anos, o fondo de reserva baixa en case 59.000 millóns de euros, ¡59.000 millóns de euros!

Polo tanto, as políticas do Partido Popular dannos como resultado que, como sociedade, temos un problema fundamental, un problema fundamental que o Partido Popular quere reequilibrar polo lado do recorte das pensións. Ao Partido Popular non lle preocupa o empobrecemento dos pensionistas, non lle preocupa a perda progresiva do poder adquisitivo dos pensionistas. Aproba un factor de sostibilidade dun 0,25 % que suporá que en dez anos os pensionistas, cunha inflación estimada dun 2 %, perdan, polo menos, un 17,5 % do poder adquisitivo real. E o PP favorece os esquemas privados de xubilación, que é o que está a buscar. *(Aplausos.)*

O PP busca o que latexa na súa ideoloxía, nin máis nin menos, busca unha sociedade máis desigual, máis desigual. O PP concibe as pensións coma un gasto e non coma un dereito, e quere que paguen os servizos aqueles que teñen poder adquisitivo para pagalos e que o resto volva ao de antano, á beneficencia. Ese é o sistema do Partido Popular.

Pero recórdolles que hoxe hai 9 millóns de pensionistas —pódelle dar á cabeza todo o que queira, señor Alberto Pazos—, e na rúa están saíndo todos os pensionistas a reivindicar a xustiza e para que cumpran co que vostedes non queren cumprir porque non cren niso. Vostedes ven as pensións coma un gasto e non coma un dereito.

Miren, as pensións públicas constituíron durante moitos anos os ingresos dun gran número de persoas, de cidadáns do noso país. E nos anos de crise actuaron como elementos vertebradores da sociedade permitindo a cohesión...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...da cidadanía. Acorde coa súa ideoloxía, o Partido Popular o que fixo foi, por unha banda, aprobar o Real decreto 16/2012, de copago farmacéutico, cunha redución —oito euros menos ao mes—; a aprobación de continuos decretos-lei polos que eliminaron medicamentos do catálogo farmacéutico da Seguridade Social, co pago íntegro do custo destes medicamentos —outra redución máis—...;

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señor RODRÍGUEZ RUMBO: ...o endurecemento das condicións de acceso á xubilación e, por último, a Lei 23/2013. Como o tempo é pouco, non me dá tempo a seguir, pero poden vostede mirar a memoria...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...do Defensor del Pueblo do 2017. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¡Silencio, por favor!

Remate xa.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Eu pediríalles que, por favor...

O señor PRESIDENTE: Remate xa, por favor, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato agora mesmo. Pero pídolles que miren a memoria do Defensor del Pueblo de 2017, que foi publicada nestes días e que vai no mesmo sentido do que acabo de expoñerlles, nin máis nin menos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Vázquez Verao.

(*Fortes murmurios.*)

¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

A señora VÁZQUEZ VERAO: En primeiro lugar, un saúdo ao colectivo de pensionistas da CIG, e tamén un recoñecemento a todas as persoas pensionistas galegas que durante estes tempos de crise estiraron a súa pensión o indíxible, non só para sobrevivir elas e eles senón tamén para apoiar a moitas persoas, a fillas ou a netos que quedaron sen emprego, cubrindo así un oco que o Estado social deixa. Porque estamos a falar diso, porque estamos a falar de que se quere eliminar o Estado social, de que se quere abrir un gran negocio privado cos fondos de pensións privados. Iso é do que estamos a falar de fondo cando se cuestiona a viabilidade dos sistemas públicos de pensións.

E xusto agora, que teoricamente estamos nunha fase alcista do ciclo económico, dende 2014, xusto cando sería o momento de recuperar os dereitos roubados, resulta que arrecia outra vez esa campaña contra os sistemas de pensións públicos. Chegamos ata o esperpento, fí-

xense, de que o propio Goberno e o representante do PP na Comisión de Seguimento do Pacto de Toledo están animando para que se aforre para plans de pensións privados. ¿Que significa isto? Significa que os poderes do Estado están certificando o fracaso do Estado, que ten a obriga constitucional —como xa foi exposto aquí— de garantir retiros dignos con pensións periodicamente actualizadas. Pero, en fin, pouco lles importou aos patriotas do 155 vulnerar a Constitución coas reformas que se foron impulsando coa escusa da crise, todas —non só as reformas que teñen que ver coas pensións— tendentes a recortar dereitos e a adelgazar o sector público.

Coas ditas reformas, por suposto, conseguiron afondar as xa nefastas consecuencias da crise en lugar de paliarlas. Así, foise elevando a idade de xubilación, estendendo o período de cotización e mesmo chegaron a eliminar a revalorización das pensións conforme o IPC, pese a vulnerar a Constitución. Porque non se trata só de que se vulnere o artigo 50, senón tamén porque a reforma afecta a pensións que foron causadas con anterioridade ao cambio normativo.

Pero, en fin, a realidade era que o sistema era viable, porque tiña superávit. Chegou a ter, este famoso fondo de reserva, 65.830 millóns de euros. ¿Que sucedeu coa crise? Coa crise sucedeu o que xa coñecemos: a brutal perda de postos de traballo e a gran caída dos salarios —sobre todo dende 2012 coa reforma laboral—, que fixo que se reduciran as cotizacións, que caeran os ingresos do sistema, que se xerara ese déficit da Seguridade Social e que se recorrese masivamente ao fondo de reserva. Isto non é o máis grave, que tamén o é. O máis grave é que no 2014-2015, aínda que se entra —como dixen— nesa fase alcista do ciclo económico, se comeza, daquela maneira, a crear emprego e as cotizacións seguen sen recuperarse. E ¿por que? Entre outras cousas porque continúa vixente esa reforma laboral nefasta, porque se instalou a precariedade. E con tal precariedade é imposible que aumenten as cotizacións.

Fronte a esta situación, defendemos con pancartas —claro que si, que parece que non gusta que se defenda con pancartas, e tamén é un elemento democrático a protesta social—, defendemos con pancartas o sistema público de pensións. Pero tamén o defendemos con propostas legislativas e financeiras que garantan a súa viabilidade. Neste sentido, as propostas que recolle o Bloque Nacionalista Galego nesta PNL compartímolos plenamente, témolas rexistradas tamén na nosa proposta de lei no Congreso e coinciden cunha serie de proxectos de lei que temos levado adiante —todos vetados, por certo, polo Goberno do PP—. Pero engadimos algunhas máis que teñen que ver co financiamento. Porque no debate dos sistemas públicos de pensións, no debate no Estado español sobre os mesmos, hai unha cuestión fundamental: o problema non son os gastos, non é o exceso de gasto, o problema é a falta de ingresos. E nese sentido concordamos absolutamente coa necesaria derrogación das contrarreformas laborais. Iso elevará, por suposto, os ingresos do sistema polas vías da cotización. Tamén hai que ter políticas activas de emprego, e aumentar o emprego público, algo que tamén elevaría inmediatamente os ingresos do sistema. Pero tamén hai que incrementar ingresos pola vía dos impostos e ligar o financiamento do sistema aos orzamentos xerais do Estado. E hai marxe para facelo, porque é ben sabido —e En Marea teno denunciado en numerosas ocasións— que o Estado español é dos que menos presión fiscal ten da Unión Europea e tamén un dos que menos investimentos sociais realiza. Só en pensións, o Estado español, 10,8 % do PIB; eurozona, 13,6 %. Hai marxe para facelo. Hai que aumentar os in-

gresos tamén por outras vías. Se fixera falta, con impostos á banca, esa á que tamén as pensionistas e os pensionistas galegos lle regalaban tantos cartos sen posibilidade de recuperalos; ou tamén pola vía de rematar cos beneficios fiscais ás pensións privadas. Só neste concepto o Estado tería uns 2.000 millóns de euros máis, que é o importe que, máis ou menos, chegaría para revalorizar as pensións conforme o IPC. Velaí teñen, os das pancartas tamén temos alternativas reais e as contas que nos piden tantas veces.

Outras contas: aumentar os ingresos pola vía de eliminar o tope máximo das cotizacións para os salarios máis altos, aqueles superiores a 3.751 euros ao mes. Por certo, tope conxelado este ano a pesar de que si se incrementou a base mínima por parte do Goberno. Deste xeito, os cálculos menos ambiciosos falan de 4.000 millóns de euros máis só nesta cuestión.

É dicir, hai alternativas, hai capacidade de incrementar os ingresos do sistema. E isto é fundamental nunha situación como a galega, cunhas pensións de miseria —xa foi exposto aquí—, co 56 % das pensións galegas por debaixo do SMI, o cal é intolerable. E moito peor é para as mulleres. Neste sentido é fundamental en Galiza elevar as pensións mínimas.

Tamén concordamos con esa proposta do BNG. E no que respecta aos 100 euros que se proponen para as pensións non contributivas, estamos de acordo pero é insuficiente. Nós estamos a traballar nun modelo de renda galega que permita complementar os ingresos de quen estea por debaixo dese 60 % do salario medio, sexa pensionista ou non.

E para rematar, recomendámoslle tamén ao Partido Popular, igual que o fixo a representante do Partido Socialista, ese informe do Defensor do Pobo, que considera inconstitucional esa falta de revalorización das pensións. Pero, en fin, non imos gobernar a golpe de Tribunal Constitucional, que, ademais, só serve para blindar as reformas lesivas que fai o PP. Imos gobernar pensando en cal é o noso modelo, se é un modelo de solidariedade ou un modelo do sálvese quen poida. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Falábase hai uns intres aquí de non humillar o Parlamento de Galicia. E un titular da prensa de agora mesmo, do xornal *La Voz de Galicia*, di: «*Identifican a una diputada de En Marea en una pandilla sospechosa de destrozar coches.*». Agardo que se nos dea algún tipo de explicación. Efectivamente, insisto no seu argumento: intenten non humillar este Parlamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu creo que, falando de pensións, facíase aquí un exercicio de desmemoria histórica sen precedentes. A voceira do Partido Socialista falaba deses recortes, e eu teño que remitilos a que lean a prensa. Miren, é do ano 2011: «*El acuerdo en pensiones da paso a un gran pacto social*», del periódico *El País*. «*Los sindicatos y el gobierno —Zapatero— logran un texto que recorta la renta a los futuros jubilados y retrasa la edad de jubilación a los 67 años.*»

Señora Rodríguez Rumbo, claro, loxicamente, se non len os xornais, tampouco saberá que a semana pasada compareceu o presidente do Goberno no Congreso dos Deputados para falar precisamente deste tema. Mire, a demagogia e o oportunismo desta iniciativa eu creo que queda fóra de toda dúbida. Pero eu quero darlle as grazas ao Bloque Nacionalista Galego por tela presentado, porque é, dende logo, unha magnífica oportunidade máis para manifestar o compromiso, o noso compromiso, o compromiso do Partido Popular, co noso sistema nacional de pensións. É unha oportunidade para reiterar nesta Cámara o anuncio que o presidente do Goberno facía a semana pasada no Congreso dos Deputados. Non escoitei a ninguén falar del, nese sentido. Miren, dende o Goberno de España imos facer todo o posible —anunciou o presidente— para manter e revitalizar o noso sistema de pensións. Enriba da mesa hai unha proposta formulada polo presidente Mariano Rajoy para incrementar as pensións, incrementar as pensións máis baixas e incrementar as pensións de viuvez. Imos facelo a través dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 e imos facelo tamén concentrando as axudas fiscais do IRPF en dous colectivos, nas familias e nos xubilados, eximindo do pago do IRPF os pensionistas que cobren menos de 17.000 euros. Terán ocasión nese trámite parlamentario de retratarse e amosar se o seu compromiso cos pensionistas é real ou simplemente de boquilla nesta sala. É verdade que o BNG non poderá facelo, pero sempre poden falar cos amigos de Bildu e que sexan eles os que expresen no Congreso dos Deputados o sentir do Bloque Nacionalista Galego.

Miren, o noso sistema nacional de pensións é produto dun pacto, dun pacto interxeracional e produto dun pacto político, que é o Pacto de Toledo. Lendo a iniciativa do BNG e as emendas do resto dos grupos da oposición —e a autoemenda do propio BNG, unha autoemenda improvisada—, cremos que toman moi pouco en serio este tema. E é un tema relevante. Fritolizan e utilizan electoralmente este asunto, que non debería formar parte do debate entre partidos senón que debería ser froito do acordo e do consenso. Non son de fiar os que teñen solucións sinxelas para problemas tan complexos coma este. Nós, sen embargo, temos que dicir que somos cribles cando falamos de pensións, somos cribles porque blindamos as pensións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si señora Rumbo, blindamos as pensións no peor momento da crise. E imos ser os que agora actualicemos as pensións, especialmente as máis baixas e as de viuvez.

Aquí nós non baixamos pensións, baixáronas vostedes en Portugal. Alí gobernaban vostedes e baixáronas entre un 15 % e un 25 %. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Baixáronas en Grecia un 40 %. Nós non baixamos pensións. Actualizámolas todos os anos. Oxalá o Partido Socialista puidera dicir o mesmo.

Miren, con nós incrementouse o gasto en pensións no noso país de 95.000 millóns de euros no ano 2010 a 139.000 millóns de euros no ano 2017. Dixemos que non tocaríamos as pensións e non o fixemos, señora Rumbo. Miren, a pensión media en 2010 era de 884 euros ao mes; no ano 2017, 1.070 euros ao mes. A pensión media dos novos pensionistas, os que entran agora no sistema, no ano 2010 era de 1.150 euros; e no ano 2017 é de 1.400 euros ao mes.

Nós non cremos en solucións sinxelas para problemas complexos, e este é un tema complexo, as pensións consomen o 40 % do gasto da Administración Xeral do Estado, e hoxe temos 10,5 millóns de pensionistas, pero é que dentro de vinte e cinco anos imos ter 15 millóns de pensionistas.

Tomemos en serio este debate, esteamos orgullosos do noso sistema nacional de pensións, construímolos entre todos co esforzo de todos, e a nosa obriga é garantir a viabilidade e a súa sostibilidade. Diso vostedes non faláron en absoluto.

Miren, ¿saben como se blinda o noso sistema nacional de pensións? Creando emprego, aumentando o número de cotizantes á Seguridade Social. E, polo tanto, non podemos aceptar leccións de quen destruíu 3.800.000 postos de traballo. Non, non, porque ¿saben que? Grazas a esa reforma laboral que ao mesmo tempo demonizan —iso si, dende os seus partidos utilizárona sempre que tiveron que despedir persoal—, grazas a esa reforma laboral que vostedes demonizan, creáronse no último ano 600.000 postos de traballo; no anterior, 400.000 postos de traballo; no 2015, outros 400.000; e no 2014, outros 400.000. En total, 1.800.000 postos de traballo creados grazas a esa reforma laboral. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Cotizantes á Seguridade Social é o que necesita o noso sistema nacional de pensións.

Señores, cando vostedes falan de pensións, quedan moi mal. Pero, cando falan de emprego, quedan moitísimo peor.

Ten razón vostede.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Mire, a nós preocúpannos as pensións dos nosos avós, as pensións dos nosos pais, pero preocúpannos moito máis as pensións dos nosos fillos. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: E por iso pensamos que calquera cambio no sistema ten que garantir a súa viabilidade, a súa sostibilidade, e ten que ser consensuado no seo do Pacto de Toledo.

É verdade que o BNG non está, nin se espera, porque os galegos non o quixeron. Nós o que agardamos é que non presenten estas iniciativas xogando cos intereses da xente. (*Murmurios.*) Porque, cando hai que garantir as pensións dos nosos maiores, sempre hai un goberno do Partido Popular que vai estar aí.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Mire, señor Tellado, o BNG está e espérase. Non soamente xogamos ao electoralismo. Estamos, teñamos votos ou non. Estivemos no 2014, no 2012, no anterior, e imos seguir estando (*Aplausos.*) E fálelles vostede de oportunismo aos pensionistas, que levan defendendo os seus dereitos e van seguir facéndoo.

Mire, falaba vostede do anuncio de Raxoi. ¿A que se refire? ¿A ese ao que lle dedicou 13 segundos da súa intervención? ¿Refírese a ese anuncio de Raxoi? Dedicoulle 13 segundos na súa intervención no Congreso dos Deputados, ¡13 segundos!

Mire, un anuncio de desconto no IRPF a aqueles que teñan unha pensión de máis de 17.000 euros. ¿Sabe cal é a pensión media en Galiza? Díxenllo antes: 800 euros. Ao ano son 11.200 euros. ¡É que non afecta practicamente a ningún pensionista galego, señor Tellado! ¡Por favor, menos demagogia, menos demagogia!

¿Sabe o que dixo Raxoi?: «Faremos o que se poida». Para os de abaixo, para a clase traballadora, o Partido Popular fará o que se poida. Para os de arriba, o que queiran, o que pidan, o que lles faga falta. (*Aplausos.*) Para os de abaixo, o que se poida.

Mire, trátase de prioridades. E ¿sabe cal é a prioridade do Partido Popular? Pois, mire, o Partido Popular comprométese a subir o gasto militar que lle demanda a OTAN, ata 18.000 millóns de euros; rescate da banca: 58.000 millóns de euros; fraude fiscal: Gestha calcúlaa en 60.000 millóns de euros, dos cales 42.000 nas maiores fortunas; autoestradas radiais madrileñas: 40.000 millóns de euros. ¿Sabe canto suma isto, soamente isto? Son 140.000 millóns de euros. E resulta que, para as grandes fortunas e as grandes empresas, o que queiran, non hai ningún problema: 140.000 millóns de euros. Para as pensións, ¡non hai cartos! ¡Non hai cartos para as pensións! Para as pensións, o que se poida (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio!

A señora PRADO CORES: Señor presidente, eu pediríalle...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!, eu tamén me canso, e comprendo que se cansen todos vostedes. Eu tamén estou cansado, pero, por favor, pídolles silencio a todos.

É un tema serio e temos invitados. Por favor, tomen isto con seriedade. Eu tamén me canso, ¡eh!

Prosiga, señora Prado.

Non interrompan.

A señora PRADO CORES: Eu agradézollo, señor presidente, porque a miña gorxa ten un límite. E a verdade é que xoga continuamente o Partido Popular a intentar ver se perdemos o fío das cuestións e a estar montando continuamente jaleo. (*Murmurios.*)

E estou dicindo que se trata dunha cuestión ideolóxica. E a cuestión ideolóxica no Partido Popular é que para os de abaixo, para a clase traballadora, nunca hai, e é «o que se poida» —palabras textuais de Mariano Raxoi, que lle dedicou 13 segundos ás propostas—; e, para os de arriba, o que queiran.

As prioridades do Partido Popular son estes 140.000 millóns de euros nestas poucas propostas das que acabo de facer un relatorio. E resulta que para as pensións non hai recursos. Trátase, evidentemente, de prioridades. E trátase da repartición da riqueza. E ¿que di a repartición da riqueza? Que no Estado español o 10 % máis rico acapara o 90 % da riqueza, o 10 % acapara a repartición da riqueza. E di que, durante a crise e durante a saída da crise, esta situación non fixo máis que empeorar, que non foi un problema da crise senón que durante a saída da crise esta situación non fixo máis que empeorar, que os máis ricos acaparan máis riqueza; e a clase traballadora, cada vez peor.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

A señora PRADO CORES: Só un segundo, señor presidente.

Respecto das emendas, se me fai o favor, aquí hai unha proposta concreta respecto da Xunta de Galicia na que o deputado do Partido Popular nin se posicionou. Porque é evidente que o Goberno galego non ten nada que dicir respecto das pensións máis baixas non contributivas. Está claro que non ten nada que dicir.

O señor PRESIDENTE: As emendas son do PSOE e de En Marea.

A señora PRADO CORES: Imos aceptar as emendas de En Marea, porque coincidimos con aspectos que reseña. E imos aceptar como emendas de engádega os dous primeiros puntos das emendas do Partido Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para evitar os desafuzamentos e garantir o dereito a unha vivenda digna

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luís Bará Torres e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto ao final, co seguinte texto:

“Aprobar unha moratoria nos desafiuzamentos e cumprir as recomendacións do Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais das Nacións Unidas para evitar o desafiuzamento sen alternativas a persoas sen recursos.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, hai que entender o señor Tellado. Cando el fala de que blindamos as pensións, refírese ás de Rato e ás de Bárcenas, e en diferido. Porque non se pode referir ao feito de que se revaloricen un 0,25 % cando o IPC no 2017 foi do 2,1 %, o que supón un recorte do 1,85 %. A definición de blindar non debe de ser esa. Pero, claro, son normais as carencias do señor Tellado, porque en cada intervención que fai vén aquí dicir que *no acepta lecciones de nadie*. Daquela, se non acepta leccións de ninguén, o normal é que saiba de pouco.

Ben, segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial, no ano 2017 os desafiuzamentos medraron no noso país, en Galicia, un 4,6 %. É o noveno ano despois da crise, e os desafiuzamentos seguen a ter un límite intolerable.

A vivenda constitúe un dos elementos máis esenciais para a vida do ser humano. Xunto coa alimentación e o vestido, conforman o indispensable para o desenvolvemento individual e social da persoa, así como da súa familia. O dito marco espacial permite ao individuo e á súa familia satisfacer necesidades biolóxicas, persoais e sociais.

Este dereito está recollido tamén na súa sacrosanta Constitución. Artigo 47: «Todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para faceren efectivo este dereito, regulando a utilización do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación. A comunidade participará nas plusvalías que xera a acción urbanística dos entes públicos.»

Produciría risa ler isto se non fora tan grave o que está a acontecer coa xente. Hai moito tempo que vostedes arrincaron este artigo da Constitución, da que son tan devotos servidores.

A vivenda segue a ser concibida, tanto polo Goberno galego como polo Goberno do Estado, coma un ben de investimento e non coma un dereito. Non só sistematicamente incumpren o artigo 47, senón que fan exactamente o contrario. As súas políticas exclúen sistematicamente a miles de persoas do dereito a unha vivenda digna, expulsando a xente das súas casas e impedindo gozar a mozos e mozas do dereito a proxectos vitais tendo unha vivenda na que poder habitar.

Vostedes provocan un dos golpes máis duros que pode ter unha persoa na súa vida, que é ser expulsado da súa vivenda. Cando isto acontece, na maior parte das veces é muller con

nenos ao cargo —como din as estatísticas—. Non garanten o dereito, fan todo o contrario, exactamente todo o contrario.

Vostedes defenden o mesmo modelo dende que gobernan, con variacións pequenas. Nos anos de precrise tivemos burbulla inmobiliaria baseada na liberalización do solo, nos privilexios aos bancos e no endebedamento da clase traballadora. As consecuencias destas políticas que impulsou o señor Aznar coa Lei de 1998, do solo, foron terribles para a xente, demoledoras para miles de persoas.

Agora vivimos a burbulla xa do alugamento, a burbulla do alugamento que, como xa anticipamos dende hai tempo neste Parlamento, se está a inflar tamén polas súas políticas. O ano pasado o investimento en vivenda, para colocalo no mercado do alugamento, medrou o 8,2 %. Os prezos do alugamento medraron en Galiza máis dun 6 %. En cambio, os salarios non soben, a estabilidade laboral non chega. E, polo tanto, amplas capas de poboación vense expulsadas das súas casas e por iso os desafiuzamentos soben en Galicia e no resto do Estado.

Con esta ecuación, que non é algo conxuntural, é algo estrutural, moitas capas de xente —sobre todo, moza— non teñen condicións suficientes para acceder a unha hipoteca e derivan ao mercado do alugamento. No 2008, o 31 % dos mozos que accedían a unha vivenda facíanlo a través do alugamento. No 2016 é un 71 %. Ao aumentar a demanda e non a oferta, os alugueiros soben espectacularmente. Subirán este ano e subirán no 2019 mentres non cambien as políticas. Porque vostedes, coas súas políticas, renuncian a regular esa oferta.

¿Quen manexa a oferta de vivenda neste país? Os bancos e os grandes propietarios, que son os que poden liberar ou non en función dos seus intereses, en función do prezo que poidan percibir. Reteñen ou liberan en función dos seus intereses.

Nin a Xunta de Galicia nin o Goberno do Estado teñen a capacidade para regular o mercado, porque vostedes non quixeron. Vostedes impiden coas súas políticas, vendidas aos intereses dos grandes posuidores, vendidas aos bancos, a capacidade da Administración pública de regular os prezos mediante, por exemplo, o aumento da oferta de vivenda pública, ou privada, pero con alugueiros sociais e accesibles. Fan as políticas conscientemente renunciando a gravar a vivenda baleira aos grandes posuidores de vivenda baleira. Vostedes néganse en Madrid a definir o concepto de vivenda baleira para que os concellos que así o queiran poidan facer un recargo, poidan impoñer un recargo, á vivenda baleira. Hoxe en día ter vivenda baleira é tan barato como antes da crise.

Vostedes non utilizan as reservas de solo para vivenda pública, para construír esa vivenda, que podía ser necesaria nestes momentos. Vostedes aprobaron a Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, onde se permitiu rebaixar as ditas reservas de solo por debaixo do mínimo estatal, fixándoas en relación co rexistro de demandantes. ¡O mundo ao revés! Vostedes impiden tamén así regular o mercado.

Vostedes impediron coas súas decisións utilizar as vivendas compradas con diñeiro público da Sareb para a utilización da xente. Pero, claro, vostedes comprométese cos bancos, aos

que lles compran os activos tóxicos, e despois os bancos pídenlles que non liberen esas vivendas porque poden baixar os prezos. E non vaia ser que afecten os seus balances.

Vostedes modificaron a Lei de arrendamentos urbanos, lexislando a prol do arrendatario, rebaixando o período de contrato de cinco a tres anos e permitindo que esas renovacións de contratos se fagan coa suba que se faga, non poñen ningún límite, renuncian a regular. Vostedes, no Goberno galego, non puxeron nin unha soa medida eficaz para regular os prezos e para garantir un dereito. Ano tras ano neste país foron desafiuzadas cinco persoas, ano tras ano dende o comezo desa chamada crise. Nós cremos que non é por falta de capacidade do Goberno galego, non, é por interese. Nisto, como en case todo, hai intereses contrapostos. E vostedes optan polo negocio e non polo dereito á vivenda. Vostedes, para facer outras políticas, terían que pararlles os pés aos bancos e quitarlles privilexios. E non están dispostos; ao contrario, todo para eles: o rescate, a compra de activos tóxicos etc.

E entre os incrementos dos prezos do alugamento —como xa expliquei— e o modelo de precariedade que vostedes constrúen día a día con desemprego, con traballo temporal mal pagado, inestable e sen dereitos, vaise facendo o resto. Hai, ademais dos desempregados, 300.000 traballadoras e traballadores que perciben menos do salario mínimo interprofesional, a metade dos menores de 35 anos non teñen traballo e a outra metade traballa en precario. E logo din que esta é unha terra de oportunidades. De oportunidades para a precariedade e para a explotación laboral.

Como xa dixeran, o ano pasado subiron os desafiuzamentos, hai moita xente que non se pode emancipar etc. E vostedes virán aquí facer un discurso con ausencia de autocrítica totalmente. Levan dende o 2009 fracasando en garantir o dereito da xente á vivenda, e non cambian porque non queren cambiar. É un tema gravísimo, é unha das condicións materiais indispensables para a vida das persoas e vostedes néganse a modificar este modelo.

Nós traemos unhas propostas que vimos reiterando durante tempo —incluso antes de que fose oficial esta burbulla do alugamento, constatada polas estatísticas—, medidas que van no sentido de que o público gañe peso para garantir ese dereito, que o público teña capacidade, polo menos, de regular os prezos, de regular o mercado, para que a xente teña unha vivenda digna na que habitar. Pedimos que se incremente substancialmente o parque público de vivenda de alugueiro. Non inventamos nada. Nos países onde si hai loita por garantir este dereito xa vén moi de vello a capacidade que ten un parque de vivenda de alugueiro en garantir ese mesmo dereito, cunha intervención pública coordinada para a xeración suficiente de vivenda. En Galicia hai 3.500 de 1.600.000 vivendas.

Tamén queremos outro sistema de adxudicación de vivenda. Queremos que se utilicen as vivendas da Sareb para ese parque público. Queremos incrementar os orzamentos pero tamén a execución dos orzamentos —pobrísimos os niveis de execución, aos que despois me referirei—, e utilizar medidas para a mobilización da vivenda, que dunha vez por todas se cumpra a Lei de facendas locais, que se defina regulamentariamente o concepto de «vivenda baleira» para que os concellos que queiran poidan gravar a vivenda baleira dos grandes posuidores. Queremos que se modifique a Lei de arrendamentos urbanos para regular os prezos e para darlles estabilidade ás persoas que viven na vivenda, que é a prioridade,

por encima do beneficio dos que fan negocio co alugamento; e desenvolver un programa eficaz de prevención dos desafiuzamentos.

Nada disto teñen feito vostedes. Os datos din que todas as súas políticas, se intentaban garantir ese dereito —que eu o poño en dúbida—, fracasaron. E seguen a fracasar e seguirán fracasando, dado o contexto no que nos estamos movendo. Cómpre mudar ese modelo, señores e señoras do Partido Popular, para garantir ese dereito. Se non, estarán utilizando a violencia das institucións contra a xente. E a peor corrupción que poden levar a cabo vostedes é utilizar estas institucións en contra do interese xeral e a favor do interese duns poucos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

A vivenda é un exemplo clásico dun dereito teórico, recoñecido na lexislación, na Constitución e tamén na lexislación internacional, na Declaración internacional de dereitos humanos, que na práctica é inaccesíbel para unha ampla maioría da poboación. E isto viuse agravado nos últimos anos como consecuencia desa mal chamada crise, que deu lugar ao incremento do prezo da vivenda —tanto na compra como no alugamento— e á baixada da renda da clase traballadora, da clase media —para quen ten renda, porque hai tamén sectores da sociedade que nin sequera se poden permitir o luxo de ter unha renda como para aspirar a ter unha vivenda de alugueiro; e aí está o 25 % da poboación, case 700.000 persoas, que están nunha situación de exclusión e de pobreza—.

E non é que non haxa política de vivenda. É que si hai política de vivenda que está pensada non para favorecer o acceso á vivenda senón para favorecer a especulación e o negocio. E ese é o camiño no que vai tamén o novo Plan estatal de vivenda, aprobado recentemente polo Consello de Ministros; que, como xa están dicindo moitas persoas expertas —mesmo as inmobiliarias—, o que vai provocar é unha explosión da burbulla do alugamento.

Claro, ¿que pasa aquí? Que non pode haber política de vivenda sen intervención directa do Estado, do sector público, dos gobernos, en cuestións fundamentais, como é o prezo do solo, o prezo da vivenda e a oferta da vivenda pública, da oferta de vivenda tanto en propiedade como de alugueiro.

O que acontece é que, claro, isto vai en contra de certos intereses, dos intereses dos grandes propietarios e dos intereses da banca, que son os que nestes momentos controlan o sector inmobiliario e o sector da vivenda. E, como non hai esa política integral, substitúese por medidas parciais, medidas cosméticas, medidas paliativas, reactivas, para calmar certas tensións que hai na sociedade, e non se desenvolven políticas integrais, políticas preventivas e proactivas.

E, por riba, está a mala xestión dos plans e dos proxectos que se presentan; o retraso, por exemplo, na aprobación dos plans de vivenda. O anterior era para os anos 2013-2016 e acabou sendo 2015-2017; cunha prórroga no ano 2017 que tivo, entre outras, a consecuencia do retraso de varios meses na tramitación das axudas, coas consecuencias que iso ten para a xente que está agardando e depende desas axudas. E a realidade é que esas persoas teñen que pedirilles prestados os cartos a familiares para poder facer fronte ao pagamento dos alugueiros mentres non lles chegan as axudas oficiais. Hai retraso das axudas, retraso dos plans. O novo plan 2018-2020 acaba de ser aprobado agora, co cal as axudas van saír dentro de tres ou catro meses e practicamente neste ano non se vai executar.

Está tamén a baixa execución orzamentaria, e xa non digo do Plan de vivenda, que non se executou en parte, e en Galiza tampouco se executou en parte, senón tamén dos propios orzamentos, como temos dito aquí, da Consellería de Vivenda, que teñen uns niveis de execución baixísimos en materia, por exemplo, de rehabilitación e de calidade da vivenda.

Desde logo, o BNG vai apoiar esta iniciativa. Pensamos que fai falta unha mudanza radical na política de vivenda, que ten que pasar, en primeiro lugar, polo cambio do marco legal —tanto da Lei de arrendamentos urbanos de 2013, que tivo esas consecuencias negativas a respecto do alugueiro, do incremento do prezo do alugueiro, como tamén da Lei estatal de vivenda—. E entendemos que hai que dar pasos a respecto, por exemplo, de garantir a vivenda como dereito mediante a mobilización para o alugamento das vivendas baleiras. Están aí eses centos de miles de vivendas da Sareb que non están saíndo ao mercado. Saen unhas migallas, pero, claro, resulta que a Sareb cedeu 97 vivendas para alugueiro social, ¡97 vivendas!, que é unha cantidade absolutamente ridícula.

Tamén pensamos que hai que incrementar substancialmente os investimentos públicos en materia de vivenda, porque o Estado español e Galiza están á cola de Europa nesta materia. Só estamos por riba de Malta e de Chipre, que non é como para presumir. E, polo tanto, o que pedimos na nosa emenda é que se tomen medidas eficaces para parar os desafiuzamentos, que, segundo os datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial, no ano 2017 en Galiza se incrementaron nun 4,6 %, é dicir, non están baixando senón que están subindo, especialmente os lanzamentos por falta de pagamento do alugueiro, que se incrementaron no 6,2 %. É dicir, foron máis de 1.693 no ano pasado.

Polo tanto, pedimos un cambio na Lei de vivenda. E pedimos, a través da nosa emenda, unha moratoria para os desafiuzamentos e o cumprimento das recomendacións do Comité dos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU —que fixo unha advertencia neste sentido ao Estado español— para evitar desafiuzamentos sen alternativa a persoas e familias vulnerables.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Un ano e tres meses máis tarde volvemos debater sobre este tema. E tamén un ano e tres meses máis tarde este grupo vai apoiar a proposta formulada e en coherencia co que xa fixo no pasado. Aínda que discrepamos en certos matices da parte resolutiva, entendemos que no global a nosa postura é compartida, ratificando, polo tanto, o noso voto favorable.

O Informe do Defensor do Pobo do ano 2017 —recentemente publicado— revela que, a pesar de non contar con datos estatísticos fiables pola rapidez do proceso —así o di—, entre o ano 2008 e 2017 se estiman en medio millón as vivendas desafiuzadas. E, polo tanto, estímase que dous millóns de persoas poden ser as afectadas pola perda de vivenda en toda España.

¿E cal é o contexto hoxe? Se atendemos aos datos que aporta o Consello Xeral do Poder Xu- dicial sobre as execucións hipotecarias iniciadas na nosa comunidade, o certo é que se in- crementaron. Se nos datos do 2016 foron 727 as execucións hipotecarias iniciadas, no 2017 o número incrementouse a 787, un incremento do 8,25 %. Un dato que chama a atención, dado que o número destas execucións estaba nunha gráfica descendente nestes últimos anos e parece que volve repuntar. Estamos a falar do inicio de dúas execucións hipotecarias de vivendas ao día.

En todo caso, existe un matiz, e é que o perfil das execucións foi mudando lixeiramente. Mentres que no 2014 en Galicia o número de execucións sobre vivendas conformaba o 54 % das execucións anuais, no 2017 foron o 44 %. Agora as execucións afectan proporcional- mente máis a locais e a outro tipo de bens. E tamén existe outro dato importante que variou: mentres que no 2014 3 de cada 5 desafiuzados eran persoas físicas, no 2017 son 2 de cada 5. Aumentan as persoas xurídicas —construtoras, grandes promotoras— que hai detrás de moitas das vivendas embargadas.

E, neste contexto, a pregunta é: ¿que é o que se esconde entón detrás destas cifras? Porque, cando as comparamos co que aconteceu o pasado ano no resto de España, Galicia francamente sae moi mal parada. Se no caso galego o inicio das execucións hipotecarias de vivenda aumentou o 8,25 %, no resto de comunidades experimentouse un claro e marcado descenso. En Andalucía rebaixouse nun 34 %; en Madrid, un 38 %; e a media estatal é dun 34 %. É un diferencial, polo tanto, de 42 puntos entre o que acontece no resto de España e o que acontece aquí en Galicia, que parece estar á contra das tendencias estatais, a única comunidade na que aumentou.

¿Como se explica este comportamento? Dende o Grupo Socialista cremos que a clave está no enfoque da política de vivenda, máis centrada nos coidados paliativos que en atallar os pro- blemas dende a raíz, sumado a un ritmo máis lento na recuperación da economía. É unha política, a de vivenda, que en todo caso se demostra incapaz de resolver os problemas dos galegos e galegas máis vulnerables. En catro anos, algo máis de 2.500 familias perderon as súas vivendas en Galicia. E é certo que o número de litixios por impago do alugueiro de vi- venda é tamén importante, en torno a uns 270 casos, que se resolven coa entrega da vivenda aos propietarios. E ¿como pode ser que existan familias que perden a vivenda por impago do alugueiro habendo axudas para este fin? Pois talvez porque non poden sequera aportar un mínimo, ou teñen acumuladas débedas que, esas si, non son cubertas por axuda nin- gunha. E talvez tamén polo descoñecemento destas posibilidades, o que podería atallarse cunha mellor comunicación entre organismos.

Os expertos sinalan que o nivel de esforzo de acceso á vivenda non debería superar o 30 %, xa que porcentaxes superiores poderían comprometer outros gastos familiares e incluso producir a morosidade nas cotas mensuais da hipoteca. Non obstante, para chegar con folgura e sen apuros á fin de mes, o prudente sería —din— que a dita porcentaxe se movese entre o 20 % e o 25 %. Segundo a estatística rexistral inmobiliaria, no segundo trimestre do 2017 a porcentaxe media en Galicia da dita cota respecto do custo salarial é do 26,29 %, sobrepasando esa liña da prudencia recomendada. E teñamos en conta que, segundo o IGE, algo máis de 50.000 fogares, no ano 2016, tiveron atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal —referímonos á hipoteca, alugueiro, gas, comunidade...—. O que fala das dificultades que seguen pasando moitos galegos e galegas para poder facer fronte aos gastos que supón o mero mantemento da mesma. E co incremento no prezo dos alugueiros —que xa apuntou o señor Sánchez—, algo que xa se está a experimentar en concellos como o da Coruña e Vigo, acompañado da menor dispoñibilidade de vivendas por debaixo dos máximos que marca a Xunta para precisamente acceder ás axudas ao alugueiro da vivenda, veñen, todas estas, a ser circunstancias que poden provocar unha nova acentuación do problema e que obrigará a revisar as propias medidas e condicións das mesmas establecidas pola Consellería.

Neste punto concordamos co grupo de En Marea. De feito, onte mesmo o Partido Socialista rexistrou unha iniciativa no Congreso dos Deputados na que incidimos na necesaria protección dos inquilinos. Por un lado, volvendo a arrendamentos con prórroga forzosa ata os cinco anos e coa actualización das rendas co IPC, revertendo os efectos da reforma que realizou o Partido Popular no 2013. E, por outro lado, con medidas como que os procedementos de desafiuzamento de primeira vivenda se teñan que realizar sempre con comunicación aos servizos sociais competentes, modificando para iso a Lei de axuizamento civil.

Por este motivo, e principalmente porque, no transcurso deste ano e tres meses no que debatemos esta mesma moción, a política de vivenda segue a ocupar camilla na UVI destinada ás consellerías deste Goberno, saturadas de emerxencias e de colapsos, o Partido Socialista vai apoiar esta moción, que entendemos que pode aportar parte das menciñas necesarias para que comece a recuperarse.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señor presidente.

Titular de *La Voz de Galicia* de agora: «*Identifican a una diputada de En Marea en una pandilla acusada de actos vandálicos en Santiago de Compostela*».

Ante isto, señores de En Marea, ¿que pensan facer?, preguntamos. ¿Non escoitan? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non interesa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio, silencio! *(Fortes murmurios.)*

Señor Casal, silencio. Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio, silencio!
(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Silencio, señor Casal, silencio!

Señor Castiñeira, á cuestión. *(Fortes murmurios.)*

¡Silencio, silencio! *(Fortes murmurios.)* *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, señor Casal, silencio. Non dialoguen por aí.

Señor Castiñeira, á cuestión.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Din vostedes, señor Sánchez, señores de En Marea, que o problema da vivenda é estrutural, non é conxuntural. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, imos falar diso. Realmente poderíamos abrir un debate interesante neste tema se fíramos capaces de falar con sensatez. Pero, claro, vostedes din unha cousa e fan a contraria. E aí está. Utilizaron os desafiuzamentos e as persoas, as familias que sufriron ese problema, para chegar ás institucións. E unha vez que chegan ás institucións o seu desgobierno non permite buscar solucións. É que non hai unha triste solución. Podemos empezar a falar de Cataluña, de Barcelona, podemos falar de Baleares, podemos falar da Comunidade de Valencia, podemos falar de máis preto de aquí, se queren, da Coruña, de Ferrol.

Imos empezar pola Coruña, porque é o máis preto que temos, e coñecemos todos. Aí non hai un problema, nin moito menos, conxuntural. É un problema estrutural, eu doulles a razón. Porque, ¡que casualidade!, hai máis de vinte mil vivendas libres, baleiras, na Coruña, e mércanse dúas dun abaixo firmante por cada seis. De seis, dúas son, polo menos, dun firmante de En Marea. O 40 % do orzamento en materia de política de vivenda, destinado a ese. Que, por certo, debía de ter un problema de salario precario e tal, porque está de asesor, nada máis e nada menos, que de Ada Colau, nada máis. Ese é un problema estrutural. Realmente hai que falar con Ada Colau porque non lle debe de pagar o suficiente, débeo de ter como asesor en precario. Iso é un problema. A maiores, por se isto fora pouco —e iso si está claro que é un problema estrutural—, é un 4º, un local comercial, un 4º, un baixo cuberta. Por suposto, a eficiencia enerxética, ¿para que?, ¿que máis dá? Ese é un problema estrutural. Era un local comercial pero mercámolo como vivenda, ¿para que imos cumprir as normativas? Iso é un problema estrutural, non é conxuntural e de que gobernaba En Marea. Pasaba por alí e houbo aquilo. Non foi un arranxo dos amigos. É o que hai.

Pero se isto non é suficiente, se queren, cambiamos de localidade e pasamos para Ferrol. E en Ferrol o primeiro que se fixo, nada máis chegar ao goberno municipal, foi autodeclararse «cidade libre de desafiuzamentos». Aí está, é certo, estupendo. Non hai desafiuzamentos en Ferrol. En Ferrol, nas vivendas públicas propiedade do concello, aproveitando que as familias saen —e aínda que teñan un neno pequeno terán as súas necesidades e non están todo o día metidos na casa—, tápianse. Entón iso non é desafiuzar. Tapiamos as vivendas. É un problema estrutural.

Pero o problema é estrutural, señor Sánchez e señores de En Marea —e señores do BNG e do PSOE, que colaboran, e participaron e puxeron estes gobernos onde están, ou desgober-

nos, porque loxicamente teñen a responsabilidade de que non deixaron gobernar a quen gañou as eleccións, puxeron outros que interesan máis e agora hai estas consecuencias—. O problema é estrutural, pero o problema é estrutural de quen goberna nesas cidades, casualmente onde máis desafiuzamentos hai en Galicia.

Miren, non podemos, porque se queren que falemos de Valencia —aquí saíu a Comunidade Valenciana, cando ten a medalla de prata, ou, perdón, de bronce, de toda España en desafiuzamentos—... Non creo que Valencia sexa o exemplo a poñer. Porque Andalucía é a segunda en máis desafiuzamentos, a segunda. Entón, non creo que sexa o modelo a poñer, nin moito menos. Isto segundo os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, que hai que matizar. E iso vale para todas as comunidades e para todo o Estado. O propio Consello Xeral do Poder Xudicial, na súa introdución, explica que eses lanzamentos que hai, que veñen nesas estatísticas, se refiren a todo tipo de lanzamentos. Incluso teñen vostedes a ousadía de que suman uns que veñen como «outros lanzamentos», súmanos niso, que se incrementaron un 30 %. Non se sabe ao que corresponden, pero eses súmanos para que as estatísticas engorden segundo lles interesa a vostedes.

Pois creo que os datos se deben analizar con xeito. Aí están fincas rústicas, locais comerciais, garaxes..., de todo tipo. A única diferenza que hai é entre os derivados da LAU e os derivados hipotecarios. Non hai diferenza ningunha de tipo de vivendas. *(Murmurios.) (O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

Non, ¡silencio! El non ten que contestar nada, el está intervindo. ¡Silencio!, despois fala vostede, señor Sánchez. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Nin lle pedín que me contestara vostede, e eu... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Despois fala vostede, señor Sánchez.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Vostedes saben perfectamente do que están falando; polo tanto, non mencionen como vivendas... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Aquí dicíase que había dúas... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio! Señor Sánchez, tranquilidade, tranquilidade. Despois ten vostede a palabra. ¡Silencio, silencio! Non interrompa. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Sánchez, teño que chamalo á orde. ¡Silencio!

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Miren, en política de vivenda hai 12 medidas que a algúns deputados e deputadas lles recomendaría que leran, son 12 medidas en materia de desafiuzamentos que ten aprobadas a Xunta e que, casualmente, algunhas outras comunidades acaban

de sacar, comunidades que acabo de mencionar, cogobernadas entre o PSOE e Podemos, que acaban de lanzar agora medidas similares —moitas delas— ás que están aquí desde hai anos. (*Murmurios.*) Si, pois explíqueas, a ver por onde van.

E eu o que lles recomendaría a vostedes é que lles digan, onde gobernan —ou desgobernan, mellor dito—, que non poñan atrancos á Xunta cando pretende facer vivendas, como é na Coruña...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...ou como é en Ferrol, ou como é nos demais casos, onde se está esperando, para construír 40 vivendas de promoción pública, desde o ano 2016 por unha licenza. No parque ofimático non se fai a urbanización porque non interesa, e hai duascenas familias esperando a que se lles entreguen as vivendas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...a maioría de protección oficial.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Ou en Santiago, que non lle deixan facer á Xunta...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...o que pretenden facer eles.

Miren, sen licenza dos concellos non se pode edificar.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: E están tardando máis dun ano de media cando a Xunta o pretende.

Grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Sánchez.

Agora é cando lle pode preguntar polos datos. (*Fortes murmurios.*)

¡Claro, claro!, agora é o momento, ¡por favor! Agora é o momento, non cando estaba interrompendo. Pregúntelle agora polos datos tres ou catro veces.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Agora vaime facer o mesmo que leva facendo anos este goberno: non contestar. Non os queren dar.

Señor Castiñeira, eu xa sabía —vostede é demasiado previsible, o Partido Popular é moi previsible— que, ante a falta de argumentos e datos a prol das súas políticas, porque son indefendibles, vostede viría aquí enlamar o terreo. E, ademais, sabía que ía ir polas cidades.

Mire, por non perder demasiado tempo co das cidades, porque é moi pouco crible o seu discurso, a estas alturas nesas cidades o Partido Popular superaba os 12 imputados, señor Castiñeira. E agora hai cero imputados, señor Castiñeira. *(Aplausos.)* Pode falar vostede da teoría da conspiración que queira, ¡12 a 0 gañaban vostedes, señor Castiñeira, 12 a 0!

A súa intervención só se pode entender dende a máis absoluta falla de respecto e consideración acerca da xente que está excluída do dereito á vivenda, dende a absoluta falla de respecto á xente que é expulsada das súas casas. En vez de vir aquí e defender con argumentos e datos —por iso lle preguntaba eu os datos— as políticas do seu goberno polo menos nos últimos nove anos, en vez de explicarlle a esta xente por que os desafiuzamentos seguen a subir, por que a pesar diso persisten as mesmas políticas que fixeron que sigan a subir os desafiuzamentos, vostede veu aquí a ensuciar o debate e a non aportar nada. Levan nove anos gobernando con cinco desafiuzamentos diarios, señor Castiñeira. Son datos do Consello Xeral do Poder Xudicial. Grazas a este deputado, aprobouse unha proposición non de lei para que a propia Xunta elaborase datos fiables de desafiuzamento en vivenda habitual. ¿Que credibilidade pode ter un goberno falando de vivenda cando nin sequera lle interesa ter datos para saber da magnitude dese problema?

E veume presumir das súas medidas. Mire, o DOG do 31 de xaneiro recoméndolle que o lea, porque vostedes, no programa ese do censo de vivendas baleiras, literalmente gastaron moito máis en publicidade e propaganda que no programa en si. Mire, no programa de vivenda baleira había un orzamento de 300.000 euros. Xa gastaron máis que o orzamento en publicidade e propaganda. Coñecemos todo ese programa de vivendas baleiras. Pero é máis, no DOG do 31 de xaneiro vén a relación de axudas. ¿Sabe cantas houbo para ese programa? ¡Catro! ¡Catro! ¿Sabe cal foi o importe executado? 10.499 euros, un 3,4 % executado. E, polo que sei eu, non todos os concellos de Galicia están gobernados polas Mareas. Pode vostede seguir insistindo, dende un goberno que leva nove anos, en que o problema dos desafiuzamentos é dos gobernos das Mareas de tres cidades que chegaron hai dous anos escasos. E será vostede o *hazmerreír* de calquera persoa que tome en serio este problema. Porque vostedes son o *hazmerreír* de calquera que saiba do problema. Non lles interesa, non lles interesa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio...!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Levan o cinismo ao extremo.

Mire, ese señor algo bebeu a mediodía porque leva toda a tarde dicindo barbaridades. *(Fortes murmurios.)* Estou farto xa...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Estou farto desas barbaridades e vostede... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Non, non...! ¡Silencio, tranquilos...!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E vostede debe mirar para os dous lados.

O señor PRESIDENTE: Tranquilo, xa miro para os dous lados.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Xa non quero nin escoitar o que está dicindo... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Está seguido dicindo auténticas barbaridades.

O señor PRESIDENTE: ¡Tranquilidade! Sobre a emenda do BNG... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)*

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Por favor, por favor...!

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio! Sobre a emenda...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Por favor, home! *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Señor Pazos, silencio! ¡Xa está!, ¡silencio! *(Fortes murmurios.)*

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Era unha broma, ¡home!, non te preocupes.

O señor PRESIDENTE: Á emenda do BNG, señor Sánchez, ¡por favor!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Mire, estou rematando.

Vostedes, no Programa Aluga: teito orzamentario, 86.000 euros; cinco axudas, 17.000 euros executados —o 20 % executado—. No bono social de alugueiro deixaron sen executar 700.000 euros, executaron o 60 % do orzamento. E vén vostede presumir das súas políticas. É evidente que non teñen vontade política de rematar con este drama.

O señor PRESIDENTE: Grazas. ¡Á emenda do BNG!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, a emenda do BNG ímola aceptar.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señores do Partido Popular, traballan vostedes para os bancos e para os especuladores.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E vostede vén aquí a pedir explicacións a En Marea. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Piden aquí explicacións a En Marea cando as súas políticas están expulsando das vivendas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...miles de persoas. As súas políticas, vostedes son os responsables coas súas políticas.

O señor PRESIDENTE: Terminou xa o seu turno. Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E non nos pidan explicacións a nós. (*Aplausos.*) Dea vostede explicacións...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

Grazas, señor Sánchez, terminou o seu tempo. E, ademais, un tempo folgado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non, non dixo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, non!

Tranquilidade, eu estaba atento no debate e non dixo que vostede, exactamente, consumira ningunha bebida alcohólica. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

¡Por favor!, ¡por favor! Non desmadremos esta situación.

En todo caso, se iso pode ser ofensivo, ¿vostede non ten inconveniente en retiralo?

Si, pois dígao, pídollo.

Silencio. Silencio.

Déanlle voz ao escano do señor Sánchez, para ver se retiramos iso.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Se o ofendín, retíroo, pero a verdade é que foi unha reacción á continua interrupción cando estaba falando.

O señor PRESIDENTE: A verdade é que eu tamén o entendín así.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Queda retirado. Xa está.

O señor PRESIDENTE: Queda retirado. Grazas.

Se o entendera doutra maneira, por suposto que xa non o deixaría nin que o mencionara, e xa o retiraría eu. Eu entendino así, a verdade.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a necesaria transparencia na contratación pública autonómica, nomeadamente no referido aos contratos menores

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non hai emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

E a ver se imos tranquilos todos agora e rematamos, por favor, este pleno cun pouco de tranquilidade. Imos acabalo ben, se é posible.

Cando queira.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

A ver se rematamos este pleno, que vai sendo hora, con sosego e con máis transparencia tamén, por certo, porque diso vai. Se supoño que vai disto a iniciativa, espero que esta cuestión non ocasione estes debates que ás veces escurecen, precisamente, a claridade que buscamos.

Porque cando falamos de contratación pública, e cando falamos de contratación pública na modalidade de contratación menor que agora veremos, falamos de dous asuntos ou de dous piares importantísimos no noso tecido social e no noso tecido económico. En primeiro lugar, porque o impacto da contratación pública autonómica —no tecido económico, no tecido empresarial, no tecido concretamente das pemes e, por suposto, no emprego— é moi alto, como se ten valorado por parte das autoridades económicas e incluso na nova Lei de contratos do sector público, que estiman que o impacto da contratación pública supón o 20 % do produto interior bruto. Entón, o impacto económico é fundamental, pero a segunda vertente desta cuestión, que é fundamental, é o nivel de calidade institucional, o nivel de compromiso de loita contra a corrupción e contra a fraude.

Porque aínda que falemos de contratación menor, non é unha cuestión menor, como imos ver. Porque resulta que no Consello da Xunta do día 29 de agosto do 2013 se aprobaba o Proxecto de lei de racionalización do sector público, e dicíase, e dicíase á toda a cidadanía, que esta nova lei en canto á transparencia, ao principio, que tamén rexerá a contratación pública, xa que a lei establece a redución á metade da marxe para a adxudicación

directa deste tipo de contratos por riba dos 9.000 euros nos contratos de servizos e subministracións e dos 25.000 euros nos contratos de obras; nestes casos será obrigatorio solicitar tres ofertas distintas a empresas non vinculadas entre si.

E, efectivamente, a Lei 14/2013, de racionalización do sector público, incluíu no seu artigo 23.1 a obriga, precisamente, de por riba de 9.000 euros en subministracións e servizos e por riba de 25.000 en materia de obras aos órganos de contratación de solicitar, polo menos, tres ofertas.

É certo que isto minoraba á metade, precisamente, a obriga de pedir esas tres ofertas da contratación menor, pero é certo, tamén, que había obrigas das autoridades da Unión Europea, precisamente, cando se utilizaban fondos europeos de reducir a estes umbrais a petición de tres ofertas, como mínimo.

Resulta que pasados pouco menos de dous anos, con motivo da aprobación da Lei 4/2016, de ordenación de asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, de repente esta obriga desaparece no artigo 23.1, e desaparece, e comentábo o outro día na Comisión 3ª, cunha novidosa técnica normativa, unha técnica un pouco de camuflaxe —comentabamos, ¿non—, porque nese sentido non se utiliza ningunha derogación nin parcial, nin total, nin se fai ningunha mención na exposición de motivos da lei a por que pasados menos de dous anos realmente a Xunta deixa de pedir tres ofertas en todo este tipo de contratación menor e se utiliza a técnica dunha transmutación, e de repente aparece outro texto que nada ten que ver coa obriga que existía.

E é certo que a Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno de Galicia, no seu artigo 13 establecía —e establece aínda claramente— a obriga por parte da Xunta de Galicia, por parte de todos os órganos de contratación, de publicar, polo menos trimestralmente, no Portal web de transparencia todos os contratos menores con indicación do obxecto, a duración, o importe, a licitación e a adxudicación, o número de licitados participantes e a identidade do adxudicatario, que se deberían de publicar, como digo —como mínimo—, con esta periodicidade trimestral.

Nós pensabamos que estabamos, precisamente, ante o incumprimento, por incumprimento, dunha mera obrigación formal, pero cando fomos, precisamente, analizar de canto estamos falando, de que volume de contratación mediante esta modalidade se está licitando no sector público autonómico, foi cando non só unha cuestión formal, senón unha cuestión de fondo, unha cuestión de impacto socioeconómico, nos pasou a preocupar dunha forma máis especial.

Porque, segundo os datos da propia Consellería de Facenda, os datos extraídos do Rexistro Público de Contratos, a finais do ano pasado —a información publicada, matizo, é do exercicio 2016, estamos pendentes de que se publique a información do 2017—, nos din que a Xunta de Galicia e o sector público autonómico adxudicaron mediante contratación menor un total de 123.903 contratos.

Poden ser moitos, poden ser menos, case dá igual en termos cuantitativos, porque o que nos importaría máis é reflectir o importe adxudicado mediante contratos menores, e este

importe adxudicado mediante contratos menores durante o exercicio 2016 por parte do sector público autonómico —que tivemos ocasión o outro día tamén de apuntar— ascende a 869 millóns de euros, dos 1.847 millóns do total licitado no sector público autonómico no ano 2016. É dicir, case o 50 % dos contratos adxudicados polo sector público autonómico en Galicia en 2016 se fixeron mediante a modalidade de contratación menor, o que pode, máis ou menos, equivaler ao 10 % de todo o orzamento autonómico do ano 2016.

E, claro, se xuntamos que hai no último lustro unha redución importante da licitación pública de arredor dun 25 % e, por outra parte, subtraemos case a metade desa licitación pública a contratación menor, as conclusións, *a priori*, que podemos ter son dobres: menos competitividade, evidentemente, e, sobre todo, máis opacidade.

Por outra parte, menos competitividade, porque se concentra a capacidade das grandes corporacións de acudir á licitación pública. Unha vez que se reduce o volume adxudicado ás grandes corporacións se presenta a case todo tipo de contratación, co cal, ademais, ten o grave prexuízo de que as ofertas case temerarias, as baixas que se están a ofertar, poden estar, ás veces, en porcentaxes de baixas do 40 %.

E chama a atención que a actual portavoz popular neste caso no Concello de Vigo —ao igual ex-conselleira de Facenda, por certo— nos diga que ve escandalosa esta forma de asignación sen ningunha publicidade. Leo literalmente, porque recordou a portavoz popular estes días —curiosamente estes días en relación igual ou non con este debate— que se adxudican sen ningunha publicidade, sen concorrencia, na que non se piden ofertas a varias empresas e na que, polo tanto, non hai ningún tipo de control. E di: «É evidente que hai intención de contratar con determinadas empresas.». Non o digo eu, dío a portavoz popular en Vigo, ex-conselleira, precisamente, de Facenda. (*Aplausos.*)

E nese sentido, acudindo, precisamente, a consultar o Portal de transparencia autonómico, si que temos comprobado como ata hai recentes datas non era posible acceder á información sobre contratación menor. E o outro día na Comisión 3ª, de Economía e Facenda, fixemos —ou fixen— varias preguntas, precisamente á representante da Consellería de Facenda, e quedome, basicamente, tamén, con tres respostas. Unha primeira pregunta era por que aos dous anos de obrigarse na contratación menor por riba deses umbrais a pedir tres ofertas, aos dous anos se suprime esa obriga, primeiro de transparencia e segundo, sobre todo, que incrementa a competitividade do sector económico de Galicia, e a resposta foi que había unha nova lei de transparencia, xa non era necesario utilizar eses umbrais de 9.000 ou 25.000 euros. Non ten nada que ver, precisamente, que se coñeza a contratación menor que se está levando a cabo por parte do sector público autonómico co fomento da competitividade e da transparencia á hora de pedir, polo menos, tres ofertas para cada un dos contratos.

Unha segunda pregunta era, precisamente, como valoraba a propia Consellería de Facenda, que é a que ofrece os datos, o número tan elevado de contratos, pero sobre todo que case o 50 % da licitación pública en Galicia se estea facendo mediante contratación menor. A resposta non foi ningunha, neste sentido.

E, en terceiro lugar, unha das cuestións —que precisamente nos trae a esta iniciativa— era se realmente a Xunta de Galicia, a través do Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico, estaba facilitando, ou pensaba facilitar, información sobre os contratos que se formalizan a esta Cámara en aplicación do propio regulamento aprobado pola propia Xunta de Galicia en 2016, que regula, precisamente, o Rexistro de Contratos Públicos Autonómicos, que di que o rexistro servirá como instrumento dos poderes públicos para revisión e mellora continua dos procedementos e prácticas de contratación pública, supervisión da competencia e transparencia dos nosos mercados públicos.

A representante da Consellería de Facenda, curiosamente, ou casualmente, comentou que desde había varios días empezou a publicar no Portal autonómico a contratación menor. Chama a atención a información que se está a publicar, porque moitísimos organismos importantes, dos 83 órganos de contratación apuntábase só 34, en principio, publican contratos menores, non publicando contratos menores, por exemplo, departamentos de tanto investimento como Augas de Galicia, Portos de Galicia, o Igape, a Compañía de Radio-Televisión de Galicia, o Consorcio Galego de Servizos Sociais, a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, etc., etc.

E é certo que a partir do anterior día 9 de marzo teñen que poñerse as pilas por parte do Goberno galego á hora de publicar a contratación menor, á hora de publicar a contratación menor identificando os contratistas de forma que se poida verificar que non existen fracccionamentos de contratos.

E por iso, porque temos a percepción de que para o Goberno galego a transparencia realmente é unha materia, fálase de materia líquida, eu creo que ás veces parece unha materia máis gasosa, o que pedimos é que convertan e pasen, precisamente, a transparencia ao estado precisamente sólido. E por iso nós, nesta iniciativa, o que pedimos nesta Cámara é que o propio Goberno galego cumpra as propias normas que se dá, e por iso o que estamos solicitando é que en virtude do regulamento que establece o Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico a Xunta de Galicia, en garantía desa necesaria transparencia, remita, a través do rexistro, a información con carácter mensual a esta Cámara en materia de contratación pública.

E por parte do Grupo Parlamentario Socialista seguiremos impulsando iniciativas, e conforme establece, ademais, a nova Lei de contratos do sector público, para que dispoñamos nesta Cámara de órganos permanentes de control e verificación de toda a contratación pública autonómica.

Máis nada, non hai emendas neste caso por parte do Partido Popular, non sei se, como sempre...

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN: Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSALDA: ... —remato agora mesmo— no convencemento de que están, evidentemente, convencidos de que non pode ser doutra forma, de que haberá que cumprir as propias normas que se dan, ou se van continuar mantendo a transparencia nese estado

gasoso, cando nós o que pedimos é, precisamente, que teña solidez a transparencia da xestión pública autonómica.

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Villoslada.

Grupos emendantes e non emendantes. Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Xosé Luís Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Isto da transparencia semella unha especie retórica dunha leira que se puxo de moda nos últimos tempos, que ten moito que ver coa cosmética e coa maquillaxe. Isto da transparencia parece moito a aquela fábula d'*O traxe novo do emperador*, d'*O rei espido*, parece un pouco a escenificación da estupidez e do engano, tal e como se leva a cabo.

Porque, de feito, estamos ante un paradoxo, que cada vez vemos como hai gobernos máis inxustos, máis corruptos e máis antidemocráticos, e ao mesmo tempo cada vez se vende máis a transparencia como, realmente, algo moi moderno e moi avanzado, e ata hai ránkings de transparencia e organismos internacionais, supostamente independentes, que non son independentes, que fan a clasificación da transparencia, e vemos cousas inauditas como que, por exemplo, en Galiza o primeiro posto da transparencia o ocupa o reino de Baltarnia, que, como sabemos, é o máximo da transparencia, vai repartindo por aí premios, recoñecementos e dando leccións de transparencia. Temos alí o rei espido, por excelencia, o rei do *striptease* da transparencia política.

E claro, mentres se presume de transparencia, de Lei de transparencia, de Portal da transparencia, pois vemos como se incumpre sistematicamente a propia lexislación. Vímolos no caso dos contratos menores, e nós non estamos en contra dos contratos menores, nin dos contratos negociados, pensamos que é unha fórmula ben usada, sen abusar, pois que pode servir para dinamizar a economía local, porque ao final estamos vendo como todos os cambios rexistrativos e a nova Lei de contratos o camiño que levan é favorecer as grandes empresas e prexudicar as pequenas e medianas empresas, que ao final se van converter en subcontratistas das grandes empresas, que van ser as que van ter cada vez máis capacidade de acceder aos contratos.

Pero unha cousa é un uso axeitado, outra cousa é o abuso e outra cousa é a falta de transparencia, a non publicidade deses contratos, como estivo facendo a Xunta de Galicia ata datas moi recentes, que non sei por que estraño fenómeno os contratos menores duraban cinco días na páxina web, e despois desaparecían, volatilizábanse. Non sei se era un problema tecnolóxico ou un problema espiritual, pero realmente desaparecían da web, da rede.

E claro, a transparencia ten outros déficits e outras eivas no caso do Goberno, están aí os convenios. Por exemplo, hai unha obriga tamén na Lei de transparencia de publicar no Portal de transparencia os convenios cada catro meses, e non se está cumprindo. Hai moitos de-

partamentos da Xunta que non publican os convenios. E non só iso, senón que se asinan os convenios con criterios absolutamente partidistas.

E tamén está o incumprimento da obriga, por exemplo, establecida no artigo 19, de presentar un informe sobre o grao de cumprimento dos acordos parlamentarios. Desde logo, a nós non nos parece serio nin nos parece un informe isto que acaban de publicar, que é unha auténtica patochada; parécenos unha falta de respecto ao Parlamento o informe do grao de cumprimento dos acordos parlamentarios que acaban de publicar no Portal de transparencia, e teremos ocasión de falar disto nas comisións; é, desde logo, ao que nos levan —porque isto non vale para nada— a que lles pidamos un por un o grao de cumprimento de cada un dos acordos que se tomaron no Parlamento, tanto no Pleno como nas comisións, porque, desde logo, con isto non nos dan resposta a esa demanda, nin á obriga que establece a lei, por non falar xa, tamén, do incumprimento sistemático da obriga de proporcionar información ao Parlamento a través do artigo 9, que é algo que están sistematicamente ignorando.

Polo tanto, o BNG, como non podía ser doutra maneira, vai apoiar esta iniciativa, e espere-mos, desde logo, que con estas propostas, tanto nas comisións como nos plenos, vostedes realmente cumpran o que aproban nas leis, porque as leis están para cumprilas, e a de transparencia tamén.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Deputados e deputadas.

Pois nós, como non pode ser doutro xeito, imos apoiar esta iniciativa do Partido Socialista, vai un pouco na mesma liña dunha iniciativa que presentamos na Comisión 1ª, que foi apoiada tamén pola oposición, e que, por suposto, non foi apoiada naquel intre —a ver que fan agora — polo Partido Popular imputado, os grandes defensores da transparencia, que fan leis tan transparentes e tan participativas que resulta que despois —cando se traen iniciativas aquí a este Parlamento—, pois o de sempre, lles queren pedir aos demais o que eles non fan, e nin sequera son capaces de cumprir a súa propia lei.

Explicabamos ese día que no ano 2015 estabamos en plena oleada e vaga de casos da presunta corrupción ligados ao PP nos diferentes puntos do Estado, agora tristemente vinculada claramente ao financiamento ilegal do Partido Popular que provocou a súa imputación co partido en termos de corrupción cos xuízos e comisións de investigacións da Gürtel, onde os acusan directamente —e xa llo dixemos— ao PP de Galicia como receptores, presuntamente, deste financiamento ilegal, e que lles permitía participar dopados nas eleccións.

E é por iso que, en vésperas das eleccións municipais que se prevían especialmente complexas para vostedes —para o PP de Galicia—, casos como o Concello de Santiago, onde estivo imputado case todo o Goberno local por corrupción, pois se viron obrigados —o presidente da Xunta viuse obrigado— a anunciar un plan de impulso democrático contra as prácticas corruptas, que incluíu a aprobación desa famosa Lei de transparencia e bo Goberno do PP, cando vostedes eran o máximo expoñente desta falta de transparencia.

Non lles serviu de nada o aparato de propaganda, perderon tres cidades na Coruña e non puideron tampouco facer nada noutras cidades que xa perderan. Eses malísimos gobernos de esquerdas, os que sempre están facendo oposición desde esta Cámara. O que pasa é que despois, cando teñen que cumprir a lei, como o que se recollía no referente aos contratos menores, ata hai nada incumprían a súa propia lei, como xa explicamos nesa comisión; publicabamos contratos menores e eran borrados unha semana despois da súa publicación por arte de maxia, perdendo o rastro absolutamente dos datos que tiña a obriga o propio Goberno galego, segundo a súa lei, de facelos públicos. Nós pediamos un mínimo de tres meses, como vostedes recollen na súa lei, pero vese que non están de acordo nin sequera co que legislan, é unha cousa bastante esperpéntica.

Ademais, por unha cantidade de cartos bastante chamativa, 808 millóns que estiveron moi por diante dos contratos pola vía do procedemento negociado, e que ademais —como explicabamos nesa comisión— eran subministracións contratadas para centros públicos, o correspondente a material sanitario, consumible, ou sexa, non son cousas precisamente que non teñan relevancia.

Pero, claro, a súa portavoz naquel momento —máis alá de dar unha explicación sobre as supostas cuestións técnicas que facían que o Goberno galego estivese outra vez transitando pola ambigua liña da súa propia Lei da transparencia neste tema— dedícase, outra vez, a dicir mentiras e a intentar difamar os gobernos das mareas de Podemos, como lle encanta dicir.

Por suposto, e a moita honra, os gobernos apoiados por Podemos —que sempre están falando das divisións que temos— estamos no mesmo barco para loitar contra a súa corrupción, e por iso temos tan boa sintonía, a diferenza da vosa unidade para tapar os vosos chanchullos. Nós non, e, como lle dixen á señora Prado, nós iamos exixir máis aos nosos do que exixen vostedes aos seus, que xa vemos despois como acaban. Entón, voulle explicar, porque creo que é importante, ante as mentiras e as difamacións, falar coa verdade.

Relación de contratos menores, que segundo a señora Paula Prado non estaban expostos na Alcaldía de Compostela Aberta. Aquí están, publicados. Non estaban publicados porque a Intervención non os enviou á Oficina de Atención Cidadá —e explícollo para que quede tranquila—, pero tiñan a orde política de que foran enviados, e podíanse consultar todos os exercicios anteriores, e este goberno ía con dous meses e medio de atraso, pero en Ourense, onde gobernan vostedes, xa van con anos de atraso os adalides da transparencia. E, ademais, é que moito tería que explicar vostede, señora Prado, do Goberno de Compostela, a verdade é que si.

Se falamos de índice de transparencia internacional, o índice de cumprimento en 2017 de Compostela Aberta é de 91,9 %, fronte en 2014 o 66,3 % do Partido Popular imputado en

Santiago. ¡Vaia por onde! Pasamos do 66,3 % ao 91,9 % a día de hoxe. En Ourense están no 71,9 %, a peor das cidades.

Con respecto á Coruña, aquí están tamén publicados os contratos menores, a diferenza de Ourense, que os temos aquí e non están publicados en anos.

E con respecto á Coruña, tamén para a tranquilidade do Grupo Popular e da propia señora Paula Prado, dicirlles que os menores están publicados no Portal de transparencia dende hai dous días, e non se fixo antes porque estaban coa liquidación do orzamento no concello dende o ano pasado e a tramitación deste ano, pero o dato politicamente útil, que é o relevante, que é do que vostedes deben aprender, é que o Concello da Coruña si licita polo perfil do contratante 122 contratos menores cun importe de 1,44 millóns de euros, que foron adxudicados por 800 millóns, o cal supuxo un aforro de 700 millóns para os cidadáns e cidadás da Coruña.

O PP nos seus catro anos do mandato anterior non licitou nin un só contrato menor polo perfil. Eses son os bos xestores, transparentes e que coidan tanto os cartos públicos dos galegos e das galegas e nas cidades. ¡Mentireiros e por riba malos xestores!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: En Ourense nin se poden consultar, e como xa se dixo a fama do baltarismo e dos gobernos populares, e por iso non teñen nin unha soa cidade das que realmente non se deixan enganar por vostedes, e a realidade e os datos colócanos a vostedes nun sitio e á oposición, no caso da xestión, noutro.

Así que, polo tanto, os feitos falan sós. Nós apoiamos o Partido Socialista e todas as medidas reais de transparencia, bo goberno e loita contra a corrupción. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non, non empecen, non empecen. Silencio. Estamos rematando xa.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

Espere, señora Prado, espere. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, silencio. ¡Señor Pazos, silencio!

Silencio, silencio.

Imos suspender cinco minutos, ¿que lles parece? ¿Cinco ou dez? Case é mellor suspender dez minutos, eu diría que si, porque isto...

Bueno, pois silencio. Empece por calar vostede primeiro.

Imos alá, señora Prado, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Europa Press, teletipo desta tarde en Galicia: «*Una diputada de En Marea implicada en una disputa con la Policía de Santiago en un control nocturno por vandalismo. Además de recogerle el ordenador y sus enseres personales, ¿van a hacer alguna otra gestión, señorías?*».

Ben, señor Díaz, trae vostede hoxe unha iniciativa (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

Señor Casal, silencio. Non, non, pero vostede non está no debate.

Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Si, todos.

Só está a señora Prado.

Silencio, silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Estame correndo o tempo.

O señor PRESIDENTE: Non, pero despois xa llo compensarei, non se preocupe.

Pero, de todos os lados, se poden parar era mellor, eu por min seguimos ata as once da noite. ¡Agora xa descansei! Perfecto, xa saín un minuto. Eu xa teño a miña vida arreglada, así é que adiante.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señor Díaz, trae vostede hoxe unha iniciativa na que solicita que se dea traslado ao Parlamento de Galicia do Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico. Unha información que, como vostede sabe, señor Díaz, vostede ten acceso a ela igual que calquera cidadán de Galicia; a diferenza é que non todos os cidadáns de Galicia teñen acceso a esa información nos concellos onde vostedes gobernan, ou nos concellos nos que vostedes apoian eses gobernos.

Voulle poñer algúns exemplos. Resulta, cando menos, sorprendente que vostede veña aquí pedir non transparencia, senón máis transparencia, e antes a min gustaríame que fixera un pouco de pedagogía dentro do seu partido, se é que é posible. Porque mire, por exemplo, en Lugo. En Lugo fanlles firmar aos concelleiros da Corporación de Lugo un documento de confidencialidade para acceder ao libro de decretos; aos concelleiros, xa non digo aos cidadáns, aos concelleiros.

En Vilagarcía de Arousa, que estivo esta mañá aquí o alcalde, tampouco sabemos cantos contratos menores se adxudican, porque non os publican, a última entrada de subministracións é do ano 2015, a de obras de setembro do 2017 e a de servizos de agosto do 2017.

E falou de Vigo, non sei se é porque nesa forma de relacionarse tan atípica que teñen vostedes, os do Partido Socialista Obreiro Español e de Galicia, pois igual vostede quería traer Vigo aquí, pero xa que o trae voulle dicir. Mire, a vostede parécelle un escándalo que a Xunta teña un 50 % de contratos (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) menores, ¿non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Non lle interesa, porque hai que interromper, porque é a forma máis fascista de non escoitar o que lle teñen que dicir. (*Protestas.*) (*Aplausos.*) É así, hai que escoitar.

O señor PRESIDENTE: Non compliquemos, aquí non hai nadie fascista, ¡nadie!

A señora PRADO DEL RÍO: Dixen forma fascista, é unha forma fascista.

O señor PRESIDENTE: Nadie, nadie, nin forma fascista. En todo caso, esa paréceme que non é unha expresión moi adecuada.

Imos rematar xa, veña, por favor. (*Protestas.*)

A señora PRADO DEL RÍO: Eu dicía que se o 50 % dos contratos menores lle parece moito, ¿que lle parece o 96 % en Vigo, señor Díaz? 14,8 millóns de euros en contratos menores.

Bueno, supoño que iso xa lle parecerá un escandalazo, por iso seguro que trouxo vostede hoxe o dato de Vigo aquí. Non lle sorprenderá, entón, que a señora Muñoz diga que a verdade é que no Concello de Vigo a xestión dos contratos menores deixa bastante que desexar.

En relación co Concello de Santiago —que se sacou aquí—, resulta sorprendente que me chamen mentireira cando veñen recoñecer que hoxe, 20 de marzo, o Concello de Santiago na súa web non ten publicado nin un só contrato menor do ano 2018. (*Murmurios.*) E chámanme mentireira, e calquera pode abrir o seu ordenador e comprobar que o Concello de Santiago hoxe, 20 de marzo, non ten publicado nin un só contrato do ano 2018. ¡Hai que ter valor, señora Santos! A verdade é que ten vostede moito valor.

E di que non lles pidamos aos demais o que non facemos nós. Non, non nos pida vostede a nós o que non fan vostedes. Home, se a súa iniciativa da semana pasada serviu para que o Concello da Coruña publicara os contratos menores (*A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.*) que levaba sen publicar do ano 2016, benvida sexa. Traian todas as iniciativas que queiran para impulsar a acción dos gobernos das mareas de Podemos. E xa que fala das mareas de Podemos, oia, non temos *copyright*, se lles queren chamar mareas de Podemos agora que teñen problema co nome, nós cedémoslles o nome, non hai ningún problema.

Mire, no xornal de hoxe, precisamente como hai dous días que os publicaron, temos acceso entón aos contratos menores. Mire, 12 millóns de euros na Coruña, ¿sabe cantos?, 5.506 proxectos, un 246 % máis que o ano anterior. ¡246 % máis! ¿E vostede vén sacar peito aquí dos contratos menores da Coruña? Señora Santos, vostede é unha valente, a verdade é que é unha valente. (*A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, unha valente. (*A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Mire, no Concello de Santiago absolveron os concelleiros igual que absolveron o seu alcalde das mareas de Podemos e o seu concelleiro de Urbanismo, que tamén estiveron imputados. Así que se a absolución vale para uns, (*A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.*) tamén vale para os outros. (*A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.*)

Mire, señor Bará, o estraño fenómeno é que con vostedes non estean os contratos menores nin tres días. Cando vostedes gobernaban a Xunta non estaban nin tres días, iso si que era un fenómeno estraño, nin aparecían os textos dos convenios. E, claro, non me estraña que vostede diga que é unha leria, unha cosmética ou unha maquillaxe; porque, mire, no Concello de Pontevedra —que vostede algo ten que ver con iso—, ¿sabe cantos contratos menores hai publicados do 2018? ¡Cero! Como o Concello de Santiago, ¡cero! E non hai ningún publicado dende o ano 2016 en listaxe de provedores, adxudicatarios, contratistas máis importantes... ¿Sabe cales son os contratos formalizados publicados? Os de 2014 e 2015. Non me estraña que a vostede non lle importe. E vostede vén aquí e di que apoia a iniciativa, claro, é mellor apoiar as iniciativas que ter transparencia nos concellos onde gobernan. ¡Esa é a forma!

E, mire, o presidente da Fegamp —que é socialista e debería de ser un exemplo para todos os concellos de Galicia—, ¿sabe que fai co Concello do Barco de Valdeorras? Información económica, financeira e orzamentaria: en proceso. (*Risos.*) Iso si que é estado gasoso, señorías, (*Aplausos.*) ¡Iso si que é estado gasoso! (*Aplausos.*)

Mire, señor Díaz, a diferenza entre o Partido Popular e o Partido Socialista, ¿sabe cal é? Mire, en 2009 modificouse a Lei de réxime financeiro para facer transparentes os orzamentos de ducias de entes que antes non figuraban nos orzamentos xerais; no 2010 activouse a plataforma de contratos con toda a información en Internet de cada contrato da Xunta; no 2011 comezouse a exixírselles aos concellos que renderan as súas contas ante o Consello de Contas

para poder acceder a subvencións; no 2012 homologáronse e fixéronse públicas as retribucións do persoal directivo dos entes públicos; no 2013, coa Lei de racionalización do sector público galego —á que vostedes votaron en contra—, obrigouse a publicar na plataforma de contratos todas as respostas e aclaracións solicitadas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...sobre os prezos para que ningún licitador tivera máis información que outro. Coa Lei de transparencia do 2013, impulsada polo PP, co voto en contra do PSOE, publicación dos contratos menores, publicación de datos estatísticos. Coa Lei de transparencia do 2016 —que vostedes se abstiveron e non apoiaron—, publicación dos nomes e do importe total de gasto en persoal eventual e de direccións sindicais, etc., etc.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Mire, señor Díaz, en materia de transparencia, poucas leccións nos pode dar vostede, en particular, e o PSOE, en xeral.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: E lamento que vostede agora... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...se laie de que non presentamos unha emenda, cando vostede nunca acepta unha emenda do Partido Popular nin é capaz de transaccionar unha soa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Bote a vista atrás, mire dende que iniciamos a lexislatura...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e verá como teño razón.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo autor da proposición non de lei, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Bueno, agradecer o apoio a esta iniciativa por parte dos grupos de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego.

E, bueno, realmente non me sorprende a intervención da señora Prado de saír a este estrado a facer oposición da oposición, porque é a única forma que teñen de soportar... (*Murmurios.*) Perdón, estou intervindo eu, creo que se queremos rematar en hora, pois igual... (*Risos.*)

Ben, non me tomo como un ataque persoal a última consideración, porque non me sinto aludido, en absoluto, senón que formo parte do Grupo Parlamentario Socialista co maior dos orgullos, e en nome do Partido Socialista presentamos estas iniciativas.

E digo que fan oposición da oposición porque en vez de explicar por que a Xunta de Galicia non cumpre as súas propias normas, dando acceso a esta Cámara —ao Parlamento de Galicia— da contratación pública autonómica, que é a obriga que ten, non hai ningunha explicación. Non daba explicación a Consellería de Facenda en Comisión e non dá o Grupo Popular neste pleno ningún tipo de explicación, ¿por que? Porque non teñen explicación. ¡Non teñen explicación! (*Aplausos.*)

E ese é o compromiso do Partido Popular e do Goberno do señor Feijóo coa transparencia, coa loita contra a corrupción e coa loita contra a fraude. Porque lle recordo, señora Prado, que o 25 de abril de 2017, neste mesmo pleno, se aprobou por unanimidade unha proposición do Grupo Socialista pedindo un plan anticorrupción en Galicia, que apoiaron vostedes tamén; pois, ¡ata hoxe! ¿Entón de que falamos? Falamos do líquido, que é do que saben falar, nada máis. Para vostedes a transparencia é bixutería política, nada máis. ¡Bixutería política!, ¡absoluta opacidade! E a resposta que nos acaban de enviar o outro día por escrito é de que agora como hai unha nova Lei de contratos pois hai que esperar para levar a adiante ese plan anticorrupción.

Non sei se lle botou un vistazo —xa que estamos repasando aquí todas as entidades locais—, por exemplo, ás catro deputacións de Galicia. (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Si? Ben, a Deputación da Coruña publica todo mensualizadamente desde hai tempo, contratos menores. (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) Estou falando eu, señor Pazos, non vostede, ¿si?

O señor PRESIDENTE: Silencio.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Hai un mal hábito esta tarde.

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor!

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Hai un mal hábito esta tarde.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor! ¡Silencio, por favor! Imos terminar.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Se non o deixan intervir nesta cuestión, pois non o sei, pero é unha cuestión do Grupo Parlamentario Popular. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Vaia ao tema.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Ben, ¿Deputación de Lugo? Se a repasaron e entraron no portal, a Deputación de Lugo está publicando a contratación menor absolutamente de forma minuciosa. A Deputación de Pontevedra, por suposto. Accedan á Deputación de Ourense e a ver se son capaces de encontrar os contratos menores. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Proben! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ¡Proben! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ¡Proben! *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non interrompa, por favor, señor Pazos.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Xa estamos rematando e...

O señor PRESIDENTE: ¡Non interrompa! ¡Xa!

Por favor, imos rematar isto.

Silencio.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ¿Concellos? Señora Prado, o Concello de Lugo vén publicando toda a contratación menor desde o ano 2013. O Concello de Vigo —que tanto lles molesta— vén publicando a contratación menor desde o 2015. É a portavoz Popular, ex-conselleira de Facenda, a que considera que a contratación menor —que é un procedemento legal— é correcta, pero unha cousa é que che dean a man e outra cousa é que collas todo o ombreiro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Concello de Ourense, intenten entrar no Portal de transparencia ou no portal web do Concello de Ourense a ver se encontran algún contrato menor. *(Murmurios.)* ¿Probaron a entrar na web da Deputación ou do Concello de Ourense a ver se encontran contratos menores? ¡Proben a enconralos! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Concello —e remato— da Coruña...

O señor PRESIDENTE: Remate xa. (*Murmurios.*)

Silencio.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Perdón, remato e así ímonos todos, creo que con menos transparencia, pero ímonos todos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Para chamar á orde estou eu.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: No Concello da Coruña o índice de transparencia cando creceu precisamente entre 110 dos primeiros que estaba o Concello da Coruña era en 2009, cando gobernaba o Partido Socialista co BNG. Agora non está a Marea conseguindo manter un nivel de transparencia. ¿Pero sabe quen fundiu o nivel de transparencia no Concello da Coruña en 2012 e 2014? O Goberno do señor Negreira, do Partido Popular.

Nada máis. (*Aplausos.*)


O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e cinco minutos do serán.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25